

Presidencia Española de la Unión Europea

eu 2010.es

Versións consolidadas
do Tratado da Unión Europea e
do Tratado de Funcionamento
da Unión Europea

(Inclúe a Carta dos Dereitos
Fundamentais da Unión Europea)

Edición con ocasión da Presidencia española
do Consello da Unión Europea
(Primeiro semestre de 2010)



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE POLÍTICA
TERRITORIAL



XUNTA
DE GALICIA

O Ministerio de Política Territorial agradece a colaboración recibida da Oficina de Publicacións da Unión Europea.

Madrid, 2010

Protexa o ambiente. Non imprima se non é imprescindible

Unicamente se consideran auténticos os textos lexislativos da Unión Europea publicados na edición impresa do *Diario Oficial de la Unión Europea*

Traducido da edición orixinal en lingua española publicada pola Oficina de Publicacións da Unión Europea no sitio EUR-Lex: © Unión Europea, <http://eur-lex.europa.eu/>, *Versiones consolidadas del Tratado de la Unión Europea y del Tratado de Funcionamiento de la Unión Europea e Carta de los Derechos Fundamentales de la Unión Europea*

Tradución avalada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia

Catálogo xeral de publicacións oficiais:

<http://www.060.es>

Catálogo de publicacións da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Política Territorial:

<http://www.mpt.es/publicaciones.html>

Maquetación: Ministerio de Política Territorial. Centro de Publicacións

Edita: Ministerio de Política Territorial

Secretaría Xeral Técnica

NIPO: 830-10-027-4

ÍNDICE

	Páxina
Presentación	XI
I. Versións consolidadas do Tratado da Unión Europea e do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (DOUE C 83/01, do 30 de marzo de 2010)	1
1. TRATADO DA UNIÓN EUROPEA	3
PREÁMBULO	5
TÍTULO I DISPOSICIÓNS COMÚNS	6
TÍTULO II DISPOSICIÓNS SOBRE OS PRINCIPIOS DEMOCRÁTICOS	8
TÍTULO III DISPOSICIÓNS SOBRE AS INSTITUCIÓNS	9
TÍTULO IV DISPOSICIÓNS SOBRE AS COOPERACIÓNS REFORZADAS	12
TÍTULO V DISPOSICIÓNS XERAIS RELATIVAS Á ACCIÓN EXTERIOR DA UNIÓN E DISPOSICIÓNS ESPECÍFICAS RELATIVAS Á POLÍTICA EXTERIOR E DE SEGURIDADE COMÚN	13
Capítulo 1 Disposicións xerais relativas á acción exterior da Unión	13
Capítulo 2 Disposicións específicas sobre a política exterior e de seguridade común	14
Sección 1 Disposicións comúns	14
Sección 2 Disposicións sobre a política común de seguridade e defensa ..	18
TÍTULO VI DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS	21
2. TRATADO DE FUNCIONAMENTO DA UNIÓN EUROPEA	25
PREÁMBULO	27
PRIMEIRA PARTE PRINCIPIOS	27
TÍTULO I CATEGORÍAS E ÁMBITOS DE COMPETENCIAS DA UNIÓN	27
TÍTULO II DISPOSICIÓNS DE APLICACIÓN XERAL	29
SEGUNDA PARTE NON DISCRIMINACIÓN E CIDADANÍA DA UNIÓN	30
TERCEIRA PARTE POLÍTICAS E ACCIÓNS INTERNAS DA UNIÓN	32
TÍTULO I MERCADO INTERIOR	32
TÍTULO II LIBRE CIRCULACIÓN DE MERCADORÍAS	32
Capítulo 1 Unión aduaneira	33
Capítulo 2 Cooperación aduaneira	33
Capítulo 3 Prohibición das restricións cuantitativas entre os Estados membros	33
TÍTULO III AGRICULTURA E PESCA	34
TÍTULO IV LIBRE CIRCULACIÓN DE PERSOAS, SERVIZOS E CAPITAIS	36
Capítulo 1 Traballadores	36
Capítulo 2 Dereito de establecemento	37
Capítulo 3 Servizos	38
Capítulo 4 Capital e pagamentos	39

	Páxina
TÍTULO V	ESPAZO DE LIBERDADE, SEGURIDADE E XUSTIZA 40
Capítulo 1	Disposicións xerais 40
Capítulo 2	Políticas sobre controis nas fronteiras, asilo e inmigración .. 41
Capítulo 3	Cooperación xudicial en materia civil 43
Capítulo 4	Cooperación xudicial en materia penal 43
Capítulo 5	Cooperación policial 46
TÍTULO VI	TRANSPORTES 47
TÍTULO VII	NORMAS COMÚNS SOBRE COMPETENCIA, FISCALIDADE E APROXIMACIÓN DAS LEXISLACIÓNS 48
Capítulo 1	Normas sobre competencia 48
Sección primeira	Disposicións aplicables ás empresas 48
Sección segunda	Axudas outorgadas polos Estados 50
Capítulo 2	Disposicións fiscais 51
Capítulo 3	Aproximación das lexislacións 52
TÍTULO VIII	POLÍTICA ECONÓMICA E MONETARIA 53
Capítulo 1	Política económica 53
Capítulo 2	Política monetaria 56
Capítulo 3	Disposicións institucionais 58
Capítulo 4	Disposicións específicas para os Estados membros cuxa moeda é o euro 58
Capítulo 5	Disposicións transitorias 59
TÍTULO IX	EMPREGO 62
TÍTULO X	POLÍTICA SOCIAL 63
TÍTULO XI	O FONDO SOCIAL EUROPEO 66
TÍTULO XII	EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL, XUVENTUDE E DEPORTE 66
TÍTULO XIII	CULTURA 67
TÍTULO XIV	SAÚDE PÚBLICA 67
TÍTULO XV	PROTECCIÓN DOS CONSUMIDORES 68
TÍTULO XVI	REDES TRANSEUROPEAS 69
TÍTULO XVII	INDUSTRIA 69
TÍTULO XVIII	COHESIÓN ECONÓMICA, SOCIAL E TERRITORIAL 70
TÍTULO XIX	INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO E ESPAZO 71
TÍTULO XX	MEDIO AMBIENTE 73
TÍTULO XXI	ENERXÍA 74
TÍTULO XXII	TURISMO 74
TÍTULO XXIII	PROTECCIÓN CIVIL 75
TÍTULO XXIV	COOPERACIÓN ADMINISTRATIVA 75
CUARTA PARTE	ASOCIACIÓN DOS PAÍSES E TERRITORIOS DE ULTRAMAR 75

	Páxina
QUINTA PARTE ACCIÓN EXTERIOR DA UNIÓN	77
TÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS RELATIVAS Á ACCIÓN EXTERIOR DA UNIÓN	77
TÍTULO II POLÍTICA COMERCIAL COMÚN	77
TÍTULO III COOPERACIÓN CON TERCEIROS PAÍSES E AXUDA HMT	78
Capítulo 1 Cooperación para o desenvolvemento	78
Capítulo 2 Cooperación económica, financeira e técnica con terceiros países	78
Capítulo 3 Axuda humanitaria	79
TÍTULO IV MEDIDAS RESTRITIVAS	79
TÍTULO V ACORDOS INTERNACIONAIS	79
TÍTULO VI RELACIÓNS DA UNIÓN COAS ORGANIZACIÓNS INTERNACIONAIS E CON TERCEIROS PAÍSES E DELEGACIÓNS DA UNIÓN	81
TÍTULO VII CLÁUSULA DE SOLIDARIEDADE	81
SEXTA PARTE DISPOSICIÓN INSTITUCIONAIS E FINANCEIRAS	82
TÍTULO I DISPOSICIÓN INSTITUCIONAIS	82
Capítulo 1 Institucións	82
Sección primeira O Parlamento Europeo	82
Sección segunda O Consello Europeo	84
Sección terceira O Consello	85
Sección cuarta A Comisión	86
Sección quinta O Tribunal de Xustiza da Unión Europea	87
Sección sexta O Banco Central Europeo	92
Sección sétima O Tribunal de Contas	93
Capítulo 2 Actos xurídicos da Unión, procedementos de adopción e outras disposicións	95
Sección primeira Actos xurídicos da Unión	95
Sección segunda Procedementos de adopción dos actos e outras disposicións	96
Capítulo 3 Órganos consultivos da Unión	98
Sección primeira O Comité Económico e Social	98
Sección segunda O Comité das Rexións	99
Capítulo 4 O Banco Europeo de Investimentos	100
TÍTULO II DISPOSICIÓN FINANCEIRAS	100
Capítulo 1 Recursos propios da Unión	100
Capítulo 2 Marco financeiro plurianual	101
Capítulo 3 Orzamento anual da Unión	101
Capítulo 4 Execución do orzamento e aprobación da xestión	103
Capítulo 5 Disposicións comúns	104
Capítulo 6 Loita contra a fraude	104

	Páxina
TÍTULO III COOPERACIÓNS REFORZADAS	105
SÉTIMA PARTE DISPOSICIÓNS XERAIS E DERRADEIRAS	107
3. PROTOCOLOS	111
Protocolo (n.º 1) sobre o labor dos parlamentos nacionais na Unión Europea ...	113
Protocolo (n.º 2) sobre a aplicación dos principios de subsidiariedade e proporcio- nalidade	114
Protocolo (n.º 3) sobre o Estatuto do Tribunal de Xustiza da Unión Europea	116
Protocolo (n.º 4) sobre os Estatutos do Sistema Europeo de Bancos Centrais e do Banco Central Europeo	129
Protocolo (n.º 5) sobre os Estatutos do Banco Europeo de Investimentos	141
Protocolo (n.º 6) sobre a fixación das sedes das institucións e de determinados órganos, organismos e servizos da Unión Europea	148
Protocolo (n.º 7) sobre os privilexios e as inmunidades da Unión Europea	149
Protocolo (n.º 8) sobre o punto 2 do artigo 6 do Tratado da Unión Europea relativo á adhesión da Unión ao Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais	152
Protocolo (n.º 9) sobre a Decisión do Consello relativa á aplicación do punto 4 do artigo 16 do Tratado da Unión Europea e do punto 2 do artigo 238 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea entre o 1 de novembro de 2014 e o 31 de marzo de 2017, por unha parte, e a partir do 1 de abril de 2017, por outra	153
Protocolo (n.º 10) sobre a cooperación estruturada permanente establecida polo artigo 42 do Tratado da Unión Europea	153
Protocolo (n.º 11) sobre o artigo 42 do Tratado da Unión Europea	155
Protocolo (n.º 12) sobre o procedemento aplicable en caso de déficit excesivo	155
Protocolo (n.º 13) sobre os criterios de converxencia	156
Protocolo (n.º 14) sobre o Eurogrupo	156
Protocolo (n.º 15) sobre determinadas disposicións relativas ao Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte	157
Protocolo (n.º 16) sobre determinadas disposicións relativas a Dinamarca	158
Protocolo (n.º 17) sobre Dinamarca	158
Protocolo (n.º 18) sobre Francia	159
Protocolo (n.º 19) sobre o acervo de Schengen integrado no marco da Unión Europea	159
Protocolo (n.º 20) sobre a aplicación de determinados aspectos do artigo 26 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ao Reino Unido e a Irlanda	161
Protocolo (n.º 21) sobre a posición do Reino Unido e de Irlanda respecto do espazo de liberdade, seguridade e xustiza	162
Protocolo (n.º 22) sobre a posición de Dinamarca	163
Protocolo (n.º 23) sobre as relacións exteriores dos Estados membros con respecto ao cruzamento de fronteiras exteriores	167
Protocolo (n.º 24) sobre asilo a nacionais dos Estados membros da Unión Europea	167

	Páxina
Protocolo (n.º 25) sobre o exercicio das competencias compartidas	168
Protocolo (n.º 26) sobre os servizos de interese xeral	168
Protocolo (n.º 27) sobre mercado interior e competencia	169
Protocolo (n.º 28) sobre a cohesión económica, social e territorial	169
Protocolo (n.º 29) sobre o sistema de radiodifusión pública dos Estados membros	170
Protocolo (n.º 30) sobre a aplicación da Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea a Polonia e ao Reino Unido	170
Protocolo (n.º 31) sobre as importacións na Unión Europea de produtos petrolíferos refinados nas Antillas Neerlandesas	171
Protocolo (n.º 32) relativo a determinadas disposicións sobre adquisición de bens inmobles en Dinamarca	172
Protocolo (n.º 33) sobre o artigo 157 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea	172
Protocolo (n.º 34) sobre o réxime especial aplicable a Groenlandia	173
Protocolo (n.º 35) sobre o artigo 40.3.3 da Constitución irlandesa	173
Protocolo (n.º 36) sobre as disposicións transitorias	173
Protocolo (n.º 37) sobre as consecuencias financeiras da expiración do Tratado CECA e do Fondo de Investigación do Carbón e do Aceiro	176
4. ANEXOS	177
Anexo I Lista prevista no artigo 38 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea	179
Anexo II Países e territorios de ultramar aos que se lles aplicarán as disposicións da cuarta parte do Tratado de Funcionamento da Unión Europea	182
5. DECLARACIÓN s anexas á acta final da Conferencia Intergobernamental que adoptou o Tratado de Lisboa asinado o 13 de decembro de 2007	183
A. DECLARACIÓNS RELATIVAS A DISPOSICIÓNS DOS TRATADOS	185
1. Declaración relativa á Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea ..	185
2. Declaración relativa ao punto 2 do artigo 6 do Tratado da Unión Europea	185
3. Declaración relativa ao artigo 8 do Tratado da Unión Europea	185
4. Declaración relativa á composición do Parlamento Europeo	185
5. Declaración relativa ao acordo político do Consello Europeo sobre o proxecto de decisión relativa á composición do Parlamento Europeo	185
6. Declaración relativa aos puntos 5 e 6 do artigo 15, aos puntos 6 e 7 do artigo 17 e ao artigo 18 do Tratado da Unión Europea	185
7. Declaración relativa ao punto 4 do artigo 16 do Tratado da Unión Europea e ao punto 2 do artigo 238 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea	185
8. Declaración relativa ás medidas prácticas que deberán adoptarse ao entrar en vigor o Tratado de Lisboa polo que respecta á Presidencia do Consello Europeo e do Consello de Asuntos Exteriores	186
9. Declaración relativa ao punto 9 do artigo 16 do Tratado da Unión Europea sobre a decisión do Consello Europeo relativa ao exercicio da Presidencia do Consello	187

	Páxina
10. Declaración relativa ao artigo 17 do Tratado da Unión Europea	187
11. Declaración relativa aos puntos 6 e 7 do artigo 17 do Tratado da Unión Europea	188
12. Declaración relativa ao artigo 18 do Tratado da Unión Europea	188
13. Declaración relativa á política exterior e de seguridade común	188
14. Declaración relativa á política exterior e de seguridade común	188
15. Declaración relativa ao artigo 27 do Tratado da Unión Europea	188
16. Declaración relativa ao punto 2 do artigo 55 do Tratado da Unión Europea ..	189
17. Declaración relativa á primacía	189
18. Declaración relativa á delimitación das competencias	189
19. Declaración relativa ao artigo 8 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea	190
20. Declaración relativa ao artigo 16 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea	190
21. Declaración relativa á protección de datos de carácter persoal no ámbito da cooperación xudicial en materia penal e da cooperación policial	190
22. Declaración relativa aos artigos 48 e 79 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea	190
23. Declaración relativa ao parágrafo segundo do artigo 48 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea	190
24. Declaración relativa á personalidade xurídica da Unión Europea	190
25. Declaración relativa aos artigos 75 e 215 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea	190
26. Declaración relativa á non participación dun Estado membro nunha medida baseada no título IV da terceira parte do Tratado de Funcionamento da Unión Europea	190
27. Declaración relativa ao parágrafo segundo do punto 1 do artigo 85 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea	191
28. Declaración relativa ao artigo 98 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea	191
29. Declaración relativa á letra c) do punto 2 do artigo 107 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea	191
30. Declaración relativa ao artigo 126 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea	191
31. Declaración relativa ao artigo 156 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea	191
32. Declaración relativa á letra c) do punto 4 do artigo 168 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea	192
33. Declaración relativa ao artigo 174 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea	192
34. Declaración relativa ao artigo 179 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea	192
35. Declaración relativa ao artigo 194 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea	192
36. Declaración relativa ao artigo 218 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea sobre a negociación e celebración de acordos internacionais polos Estados membros en relación co espazo de liberdade, seguridade e xustiza	192

	Páxina
37. Declaración relativa ao artigo 222 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea	192
38. Declaración relativa ao artigo 252 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea sobre o número de Avogados Xerais do Tribunal de Xustiza	192
39. Declaración relativa ao artigo 290 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea	192
40. Declaración relativa ao artigo 329 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea	193
41. Declaración relativa ao artigo 352 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea	193
42. Declaración relativa ao artigo 352 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea	193
43. Declaración relativa ao punto 6 do artigo 355 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea	193
B. DECLARACIÓNS RELATIVAS A PROTOCOLOS ANEXOS AOS TRATADOS	193
44. Declaración relativa ao artigo 5 do Protocolo sobre o acervo de Schengen integrado no marco da Unión Europea	193
45. Declaración relativa ao punto 2 do artigo 5 do Protocolo sobre o acervo de Schengen integrado no marco da Unión Europea	193
46. Declaración relativa ao punto 3 do artigo 5 do Protocolo sobre o acervo de Schengen integrado no marco da Unión Europea	194
47. Declaración relativa aos puntos 3, 4 e 5 do artigo 5 do Protocolo sobre o acervo de Schengen integrado no marco da Unión Europea	194
48. Declaración relativa ao Protocolo sobre a posición de Dinamarca	194
49. Declaración relativa a Italia	194
50. Declaración relativa ao artigo 10 do Protocolo sobre as disposicións transitorias	194
C. DECLARACIÓNS DE ESTADOS MEMBROS	195
51. Declaración do Reino de Bélxica relativa aos parlamentos nacionais	195
52. Declaración do Reino de Bélxica, da República de Bulgaria, da República Federal de Alemaña, da República Helénica, do Reino de España, da República Italiana, da República de Chipre, da República de Lituania, do Gran Ducado de Luxemburgo, da República de Hungría, da República de Malta, da República de Austria, da República Portuguesa, de Romanía, da República de Eslovenia e da República Eslovaca relativa aos símbolos da Unión Europea	195
53. Declaración da República Checa relativa á Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea	195
54. Declaración da República Federal de Alemaña, de Irlanda, da República de Hungría, da República de Austria e do Reino de Suecia	195
55. Declaración do Reino de España e do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte	195
56. Declaración de Irlanda relativa ao artigo 3 do Protocolo sobre a posición do Reino Unido e de Irlanda respecto do espazo de liberdade, seguridade e xustiza	196
57. Declaración da República Italiana relativa á composición do Parlamento Europeo	196

	Páxina
58. Declaración da República de Letonia, da República de Hungría e da República de Malta relativa á ortografía do nome da moeda única nos tratados	196
59. Declaración do Reino dos Países Baixos relativa ao artigo 312 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea	196
60. Declaración do Reino dos Países Baixos relativa ao artigo 355 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea	196
61. Declaración da República de Polonia relativa á Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea	196
62. Declaración da República de Polonia relativa ao Protocolo sobre a aplicación da Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea a Polonia e ao Reino Unido	197
63. Declaración do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte relativa á definición do termo «nacionais»	197
64. Declaración do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte relativa ao dereito de voto nas eleccións ao Parlamento Europeo	197
65. Declaración do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte relativa ao artigo 75 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea	197
Táboas de correspondencias	199
Tratado da Unión Europea	199
Tratado de Funcionamento da Unión Europea	203
II. Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea	
(DOUE C 83/02, do 30 de marzo de 2010)	219

PRESENTACIÓN

O Ministerio de Política Territorial publica en castelán e nas linguas cooficiais das comunidades autónomas os textos consolidados do Tratado da Unión Europea, do Tratado de Funcionamento da Unión Europea e da Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea, tras a entrada en vigor do Tratado de Lisboa, o 1 de decembro de 2009.

O tratado, asinado en Lisboa o 13 de decembro de 2007, foi o froito da convicción dos Estados Membros da necesidade de renovar e reforzar as normas que os tratados anteriores establecían para unha Unión recentemente ampliada, que pretendía facer fronte ás transformacións do mundo actual e ás demandas dos cidadáns europeos.

Neste sentido, o 1 de decembro de 2009, unha vez concluído o proceso de ratificación en todos os Estados membros da Unión, entrou en vigor o Tratado de Lisboa, que modifica os dous principais tratados, o Tratado da Unión Europea e o Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, que pasa a denominarse Tratado de Funcionamento da Unión Europea; así mesmo, incorpórese a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea.

O novo texto modifica os tratados mencionados, pero non os substitúe e constitúe o marco xurídico para afrontar a Europa dos anos vindeiros; unha Europa que, á luz destas disposicións, se perfila como máis participativa, con máis capacidade de actuación e resolución e que, tras declarar os valores dunha Unión, chama a todos os que a integran a actuar con criterios de unidade.

Esta nova Europa ponse en marcha nun momento crucial para España, ya que coincide coa Presidencia española do Consello. En efecto, por cuarta vez e durante o primeiro semestre de 2010, o noso país exerce a Presidencia da Unión Europea. O seu exercicio coloca a España nun lugar preeminente na axenda internacional. A tarefa implica a toda a sociedade e supón unha proxección da política de Estado a todos os niveis.

No programa da Presidencia española declárase a firme vontade de impulso e transformación que impón o marco político e económico do momento e faise un chamamento a todas as institucións a implicarse neste compromiso, no marco das súas respectivas competencias.

Pola súa parte, o Vicepresidente Terceiro do Goberno e Ministro de Política Territorial declarou en novembro de 2009 a súa intención de afrontar o desafío de impulsar as novidades derivadas da aplicación do Tratado de Lisboa e puxo de manifesto de forma reiterada o desexo de avanzar no proxecto dunha Europa integrada na súa variedade e diversidade cultural e lingüística, para o que solicitan a colaboración das autoridades locais e autonómicas.

Dende 2005, España vén asinando acordos coas principais institucións da Unión como: o Consello, a Comisión Europea, o Comité das Rexións, o Comité Económico e Social Europeo, o Valedor do Pobo Europeo ou o Tribunal de Xustiza, para garantir a comunicación nas respectivas linguas cooficiais das comunidades autónomas.

As devanditas comunidades autónomas están cada vez máis presentes, a través da Conferencia para os Asuntos Relacionados coa Unión Europea (CARUE), e participen directamente en asuntos comunitarios no marco das respectivas competencias.

Por todo iso, a edición que se presenta inclúe os textos consolidados do Tratado da Unión Europea e do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, froito da entrada en vigor do Tratado de Lisboa, que se completan cos protocolos, anexos e declaracións, así como coa Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, publicados en castelán e nas linguas cooficiais das comunidades autónomas.

Agradecemos moi sinceramente a colaboración das institucións das comunidades autónomas que se sumaron ao proxecto de maneira entusiasta, así como o apoio prestado pola Oficina de Publicacións da Unión Europea.

I. VERSIÓNS CONSOLIDADAS DO
TRATADO DA UNIÓN EUROPEA
E DO
TRATADO DE FUNCIONAMENTO
DA UNIÓN EUROPEA

(DOUE, C 83/01, do 30 de marzo de 2010)

AVISO AO LECTOR

Na presente publicación recóllense as versións consolidadas do Tratado da Unión Europea e do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, así como os seus protocolos e anexos, resultado das modificacións introducidas polo Tratado de Lisboa asinado o 13 de decembro de 2007 en Lisboa e que entrou en vigor o 1 de decembro de 2009. Contén, así mesmo, as declaracións anexas á acta final da Conferencia Intergobernamental que adoptou o Tratado de Lisboa.

Como se dicía no «Aviso ao lector» da precedente publicación das versións consolidadas (DO C 115 do 9.5.2008, p. 1), a presente publicación inclúe as correccións de erros que foron adoptadas dende entón.

Esta publicación contén, así mesmo, a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea proclamada en Estrasburgo o 12 de decembro de 2007 polo Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión (DO C 303 do 14.12.2007, p. 1). Este texto recolle, adaptándoo, a Carta proclamada o 7 de decembro de 2000, e substitúea dende o 1 de decembro de 2009, data da entrada en vigor do Tratado de Lisboa. En virtude do artigo 6, punto 1, parágrafo primeiro, do Tratado da Unión Europea, a Carta proclamada en 2007 ten o mesmo valor xurídico que os tratados.

Este texto constitúe un instrumento de documentación e non compromete a responsabilidade das institucións da Unión Europea.

1. VERSIÓN CONSOLIDADA DO TRATADO DA UNIÓN EUROPEA

PREÁMBULO

A SÚA MAXESTADE O REI DOS BELGAS, A SÚA MAXESTADE A RAÍÑA DE DINAMARCA, O PRESIDENTE DA REPÚBLICA FEDERAL DE ALEMAÑA, O PRESIDENTE DE IRLANDA, O PRESIDENTE DA REPÚBLICA HELÉNICA, A SÚA MAXESTADE O REI DE ESPAÑA, O PRESIDENTE DA REPÚBLICA FRANCESA, O PRESIDENTE DA REPÚBLICA ITALIANA, A SÚA ALTEZA REAL O GRAN DUQUE DE LUXEMBURGO, A SÚA MAXESTADE A RAÍÑA DOS PAÍSES BAIXOS, O PRESIDENTE DA REPÚBLICA PORTUGUESA, A SÚA MAXESTADE A RAÍÑA DO REINO UNIDO DE GRAN BRETAÑA E IRLANDA DO NORTE ⁽¹⁾,

RESOLTOS a salvar unha nova etapa no proceso de integración europea emprendido coa constitución das comunidades europeas,

INSPIRÁNDOSE na herdanza cultural, relixiosa e humanista de Europa, a partir da cal se desenvolveron os valores universais dos dereitos inviolables e inalienables da persoa, así como a liberdade, a democracia, a igualdade e o Estado de Dereito,

RECORDANDO a importancia histórica de que a división do continente europeo tocase a súa fin e a necesidade de sentar unhas bases firmes para a construción da futura Europa,

CONFIRMANDO a súa adhesión aos principios de liberdade, democracia e respecto dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais e do Estado de Dereito,

CONFIRMANDO a súa adhesión aos dereitos sociais fundamentais, tal e como se definen na Carta Social Europea asinada en Turín o 18 de outubro de 1961 e na Carta Comunitaria dos Dereitos Sociais Fundamentais dos Traballadores de 1989,

DESEXANDO acrecentar a solidariedade entre os seus pobos, dentro do respecto da súa historia, da súa cultura e das súas tradicións,

DESEXANDO fortalecer o funcionamento democrático e eficaz das institucións, co fin de que poidan desempeñar mellor as misións que lles son encomendadas, dentro dun marco institucional único,

RESOLTOS a lograr o reforzo e a converxencia

das súas economías e a crear unha unión económica e monetaria que inclúa, de conformidade co disposto no presente tratado e no Tratado de Funcionamento da Unión Europea, unha moeda estable única,

DECIDIDOS a promover o progreso social e económico dos seus pobos, tendo en conta o principio de desenvolvemento sustentable, dentro da realización do mercado interior e do fortalecemento da cohesión e da protección do medio, e a desenvolver políticas que garantan que os avances na integración económica vaian acompañados de progresos paralelos noutros ámbitos,

RESOLTOS a crear unha cidadanía común aos nacionais dos seus países,

RESOLTOS a desenvolver unha política exterior e de seguridade común que inclúa a definición progresiva dunha política de defensa común, que podería conducir a unha defensa común de acordo coas disposicións do artigo 42, reforzando así a identidade e a independencia europeas, co fin de fomentar a paz, a seguridade e o progreso en Europa e no mundo,

RESOLTOS a facilitar a libre circulación de persoas, garantindo ao mesmo tempo a seguridade e a protección dos seus pobos, mediante o establecemento dun espazo de liberdade, seguridade e xustiza, de conformidade coas disposicións do presente tratado e do Tratado de Funcionamento da Unión Europea,

RESOLTOS a continuar o proceso de creación dunha unión cada vez máis estreita entre os pobos de Europa, na que as decisións se tomen da forma máis próxima posible aos cidadáns, de acordo co principio de subsidiariedade,

ANTE A PERSPECTIVA das posteriores etapas que haberá que salvar para avanzar na vía da integración europea,

DECIDIRON crear unha Unión Europea e designaron con tal fin como plenipotenciarios:

(non se reproduce a lista dos plenipotenciarios)

Os que, despois de intercambiar os seus plenos poderes, recoñecidos en boa e debida forma, conviñeron as disposicións seguintes.

⁽¹⁾ Posteriormente, a República de Bulgaria, a República Checa, a República de Estonia, a República de Chipre, a República de Letonia, a República de Lituania, a República de Hungría, a República de Malta, a República de Austria, a República de Polonia, Romanía, a República de Eslovenia, a República Eslovaca, a República de Finlandia e o Reino de Suecia pasaron a ser membros da Unión Europea.

TÍTULO I

DISPOSICIÓN COMÚNS

Artigo 1(antigo artigo 1 TUE)⁽¹⁾

Polo presente tratado, as Altas Partes contratantes constitúen entre si unha Unión Europea, a partir deste momento denominada «Unión», á que os Estados membros lle atribúen competencias para alcanzar os seus obxectivos comúns.

O presente tratado constitúe unha nova etapa no proceso creador dunha unión cada vez máis estreita entre os pobos de Europa, na cal as decisións serán tomadas da forma máis aberta e próxima aos cidadáns que sexa posible.

A Unión fundaméntase no presente tratado e no Tratado de Funcionamento da Unión Europea (a partir deste momento, denominados «os tratados»). Ambos os dous tratados teñen o mesmo valor xurídico. A Unión substituirá e sucederá a Comunidade Europea.

Artigo 2

A Unión fundaméntase nos valores de respecto da dignidade humana, liberdade, democracia, igualdade, Estado de Dereito e respecto dos dereitos humanos, incluídos os dereitos das persoas pertencentes a minorías. Estes valores son comúns aos Estados membros nunha sociedade caracterizada polo pluralismo, a non discriminación, a tolerancia, a xustiza, a solidariedade e a igualdade entre mulleres e homes.

Artigo 3

(antigo artigo 2 TUE)

1. A Unión ten como finalidade promover a paz, os seus valores e o benestar dos seus pobos.

2. A Unión ofrecerá aos seus cidadáns un espazo de liberdade, seguridade e xustiza sen fronteiras interiores, no que estea garantida a libre circulación de persoas, conxuntamente con medidas adecuadas en materia de control das fronteiras exteriores, asilo, inmigración e de prevención e loita contra a delincuencia.

3. A Unión establecerá un mercado interior. Obrará a prol do desenvolvemento sustentable de Europa baseado nun crecemento económico

equilibrado e na estabilidade dos prezos, nunha economía social de mercado altamente competitiva, tendente ao pleno emprego e ao progreso social e nun nivel elevado de protección e mellora da calidade do medio. Así mesmo, promoverá o progreso científico e técnico.

A Unión combaterá a exclusión social e a discriminación e fomentará a xustiza e a protección sociais, a igualdade entre mulleres e homes, a solidariedade entre as xeracións e a protección dos dereitos do neno.

A Unión fomentará a cohesión económica, social e territorial e a solidariedade entre os Estados membros.

A Unión respectará a riqueza da súa diversidade cultural e lingüística e velará pola conservación e o desenvolvemento do patrimonio cultural europeo.

4. A Unión establecerá unha unión económica e monetaria cuxa moeda é o euro.

5. Nas súas relacións co resto do mundo, a Unión afirmará e promoverá os seus valores e intereses e contribuirá á protección dos seus cidadáns. Contribuirá á paz, á seguridade, ao desenvolvemento sustentable do planeta, á solidariedade e ao respecto mutuo entre os pobos, ao comercio libre e xusto, á erradicación da pobreza e á protección dos dereitos humanos, especialmente os dereitos do neno, así como ao estrito respecto e ao desenvolvemento do dereito internacional, en particular o respecto dos principios da Carta das Nacións Unidas.

6. A Unión perseguirá os seus obxectivos polos medios apropiados, de acordo coas competencias que se lle atribúen nos tratados.

Artigo 4

1. De conformidade co disposto no artigo 5, toda competencia non atribuída á Unión nos tratados correspóndelles aos Estados membros.

2. A Unión respectará a igualdade dos Estados membros ante os tratados, así como a súa identidade nacional, inherente ás estruturas fundamentais políticas e constitucionais destes, tamén no referente á autonomía local e rexional. Respetará as funcións esenciais do Estado, especialmente as que teñen por obxecto garantir a súa integridade territorial, manter a orde pública e salvagardar a seguridade nacional. En particular, a seguridade nacional seguirá sendo

⁽¹⁾ Esta referencia é indicativa. Para unha máis ampla información, véxanse as táboas de correspondencias entre a antiga e a nova numeración dos tratados.

responsabilidade exclusiva de cada Estado membro.

3. Conforme ao principio de cooperación leal, a Unión e os Estados membros respectaranse e asistiranse mutuamente no cumprimento das misións derivadas dos tratados.

Os Estados membros adoptarán todas as medidas xerais ou particulares apropiadas para asegurar o cumprimento das obrigas derivadas dos tratados ou resultantes dos actos das institucións da Unión.

Os Estados membros axudaranlle á Unión no cumprimento da súa misión e absteranse de toda medida que poida poñer en perigo a consecución dos obxectivos da Unión.

Artigo 5

(antigo artigo 5 TCE)

1. A delimitación das competencias da Unión réxese polo principio de atribución. O exercicio das competencias da Unión réxese polos principios de subsidiariedade e proporcionalidade.

2. En virtude do principio de atribución, a Unión actúa dentro dos límites das competencias que lle atribúen os Estados membros nos tratados para lograr os obxectivos que estes determinan. Toda competencia non atribuída á Unión nos tratados correspóndelles aos Estados membros.

3. En virtude do principio de subsidiariedade, nos ámbitos que non sexan da súa competencia exclusiva, a Unión intervirá só en caso de que, e na medida en que, os obxectivos da acción pretendida non poidan ser alcanzados de xeito suficiente polos Estados membros, nin no ámbito central nin no ámbito rexional e local, senón que poidan alcanzarse mellor, debido á dimensión ou aos efectos da acción pretendida, a escala da Unión.

As institucións da Unión aplicarán o principio de subsidiariedade, de conformidade co Protocolo sobre a aplicación dos principios de subsidiariedade e proporcionalidade. Os parlamentos nacionais velarán polo respecto do principio de subsidiariedade, conforme ao procedemento establecido no mencionado protocolo.

4. En virtude do principio de proporcionalidade, o contido e a forma da acción da Unión non excederán do necesario para alcanzar os obxectivos dos tratados.

As institucións da Unión aplicarán o principio de proporcionalidade, de conformidade co Protocolo sobre a aplicación dos principios de subsidiariedade e proporcionalidade.

Artigo 6

(antigo artigo 6 TUE)

1. A Unión reconece os dereitos, liberdades e principios enunciados na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 7 de decembro de 2000, tal como foi adaptada o 12 de decembro de 2007 en Estrasburgo, que terá o mesmo valor xurídico que os tratados. As disposicións da Carta non ampliarán en modo ningún as competencias da Unión tal como se definen nos tratados.

Os dereitos, liberdades e principios enunciados na Carta interpretaranse conforme ás disposicións xerais do título VII da Carta polas que se rexe a súa interpretación e aplicación e teranse debidamente en conta as explicacións a que se fai referencia na Carta, que indican as fontes das devanditas disposicións.

2. A Unión adherirase ao Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais. Esta adhesión non modificará as competencias da Unión que se definen nos tratados.

3. Os dereitos fundamentais que garante o Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais e os que son froito das tradicións constitucionais comúns aos Estados membros formarán parte do dereito da Unión como principios xerais.

Artigo 7

(antigo artigo 7 TUE)

1. A proposta motivada dun terzo dos Estados membros, do Parlamento Europeo ou da Comisión, o Consello, por maioría de catro quintos dos seus membros e logo de aprobación do Parlamento Europeo, poderá constatar a existencia dun risco claro de violación grave por parte dun Estado membro dos valores considerados no artigo 2. Antes de proceder a esta constatación, o Consello oirá o Estado membro de que se trate e polo mesmo procedemento poderá dirixirlle recomendacións.

O Consello comprobará de xeito periódico se os motivos que levaron a tal constatación seguen sendo válidos.

2. O Consello Europeo, por unanimidade e por proposta dun terzo dos Estados membros ou da Comisión e logo de aprobación do Parlamento Europeo, poderá constatar a existencia dunha violación grave e persistente por parte dun Estado membro dos valores considerados no artigo 2, tras invitar o Estado membro de que se trate a que presente as súas observacións.

3. Cando se efectúe a constatación contemplada no punto 2, o Consello poderá decidir, por maioría cualificada, que se suspendan determinados dereitos derivados da aplicación dos tratados ao Estado membro de que se trate, incluídos os dereitos de voto do representante do Goberno do devandito Estado membro no Consello. Ao proceder á devandita suspensión, o Consello terá en conta as posibles consecuencias desta para os dereitos e obrigas das persoas físicas e xurídicas.

As obrigas do Estado membro de que se trate derivadas dos tratados continuarán, en calquera caso, sendo vinculantes para o devandito Estado.

4. O Consello poderá decidir posteriormente, por maioría cualificada, a modificación ou a revogación das medidas adoptadas, de conformidade co punto 3, como resposta a cambios na situación que motivou a súa imposición.

5. As modalidades de voto que, para os efectos do presente artigo, serán de aplicación para o Parlamento Europeo, o Consello Europeo e o Consello establécense no artigo 354 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

Artigo 8

1. A Unión desenvolverá cos países veciños relacións preferentes, co obxectivo de establecer un espazo de prosperidade e de boa veciñanza baseado nos valores da Unión e caracterizado por unhas relacións estreitas e pacíficas fundadas na cooperación.

2. Para os efectos do punto 1, a Unión poderá celebrar acordos específicos cos devanditos países. Estes acordos poderán incluír dereitos e obrigas recíprocos, así como a posibilidade de realizar accións en común. A súa aplicación será obxecto dunha concertación periódica.

TÍTULO II

DISPOSICIÓN SOBRE OS PRINCIPIOS DEMOCRÁTICOS

Artigo 9

A Unión respectará en todas as súas actividades o principio da igualdade dos seus cidadáns, que se beneficiarán por igual da atención das súas institucións, órganos e organismos. Será cidadá da Unión toda persoa que teña a nacionalidade dun Estado membro. A cidadanía da Unión engádesse á cidadanía nacional sen substituíla.

Artigo 10

1. O funcionamento da Unión baséase na democracia representativa.

2. Os cidadáns estarán directamente representados na Unión a través do Parlamento Europeo.

Os Estados membros estarán representados no Consello Europeo polo seu Xefe de Estado ou de Goberno e no Consello polos seus gobernos, que serán democraticamente responsables, ben ante os seus parlamentos nacionais, ben ante os seus cidadáns.

3. Todo cidadán ten dereito a participar na vida democrática da Unión. As decisións serán tomadas da forma máis aberta e próxima posible aos cidadáns.

4. Os partidos políticos a escala europea contribuirán a formar a conciencia política europea e a expresar a vontade dos cidadáns da Unión.

Artigo 11

1. As institucións daránlles aos cidadáns e ás asociacións representativas, polas canles apropiadas, a posibilidade de expresar e de intercambiar publicamente as súas opinións en todos os ámbitos de actuación da Unión.

2. As institucións manterán un diálogo aberto, transparente e regular coas asociacións representativas e a sociedade civil.

3. Co obxecto de garantir a coherencia e a transparencia das accións da Unión, a Comisión Europea manterá amplas consultas coas partes interesadas.

4. Un grupo de, polo menos, un millón de cidadáns da Unión, que sexan nacionais dun número significativo de Estados membros, poderá tomar a iniciativa de invitar a Comisión Europea, no marco das súas atribucións, a que presente unha proposta axeitada sobre cuestións que estes cidadáns estimen que requiren un acto xurídico da Unión para os fins da aplicación dos tratados.

Os procedementos e as condicións preceptivos para a presentación dunha iniciativa deste tipo fixaranse de conformidade co parágrafo primeiro do artigo 24 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

Artigo 12

Os parlamentos nacionais contribuirán activamente ao bo funcionamento da Unión, para o cal:

a) serán informados polas institucións da Unión e recibirán notificación dos proxectos de

actos lexislativos da Unión, de conformidade co Protocolo sobre o labor dos parlamentos nacionais na Unión Europea;

b) velarán por que se respecte o principio de subsidiariedade, de conformidade cos procedementos establecidos no Protocolo sobre a aplicación dos principios de subsidiariedade e proporcionalidade;

c) participarán, no marco do espazo de liberdade, seguridade e xustiza, nos mecanismos de avaliación da aplicación das políticas da Unión no devandito espazo, de conformidade co artigo 70 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, e estarán asociados ao control político de Europol e á avaliación das actividades de Eurojust, de conformidade cos artigos 88 e 85 do devandito tratado;

d) participarán nos procedementos de revisión dos tratados, de conformidade co artigo 48 do presente tratado;

e) serán informados das solicitudes de adhesión á Unión, de conformidade co artigo 49 do presente tratado;

f) participarán na cooperación interparlamentaria entre os parlamentos nacionais e co Parlamento Europeo, de conformidade co Protocolo sobre o labor dos parlamentos nacionais na Unión Europea.

TÍTULO III

DISPOSICIÓN SOBRE AS INSTITUCIÓN

Artigo 13

1. A Unión dispón dun marco institucional que ten como finalidade promover os seus valores, perseguir os seus obxectivos, defender os seus intereses, os dos seus cidadáns e os dos Estados membros, así como garantir a coherencia, a eficacia e a continuidade das súas políticas e accións.

As institucións da Unión son:

- O Parlamento Europeo,
- O Consello Europeo,
- O Consello,
- A Comisión Europea (denominada a partir deste momento «Comisión»),
- O Tribunal de Xustiza da Unión Europea,
- O Banco Central Europeo,
- O Tribunal de Contas.

2. Cada institución actuará dentro dos límites das atribucións que lle confiren os tratados, conforme aos procedementos, condicións e fins establecidos nestes. As institucións manterán entre si unha cooperación leal.

3. As disposicións relativas ao Banco Central Europeo e ao Tribunal de Contas, así como as disposicións detalladas sobre as demais institucións, figuran no Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

4. O Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión estarán asistidos por un Comité Económico e Social e por un Comité das Rexións, que exercerán funcións consultivas.

Artigo 14

1. O Parlamento Europeo exercerá, conxuntamente co Consello, a función lexislativa e a función orzamentaria. Exercerá funcións de control político e consultivas, nas condicións establecidas nos tratados. Elixirá o Presidente da Comisión.

2. O Parlamento Europeo estará composto por representantes dos cidadáns da Unión. O seu número non excederá de setecentos cincuenta, máis o Presidente. A representación dos cidadáns será decrecentemente proporcional, cun mínimo de seis deputados por Estado membro. Non se lle asignará a ningún Estado membro máis de noventa e seis escanos.

O Consello Europeo adoptará por unanimidade, a iniciativa do Parlamento Europeo e coa súa aprobación, unha decisión pola que se fixe a composición do Parlamento Europeo conforme aos principios a que se refire o parágrafo primeiro.

3. Os deputados ao Parlamento Europeo serán elixidos por sufraxio universal directo, libre e secreto, para un mandato de cinco anos.

4. O Parlamento Europeo elixirá o seu Presidente e a Mesa de entre os seus deputados.

Artigo 15

1. O Consello Europeo daralle á Unión os impulsos necesarios para o seu desenvolvemento e definirá as súas orientacións e prioridades políticas xerais. Non exercerá función lexislativa ningunha.

2. O Consello Europeo estará composto polos xefes de Estado ou de Goberno dos Estados membros, así como polo seu Presidente e polo Presidente da Comisión. Participará nos seus traballos o Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade.

3. O Consello Europeo reunirse dúas veces por semestre por convocatoria do seu Presidente. Cando a orde do día o esixa, os membros do Consello Europeo poderán decidir contar, cada

un deles, coa asistencia dun ministro e, no caso do Presidente da Comisión, coa dun membro da Comisión. Cando a situación o esixa, o Presidente convocará unha reunión extraordinaria do Consello Europeo.

4. O Consello Europeo pronunciarase por consenso, agás cando os tratados dispoñan outra cousa.

5. O Consello Europeo elixirá o seu Presidente por maioría cualificada para un mandato de dous anos e medio, que poderá renovarse unha soa vez. En caso de impedimento ou falta grave, o Consello Europeo poderalle poñer fin ao seu mandato polo mesmo procedemento.

6. O Presidente do Consello Europeo:

a) presidirá e impulsará os traballos do Consello Europeo;

b) velará pola preparación e a continuidade dos traballos do Consello Europeo, en cooperación co Presidente da Comisión e baseándose nos traballos do Consello de Asuntos Xerais;

c) esforzarse por facilitar a cohesión e o consenso no seo do Consello Europeo;

d) ao termo de cada reunión do Consello Europeo, presentalle un informe ao Parlamento Europeo. O Presidente do Consello Europeo asumirá, no seu rango e condición, a representación exterior da Unión nos asuntos de política exterior e de seguridade común, sen prexuízo das atribucións do Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade.

O Presidente do Consello Europeo non poderá exercer mandato nacional ningún.

Artigo 16

1. O Consello exercerá, conxuntamente co Parlamento Europeo, a función lexislativa e a función orzamentaria. Exercerá funcións de definición de políticas e de coordinación, nas condicións establecidas nos tratados.

2. O Consello estará composto por un representante de cada Estado membro, de rango ministerial, facultado para comprometer o Goberno do Estado membro ao que represente e para exercer o dereito de voto.

3. O Consello pronunciarase por maioría cualificada, agás cando os tratados dispoñan outra cousa.

4. A partir do 1 de novembro de 2014, a maioría cualificada definirase como un mínimo do 55% dos membros do Consello que inclúa polo menos quince deles e represente a Estados membros que reúnan, como mínimo, o 65% da poboación da Unión.

Unha minoría de bloqueo estará composta

por, polo menos, catro membros do Consello, a falta do cal a maioría cualificada se considerará alcanzada.

As demais modalidades reguladoras do voto por maioría cualificada establécense no punto 2 do artigo 238, do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

5. As disposicións transitorias relativas á definición da maioría cualificada que serán de aplicación ata o 31 de outubro de 2014, así como as aplicables entre o 1 de novembro de 2014 e o 31 de marzo de 2017, estableceranse no Protocolo sobre as disposicións transitorias.

6. O Consello reunirse en diferentes formacións, cuxa lista se adoptará de conformidade co artigo 236 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

O Consello de Asuntos Xerais velará pola coherencia dos traballos das diferentes formacións do Consello. Preparará as reunións do Consello Europeo e garantirá a súa actuación subseguinte, en contacto co Presidente do Consello Europeo e da Comisión.

O Consello de Asuntos Exteriores elaborará a acción exterior da Unión atendendo ás liñas estratéxicas definidas polo Consello Europeo e velará pola coherencia da acción da Unión.

7. Un Comité de Representantes Permanentes dos gobernos dos Estados membros encargárase de preparar os traballos do Consello.

8. O Consello reunirse en público cando delibere e vote sobre un proxecto de acto lexislativo. Con este fin, cada sesión do Consello dividirase en dúas partes, dedicadas respectivamente ás deliberacións sobre os actos lexislativos da Unión e ás actividades non lexislativas.

9. A presidencia das formacións do Consello, con excepción da de Asuntos Exteriores, será desempeñada polos representantes dos Estados membros no Consello mediante un sistema de rotación igual, de conformidade coas condicións establecidas no artigo 236 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

Artigo 17

1. A Comisión promoverá o interese xeral da Unión e tomará as iniciativas axeitadas con este fin. Velará por que se apliquen os tratados e as medidas adoptadas polas institucións en virtude destes. Supervisará a aplicación do dereito da Unión baixo o control do Tribunal de Xustiza da Unión Europea. Executará o orzamento e xestionará os programas. Exercerá, así mesmo, funcións de coordinación, execución e xestión, de conformidade coas condicións establecidas nos

tratados. Con excepción da política exterior e de seguridade común e dos demais casos previstos polos tratados, asumirá a representación exterior da Unión. Adoptará as iniciativas da programación anual e plurianual da Unión, co fin de alcanzar acordos interinstitucionais.

2. Os actos lexislativos da Unión só poderán adoptarse por proposta da Comisión, agás cando os tratados dispoñan outra cousa. Os demais actos adoptaranse por proposta da Comisión, cando así o establezan os tratados.

3. O mandato da Comisión será de cinco anos.

Os membros da Comisión serán elixidos en razón da súa competencia xeral e do seu compromiso europeo, de entre personalidades que ofrezan plenas garantías de independencia.

A Comisión exercerá as súas responsabilidades con plena independencia. Sen prexuízo do disposto no punto 2 do artigo 18, os membros da Comisión non solicitarán nin aceptarán instrucións de ningún Goberno, institución, órgano ou organismo. Absteranse de todo acto incompatible coas súas obrigas ou co desempeño das súas funcións.

4. A Comisión nomeada entre a data de entrada en vigor do Tratado de Lisboa e o 31 de outubro de 2014 estará composta por un nacional de cada Estado membro, incluídos o seu Presidente e o Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade, que será un dos seus Vicepresidentes.

5. A partir do 1 de novembro de 2014, a Comisión estará composta por un número de membros correspondente aos dous terzos do número de Estados membros, que incluírá o seu Presidente e o Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade, a menos que o Consello Europeo decida por unanimidade modificar o devandito número.

Os membros da Comisión serán seleccionados de entre os nacionais dos Estados membros mediante un sistema de rotación estritamente igual entre os Estados membros que permita ter en conta a diversidade demográfica e xeográfica do conxunto dos devanditos Estados. Este sistema será establecido por unanimidade polo Consello Europeo, de conformidade co artigo 244 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

6. O Presidente da Comisión:

- a) definirá as orientacións conforme ás cales a Comisión desempeñará as súas funcións;
- b) determinará a organización interna da Comisión, velando pola coherencia, eficacia e colexialidade da súa actuación;
- c) nomeará Vicepresidentes, distintos do Alto

Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade, de entre os membros da Comisión. Un membro da Comisión presentará a súa dimisión se llo pide o Presidente. O Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade presentará a súa dimisión, conforme ao procedemento establecido no punto 1 do artigo 18, se llo pide o Presidente.

7. Tendo en conta o resultado das eleccións ao Parlamento Europeo e tras manter as consultas apropiadas, o Consello Europeo proporalle ao Parlamento Europeo, por maioría cualificada, un candidato ao cargo de Presidente da Comisión. O Parlamento Europeo elixirá o candidato por maioría dos membros que o compoñen. Se o candidato non obtén a maioría necesaria, o Consello Europeo propondrá no prazo dun mes, por maioría cualificada, un novo candidato, que será elixido polo Parlamento Europeo polo mesmo procedemento.

O Consello, de común acordo co Presidente electo, adoptará a lista das demais personalidades que se propoña nomear como membros da Comisión. Estas serán seleccionadas, a partir das propostas presentadas polos Estados membros, de acordo cos criterios enunciados no parágrafo segundo do punto 3 e no parágrafo segundo do punto 5.

O Presidente, o Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade e os demais membros da Comisión someteranse colexiadamente ao voto de aprobación do Parlamento Europeo. Sobre a base da devandita aprobación, a Comisión será nomeada polo Consello Europeo, por maioría cualificada.

8. A Comisión terá unha responsabilidade colexiada ante o Parlamento Europeo. O Parlamento Europeo poderá votar unha moción de censura contra a Comisión, de conformidade co artigo 234 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea. Se se aproba a devandita moción, os membros da Comisión deberán dimitir colectivamente dos seus cargos e o Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade deberá dimitir do cargo que exerce na Comisión.

Artigo 18

1. O Consello Europeo nomeará por maioría cualificada, coa aprobación do Presidente da Comisión, o Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade. O Consello Europeo poderalle poñer fin ao seu mandato polo mesmo procedemento.

2. O Alto Representante estará á fronte da política exterior e de seguridade común da Unión. Contribuirá coas súas propostas a elaborar a devandita política e executaráa como mandatario do Consello. Actuará do mesmo modo en relación coa política común de seguridade e defensa.

3. O Alto Representante presidirá o Consello de Asuntos Exteriores.

4. O Alto Representante será un dos Vicepresidentes da Comisión. Velará pola coherencia da acción exterior da Unión. Encargarase, dentro da Comisión, das responsabilidades que lle incumben a esta no ámbito das relacións exteriores e da coordinación dos demais aspectos da acción exterior da Unión. No exercicio destas responsabilidades dentro da Comisión, e exclusivamente polo que respecta a estas, o Alto Representante estará suxeito aos procedementos polos que se rexe o funcionamento da Comisión, na medida en que iso sexa compatible cos puntos 2 e 3.

Artigo 19

1. O Tribunal de Xustiza da Unión Europea comprenderá o Tribunal de Xustiza, o Tribunal Xeral e os tribunais especializados. Garantirá o respecto do dereito na interpretación e aplicación dos tratados.

Os Estados membros establecerán as vías de recurso necesarias para garantir a tutela xudicial efectiva nos ámbitos cubertos polo dereito da Unión.

2. O Tribunal de Xustiza estará composto por un Xuíz por Estado membro. Estará asistido por Avogados Xerais.

O Tribunal Xeral disporá polo menos dun Xuíz por Estado membro.

Os Xuíces e Avogados Xerais do Tribunal de Xustiza e os Xuíces do Tribunal Xeral serán elixidos de entre personalidades que ofrezan plenas garantías de independencia e que reúnan as condicións consideradas nos artigos 253 e 254 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea. Serán nomeados de común acordo polos gobernos dos Estados membros para un período de seis anos. Os Xuíces e Avogados Xerais saíntes poderán ser nomeados de novo.

3. O Tribunal de Xustiza da Unión Europea pronunciarase, de conformidade cos tratados:

- a) sobre os recursos interpostos por un Estado membro, por unha institución ou por persoas físicas ou xurídicas;
- b) con carácter prexudicial, a petición dos órga-

gos xurisdicionais nacionais, sobre a interpretación do dereito da Unión ou sobre a validez dos actos adoptados polas institucións;

- c) nos demais casos previstos polos tratados.

TÍTULO IV

DISPOSICIÓNS SOBRE AS COOPERACIÓNS REFORZADAS

Artigo 20

(antigos artigos 27 A a 27 E, 40 a 40 B e 43 a 45 TUE e antigos artigos 11 e 11 A TCE)

1. Os Estados membros que desexen instaurar entre si unha cooperación reforzada no marco das competencias non exclusivas da Unión poderán facer uso das institucións desta e exercer as devanditas competencias aplicando as disposicións pertinentes dos tratados, dentro dos límites e conforme ás modalidades contempladas no presente artigo e nos artigos 326 a 334 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

A finalidade das cooperación reforzadas será impulsar os obxectivos da Unión, protexer os seus intereses e reforzar o seu proceso de integración. As cooperación reforzadas estarán abertas permanentemente a todos os Estados membros, de conformidade co artigo 328 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

2. A decisión de autorizar unha cooperación reforzada será adoptada polo Consello como último recurso, cando chegue á conclusión de que os obxectivos perseguidos pola devandita cooperación non poden ser alcanzados nun prazo razoable pola Unión no seu conxunto e a condición de que participen nela polo menos nove Estados membros. O Consello pronunciarase conforme ao procedemento establecido no artigo 329 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

3. Todos os membros do Consello poderán participar nas súas deliberacións, pero unicamente participarán na votación os membros do Consello que representen os Estados membros que participan nunha cooperación reforzada. As modalidades da votación establécense no artigo 330 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

4. Os actos adoptados no marco dunha cooperación reforzada vincularán unicamente os Estados membros participantes. Os devanditos actos non se considerarán acervo que deban aceptar os Estados candidatos á adhesión á Unión.

TÍTULO V

**DISPOSICIÓN XERAIS RELATIVAS Á
ACCIÓN EXTERIOR DA UNIÓN E
DISPOSICIÓN ESPECÍFICAS RELATIVAS Á
POLÍTICA EXTERIOR E DE SEGURIDADE
COMÚN**

CAPÍTULO 1

**DISPOSICIÓN XERAIS RELATIVAS Á ACCIÓN
EXTERIOR DA UNIÓN**

Artigo 21

1. A acción da Unión na escena internacional basearase nos principios que inspiraron a súa creación, desenvolvemento e ampliación e que pretende fomentar no resto do mundo: a democracia, o Estado de Dereito, a universalidade e a indivisibilidade dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais, o respecto da dignidade humana, os principios de igualdade e solidariedade e o respecto dos principios da Carta das Nacións Unidas e do dereito internacional.

A Unión procurará desenvolver relacións e crear asociacións cos terceiros países e coas organizacións internacionais, rexionais ou mundiais que compartan os principios mencionados no parágrafo primeiro. Propiciará solucións multilaterais aos problemas comúns, en particular no marco das Nacións Unidas.

2. A Unión definirá e executará políticas comúns e accións e esforzarase por lograr un alto grao de cooperación en todos os ámbitos das relacións internacionais, co fin de:

- a) defender os seus valores, intereses fundamentais, seguridade, independencia e integridade;
- b) consolidar e avalar a democracia, o Estado de Dereito, os dereitos humanos e os principios do dereito internacional;
- c) manter a paz, previr os conflitos e fortalecer a seguridade internacional, conforme aos propósitos e principios da Carta das Nacións Unidas, así como aos principios da Acta Final de Helsinki e aos obxectivos da Carta de París, incluídos os relacionados coas fronteiras exteriores;
- d) apoiar o desenvolvemento sustentable nos planos económico, social e ambiental dos países en desenvolvemento, co obxectivo fundamental de erradicar a pobreza;
- e) fomentar a integración de todos os países na economía mundial, entre outras cousas mediante a supresión progresiva dos obstáculos ao comercio internacional;

f) contribuír a elaborar medidas internacionais de protección e mellora da calidade do medio e da xestión sustentable dos recursos naturais mundiais, para lograr o desenvolvemento sustentable;

g) axudar as poboacións, países e rexións que se enfronten a catástrofes naturais ou de orixe humana e

h) promover un sistema internacional baseado nunha cooperación multilateral sólida e nunha boa gobernación mundial.

3. A Unión respectará os principios e perseguirá os obxectivos mencionados nos puntos 1 e 2 ao formular e levar a cabo a súa acción exterior nos distintos ámbitos cubertos polo presente título e pola quinta parte do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, así como os aspectos exteriores das súas demais políticas.

A Unión velará por manter a coherencia entre os distintos ámbitos da súa acción exterior e entre estes e as súas demais políticas. O Consello e a Comisión, asistidos polo Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade, garantirán a devandita coherencia e cooperarán para tal efecto.

Artigo 22

1. Baseándose nos principios e obxectivos enumerados no artigo 21, o Consello Europeo determinará os intereses e obxectivos estratéxicos da Unión.

As decisións do Consello Europeo sobre os intereses e obxectivos estratéxicos da Unión tratarán da política exterior e de seguridade común e doutros ámbitos da acción exterior da Unión. Poderán referirse ás relacións da Unión cun país ou cunha rexión ou ter unha formulación temática. Defininán a súa duración e os medios que deberán facilitar a Unión e os Estados membros.

O Consello Europeo pronunciarase por unanimidade, baseándose nunha recomendación do Consello adoptada por este segundo as modalidades previstas para cada ámbito. As decisións do Consello Europeo executaranse conforme aos procedementos establecidos nos tratados.

2. O Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade, no ámbito da política exterior e de seguridade común, e a Comisión, nos demais ámbitos da acción exterior, poderán presentarlle propostas conxuntas ao Consello.

CAPÍTULO 2

DISPOSICIÓN ESPECÍFICAS SOBRE A
POLÍTICA EXTERIOR E DE SEGURIDADE
COMÚN

SECCIÓN 1

DISPOSICIÓN COMÚNS

Artigo 23

A acción da Unión na escena internacional, en virtude do presente capítulo, basearase nos principios, perseguirá os obxectivos e realizarase de conformidade coas disposicións xerais consideradas no capítulo 1.

Artigo 24

(antigo artigo 11 TUE)

1. A competencia da Unión en materia de política exterior e de seguridade común abranguerá todos os ámbitos da política exterior e todas as cuestións relativas á seguridade da Unión, incluída a definición progresiva dunha política común de defensa, que poderá conducir a unha defensa común.

A política exterior e de seguridade común rexeráse por regras e procedementos específicos. Definirana e aplicarana o Consello Europeo e o Consello, que deberán pronunciarse por unanimidade, agás que os tratados dispoñan outra cousa. Queda excluída a adopción de actos lexislativos. A política exterior e de seguridade común será executada polo Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade e polos Estados membros, de conformidade cos tratados. A función específica do Parlamento Europeo e da Comisión neste ámbito defínese nos tratados. O Tribunal de Xustiza da Unión Europea non terá competencia respecto destas disposicións, coa salvedade da súa competencia para controlar o respecto do artigo 40 do presente tratado e para controlar a legalidade de determinadas decisións consideradas no parágrafo segundo do artigo 275 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

2. No marco dos principios e dos obxectivos da súa acción exterior, a Unión dirixirá, definirá e executará unha política exterior e de seguridade común baseada no desenvolvemento da solidariedade política mutua dos Estados membros, na identificación dos asuntos que presenten un interese xeral e na consecución dunha

converxencia cada vez maior da actuación dos Estados membros.

3. Os Estados membros apoiarán activamente e sen reservas a política exterior e de seguridade da Unión con espírito de lealdade e solidariedade mutua e respectarán a acción da Unión neste ámbito.

Os Estados membros traballarán conxuntamente para intensificar e desenvolver a súa solidariedade política mutua. Absteranse de toda acción contraria aos intereses da Unión ou que poida prexudicar a súa eficacia como forza de cohesión nas relacións internacionais.

O Consello e o Alto Representante velarán por que se respecten estes principios.

Artigo 25

(antigo artigo 12 TUE)

A Unión dirixirá a política exterior e de seguridade común:

- a) definindo as súas orientacións xerais;
- b) adoptando decisións polas que se establezan:
 - i) as accións que vai realizar a Unión;
 - ii) as posicións que vai adoptar a Unión,
 - iii) as modalidades de execución das decisións contempladas nos incisos i) e ii); e
- c) fortalecendo a cooperación sistemática entre os Estados membros para levar a cabo as súas políticas.

Artigo 26

(antigo artigo 13 TUE)

1. O Consello Europeo determinará os intereses estratéxicos da Unión, fixará os obxectivos e definirá as orientacións xerais da política exterior e de seguridade común, incluídos os asuntos que teñan repercusións no ámbito da defensa. Adoptará as decisións que resulten necesarias.

Se un acontecemento internacional así o esixe, o Presidente do Consello Europeo convocará unha reunión extraordinaria do Consello Europeo para definir as liñas estratéxicas da política da Unión ante o devandito acontecemento.

2. Baseándose nas orientacións xerais e nas liñas estratéxicas definidas polo Consello Europeo, o Consello elaborará a política exterior e de seguridade común e adoptará as decisións necesarias para definir e aplicar a devandita política.

O Consello e o Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade

velarán pola unidade, a coherencia e a eficacia da acción da Unión.

3. A política exterior e de seguridade común será executada polo Alto Representante e polos Estados membros, utilizando os medios nacionais e os da Unión.

Artigo 27

1. O Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade, que presidirá o Consello de Asuntos Exteriores, contribuirá coas súas propostas a elaborar a política exterior e de seguridade común e encargarse de executar as decisións adoptadas polo Consello Europeo e o Consello.

2. O Alto Representante representará a Unión nas materias concernentes á política exterior e de seguridade común. Dirixirá o diálogo político con terceiros en nome da Unión e expresará a posición da Unión nas organizacións internacionais e nas conferencias internacionais.

3. No exercicio do seu mandato, o Alto Representante apoiarse nun servizo europeo de acción exterior. Este servizo traballará en colaboración cos servizos diplomáticos dos Estados membros e estará composto por funcionarios dos servizos competentes da Secretaría Xeral do Consello e da Comisión e por persoal en comisión de servizos dos servizos diplomáticos nacionais. A organización e o funcionamento do servizo europeo de acción exterior estableceranse mediante decisión do Consello, que se pronunciará a proposta do Alto Representante, logo de consulta ao Parlamento Europeo e logo de aprobación da Comisión.

Artigo 28

(antigo artigo 14 TUE)

1. Cando unha situación internacional esixa unha acción operativa da Unión, o Consello adoptará as decisións necesarias. Estas fixarán os obxectivos, o alcance, os medios que lle haxa que facilitar á Unión, as condicións da súa execución e, en caso necesario, a súa duración.

Se se producise un cambio de circunstancias con clara incidencia sobre un asunto obxecto de tal decisión, o Consello revisará os principios e os obxectivos da devandita decisión e adoptará as decisións necesarias.

2. As decisións contempladas no punto 1 serán vinculantes para os Estados membros nas posicións que adopten e no desenvolvemento da súa acción.

3. Cando exista calquera plan para adoptar

unha posición nacional ou emprender unha acción nacional en aplicación dunha das decisións contempladas no punto 1, o Estado membro de que se trate proporcionará información nun prazo que permita, en caso necesario, unha concertación previa no seo do Consello. A obriga de información previa non se aplicará ás medidas que constitúan unha mera transposición ao ámbito nacional das decisións do Consello.

4. En caso de imperiosa necesidade derivada da evolución da situación e da falta de revisión dunha das decisións do Consello a que se refire o punto 1, os Estados membros poderán adoptar con carácter de urxencia as medidas necesarias, tendo en conta os obxectivos xerais da devandita decisión. O Estado membro de que se trate informará o Consello inmediatamente de tales medidas.

5. En caso de que un Estado membro teña dificultades importantes para aplicar unha decisión considerada no presente artigo, solicitaralle ao Consello que delibere ao respecto e que busque as solucións axeitadas. Estas solucións non poderán ser contrarias aos obxectivos da decisión contemplada no punto 1 nin minguar a súa eficacia.

Artigo 29

(antigo artigo 15 TUE)

O Consello adoptará decisións que definirán o enfoque da Unión sobre un asunto concreto de carácter xeográfico ou temático. Os Estados membros velarán pola conformidade das súas políticas nacionais coas posicións da Unión.

Artigo 30

(antigo artigo 22 TUE)

1. Calquera Estado membro, o Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade ou o Alto Representante co apoio da Comisión, poderán formularlle ao Consello calquera cuestión relacionada coa política exterior e de seguridade común e presentarlle, respectivamente, iniciativas ou propostas ao Consello.

2. Nos casos que requiran unha decisión rápida, o Alto Representante convocará, de oficio ou a petición dun Estado membro, unha reunión extraordinaria do Consello, nun prazo de corenta e oito horas ou, en caso de necesidade absoluta, nun prazo máis breve.

Artigo 31
(antigo artigo 23 TUE)

1. O Consello Europeo e o Consello adoptarán por unanimidade as decisións de que trata o presente capítulo, salvo nos casos en que o presente capítulo dispoña outra cousa. Exclúese a adopción de actos lexislativos.

En caso de que un membro do Consello se absteña nunha votación, poderá acompañar a súa abstención dunha declaración formal efectuada de conformidade co presente parágrafo. Nese caso, non estará obrigado a aplicar a decisión, pero admitirá que esta sexa vinculante para a Unión. A prol da solidariedade mutua, o Estado membro de que se trate absterase de calquera acción que poida obstaculizar ou impedir a acción da Unión baseada na devandita decisión e os demais Estados membros respectarán a súa posición. En caso de que o número de membros do Consello que acompañe a súa abstención de tal declaración represente polo menos un terzo dos Estados membros que reúnen como mínimo un terzo da poboación da Unión, non se adoptará a decisión.

2. Como excepción ao disposto no punto 1, o Consello adoptará por maioría cualificada:

- unha decisión que estableza unha acción ou unha posición da Unión a partir dunha decisión do Consello Europeo relativa aos intereses e obxectivos estratéxicos da Unión prevista no punto 1 do artigo 22;
- unha decisión que estableza unha acción ou unha posición da Unión a partir dunha proposta presentada polo Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade en resposta a unha petición específica que o Consello Europeo lle dirixise ben por propia iniciativa, ben por iniciativa do Alto Representante;
- calquera decisión pola que se aplique unha decisión que estableza unha acción ou unha posición da Unión;
- a designación dun representante especial, de conformidade co artigo 33.

Se un membro do Consello declárase que, por motivos vitais e explícitos de política nacional, ten a intención de opoñerse á adopción dunha decisión que se deba adoptar por maioría cualificada, non se procederá á votación. O Alto Representante intentará atopar, en estreito contacto co Estado membro de que se trate, unha solución aceptable para este. De non se atopar a devandita solución, o Consello, por maioría cualificada, poderá pedir que o asunto se lle remita ao Consello Europeo para que adopte ao respecto unha decisión por unanimidade.

3. O Consello Europeo poderá adoptar por unanimidade unha decisión que estableza que o Consello se pronuncie por maioría cualificada en casos distintos dos previstos no punto 2.

4. Os puntos 2 e 3 non se aplicarán ás decisións que teñan repercusións no ámbito militar ou da defensa.

5. No que se refire a cuestións de procedemento, o Consello pronunciarase por maioría dos membros que o compoñen.

Artigo 32
(antigo artigo 16 TUE)

Os Estados membros consultaranse no seo do Consello Europeo e do Consello sobre calquera cuestión de política exterior e de seguridade que revista un interese xeral, co fin de definir un enfoque común. Antes de emprender calquera actuación na escena internacional ou de asumir calquera compromiso que poida afectar os intereses da Unión, cada Estado membro consultará os demais no seo do Consello Europeo ou do Consello. Os Estados membros garantirán, mediante a converxencia da súa actuación, que a Unión poida defender os seus intereses e valores na escena internacional. Os Estados membros serán solidarios entre si.

Cando o Consello Europeo ou o Consello estableza un enfoque común da Unión no sentido do parágrafo primeiro, o Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade e os ministros de asuntos exteriores dos Estados membros coordinarán a súa actuación no seo do Consello.

As misións diplomáticas dos Estados membros e as delegacións da Unión nos terceiros países e ante as organizacións internacionais cooperarán entre si e contribuirán á formulación e posta en práctica do enfoque común.

Artigo 33
(antigo artigo 18 TUE)

A proposta do Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade, o Consello poderá designar un representante especial provisto dun mandato en relación con cuestións políticas concretas. O representante especial exercerá o seu mandato baixo a autoridade do Alto Representante.

Artigo 34
(antigo artigo 19 TUE)

1. Os Estados membros coordinarán a súa ac-

ción nas organizacións internacionais e con ocasión das conferencias internacionais. Os Estados membros defenderán nesos foros as posicións da Unión. O Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade organizará a devandita coordinación.

Nas organizacións internacionais e nas conferencias internacionais nas que non participen todos os Estados membros, aqueles que participen defenderán as posicións da Unión.

2. De conformidade co punto 3 do artigo 24, os Estados membros representados en organizacións internacionais ou en conferencias internacionais nas que non participen todos os Estados membros manterán informados os demais, así como o Alto Representante, sobre calquera cuestión de interese común.

Os Estados membros que tamén son membros do Consello de Seguridade das Nacións Unidas concertaranse entre si e terán cabalmente informados os demais Estados membros e o Alto Representante. Os Estados membros que son membros do Consello de Seguridade defenderán, no desempeño das súas funcións, as posicións e os intereses da Unión, sen prexuízo das responsabilidades que lles incumban en virtude das disposicións da Carta das Nacións Unidas.

Cando a Unión defina unha posición sobre un tema incluído na orde do día do Consello de Seguridade das Nacións Unidas, os Estados membros que sexan membros deste pedirán que se invite o Alto Representante a presentar a posición da Unión.

Artigo 35

(antigo artigo 20 TUE)

As misións diplomáticas e consulares dos Estados membros e as delegacións da Unión nos terceiros países e nas conferencias internacionais, así como as súas representacións ante as organizacións internacionais, cooperarán para garantir o respecto e a execución das decisións que establezan posicións ou accións da Unión adoptadas en virtude do presente capítulo.

Intensificarán a súa cooperación intercambiando información e procedendo a valoracións comúns. Contribuirán á aplicación do dereito dos cidadáns da Unión, a gozar de protección no territorio de terceiros países, establecido na letra c) do punto 2 do artigo 20 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, así como das medidas adoptadas en aplicación do artigo 23 do devandito tratado.

Artigo 36

(antigo artigo 21 TUE)

O Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade consultará periodicamente o Parlamento Europeo sobre os aspectos principais e as opcións fundamentais da política exterior e de seguridade común e da política común de seguridade e defensa e informará da evolución das devanditas políticas. Vellará por que se teñan debidamente en conta as opinións do Parlamento Europeo. Os representantes especiais poderán estar asociados á información ao Parlamento Europeo.

O Parlamento Europeo poderá dirixir preguntas ou formularlles recomendacións ao Consello e ao Alto Representante. Dúas veces ao ano, procederá a un debate sobre os progresos realizados no desenvolvemento da política exterior e de seguridade común, incluída a política común de seguridade e defensa.

Artigo 37

(antigo artigo 24 TUE)

A Unión poderá celebrar acordos cun ou varios Estados ou organizacións internacionais nos ámbitos comprendidos no presente capítulo.

Artigo 38

(antigo artigo 25 TUE)

Sen prexuízo das disposicións do artigo 240 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, un Comité Político e de Seguridade seguirá a situación internacional nos ámbitos concernentes á política exterior e de seguridade común e contribuirá a definir a política mediante a emisión de ditames dirixidos ao Consello, ben a instancia deste, do Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade ou por propia iniciativa. Así mesmo, supervisará a execución das políticas acordadas, sen prexuízo das competencias do Alto Representante.

No marco do presente capítulo, o Comité Político e de Seguridade exercerá, baixo a responsabilidade do Consello e do Alto Representante, o control político e a dirección estratéxica das operacións de xestión de crises consideradas no artigo 43.

Para os efectos dunha operación de xestión de crise e para o tempo que dure a devandita operación, segundo determine o Consello, este poderá autorizar o comité a que adopte as decisións axeitadas no que se refire ao control político e á dirección estratéxica da operación.

Artigo 39

De conformidade co artigo 16 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, e malia o disposto no seu punto 2, o Consello adoptará unha decisión que fixe as normas sobre protección das persoas físicas respecto do tratamento de datos de carácter persoal polos Estados membros, no exercicio das actividades comprendidas no ámbito de aplicación do presente capítulo e sobre a libre circulación dos devanditos datos. O respecto das devanditas normas estará sometido ao control de autoridades independentes.

Artigo 40

(antigo artigo 47 TUE)

A execución da política exterior e de seguridade común non afectará a aplicación dos procedementos e o alcance respectivo das atribucións das institucións establecidos nos tratados para o exercicio das competencias da Unión mencionadas nos artigos 3 a 6 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

Así mesmo, a execución das políticas mencionadas nos devanditos artigos non afectará a aplicación dos procedementos e o alcance respectivo das atribucións das institucións establecidos nos tratados para o exercicio das competencias da Unión en virtude do presente capítulo.

Artigo 41

(antigo artigo 28 TUE)

1. Os gastos administrativos que a aplicación do presente capítulo lles ocasione ás institucións correrán a cargo do orzamento da Unión.

2. Os gastos operativos derivados da aplicación do presente capítulo tamén correrán a cargo do orzamento da Unión, agás os relativos ás operacións que teñan repercusións no ámbito militar ou da defensa e os casos en que o Consello decida, por unanimidade, outra cousa.

Cando os gastos non corran a cargo do orzamento da Unión, correrán a cargo dos Estados membros, conforme a unha clave de repartición baseada no produto nacional bruto, a menos que o Consello decida outra cousa por unanimidade. En canto aos gastos derivados das operacións que teñan repercusións no ámbito militar ou da defensa, os Estados membros cuxos representantes no Consello efectuasen unha declaración formal conforme ao parágrafo segundo do punto 1 do artigo 31 non estarán obrigados a contribuír ao seu financiamento.

3. O Consello adoptará unha decisión pola que

se establezan os procedementos específicos para garantir o acceso rápido aos créditos do orzamento da Unión destinados ao financiamento urxente de iniciativas no marco da política exterior e de seguridade común, en particular os preparativos dunha das misións contempladas no punto 1 do artigo 42 e no artigo 43. O Consello pronunciarase logo de consulta ao Parlamento Europeo.

Os preparativos das misións contempladas no punto 1 do artigo 42 e no artigo 43 que non se imputen ao orzamento da Unión financiaranse mediante un fondo inicial constituído por contribucións dos Estados membros.

O Consello adoptará por maioría cualificada, a proposta do Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade, as decisións que establezan:

- a) as modalidades de constitución e de financiamento do fondo inicial, en particular os importes financeiros asignados a este;
- b) as modalidades de xestión do fondo inicial;
- c) as modalidades de control financeiro.

Cando a misión prevista de conformidade co punto 1 do artigo 42 e o artigo 43 non se poida imputar ao orzamento da Unión, o Consello autorizará o Alto Representante a utilizar o devandito fondo. O Alto Representante informará o Consello acerca da execución deste mandato.

SECCIÓN 2

DISPOSICIÓNS SOBRE A POLÍTICA COMÚN DE SEGURIDADE E DEFENSA

Artigo 42

(antigo artigo 17 TUE)

1. A política común de seguridade e defensa forma parte integrante da política exterior e de seguridade común. Ofreceralle á Unión unha capacidade operativa baseada en medios civís e militares. A Unión poderá recorrer aos devanditos medios en misións fóra da Unión que teñan por obxectivo garantir o mantemento da paz, a prevención de conflitos e o fortalecemento da seguridade internacional, conforme aos principios da Carta das Nacións Unidas. A execución destas tarefas apoiarase nas capacidades proporcionadas polos Estados membros.

2. A política común de seguridade e defensa incluírá a definición progresiva dunha política común de defensa da Unión. Esta conducirá a unha defensa común unha vez que o Consello Europeo o decida por unanimidade. Neste caso,

o Consello Europeo recomendaralles aos Estados membros que adopten unha decisión neste sentido, de conformidade coas súas respectivas normas constitucionais.

A política da Unión conforme á presente sección non afectará o carácter específico da política de seguridade e de defensa de determinados Estados membros, respectará as obrigas derivadas do Tratado do Atlántico Norte para determinados Estados membros que consideran que a súa defensa común se realiza dentro da Organización do Tratado do Atlántico Norte (OTAN) e será compatible coa política común de seguridade e de defensa establecida no devandito marco.

3. Os Estados membros porán á disposición da Unión, para os efectos da aplicación da política común de seguridade e defensa, capacidades civís e militares para contribuir aos obxectivos definidos polo Consello. Os Estados membros que constitúan entre eles forzas multinacionais poderán, así mesmo, poñelas á disposición da política común de seguridade e defensa.

Os Estados membros comprométese a mellorar progresivamente as súas capacidades militares. A Axencia no Ámbito do Desenvolvemento das Capacidades de Defensa, a Investigación, a Adquisición e o Armamento (a partir deste momento, denominada «Axencia Europea de Defensa») determinará as necesidades operativas, fomentará medidas para satisfacelas, contribuirá a definir e, se é o caso, a aplicar calquera medida oportuna para reforzar a base industrial e tecnolóxica do sector da defensa, participará na definición dunha política europea de capacidades e de armamento e asistirá o Consello na avaliación da mellora das capacidades militares.

4. O Consello adoptará por unanimidade, a proposta do Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade ou a iniciativa dun Estado membro, as decisións relativas á política común de seguridade e defensa, incluídas as relativas ao inicio dunha misión considerada no presente artigo. O Alto Representante poderá propoñer que se recorra a medios nacionais e aos instrumentos da Unión, se é o caso, conxuntamente coa Comisión.

5. O Consello poderalle encomendar a realización dunha misión, no marco da Unión, a un grupo de Estados membros, co fin de defender os valores e de favorecer os intereses da Unión. A realización desta misión rexerá polo artigo 44.

6. Os Estados membros que cumpran criterios máis elevados de capacidades militares e

que subscribisen compromisos máis vinculantes na materia para realizar as misións máis esixentes establecerán unha cooperación estruturada permanente no marco da Unión. Esta cooperación rexerá polo artigo 46 e non afectará o disposto no artigo 43.

7. Se un Estado membro é obxecto dunha agresión armada no seu territorio, os demais Estados membros deberanlle axuda e asistencia con todos os medios ao seu alcance, de conformidade co artigo 51 da Carta das Nacións Unidas. Iso enténdese sen prexuízo do carácter específico da política de seguridade e defensa de determinados Estados membros.

Os compromisos e a cooperación neste ámbito seguirán axustándose aos compromisos adquiridos no marco da Organización do Tratado do Atlántico Norte, que seguirá sendo, para os Estados membros que forman parte desta, o fundamento da súa defensa colectiva e o organismo de execución desta.

Artigo 43

1. As misións contempladas no punto 1 do artigo 42, nas que a Unión poderá recorrer a medios civís e militares, abranguerán as actuacións conxuntas en materia de desarme, as misións humanitarias e de rescate, as misións de asesoramento e asistencia en cuestións militares, as misións de prevención de conflitos e de mantemento da paz, as misións nas que interveñan forzas de combate para a xestión de crise, incluídas as misións de restablecemento da paz e as operacións de estabilización ao termo dos conflitos. Todas estas misións poderán contribuir á loita contra o terrorismo, entre outras cousas mediante o apoio prestado a terceiros países para combatelo no seu territorio.

2. O Consello adoptará as decisións relativas ás misións contempladas no punto 1 e nelas definirá o obxectivo e o alcance destas misións e as normas xerais da súa execución. O Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade, baixo a autoridade do Consello e en contacto estreito e permanente co Comité Político e de Seguridade, farase cargo da coordinación dos aspectos civís e militares das devanditas misións.

Artigo 44

1. No marco das decisións adoptadas de conformidade co artigo 43, o Consello poderalle encomendar a realización dunha misión a un grupo de Estados membros que o desexen e que

dispoñan das capacidades necesarias para tal misión. A xestión da misión acordarase entre os devanditos Estados membros, en asociación co Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade.

2. Os Estados membros que participen na realización da misión informarán periodicamente o Consello acerca do seu desenvolvemento, por propia iniciativa ou a petición dun Estado membro. Os Estados membros participantes comunicaranlle de inmediato ao Consello se a realización da misión trae consigo consecuencias importantes ou esixe unha modificación do obxectivo, alcance ou condicións da misión establecidos nas decisións a que se refire o punto 1. En tales casos, o Consello adoptará as decisións necesarias.

Artigo 45

1. A Axencia Europea de Defensa a que se refire o punto 3 do artigo 42 estará baixo a autoridade do Consello e terá como misión:

a) contribuír a definir os obxectivos de capacidades militares dos Estados membros e a avaliar o respecto dos compromisos de capacidades contraídos polos Estados membros;

b) fomentar a harmonización das necesidades operativas e a adopción de métodos de adquisición eficaces e compatibles;

c) propoñer proxectos multilaterais para cumprir os obxectivos de capacidades militares e coordinar os programas executados polos Estados membros e a xestión de programas de cooperación específicos;

d) apoiar a investigación sobre tecnoloxía de defensa e coordinar e planificar actividades de investigación conxuntas e estudos de solucións técnicas que respondan ás futuras necesidades operativas;

e) contribuír a definir e, se é o caso, aplicar calquera medida oportuna para reforzar a base industrial e tecnolóxica do sector da defensa e para mellorar a eficacia dos gastos militares.

2. Poderán participar na Axencia Europea de Defensa todos os Estados membros que o desexen. O Consello adoptará por maioría cualificada unha decisión na que se determinará o estatuto, a sede e a forma de funcionamento da axencia. A decisión terá en conta o grao de participación efectiva nas actividades da axencia. Dentro desta constituiranse grupos específicos, formados polos Estados membros que realicen proxectos conxuntos. A axencia desempeñará as súas funcións e manterase, en caso necesario, en contacto coa Comisión.

Artigo 46

1. Os Estados membros que desexen participar na cooperación estruturada permanente mencionada no punto 6 do artigo 42 e que reúnan os criterios e asuman os compromisos en materia de capacidades militares que figuran no Protocolo sobre a cooperación estruturada permanente notificaránlles a súa intención ao Consello e ao Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade.

2. Nun prazo de tres meses a partir da notificación mencionada no punto 1, o Consello adoptará unha decisión pola que se estableza a cooperación estruturada permanente e se fixe a lista dos Estados membros participantes. O Consello, tras consultar o Alto Representante, pronunciarase por maioría cualificada.

3. Calquera Estado membro que, con posterioridade, desexe participar na cooperación estruturada permanente, notificaralle a súa intención ao Consello e ao Alto Representante.

O Consello adoptará unha decisión pola que se confirme a participación do Estado membro de que se trate, que cumpra os criterios e asuma os compromisos considerados nos artigos 1 e 2 do Protocolo sobre a cooperación estruturada permanente. O Consello, tras consultar o Alto Representante, pronunciarase por maioría cualificada. Unicamente participarán na votación os membros do Consello que representen os Estados membros participantes.

A maioría cualificada definirase de conformidade coa letra a) do punto 3 do artigo 238 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

4. Se un Estado membro participante xa non cumpre os criterios ou xa non pode asumir os compromisos considerados nos artigos 1 e 2 do Protocolo sobre a cooperación estruturada permanente, o Consello poderá adoptar unha decisión pola que se suspenda a participación do devandito Estado.

O Consello pronunciarase por maioría cualificada. Unicamente participarán na votación os membros do Consello que representen os Estados membros participantes, con excepción do Estado membro de que se trate.

A maioría cualificada definirase de conformidade coa letra a) do punto 3 do artigo 238 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

5. Se un Estado membro participante decide abandonar a cooperación estruturada permanente, notificaralle a súa decisión ao Consello, que tomará nota de que finalizou a participación dese Estado membro.

6. As decisións e as recomendacións do Con-

sello no marco da cooperación estruturada permanente, distintas das contempladas nos puntos 2 a 5, adoptaranse por unanimidade. Para os efectos da aplicación do presente punto, a unanimidade estará constituída unicamente polos votos dos representantes dos Estados membros participantes.

TÍTULO VI

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Artigo 47

A Unión ten personalidade xurídica.

Artigo 48

(antigo artigo 48 TUE)

1. Os tratados poderán modificarse conforme a un procedemento de revisión ordinario. Tamén poderán modificarse conforme a procedementos de revisión simplificados.

Procedemento de revisión ordinario

2. O Goberno de calquera Estado membro, o Parlamento Europeo ou a Comisión poderán presentarlle ao Consello proxectos de revisión dos tratados. Estes proxectos poderán ter por finalidade, entre outras cousas, a de aumentar ou reducir as competencias atribuídas á Unión nos tratados. O Consello remitiralle os devanditos proxectos ao Consello Europeo e notificarállelos aos parlamentos nacionais.

3. Se o Consello Europeo, logo de consulta ao Parlamento Europeo e á Comisión, adopta por maioría simple unha decisión favorable ao exame das modificacións propostas, o Presidente do Consello Europeo convocará unha convención composta por representantes dos parlamentos nacionais, dos xefes de Estado ou de Goberno dos Estados membros, do Parlamento Europeo e da Comisión. Cando se trate de modificacións institucionais no ámbito monetario, consultarase tamén o Banco Central Europeo. A convención examinará os proxectos de revisión e adoptará por consenso unha recomendación dirixida a unha Conferencia de Representantes dos gobernos dos Estados membros, segundo o disposto no punto 4.

O Consello Europeo poderá decidir por maioría simple, logo de aprobación do Parlamento Europeo, non convocar unha convención cando a importancia das modificacións non o xustifique. Neste último caso, o Consello Europeo establecerá un mandato para unha Conferencia

de Representantes dos gobernos dos Estados membros.

4. O Presidente do Consello convocará unha Conferencia de Representantes dos gobernos dos Estados membros, co fin de que se aproben de común acordo as modificacións que deban introducirse nos tratados.

As modificacións entrarán en vigor despois de ser ratificadas por todos os Estados membros, de conformidade coas súas respectivas normas constitucionais.

5. Se, transcorrido un prazo de dous anos dende a sinatura dun tratado modificativo dos tratados, as catro quintas partes dos Estados membros o ratificaron e un ou varios Estados membros atoparon dificultades para proceder á devandita ratificación, o Consello Europeo examinará a cuestión.

Procedementos de revisión simplificados

6. O Goberno de calquera Estado membro, o Parlamento Europeo ou a Comisión poderán presentarlle ao Consello Europeo proxectos de revisión da totalidade ou parte das disposicións da terceira parte do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, relativas ás políticas e accións internas da Unión.

O Consello Europeo poderá adoptar unha decisión que modifique a totalidade ou parte das disposicións da terceira parte do Tratado de Funcionamento da Unión Europea. O Consello Europeo pronunciarase por unanimidade, logo de consulta ao Parlamento Europeo e á Comisión, así como ao Banco Central Europeo, no caso de modificacións institucionais no ámbito monetario. A devandita decisión só entrará en vigor unha vez que sexa aprobada polos Estados membros, de conformidade coas súas respectivas normas constitucionais.

A decisión considerada no parágrafo segundo non poderá aumentar as competencias atribuídas á Unión polos tratados.

7. Cando o Tratado de Funcionamento da Unión Europea ou o título V do presente tratado dispoñan que o Consello se pronuncie por unanimidade nun ámbito ou nun caso determinado, o Consello Europeo poderá adoptar unha decisión que autorice o Consello a pronunciarse por maioría cualificada no devandito ámbito ou no devandito caso. O presente parágrafo non se aplicará ás decisións que teñan repercusións militares ou no ámbito da defensa.

Cando o Tratado de Funcionamento da Unión Europea dispoña que o Consello adopte actos legislativos conforme a un procedemento legisla-

tivo especial, o Consello Europeo poderá adoptar unha decisión que autorice a adoptar os devanditos actos conforme ao procedemento legislativo ordinario.

Calquera iniciativa tomada polo Consello Europeo en virtude dos parágrafos primeiro ou segundo transmitiráselles aos parlamentos nacionais. En caso de oposición dun Parlamento nacional notificada nun prazo de seis meses a partir desta transmisión, non se adoptará a decisión considerada nos parágrafos primeiro ou segundo. A falta de oposición, o Consello Europeo poderá adoptar a citada decisión.

Para a adopción das decisións consideradas nos parágrafos primeiro ou segundo, o Consello Europeo pronunciarase por unanimidade, logo de aprobación do Parlamento Europeo, que se pronunciará por maioría dos membros que o compoñen.

Artigo 49

(antigo artigo 49 TUE)

Calquera Estado europeo que respecte os valores mencionados no artigo 2 e se comprometa a promoverlos poderá solicitar o ingreso como membro na Unión. Informarase desta solicitude o Parlamento Europeo e os parlamentos nacionais. O Estado solicitante dirixirá a súa solicitude ao Consello, que se pronunciará por unanimidade despois de consultar a Comisión e logo de aprobación do Parlamento Europeo, o cal se pronunciará por maioría de membros que o compoñen. Teranse en conta os criterios de elixibilidade acordados polo Consello Europeo.

As condicións de admisión e as adaptacións que esta admisión supón no relativo aos tratados sobre os que se funda a Unión serán obxecto dun acordo entre os Estados membros e o Estado solicitante. O devandito acordo someterase á ratificación de todos os Estados contratantes, de conformidade coas súas respectivas normas constitucionais.

Artigo 50

1. Todo Estado membro poderá decidir, de conformidade coas súas normas constitucionais, retirarse da Unión.

2. O Estado membro que decida retirarse notificaralle a súa intención ao Consello Europeo. Á luz das orientacións do Consello Europeo, a Unión negociará e celebrará con ese Estado un acordo que establecerá a forma da súa retirada, tendo en conta o marco das súas relacións futuras coa Unión. Este acordo negociarase con-

forme ao punto 3 do artigo 218 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea. O Consello celebrará en nome da Unión por maioría cualificada, logo de aprobación do Parlamento Europeo.

3. Os tratados deixarán de aplicarse ao Estado de que se trate a partir da data de entrada en vigor do acordo de retirada ou, no seu defecto, aos dous anos da notificación a que se refire o punto 2, salvo se o Consello Europeo, de acordo co devandito Estado, decide por unanimidade prorrogar o devandito prazo.

4. Para os efectos dos puntos 2 e 3, o membro do Consello Europeo e do Consello que represente o Estado membro que se retire non participará nin nas deliberacións nin nas decisións do Consello Europeo ou do Consello que lle afecten.

A maioría cualificada definirase de conformidade coa letra b) do punto 3 do artigo 238 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

5. Se o Estado membro que se retirou da Unión solicita de novo a adhesión, a súa solicitude someterase ao procedemento establecido no artigo 49.

Artigo 51

Os protocolos e os anexos dos tratados forman parte integrante destes.

Artigo 52

1. Os tratados aplicaráselles ao Reino de Bélxica, á República de Bulgaria, á República Checa, ao Reino de Dinamarca, á República Federal de Alemaña, á República de Estonia, a Irlanda, á República Helénica, ao Reino de España, á República Francesa, á República Italiana, á República de Chipre, á República de Letonia, á República de Lituania, ao Gran Ducado de Luxemburgo, á República de Hungría, á República de Malta, ao Reino dos Países Baixos, á República de Austria, á República de Polonia, á República Portuguesa, a Romanía, á República de Eslovenia, á República Eslovaca, á República de Finlandia, ao Reino de Suecia e ao Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte.

2. O ámbito de aplicación territorial dos tratados especificase no artigo 355 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

Artigo 53

(antigo artigo 51 TUE)

O presente tratado conclúese por un período de tempo ilimitado.

Artigo 54

(antigo artigo 52 TUE)

1. O presente tratado será ratificado polas Altas Partes contratantes, de conformidade coas súas respectivas normas constitucionais. Os instrumentos de ratificación serán depositados ante o Goberno da República Italiana.

2. O presente tratado entrará en vigor o 1 de xaneiro de 1993, sempre que se depositasen todos os instrumentos de ratificación ou, no seu defecto, o primeiro día do mes seguinte ao depósito do instrumento de ratificación do último Estado signatario que cumpra a devandita formalidade.

Artigo 55

(antigo artigo 53 TUE)

1. O presente tratado, redactado nun exemplar único, en linguas alemá, búlgara, checa, danesa, eslovaca, eslovena, española, estoniana, finesa, francesa, grega, húngara, inglesa, irlandesa, italiana, letona, lituana, maltesa, neerlandesa, polaca, portuguesa, romanese e sueca, cuxos textos en cada unha destas linguas son igualmente auténticos, será depositado nos arquivos do Goberno da República Italiana, que lles remitirá unha copia autenticada a cada un dos gobernos dos restantes Estados signatarios.

2. O presente tratado poderá, así mesmo, traducirse a calquera outra lingua que determinen os Estados membros entre aquelas que, de conformidade cos seus ordenamentos constitucionais, teñan estatuto de lingua oficial na totalidade ou en parte do seu territorio. O Estado membro de que se trate facilitará unha copia certificada destas traducións, que se depositará nos arquivos do Consello.

EN FE DO CAL, os plenipotenciarios abaixo asinantes subscriben o presente tratado.

Feito en Maastricht, o sete de febreiro de mil novecentos noventa e dous.

(non se reproduce a lista de signatarios)

2. VERSIÓN CONSOLIDADA DO TRATADO DE FUNCIONAMENTO DA UNIÓN EUROPEA

PREÁMBULO

A SÚA MAXESTADE O REI DOS BELGAS, O PRESIDENTE DA REPÚBLICA FEDERAL DE ALEMAÑA, O PRESIDENTE DA REPÚBLICA FRANCESA, O PRESIDENTE DA REPÚBLICA ITALIANA, A SÚA ALTEZA REAL A GRAN DUQUESA DE LUXEMBURGO, A SÚA MAXESTADE A RAÍÑA DOS PAÍSES BAIXOS ⁽¹⁾,

RESOLTOS a sentar as bases dunha unión cada vez máis estreita entre os pobos europeos,

DECIDIDOS a asegurar, mediante unha acción común, o progreso económico e social dos seus respectivos Estados, eliminando as barreiras que dividen Europa,

FIXANDO como fin esencial dos seus esforzos a constante mellora das condicións de vida e de traballo dos seus pobos,

RECOÑECENDO que a eliminación dos obstáculos existentes esixe unha acción concertada para garantir un desenvolvemento económico estable, un intercambio comercial equilibrado e unha competencia leal,

PREOCUPADOS por reforzar a unidade das súas economías e asegurar o seu desenvolvemento harmonioso, reducindo as diferenzas entre as diversas rexións e o atraso das menos favorecidas,

DESEXOSOS de contribuír, mediante unha política comercial común, á progresiva supresión das restricións aos intercambios internacionais,

PRETENDENDO reforzar a solidariedade de Europa cos países de ultramar e desexando asegurar o desenvolvemento da súa prosperidade, de conformidade cos principios da Carta das Nacións Unidas,

RESOLTOS a consolidar, mediante a constitución deste conxunto de recursos, a defensa da paz e a liberdade e invitando os demais pobos de Europa que participan do devandito ideal a asociarse ao seu esforzo,

DECIDIDOS a promover o desenvolvemento do nivel de coñecemento máis elevado posible para os seus pobos, mediante un amplo acceso á educación e mediante a súa continua actualización,

DESIGNARON con tal fin como plenipotenciarios:

(non se reproduce a lista dos plenipotenciarios)

Os que, despois de intercambiar os seus plenos poderes, recoñecidos en boa e debida forma, conviñeron as disposicións seguintes.

PRIMEIRA PARTE

PRINCIPIOS

Artigo 1

1. O presente tratado organiza o funcionamento da Unión e determina os ámbitos, a delimitación e as condicións de exercicio das súas competencias.

2. O presente tratado e o Tratado da Unión Europea constitúen os tratados sobre os que se fundamenta a Unión. Estes dous tratados, que teñen o mesmo valor xurídico, designaranse coa expresión «os tratados».

TÍTULO I

CATEGORÍAS E ÁMBITOS DE COMPETENCIAS DA UNIÓN

Artigo 2

1. Cando os tratados lle atribúan á Unión unha competencia exclusiva nun ámbito determinado, só a Unión poderá legislar e adoptar actos xuridicamente vinculantes, mentres que os Estados membros, en canto tales, unicamente poderán facelo se son facultados pola Unión ou para aplicar actos da Unión.

2. Cando os tratados lle atribúan á Unión unha competencia compartida cos Estados membros nun ámbito determinado, a Unión e os Estados membros poderán legislar e adoptar actos xuridicamente vinculantes no devandito ámbito. Os Estados membros exercerán a súa competencia na medida en que a Unión non exerza a súa. Os Estados membros exercerán de novo a súa competencia na medida en que a Unión decida deixar de exercer a súa.

3. Os Estados membros coordinarán as súas políticas económicas e de emprego segundo as modalidades establecidas no presente tratado, para cuxa definición a Unión disporá de competencia.

4. A Unión disporá de competencia, de con-

⁽¹⁾ Posteriormente, a República de Bulgaria, a República Checa, o Reino de Dinamarca, a República de Estonia, Irlanda, a República Helénica, o Reino de España, a República de Chipre, a República de Letonia, a República de Lituania, a República de Hungría, a República de Malta, a República de Austria, a República de Polonia, a República Portuguesa, Romanía, a República de Eslovenia, a República de Eslovaquia, a República de Finlandia, o Reino de Suecia e o Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte pasaron a ser membros da Unión Europea.

formidade co disposto no Tratado da Unión Europea, para definir e aplicar unha política exterior e de seguridade común, incluída a definición progresiva dunha política común de defensa.

5. En determinados ámbitos e nas condicións establecidas nos tratados, a Unión disporá de competencia para levar a cabo accións co fin de apoiar, coordinar ou complementar a acción dos Estados membros, sen por iso substituír a competencia destes nos devanditos ámbitos.

Os actos xuridicamente vinculantes da Unión adoptados en virtude das disposicións dos tratados relativas a eses ámbitos non poderán levar consigo harmonización ningunha das disposicións legais e regulamentarias dos Estados membros.

6. O alcance e as condicións de exercicio das competencias da Unión determinaranse nas disposicións dos tratados relativas a cada ámbito.

Artigo 3

1. A Unión disporá de competencia exclusiva nos ámbitos seguintes:

- a) a unión aduaneira;
- b) o establecemento das normas sobre competencia necesarias para o funcionamento do mercado interior;
- c) a política monetaria dos Estados membros cuxa moeda é o euro;
- d) a conservación dos recursos biolóxicos mariños dentro da política pesqueira común;
- e) a política comercial común.

2. A Unión disporá tamén de competencia exclusiva para a celebración dun acordo internacional cando a devandita celebración estea prevista nun acto lexislativo da Unión, cando sexa necesaria para permitirlle exercer a súa competencia interna ou na medida en que poida afectar a normas comúns ou alterar o seu alcance.

Artigo 4

1. A Unión disporá de competencia compartida cos Estados membros cando os tratados lle atribúan unha competencia que non corresponda aos ámbitos mencionados nos artigos 3 e 6.

2. As competencias compartidas entre a Unión e os Estados membros aplicaranse aos seguintes ámbitos principais:

- a) o mercado interior;
- b) a política social, nos aspectos definidos no presente tratado;
- c) a cohesión económica, social e territorial;

- d) a agricultura e a pesca, con exclusión da conservación dos recursos biolóxicos mariños;
- e) o medio ambiente;
- f) a protección dos consumidores;
- g) os transportes;
- h) as redes transeuropeas;
- i) a enerxía;
- j) o espazo de liberdade, seguridade e xustiza;

k) os asuntos comúns de seguridade en materia de saúde pública, nos aspectos definidos no presente tratado.

3. Nos ámbitos da investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e o espazo, a Unión disporá de competencia para levar a cabo accións, en particular destinadas a definir e a realizar programas, sen que o exercicio desta competencia poida ter por efecto impedir-lles aos Estados membros exercer a súa.

4. Nos ámbitos da cooperación para o desenvolvemento e da axuda humanitaria, a Unión disporá de competencia para levar a cabo accións e unha política común, sen que o exercicio desta competencia poida ter por efecto impedir-lles aos Estados membros exercer a súa.

Artigo 5

1. Os Estados membros coordinarán as súas políticas económicas no seo da Unión. Con este fin, o Consello adoptará medidas, en particular as orientacións xerais das devanditas políticas.

Aplicaranse disposicións particulares aos Estados membros cuxa moeda é o euro.

2. A Unión tomará medidas para garantir a coordinación das políticas de emprego dos Estados membros, en particular definindo as orientacións das devanditas políticas.

3. A Unión poderá tomar iniciativas para garantir a coordinación das políticas sociais dos Estados membros.

Artigo 6

A Unión disporá de competencia para levar a cabo accións, co fin de apoiar, coordinar ou complementar a acción dos Estados membros. Os ámbitos destas accións serán, na súa finalidade europea:

- a) a protección e a mellora da saúde humana;
- b) a industria;
- c) a cultura;
- d) o turismo;
- e) a educación, a formación profesional, a xuventude e o deporte;

- f) a protección civil;
- g) a cooperación administrativa.

accións da Unión, teranse en conta as esixencias da protección dos consumidores.

TÍTULO II

Artigo 13

DISPOSICIÓN DE APLICACIÓN XERAL

Artigo 7

A Unión velará pola coherencia entre as súas diferentes políticas e accións, tendo en conta o conxunto dos seus obxectivos e observando o principio de atribución de competencias.

Artigo 8

(antigo artigo 3, punto 2, TCE) ⁽¹⁾

En todas as súas accións, a Unión fixará o obxectivo de eliminar as desigualdades entre o home e a muller e promover a súa igualdade.

Artigo 9

Na definición e execución das súas políticas e accións, a Unión terá en conta as esixencias relacionadas coa promoción dun nivel de emprego elevado, coa garantía dunha protección social axeitada, coa loita contra a exclusión social e cun nivel elevado de educación, formación e protección da saúde humana.

Artigo 10

Na definición e execución das súas políticas e accións, a Unión tratará de loitar contra toda discriminación por razón de sexo, raza ou orixe étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual.

Artigo 11

(antigo artigo 6 TCE)

As esixencias da protección do medio deberán integrarse na definición e na realización das políticas e accións da Unión, en particular co obxecto de fomentar un desenvolvemento sustentable.

Artigo 12

(antigo artigo 153, punto 2, TCE)

Ao definirse e executarse outras políticas e

Ao formular e aplicar as políticas da Unión en materia de agricultura, pesca, transporte, mercado interior, investigación e desenvolvemento tecnolóxico e espazo, a Unión e os Estados membros terán plenamente en conta as esixencias en materia de benestar dos animais como seres sensibles, respectando ao mesmo tempo as disposicións legais ou administrativas e os costumes dos Estados membros relativos, en particular, a ritos relixiosos, tradicións culturais e patrimonio rexional.

Artigo 14

(antigo artigo 16 TCE)

Sen prexuízo do artigo 4 do Tratado da Unión Europea e dos artigos 93, 106 e 107 do presente tratado, e á vista do lugar que os servizos de interese económico xeral ocupan entre os valores comúns da Unión, así como do seu papel na promoción da cohesión social e territorial, a Unión e os Estados membros, conforme ás súas competencias respectivas e no ámbito de aplicación dos tratados, velarán por que os devanditos servizos actúen conforme a principios e condicións, en particular económicos e financeiros, que lles permitan cumprir o seu labor. O Parlamento Europeo e o Consello establecerán os devanditos principios e condicións mediante regulamentos, conforme ao procedemento legislativo ordinario, sen prexuízo da competencia que lles incumbe aos Estados membros, dentro do respecto aos tratados, para prestar, encargar e financiar os devanditos servizos.

Artigo 15

(antigo artigo 255 TCE)

1. Co fin de fomentar unha boa gobernación e de garantir a participación da sociedade civil, as institucións, órganos e organismos da Unión actuarán co maior respecto posible ao principio de apertura.

2. As sesións do Parlamento Europeo serán públicas, así como as do Consello nas que este delibere e vote sobre un proxecto de acto legislativo.

⁽¹⁾ Esta referencia é indicativa. Para unha máis ampla información, véxanse as táboas de correspondencias entre a antiga e a nova numeración dos tratados.

3. Todo cidadán da Unión, así como toda persoa física ou xurídica que resida ou teña o seu domicilio social nun Estado membro, terá dereito a acceder aos documentos das institucións, órganos e organismos da Unión, calquera que sexa o seu soporte, conforme aos principios e ás condicións que se establecerán de conformidade co presente punto.

O Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, determinarán mediante regulamentos os principios xerais e os límites, por motivos de interese público ou privado, que regulan o exercicio deste dereito de acceso aos documentos.

Cada unha das institucións, órganos ou organismos garantirá a transparencia dos seus traballos e elaborará no seu regulamento interno disposicións específicas sobre o acceso aos seus documentos, de conformidade cos regulamentos considerados no parágrafo segundo.

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea, o Banco Central Europeo e o Banco Europeo de Investimentos só estarán suxeitos ao presente punto cando exerzan funcións administrativas.

O Parlamento Europeo e o Consello garantirán a publicidade dos documentos relativos aos procedementos lexislativos nas condicións establecidas polos regulamentos considerados no parágrafo segundo.

Artigo 16

(antigo artigo 286 TCE)

1. Toda persoa ten dereito á protección dos datos de carácter persoal que lle concirnan.

2. O Parlamento Europeo e o Consello establecerán, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, as normas sobre protección das persoas físicas respecto do tratamento de datos de carácter persoal polas institucións, órganos e organismos da Unión, así como polos Estados membros no exercicio das actividades comprendidas no ámbito de aplicación do dereito da Unión e sobre a libre circulación destes datos. O respecto das devanditas normas estará sometido ao control de autoridades independentes.

As normas que se adopten en virtude do presente artigo entenderanse sen prexuízo das normas específicas previstas no artigo 39 do Tratado da Unión Europea.

Artigo 17

1. A Unión respectará e non prexulgará o estatuto recoñecido nos Estados membros, en vir-

tude do dereito interno, ás igrexas e ás asociacións ou comunidades relixiosas.

2. A Unión respectará así mesmo o estatuto recoñecido, en virtude do dereito interno, ás organizacións filosóficas e non confesionais.

3. Recoñecendo a súa identidade e a súa acheega específica, a Unión manterá un diálogo aberto, transparente e regular coas devanditas igrexas e organizacións.

SEGUNDA PARTE

NON DISCRIMINACIÓN E CIDADANÍA DA UNIÓN

Artigo 18

(antigo artigo 12 TCE)

No ámbito de aplicación dos tratados, e sen prexuízo das disposicións particulares previstas nestes, prohibirase toda discriminación por razón da nacionalidade.

O Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, poderán establecer a regulación necesaria para prohibir as devanditas discriminacións.

Artigo 19

(antigo artigo 13 TCE)

1. Sen prexuízo das demais disposicións dos tratados e dentro dos límites das competencias atribuídas á Unión por estes, o Consello, por unanimidade, conforme a un procedemento lexislativo especial, e logo de aprobación do Parlamento Europeo, poderá adoptar accións axeitadas para loitar contra a discriminación por motivos de sexo, de orixe racial ou étnica, relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual.

2. Malia o disposto no punto 1, o Parlamento Europeo e o Consello poderán adoptar, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, os principios básicos das medidas da Unión de estímulo, con exclusión de toda harmonización das disposicións legais e regulamentarias dos Estados membros, para apoiar as accións dos Estados membros emprendidas, co fin de contribuír á consecución dos obxectivos enunciados no punto 1.

Artigo 20

(antigo artigo 17 TCE)

1. Créase unha cidadanía da Unión. Será cidadán da Unión toda persoa que teña a nacio-

nalidade dun Estado membro. A cidadanía da Unión engádese á cidadanía nacional sen substituíla.

2. Os cidadáns da Unión son titulares dos dereitos e están suxeitos aos deberes establecidos nos tratados. Teñen, entre outras cousas, o dereito:

a) de circular e residir libremente no territorio dos Estados membros;

b) de sufraxio activo e pasivo nas eleccións ao Parlamento Europeo e nas eleccións municipais do Estado membro no que residan, nas mesmas condicións que os nacionais do devandito Estado;

c) de acollerse, no territorio dun terceiro país no que non estea representado o Estado membro do que sexan nacionais, á protección das autoridades diplomáticas e consulares de calquera Estado membro nas mesmas condicións que os nacionais do devandito Estado;

d) de lle formular peticións ao Parlamento Europeo, de recorrer ao Valedor do Pobo Europeo, así como de dirixirse ás institucións e aos órganos consultivos da Unión nunha das linguas dos tratados e de recibir unha contestación nesa mesma lingua.

Estes dereitos exerceranse nas condicións e dentro dos límites definidos polos tratados e polas medidas adoptadas en aplicación destes.

Artigo 21

(antigo artigo 18 TCE)

1. Todo cidadán da Unión terá dereito a circular e a residir libremente no territorio dos Estados membros, con suxeición ás limitacións e condicións previstas nos tratados e nas disposicións adoptadas para a súa aplicación.

2. Cando unha acción da Unión resulte necesaria para alcanzar este obxectivo, e a menos que os tratados previsen os poderes de acción ao respecto, o Parlamento Europeo e o Consello poderán adoptar, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, disposicións destinadas a facilitar o exercicio dos dereitos contemplados no punto 1.

3. Para os efectos contemplados no punto 1, e salvo que os tratados establezan poderes de actuación para iso, o Consello poderán adoptar, conforme a un procedemento lexislativo especial, medidas sobre seguridade social ou protección social. O Consello pronunciarase por unanimidade, logo de consulta ao Parlamento Europeo.

Artigo 22

(antigo artigo 19 TCE)

1. Todo cidadán da Unión que resida nun Estado membro do que non sexa nacional terá dereito a ser elector e elixible nas eleccións municipais do Estado membro no que resida, nas mesmas condicións que os nacionais do devandito Estado. Este dereito exercerase sen prexuízo das modalidades que o Consello adopte, por unanimidade, conforme a un procedemento lexislativo especial, e logo de consulta ao Parlamento Europeo; as devanditas modalidades poderán establecer excepcións cando así o xustifiquen problemas específicos dun Estado membro.

2. Sen prexuízo do disposto no punto 1 do artigo 223 e nas normas adoptadas para a súa aplicación, todo cidadán da Unión que resida nun Estado membro do que non sexa nacional terá dereito a ser elector e elixible nas eleccións ao Parlamento Europeo no Estado membro no que resida, nas mesmas condicións que os nacionais do devandito Estado. Este dereito exercerase sen prexuízo das modalidades que o Consello adopte, por unanimidade, conforme a un procedemento lexislativo especial, e logo de consulta ao Parlamento Europeo; as devanditas modalidades poderán establecer excepcións cando así o xustifiquen problemas específicos dun Estado membro.

Artigo 23

(antigo artigo 20 TCE)

Todo cidadán da Unión poderá acollerse, no territorio dun terceiro país no que non estea representado o Estado membro do que sexa nacional, á protección das autoridades diplomáticas e consulares de calquera Estado membro, nas mesmas condicións que os nacionais do devandito Estado. Os Estados membros tomarán as disposicións necesarias e establecerán as negociacións internacionais requiridas para garantir a devandita protección.

O Consello poderán adoptar, conforme a un procedemento lexislativo especial e logo de consulta ao Parlamento Europeo, directivas nas que se establezan as medidas de coordinación e de cooperación necesarias para facilitar a devandita protección.

Artigo 24

(antigo artigo 21 TCE)

O Parlamento Europeo e o Consello adoptarán mediante regulamentos, conforme ao pro-

cedemento lexislativo ordinario, as disposicións relativas aos procedementos e condicións preceptivos para a presentación dunha iniciativa cidadá no sentido do artigo 11 do Tratado da Unión Europea, incluído o número mínimo de Estados membros dos que han de proceder os cidadáns que a presenten.

Todo cidadán da Unión terá o dereito de petición ante o Parlamento Europeo, de conformidade co disposto no artigo 227.

Todo cidadán da Unión poderá dirixirse ao Defensor do Pobo instituído en virtude do disposto no artigo 228.

Todo cidadán da Unión poderá dirixirse por escrito a calquera das institucións ou organismos considerados no presente artigo ou no artigo 13 do Tratado da Unión Europea nunha das linguas mencionadas no punto 1 do artigo 55 do devandito tratado e recibir unha contestación nesa mesma lingua.

Artigo 25

(antigo artigo 22 TCE)

Cada tres anos, a Comisión informará o Parlamento Europeo, o Consello e o Comité Económico e Social sobre a aplicación das disposicións da presente parte. O devandito informe terá en conta o desenvolvemento da Unión.

Sobre a devandita base, e sen prexuízo das restantes disposicións dos tratados, o Consello, por unanimidade, conforme a un procedemento lexislativo especial, e logo de aprobación do Parlamento Europeo, poderá adoptar disposicións encamiñadas a completar os dereitos enumerados no punto 2 do artigo 20. As devanditas disposicións entrarán en vigor cando sexan aprobadas polos Estados membros, de conformidade coas súas respectivas normas constitucionais.

TERCEIRA PARTE

POLÍTICAS E ACCIÓNS INTERNAS DA UNIÓN

TÍTULO I

MERCADO INTERIOR

Artigo 26

(antigo artigo 14 TCE)

1. A Unión adoptará as medidas destinadas a establecer o mercado interior ou a garantir o

seu funcionamento, de conformidade coas disposicións pertinentes dos tratados.

2. O mercado interior implicará un espazo sen fronteiras interiores, no que a libre circulación de mercadorías, persoas, servizos e capitais estará garantida de acordo coas disposicións dos tratados.

3. O Consello, por proposta da Comisión, definirá as orientacións e condicións necesarias para asegurar un progreso equilibrado no conxunto dos sectores considerados.

Artigo 27

(antigo artigo 15 TCE)

No momento de formular as súas propostas encamiñadas á consecución dos obxectivos enunciados no artigo 26, a Comisión terá en conta a importancia do esforzo que determinadas economías, que presenten un nivel de desenvolvemento diferente, terán que realizar para o establecemento do mercado interior e poderá proboñer as disposicións axeitadas.

Se as devanditas disposicións adoptasen a forma de excepcións, deberán ter carácter temporal e perturbar o menos posible o funcionamento do mercado interior.

TÍTULO II

LIBRE CIRCULACIÓN DE MERCADORÍAS

Artigo 28

(antigo artigo 23 TCE)

1. A Unión comprenderá unha unión aduaneira, que abranguerá a totalidade dos intercambios de mercadorías e que implicará a prohibición, entre os Estados membros, dos dereitos de aduana de importación e exportación e de calquera exacción de efecto equivalente, así como a adopción dun arancel aduaneiro común nas súas relacións con terceiros países.

2. As disposicións do artigo 30 e as do capítulo 3 do presente título aplicaranse aos produtos orixinarios dos Estados membros e aos produtos procedentes de terceiros países que se atopen en libre práctica nos Estados membros.

Artigo 29

(antigo artigo 24 TCE)

Consideraranse en libre práctica nun Estado membro os produtos procedentes de terceiros países respecto dos cales se cumprisen, no devandito Estado membro, as formalidades de im-

portación e se percibisen os dereitos de aduana e calquera outra exacción de efecto equivalente esixible, sempre que non se beneficiasen dunha devolución total ou parcial destes.

CAPÍTULO 1

UNIÓN ADUANEIRA

Artigo 30

(antigo artigo 25 TCE)

Quedarán prohibidos entre os Estados membros os dereitos de aduana de importación e exportación ou exacción de efecto equivalente. Esta prohibición aplicarase tamén aos dereitos de aduana de carácter fiscal.

Artigo 31

(antigo artigo 26 TCE)

O Consello, por proposta da Comisión, fixará os dereitos do arancel aduaneiro común.

Artigo 32

(antigo artigo 27 TCE)

No cumprimento das funcións que lle son atribuídas no presente capítulo, a Comisión guiarase por:

- a) a necesidade de promover os intercambios comerciais entre os Estados membros e terceiros países;
- b) a evolución das condicións de competencia dentro da Unión, na medida en que a devandita evolución teña por efecto o incremento da capacidade competitiva das empresas;
- c) as necesidades de abastecemento da Unión en materias primas e produtos semielaborados, procurando que non se falseen, entre os Estados membros, as condicións de competencia dos produtos acabados;
- d) a necesidade de evitar perturbacións graves na vida económica dos Estados membros e garantir un desenvolvemento racional da produción e unha expansión do consumo na Unión.

CAPÍTULO 2

COOPERACIÓN ADUANEIRA

Artigo 33

(antigo artigo 135 TCE)

Dentro do ámbito de aplicación dos tratados, o Parlamento Europeo e o Consello, conforme

ao procedemento legislativo ordinario, adoptarán medidas destinadas a fortalecer a cooperación aduaneira entre os Estados membros e entre estes e a Comisión.

CAPÍTULO 3

PROHIBICIÓN DAS RESTRICIÓN CUANTITATIVAS ENTRE OS ESTADOS MEMBROS

Artigo 34

(antigo artigo 28 TCE)

Quedarán prohibidas entre os Estados membros as restricións cuantitativas á importación, así como todas as medidas de efecto equivalente.

Artigo 35

(antigo artigo 29 TCE)

Quedarán prohibidas entre os Estados membros as restricións cuantitativas á exportación, así como todas as medidas de efecto equivalente.

Artigo 36

(antigo artigo 30 TCE)

As disposicións dos artigos 34 e 35 non serán obstáculo para as prohibicións ou restricións á importación, exportación ou tránsito xustificadas por razóns de orde pública, moralidade e seguridade públicas, protección da saúde e vida das persoas e animais, preservación dos vexetais, protección do patrimonio artístico, histórico ou arqueolóxico nacional ou protección da propiedade industrial e comercial. Non obstante, tales prohibicións ou restricións non deberán constituír un medio de discriminación arbitraria nin unha restrición encuberta do comercio entre os Estados membros.

Artigo 37

(antigo artigo 31 TCE)

1. Os Estados membros adecuarán os monopolios nacionais de carácter comercial, de modo que quede asegurada a exclusión de toda discriminación entre os nacionais dos Estados membros respecto das condicións de abastecemento e de mercado.

As disposicións do presente artigo aplicaranse a calquera organismo mediante o cal un Estado membro, de dereito ou de feito, directa ou indirectamente, controle, dirixa ou influá sen-

siblemente nas importacións ou nas exportacións entre os Estados membros. Tales disposicións aplicaranse igualmente aos monopolios cedidos polo Estado a terceiros.

2. Os Estados membros absteranse de calquera nova medida contraria aos principios enunciados no punto 1 ou que restrinxa o alcance dos artigos relativos á prohibición dos dereitos de aduana e das restricións cuantitativas entre os Estados membros.

3. En caso de que un monopolio de carácter comercial implique unha regulación destinada a facilitar a comercialización ou a mellorar a rendibilidade dos produtos agrícolas, deberán adoptarse as medidas necesarias para asegurar, na aplicación das normas do presente artigo, garantías equivalentes para o emprego e o nivel de vida dos produtores interesados.

TÍTULO III

AGRICULTURA E PESCA

Artigo 38

(antigo artigo 32 TCE)

1. A Unión definirá e aplicará unha política común de agricultura e pesca.

O mercado interior abranguerá a agricultura, a pesca e o comercio dos produtos agrícolas. Por produtos agrícolas enténdense os produtos da terra, da gandaría e da pesca, así como os produtos de primeira transformación directamente relacionados con aqueles. Entenderase que as referencias á política agrícola común ou á agricultura e a utilización do termo «agrícola» abranguen tamén a pesca, atendendo ás características particulares deste sector.

2. Salvo disposición en contrario dos artigos 39 a 44, ambos os dous inclusive, as normas previstas para o establecemento ou o funcionamento do mercado interior serán aplicables aos produtos agrícolas.

3. Os produtos aos que serán de aplicación os artigos 39 a 44, ambos os dous inclusive, son os que figuran na lista do anexo I.

4. O funcionamento e o desenvolvemento do mercado interior para os produtos agrícolas deberán ir acompañados do establecemento dunha política agrícola común.

Artigo 39

(antigo artigo 33 TCE)

1. Os obxectivos da política agrícola común serán:

a) incrementar a produtividade agrícola, fomentando o progreso técnico, asegurando o desenvolvemento racional da produción agrícola, así como o emprego óptimo dos factores de produción, en particular, da man de obra;

b) garantir así un nivel de vida equitativo á poboación agrícola, en especial mediante o aumento da renda individual dos que traballan na agricultura;

c) estabilizar os mercados;

d) garantir a seguridade dos abastecementos;

e) asegurarlle ao consumidor subministracións a prezos razoables.

2. Na elaboración da política agrícola común e dos métodos especiais que esta poida levar consigo, deberase ter en conta:

a) as características especiais da actividade agrícola que resultan da estrutura social da agricultura e das desigualdades estruturais e naturais entre as distintas rexións agrícolas;

b) a necesidade de efectuar gradualmente as oportunas adaptacións;

c) o feito de que, nos Estados membros, a agricultura constitúe un sector estreitamente vinculado ao conxunto da economía.

Artigo 40

(antigo artigo 34 TCE)

1. Para alcanzar os obxectivos previstos no artigo 39, créase unha organización común dos mercados agrícolas.

Segundo os produtos, esta organización adoptará unha das formas seguintes:

a) normas comúns sobre a competencia;

b) unha coordinación obrigatoria das diversas organizacións nacionais de mercado;

c) unha organización europea do mercado.

2. A organización común establecida baixo unha das formas indicadas no punto 1 poderá comprender todas as medidas necesarias para alcanzar os obxectivos definidos no artigo 39, en particular, a regulación de prezos, as subvencións á produción e á comercialización dos diversos produtos, os sistemas de almacenamento e de compensación de remanentes, os mecanismos comúns de estabilización das importacións ou exportacións.

A organización común deberá limitarse a conseguir os obxectivos enunciados no artigo 39 e deberá excluír toda discriminación entre produtores ou consumidores da Unión.

Calquera política común de prezos deberá basearse en criterios comúns e en métodos uniformes de cálculo.

3. Para permitir que a organización común a que fai referencia o punto 1 alcance os seus obxectivos, poderanse crear un ou máis fondos de orientación e de garantía agrícolas.

Artigo 41

(antigo artigo 35 TCE)

Para alcanzar os obxectivos definidos no artigo 39, poderán preverse, no ámbito da política agrícola común, medidas tales como:

- a) unha eficaz coordinación dos esforzos emprendidos nos sectores da formación profesional, investigación e divulgación de coñecementos agronómicos, que poderá comprender proxectos ou institucións financiados en común;
- b) accións comúns para o desenvolvemento do consumo de determinados produtos.

Artigo 42

(antigo artigo 36 TCE)

As disposicións do capítulo relativo ás normas sobre a competencia serán aplicables á produción e ao comercio dos produtos agrícolas só na medida determinada polo Parlamento Europeo e o Consello, no marco das disposicións e de acordo co procedemento previsto no punto 2 do artigo 43, tendo en conta os obxectivos enunciados no artigo 39.

O Consello, por proposta da Comisión, poderá autorizar a concesión de axudas:

- a) para a protección das explotacións desfavorecidas por condicións estruturais ou naturais;
- b) no marco de programas de desenvolvemento económico.

Artigo 43

(antigo artigo 37 TCE)

1. A Comisión presentará propostas relativas á elaboración e execución da política agrícola común, incluída a substitución das organizacións nacionais por algunha das formas de organización común previstas no punto 1 do artigo 40, así como á aplicación das medidas especificadas no presente título.

Tales propostas deberán ter en conta a interdependencia das cuestións agrícolas mencionadas no presente título.

2. O Parlamento Europeo e o Consello establecerán, conforme ao procedemento legislativo ordinario e logo de consulta ao Comité Económico e Social, a organización común dos mercados agrícolas prevista no punto 1 do artigo 40,

así como as demais disposicións que resulten necesarias para a consecución dos obxectivos da política común de agricultura e pesca.

3. O Consello, por proposta da Comisión, adoptará as medidas relativas á fixación dos prezos, ás exaccións, ás axudas e ás limitacións cuantitativas, así como á fixación e repartición das posibilidades de pesca.

4. Nas condicións previstas no punto 2, poderanse substituír as organizacións nacionais de mercado pola organización común prevista no punto 1 do artigo 40:

- a) cando a organización común lles ofrezca aos Estados membros que se opoñan a esta medida e dispoñan dunha organización nacional para a produción de que se trate garantías equivalentes para o emprego e o nivel de vida dos produtores interesados, tendo en conta o ritmo das posibles adaptacións e das necesarias especializacións; e
- b) cando a devandita organización asegure que os intercambios dentro da Unión se produzan en condicións análogas ás existentes nun mercado nacional.

5. En caso de que se cree unha organización común para determinadas materias primas, sen que exista aínda unha organización común para os correspondentes produtos transformados, tales materias primas utilizadas nos produtos transformados destinados á exportación a terceiros países poderán ser importadas do exterior da Unión.

Artigo 44

(antigo artigo 38 TCE)

Cando nun Estado membro un produto estea suxeito a unha organización nacional de mercado ou a calquera regulación interna de efecto equivalente que afecte a situación competitiva dunha produción similar noutro Estado membro, os Estados membros aplicarán un gravame compensatorio á entrada deste produto procedente do Estado membro que posúa a organización ou a regulación anteriormente citadas, a menos que o devandito Estado aplique xa un gravame compensatorio á saída do produto.

A Comisión fixará o importe dos devanditos gravames na medida necesaria para restablecer o equilibrio e poderá autorizar igualmente a adopción doutras medidas nas condicións e modalidades que determine.

TÍTULO IV

LIBRE CIRCULACIÓN DE PERSOAS,
SERVIZOS E CAPITAIS

CAPÍTULO 1

TRABALLADORES

Artigo 45

(antigo artigo 39 TCE)

1. Quedará asegurada a libre circulación dos traballadores dentro da Unión.

2. A libre circulación suporá a abolición de toda discriminación por razón da nacionalidade entre os traballadores dos Estados membros, con respecto ao emprego, á retribución e ás demais condicións de traballo.

3. Sen prexuízo das limitacións xustificadas por razóns de orde pública, seguridade e saúde públicas, a libre circulación dos traballadores implicará o dereito:

- a) de responder a ofertas efectivas de traballo;
- b) de desprazarse libremente para este fin no territorio dos Estados membros;
- c) de residir nun dos Estados membros co obxecto de exercer nel un emprego, de conformidade coas disposicións legais, regulamentarias e administrativas aplicables ao emprego dos traballadores nacionais;
- d) de permanecer no territorio dun Estado membro despois de exercer nel un emprego, nas condicións previstas nos regulamentos establecidos pola Comisión.

4. As disposicións do presente artigo non serán aplicables aos empregos na Administración pública.

Artigo 46

(antigo artigo 40 TCE)

O Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento lexislativo ordinario e logo de consulta ao Comité Económico e Social, adoptarán, mediante directivas ou regulamentos, as medidas necesarias co fin de facer efectiva a libre circulación dos traballadores, tal como queda definida no artigo 45, en especial:

- a) asegurando unha estreita colaboración entre as administracións nacionais de traballo;
- b) eliminando aqueles procedementos e prácticas administrativas, así como os prazos de acceso aos empregos dispoñibles, que resulten da lexislación nacional ou de acordos celebrados

con anterioridade entre os Estados membros, cuxo mantemento supoña un obstáculo para a liberalización dos movementos dos traballadores;

c) eliminando todos os prazos e demais restricións previstos nas lexislacións nacionais ou nos acordos celebrados con anterioridade entre os Estados membros, que lles impoñan aos traballadores dos demais Estados membros condicións distintas das impostas aos traballadores nacionais para a libre elección dun emprego;

d) establecendo os mecanismos adecuados para poñer en relación as ofertas e as demandas de emprego e facilitar o seu equilibrio en condicións tales que non poñan en grave perigo o nivel de vida e de emprego nas diversas rexións e industrias.

Artigo 47

(antigo artigo 41 TCE)

Os Estados membros facilitarán, no marco dun programa común, o intercambio de traballadores novos.

Artigo 48

(antigo artigo 42 TCE)

O Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, adoptarán, en materia de seguridade social, as medidas necesarias para o establecemento da libre circulación dos traballadores, creando, en especial, un sistema que permita garantirlles aos traballadores migrantes por conta allea e por conta propia, así como aos seus dereito habentes:

- a) a acumulación de todos os períodos tomados en consideración polas distintas lexislacións nacionais para adquirir e conservar o dereito ás prestacións sociais, así como para o cálculo destas;
- b) o pagamento das prestacións ás persoas que residen nos territorios dos Estados membros.

Cando un membro do Consello declare que un proxecto de acto lexislativo dos previstos no parágrafo primeiro prexudica aspectos importantes do seu sistema de seguridade social, como o seu ámbito de aplicación, custo ou estrutura financeira, ou afecta o equilibrio financeiro do devandito sistema, poderá solicitar que o asunto se lle remita ao Consello Europeo, en cuxo caso quedará suspendido o procedemento lexislativo ordinario. Logo de deliberación e nun prazo de catro meses a partir da devandita suspensión, o Consello Europeo:

a) devolveralle o proxecto ao Consello, co que se porá fin á suspensión do procedemento lexislativo ordinario, ou ben

b) non se pronunciará ou pediralle á Comisión que presente unha nova proposta. En tal caso, o acto proposto inicialmente considerárase non adoptado.

CAPÍTULO 2

DEREITO DE ESTABLECEMENTO

Artigo 49

(antigo artigo 43 TCE)

No marco das disposicións seguintes, quedarán prohibidas as restricións á liberdade de establecemento dos nacionais dun Estado membro no territorio doutro Estado membro. A devandita prohibición estenderase igualmente ás restricións relativas á apertura de axencias, sucursais ou filiais polos nacionais dun Estado membro establecidos no territorio doutro Estado membro.

A liberdade de establecemento comprenderá o acceso ás actividades non asalariadas e o seu exercicio, así como a constitución e xestión de empresas e, especialmente, de sociedades, tal como se definen no parágrafo segundo do artigo 54, nas condicións fixadas pola lexislación do país de establecemento para os seus propios nacionais, sen prexuízo das disposicións do capítulo relativo aos capitais.

Artigo 50

(antigo artigo 44 TCE)

1. Para os efectos de alcanzar a liberdade de establecemento nunha determinada actividade, o Parlamento Europeo e o Consello decidirán, mediante directivas, conforme ao procedemento lexislativo ordinario e logo de consulta ao Comité Económico e Social.

2. O Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión exercerán as funcións que lles atribúen as disposicións precedentes, en particular:

a) ocupándose, en xeral, con prioridade, das actividades nas que a liberdade de establecemento contribúa de xeito especialmente útil ao desenvolvemento da produción e dos intercambios;

b) asegurando unha estreita colaboración entre as administracións nacionais competentes, co fin de coñecer as situacións particulares, dentro da Unión, das distintas actividades afectadas;

c) eliminando aqueles procedementos e prácticas administrativas que resulten da lexis-

lación nacional ou de acordos celebrados con anterioridade entre os Estados membros, cuxo mantemento supoña un obstáculo para a liberdade de establecemento;

d) velando por que os traballadores asalariados dun dos Estados membros, empregados no territorio doutro Estado membro, poidan permanecer no devandito territorio para emprender unha actividade non asalariada, cando cumpran as condicións que lles serían esixibles se entrasen no citado Estado no momento de querer iniciar a devandita actividade;

e) facendo posible a adquisición e o aproveitamento de propiedades inmobiliarias situadas no territorio dun Estado membro por un nacional doutro Estado membro, na medida en que non se contraveñan os principios establecidos no punto 2 do artigo 39;

f) aplicando a supresión progresiva das restricións á liberdade de establecemento, en cada rama de actividade contemplada, tanto no que respecta ás condicións de apertura, no territorio dun Estado membro, de axencias, sucursais ou filiais, como ás condicións de admisión do persoal da sede central nos órganos de xestión ou de control daquelas;

g) coordinando, na medida necesaria e co obxecto de facelas equivalentes, as garantías esixidas nos Estados membros ás sociedades definidas no parágrafo segundo do artigo 54, para protexer os intereses de socios e terceiros;

h) asegurándose de que as condicións para o establecemento non resulten falseadas mediante axudas outorgadas polos Estados membros.

Artigo 51

(antigo artigo 45 TCE)

As disposicións do presente capítulo non se aplicarán, no que respecta ao Estado membro interesado, ás actividades que, no devandito Estado, estean relacionadas, aínda que só sexa de xeito ocasional, co exercicio do poder público.

O Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, poderán excluír determinadas actividades da aplicación das disposicións do presente capítulo.

Artigo 52

(antigo artigo 46 TCE)

1. As disposicións do presente capítulo e as medidas adoptadas en virtude destas non prexulgarán a aplicabilidade das disposicións legais, regulamentarias e administrativas que

prevexan un réxime especial para os estranxeiros e que estean xustificadas por razóns de orde pública, seguridade e saúde públicas.

2. O Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, adoptarán directivas para a coordinación das mencionadas disposicións.

Artigo 53

(antigo artigo 47 TCE)

1. Co fin de facilitar o acceso ás actividades non asalariadas e o seu exercicio, o Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, adoptarán directivas para o recoñecemento mutuo de diplomas, certificados e outros títulos, así como para a coordinación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros relativas ao acceso ás actividades por conta propia e ao seu exercicio.

2. En canto ás profesións médicas, paramédicas e farmacéuticas, a progresiva supresión das restricións quedará subordinada á coordinación das condicións esixidas para o seu exercicio nos diferentes Estados membros.

Artigo 54

(antigo artigo 48 TCE)

As sociedades constituídas de conformidade coa lexislación dun Estado membro e cuxa sede social, administración central ou centro de actividade principal se atope dentro da Unión quedarán equiparadas, para os efectos de aplicación das disposicións do presente capítulo, ás persoas físicas nacionais dos Estados membros.

Por sociedades enténdense as sociedades de dereito civil ou mercantil, mesmo as sociedades cooperativas, e as demais persoas xurídicas de dereito público ou privado, con excepción das que non persigan un fin lucrativo.

Artigo 55

(antigo artigo 294 TCE)

Os Estados membros aplicaranlles aos nacionais dos demais Estados membros o trato de nacional no que respecta á súa participación financeira no capital das sociedades definidas no artigo 54, sen prexuízo da aplicación das restantes disposicións dos tratados.

CAPÍTULO 3

SERVIZOS

Artigo 56

(antigo artigo 49 TCE)

No marco das disposicións seguintes, quedarán prohibidas as restricións á libre prestación de servizos dentro da Unión para os nacionais dos Estados membros establecidos nun Estado membro que non sexa o do destinatario da prestación.

O Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, poderán estender o beneficio das disposicións do presente capítulo aos prestadores de servizos que sexan nacionais dun terceiro Estado e se atopen establecidos dentro da Unión.

Artigo 57

(antigo artigo 50 TCE)

Conforme aos tratados, consideraranse como servizos as prestacións realizadas normalmente a cambio dunha remuneración, na medida en que non se rexan polas disposicións relativas á libre circulación de mercadorías, capitais e persoas.

Os servizos comprenderán, en particular:

- a) actividades de carácter industrial;
- b) actividades de carácter mercantil;
- c) actividades artesanais;
- d) actividades propias das profesións liberais.

Sen prexuízo das disposicións do capítulo relativo ao dereito de establecemento, o prestador dun servizo poderá, co obxecto de realizar a devandita prestación, exercer temporalmente a súa actividade no Estado membro onde se leve a cabo a prestación, nas mesmas condicións que lles imponha ese Estado aos seus propios nacionais.

Artigo 58

(antigo artigo 51 TCE)

1. A libre prestación de servizos, en materia de transportes, rexeráse polas disposicións do título relativo aos transportes.

2. A liberalización dos servizos bancarios e de seguros vinculados aos movementos de capitais realizarase en harmonía coa liberalización da circulación de capitais.

Artigo 59

(antigo artigo 52 TCE)

1. Para os efectos de alcanzar a liberalización dun servizo determinado, o Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento lexislativo ordinario e logo de consulta ao Comité Económico e Social, decidirán mediante directivas.

2. As directivas previstas no punto 1 referiranse, en xeral, con prioridade, aos servizos que inflúan de forma directa nos custos de produción ou cuxa liberalización contribúa a facilitar os intercambios de mercadorías.

Artigo 60

(antigo artigo 53 TCE)

Os Estados membros esforzaránse por proceder a unha liberalización dos servizos máis ampla que a esixida en virtude das directivas adoptadas en aplicación do punto 1 do artigo 59, se a súa situación económica xeral e a do sector afectado llo permiten.

A Comisión dirixirá, para este fin, recomendacións aos Estados membros interesados.

Artigo 61

(antigo artigo 54 TCE)

En tanto non se supriman as restricións á libre prestación de servizos, cada un dos Estados membros aplicará tales restricións, sen distinción de nacionalidade ou residencia, a todos os prestadores de servizos a que se refire o parágrafo primeiro do artigo 56.

Artigo 62

(antigo artigo 55 TCE)

As disposicións dos artigos 51 a 54, ambos os dous inclusive, serán aplicables ás materias reguladas polo presente capítulo.

CAPÍTULO 4

CAPITAL E PAGAMENTOS

Artigo 63

(antigo artigo 56 TCE)

1. No marco das disposicións do presente capítulo, quedan prohibidas todas as restricións aos movementos de capitais entre Estados membros e entre Estados membros e terceiros países.

2. No marco das disposicións do presente capítulo, queda prohibida calquera restrición sobre os pagamentos entre Estados membros e entre Estados membros e terceiros países.

Artigo 64

(antigo artigo 57 TCE)

1. O disposto no artigo 63 entenderase sen prexuízo da aplicación a terceiros países das restricións que existan o 31 de decembro de 1993, de conformidade co dereito nacional ou co dereito da Unión en materia de movementos de capitais, con destino a terceiros países ou procedentes deles, que supoñan investimentos directos, incluídos os inmobiliarios, o establecemento, a prestación de servizos financeiros ou a admisión de valores nos mercados de capitais. Respecto das restricións existentes en virtude da lexislación nacional en Bulgaria, Estonia e Hungría, a data aplicable será o 31 de decembro de 1999.

2. Aínda que procurando alcanzar o obxectivo da libre circulación de capitais entre Estados membros e terceiros países no maior grao posible, e sen prexuízo do disposto nos demais capítulos dos tratados, o Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, adoptarán medidas relativas aos movementos de capitais, con destino a terceiros países ou procedentes deles, que supoñan investimentos directos, incluídos os inmobiliarios, o establecemento, a prestación de servizos financeiros ou a admisión de valores nos mercados de capitais.

3. Malia o disposto no punto 2, só o Consello, conforme a un procedemento lexislativo especial, por unanimidade e logo de consulta ao Parlamento Europeo, poderá establecer medidas que supoñan un retroceso no dereito da Unión respecto da liberalización dos movementos de capitais con destino a terceiros países ou procedentes deles.

Artigo 65

(antigo artigo 58 TCE)

1. O disposto no artigo 63 aplicarase, sen prexuízo do dereito dos Estados membros, a:

a) aplicar as disposicións pertinentes do seu dereito fiscal que distingan entre contribuíntes cuxa situación difira con respecto ao seu lugar de residencia ou con respecto aos lugares onde estea investido o seu capital;

b) adoptar as medidas necesarias para impedir as infraccións ao seu dereito e normativas nacionais, en particular en materia fiscal e de supervisión prudencial de entidades financeiras,

establecer procedementos de declaración de movementos de capitais para os efectos de información administrativa ou estatística ou tomar medidas xustificadas por razóns de orde pública ou de seguridade pública.

2. As disposicións do presente capítulo non serán obstáculo para a aplicación de restricións do dereito de establecemento compatibles cos tratados.

3. As medidas e os procedementos a que se fai referencia nos puntos 1 e 2 non deberán constituir nin un medio de discriminación arbitraria nin unha restrición encuberta da libre circulación de capitais e pagamentos, tal e como a define o artigo 63.

4. A falta de medidas de aplicación do punto 3 do artigo 64, a Comisión ou, a falta dunha decisión da Comisión, dentro dun período de tres meses a partir da solicitude do Estado membro interesado, o Consello poderá adoptar unha decisión que declare que as medidas fiscais restritivas adoptadas por un Estado membro con respecto a un ou varios terceiros países deben considerarse compatibles cos tratados, na medida en que as xustifique un dos obxectivos da Unión e sexan compatibles co correcto funcionamento do mercado interior. O Consello pronunciarase por unanimidade a instancia dun Estado membro.

Artigo 66

(antigo artigo 59 TCE)

Cando en circunstancias excepcionais os movementos de capitais con destino a terceiros países ou procedentes deles causen, ou ameacen causar, dificultades graves para o funcionamento da unión económica e monetaria, o Consello, a proposta da Comisión e logo de consulta ao Banco Central Europeo, poderá adoptar respecto a terceiros países, por un prazo que non sexa superior a seis meses, as medidas de salvagarda estritamente necesarias.

TÍTULO V

ESPAAZO DE LIBERDADE, SEGURIDADE E XUSTIZA

CAPÍTULO 1

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 67

(antigo artigo 61 TCE e antigo artigo 29 TUE)

1. A Unión constitúe un espazo de liberdade,

seguridade e xustiza dentro do respecto dos dereitos fundamentais e dos distintos sistemas e tradicións xurídicas dos Estados membros.

2. Garantirá a ausencia de controis das persoas nas fronteiras interiores e desenvolverá unha política común de asilo, inmigración e control das fronteiras exteriores que estea baseada na solidariedade entre Estados membros e sexa equitativa respecto dos nacionais de terceiros países. Para os efectos do presente título, os apátridas asimiláranse aos nacionais de terceiros países.

3. A Unión esforzarase por garantir un nivel elevado de seguridade mediante medidas de prevención da delincuencia, do racismo e da xenofobia e de loita en contra deles, medidas de coordinación e cooperación entre autoridades policiais e xudiciais e outras autoridades competentes, así como mediante o recoñecemento mutuo das resolucións xudiciais en materia penal e, se é necesario, mediante a aproximación das lexislacións penais.

4. A Unión facilitará a tutela xudicial e garantirá, en especial, o principio de recoñecemento mutuo das resolucións xudiciais e extraxudiciais en materia civil.

Artigo 68

O Consello Europeo definirá as orientacións estratéxicas da programación lexislativa e operativa no espazo de liberdade, seguridade e xustiza.

Artigo 69

En relación coas propostas e iniciativas lexislativas presentadas no marco dos capítulos 4 e 5, os parlamentos nacionais velarán por que se respecte o principio de subsidiariedade, de conformidade co Protocolo sobre a aplicación dos principios de subsidiariedade e proporcionalidade.

Artigo 70

Sen prexuízo dos artigos 258, 259 e 260, o Consello poderá adoptar, por proposta da Comisión, medidas que establezan os procedementos que seguirán os Estados membros para efectuar, en colaboración coa Comisión, unha avaliación obxectiva e imparcial da aplicación, polas autoridades dos Estados membros, das políticas da Unión contempladas no presente título, en particular co obxecto de favorecer a plena aplicación do principio de recoñecemento mutuo. Informa-

rase o Parlamento Europeo e os parlamentos nacionais do contido e dos resultados desta avaliación.

Artigo 71

(antigo artigo 36 TUE)

Crearase un Comité Permanente no Consello co obxecto de garantir dentro da Unión o fomento e a intensificación da cooperación operativa en materia de seguridade interior. Sen prexuízo do artigo 240, o dito comité propiciará a coordinación da actuación das autoridades competentes dos Estados membros. Poderán participar nos seus traballos os representantes dos órganos e organismos da Unión afectados. Manteranse informados dos devanditos traballos o Parlamento Europeo e os parlamentos nacionais.

Artigo 72

(antigo artigo 64, punto 1, TCE e antigo artigo 33 TUE)

O presente título entenderase sen prexuízo do exercicio das responsabilidades que lles incumben aos Estados membros en canto ao mantemento da orde pública e á salvagarda da seguridade interior.

Artigo 73

Os Estados membros terán a posibilidade de organizar entre eles, e baixo a súa responsabilidade, formas de cooperación e coordinación, na medida en que o consideren apropiado, entre os servizos competentes das súas administracións responsables de velar pola seguridade nacional.

Artigo 74

(antigo artigo 66 TCE)

O Consello adoptará medidas para garantir a cooperación administrativa entre os servizos competentes dos Estados membros nos ámbitos a que se refire o presente título, así como entre os devanditos servizos e a Comisión. Pronúnciase por proposta da Comisión, sen prexuízo do artigo 76, e logo de consulta ao Parlamento Europeo.

Artigo 75

(antigo artigo 60 TCE)

Cando sexa necesario, para lograr os obxectivos enunciados no artigo 67, no que se refire

á prevención e loita contra o terrorismo e ás actividades con el relacionadas, o Parlamento Europeo e o Consello definirán mediante regulamentos, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, un marco de medidas administrativas sobre movemento de capitais e pagamentos, tales como a inmovilización de fondos, activos financeiros ou beneficios económicos cuxa propiedade, posesión ou tenza teñan persoas físicas ou xurídicas, grupos ou entidades non estatais.

O Consello adoptará, a proposta da Comisión, medidas para aplicar o marco mencionado no parágrafo primeiro.

Os actos considerados no presente artigo incluírán as disposicións necesarias en materia de garantías xurídicas.

Artigo 76

Os actos considerados nos capítulos 4 e 5, así como as medidas mencionadas no artigo 74 que garantan a cooperación administrativa nos ámbitos a que se refiren eses capítulos, adoptaranse:

- a) por proposta da Comisión, ou
- b) por iniciativa da cuarta parte dos Estados membros.

CAPÍTULO 2

POLÍTICAS SOBRE CONTROIS NAS FRONTEIRAS, ASILO E INMIGRACIÓN

Artigo 77

(antigo artigo 62 TCE)

1. A Unión desenvolverá unha política que terá por obxectivo:

- a) garantir a ausencia total de controis das persoas, sexa cal sexa a súa nacionalidade, cando crucen as fronteiras interiores;
- b) garantir os controis das persoas e a vixilancia eficaz no cruzamento das fronteiras exteriores;
- c) instaurar progresivamente un sistema integrado de xestión das fronteiras exteriores.

2. Para os efectos do punto 1, o Parlamento Europeo e o Consello adoptarán, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, medidas relativas a:

- a) a política común de visados e outros permisos de residencia de curta duración;
- b) os controis aos cales se someterán as persoas que crucen as fronteiras exteriores;
- c) as condicións nas que os nacionais de terceiros países poderán circular libremente pola Unión durante un curto período;

d) calquera medida necesaria para o establecemento progresivo dun sistema integrado de xestión das fronteiras exteriores;

e) a ausencia total de controis das persoas, sexa cal sexa a súa nacionalidade, cando crucen as fronteiras interiores.

3. Se resulta necesaria unha acción da Unión para facilitar o exercicio do dereito, establecido na letra a) do punto 2 do artigo 20, e a menos que os tratados previsen poderes de actuación para tal efecto, o Consello poderá establecer, conforme a un procedemento lexislativo especial, disposicións relativas aos pasaportes, documentos de identidade, permisos de residencia ou calquera outro documento asimilado. O Consello pronunciarase por unanimidade, logo de consulta ao Parlamento Europeo.

4. O presente artigo non afectará a competencia dos Estados membros respecto da delimitación xeográfica das súas fronteiras, de conformidade co dereito internacional.

Artigo 78

(antigos artigos 63, puntos 1 e 2, e 64, punto 2, TCE)

1. A Unión desenvolverá unha política común en materia de asilo, protección subsidiaria e protección temporal destinada a lle ofrecer un estatuto apropiado a todo nacional dun terceiro país que necesite protección internacional e a garantir o respecto do principio de non devolución. Esta política deberá axustarse á Convención de Xenebra do 28 de xullo de 1951 e ao Protocolo do 31 de xaneiro de 1967 sobre o estatuto dos refuxiados, así como aos demais tratados pertinentes.

2. Para os efectos do punto 1, o Parlamento Europeo e o Consello adoptarán, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, medidas relativas a un sistema europeo común de asilo que inclúa:

a) un estatuto uniforme de asilo para nacionais de terceiros países, válido en toda a Unión;

b) un estatuto uniforme de protección subsidiaria para os nacionais de terceiros países que, sen obter o asilo europeo, necesiten protección internacional;

c) un sistema común para a protección temporal das persoas desprazadas, en caso de afluencia masiva;

d) procedementos comúns para conceder ou retirar o estatuto uniforme de asilo ou de protección subsidiaria;

e) criterios e mecanismos para determinar o Estado membro responsable de examinar

unha solicitude de asilo ou de protección subsidiaria;

f) normas relativas ás condicións de acollida dos solicitantes de asilo ou de protección subsidiaria;

g) a asociación e a cooperación con terceiros países para xestionar os fluxos de persoas que solicitan asilo ou unha protección subsidiaria ou temporal.

3. Se un ou varios Estados membros se enfrontan a unha situación de urxencia caracterizada pola afluencia repentina de nacionais de terceiros países, o Consello poderá adoptar, por proposta da Comisión, medidas provisionais en beneficio dos Estados membros afectados. O Consello pronunciarase logo de consulta ao Parlamento Europeo.

Artigo 79

(antigo artigo 63, puntos 3 e 4, TCE)

1. A Unión desenvolverá unha política común de inmigración destinada a garantir, en todo momento, unha xestión eficaz dos fluxos migratorios, un trato equitativo dos nacionais de terceiros países que residan legalmente nos Estados membros, así como unha prevención da inmigración ilegal e da trata de seres humanos e unha loita reforzada contra ambas as dúas.

2. Para os efectos do punto 1, o Parlamento Europeo e o Consello adoptarán, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, medidas nos ámbitos seguintes:

a) as condicións de entrada e residencia e as normas relativas á expedición polos Estados membros de visados e permisos de residencia de longa duración, incluídos os destinados ao reagrupamento familiar;

b) a definición dos dereitos dos nacionais de terceiros países que residan legalmente nun Estado membro, con inclusión das condicións que rexen a liberdade de circulación e de residencia nos demais Estados membros;

c) a inmigración e residencia ilegais, incluídas a expulsión e a repatriación de residentes en situación ilegal;

d) a loita contra a trata de seres humanos, en particular de mulleres e nenos.

3. A Unión poderá celebrar con terceiros países acordos para a readmisión, nos seus países de orixe ou de procedencia, de nacionais de terceiros países que non cumpran ou que deixen de cumprir as condicións de entrada, presenza ou residencia no territorio dun dos Estados membros.

4. O Parlamento Europeo e o Consello pode-

rán establecer, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, medidas para fomentar e apoiar a acción dos Estados membros destinada a propiciar a integración dos nacionais de terceiros países que residan legalmente no seu territorio, con exclusión de toda harmonización das disposicións legais e regulamentarias dos Estados membros.

5. O presente artigo non afectará o dereito dos Estados membros a establecer volumes de admisión no seu territorio de nacionais de terceiros países procedentes de terceiros países, co fin de buscar traballo por conta allea ou por conta propia.

Artigo 80

As políticas da Unión mencionadas no presente capítulo e a súa execución rexeranse polo principio de solidariedade e de repartición equitativa da responsabilidade entre os Estados membros, tamén no aspecto financeiro. Cada vez que sexa necesario, os actos da Unión adoptados en virtude do presente capítulo conterán medidas apropiadas para a aplicación deste principio.

CAPÍTULO 3

COOPERACIÓN XUDICIAL EN MATERIA CIVIL

Artigo 81

(antigo artigo 65 TCE)

1. A Unión desenvolverá unha cooperación xudicial en asuntos civís con repercusión transfronteiriza, baseada no principio de recoñecemento mutuo das resolucións xudiciais e extraxudiciais. Esta cooperación poderá incluír a adopción de medidas de aproximación das disposicións legais e regulamentarias dos Estados membros.

2. Para os efectos do punto 1, e en particular cando resulte necesario para o bo funcionamento do mercado interior, o Parlamento Europeo e o Consello adoptarán, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, medidas para garantir:

- a) o recoñecemento mutuo, entre os Estados membros, das resolucións xudiciais e extraxudiciais, así como a súa execución;
- b) a notificación e o traslado transfronteirizos de documentos xudiciais e extraxudiciais;
- c) a compatibilidade das normas aplicables nos Estados membros en materia de conflitos de leis e de xurisdición;

- d) a cooperación na obtención de probas;
- e) unha tutela xudicial efectiva;
- f) a eliminación dos obstáculos ao bo funcionamento dos procedementos civís, fomentando, se é necesaria, a compatibilidade das normas de procedemento civil aplicables nos Estados membros;
- g) o desenvolvemento de métodos alternativos de resolución de litixios;
- h) o apoio á formación de maxistrados e do persoal ao servizo da Administración de xustiza.

3. Malia o disposto no punto 2, as medidas relativas ao dereito de familia con repercusión transfronteiriza estableceranse polo Consello, conforme a un procedemento lexislativo especial. O Consello pronunciarase por unanimidade, logo de consulta ao Parlamento Europeo.

O Consello, por proposta da Comisión, poderá adoptar unha decisión que determine os aspectos do dereito de familia con repercusión transfronteiriza que poidan ser obxecto de actos adoptados mediante o procedemento lexislativo ordinario. O Consello pronunciarase por unanimidade, logo de consulta ao Parlamento Europeo.

A proposta a que se refire o parágrafo segundo comunicaráselles aos parlamentos nacionais. En caso de que un Parlamento nacional notifique a súa oposición nos seis meses posteriores á comunicación, a decisión non será adoptada. En ausencia de oposición, o Consello poderá adoptar a decisión.

CAPÍTULO 4

COOPERACIÓN XUDICIAL EN MATERIA PENAL

Artigo 82

(antigo artigo 31 TUE)

1. A cooperación xudicial en materia penal na Unión basearase no principio de recoñecemento mutuo das sentenzas e resolucións xudiciais e inclúe a aproximación das disposicións legais e regulamentarias dos Estados membros nos ámbitos mencionados no punto 2 e no artigo 83.

O Parlamento Europeo e o Consello adoptarán, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, medidas tendentes a:

- a) establecer normas e procedementos para garantir o recoñecemento en toda a Unión das sentenzas e resolucións xudiciais en todas as súas formas;
- b) previr e resolver os conflitos de xurisdición entre os Estados membros;

c) apoiar a formación de maxistrados e do persoal ao servizo da Administración de xustiza;

d) facilitar a cooperación entre as autoridades xudiciais ou equivalentes dos Estados membros no marco do procedemento penal e da execución de resolucións.

2. Na medida en que sexa necesario para facilitar o recoñecemento mutuo das sentenzas e resolucións xudiciais e a cooperación policial e xudicial en asuntos penais con dimensión transfronteiriza, o Parlamento Europeo e o Consello poderán establecer normas mínimas mediante directivas adoptadas conforme ao procedemento lexislativo ordinario. Estas normas mínimas terán en conta as diferenzas entre as tradicións e os sistemas xurídicos dos Estados membros.

Estas normas referiranse a:

a) a admisibilidade mutua de probas entre os Estados membros;

b) os dereitos das persoas durante o procedemento penal;

c) os dereitos das vítimas dos delitos;

d) outros elementos específicos do procedemento penal que o Consello determinaríase previamente mediante unha decisión. Para a adopción desta decisión, o Consello pronunciarase por unanimidade, logo de aprobación do Parlamento Europeo.

A adopción das normas mínimas contempladas no presente punto non impedirá que os Estados membros manteñan ou instauren un nivel máis elevado de protección das persoas.

3. Cando un membro do Consello considere que un proxecto de directiva contemplada no punto 2 afecta a aspectos fundamentais do seu sistema de xustiza penal, poderá solicitar que o asunto se remita ao Consello Europeo, en cuxo caso quedará suspendido o procedemento lexislativo ordinario. Logo de deliberación, e en caso de que se alcance un consenso, o Consello Europeo, no prazo de catro meses a partir da devandita suspensión, devolveralle o proxecto ao Consello, co que se lle poñerá fin á suspensión do procedemento lexislativo ordinario.

Se non hai acordo dentro dese mesmo prazo e polo menos nove Estados membros queren establecer unha cooperación reforzada conforme ao proxecto de directiva de que se trate, comunícaránlle ao Parlamento Europeo, ao Consello e á Comisión. En tal caso, a autorización para iniciar a cooperación reforzada a que se refiren o punto 2 do artigo 20 do Tratado da Unión Europea e o punto 1 do artigo 329 do presente tratado considerarase concedida e aplicaranse as disposicións relativas á cooperación reforzada.

Artigo 83 (antigo artigo 31 TUE)

1. O Parlamento Europeo e o Consello poderán establecer, mediante directivas adoptadas conforme ao procedemento lexislativo ordinario, normas mínimas relativas á definición das infraccións penais e das sancións en ámbitos delituosos que sexan de especial gravidade e que teñan unha dimensión transfronteiriza derivada do carácter ou das repercusións das devanditas infraccións ou dunha necesidade particular de combatelas segundo criterios comúns.

Estes ámbitos delituosos son os seguintes: o terrorismo, a trata de seres humanos e a explotación sexual de mulleres e nenos, o tráfico ilícito de drogas, o tráfico ilícito de armas, o branqueo de capitais, a corrupción, a falsificación de medios de pagamento, a delincuencia informática e a delincuencia organizada.

Tendo en conta a evolución da delincuencia, o Consello poderá adoptar unha decisión que determine outros ámbitos delituosos que respondan aos criterios previstos no presente punto. Pronunciarase por unanimidade, logo de aprobación do Parlamento Europeo.

2. Cando a aproximación das disposicións legais e regulamentarias dos Estados membros en materia penal resulte imprescindible para garantir a execución eficaz dunha política da Unión nun ámbito que fose obxecto de medidas de harmonización, poderanse establecer mediante directivas normas mínimas relativas á definición das infraccións penais e das sancións no ámbito de que se trate. As devanditas directivas adoptaranse conforme a un procedemento lexislativo ordinario ou especial idéntico ao empregado para a adopción das medidas de harmonización en cuestión, sen prexuízo do artigo 76.

3. Cando un membro do Consello considere que un proxecto de directiva contemplada nos puntos 1 ou 2 afecta a aspectos fundamentais do seu sistema de xustiza penal, poderá solicitar que o asunto se lle remita ao Consello Europeo, en cuxo caso quedará suspendido o procedemento lexislativo ordinario. Logo de deliberación, e en caso de que se alcance un consenso, o Consello Europeo, no prazo de catro meses a partir da devandita suspensión, devolveralle o proxecto ao Consello, co que se lle poñerá fin á suspensión do procedemento lexislativo ordinario.

Se non hai acordo dentro dese mesmo prazo e polo menos nove Estados membros queren establecer unha cooperación reforzada conforme ao proxecto de directiva de que se trate, comunícaránlle ao Parlamento Europeo, ao Consello

e á Comisión. En tal caso, a autorización para iniciar a cooperación reforzada a que se refiren o punto 2 do artigo 20 do Tratado da Unión Europea e o punto 1 do artigo 329 do presente tratado considerarase concedida e aplicaranse as disposicións relativas á cooperación reforzada.

Artigo 84

O Parlamento Europeo e o Consello poderán establecer, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, medidas que impulsen e apoiem a actuación dos Estados membros no ámbito da prevención da delincuencia, con exclusión de toda harmonización das disposicións legais e regulamentarias dos Estados membros.

Artigo 85

(antigo artigo 31 TUE)

1. A función de Eurojust é apoiar e reforzar a coordinación e a cooperación entre as autoridades nacionais encargadas de investigar e perseguir a delincuencia grave que afecte a dous ou máis Estados membros ou que deba perseguirse segundo criterios comúns, baseándose nas operacións efectuadas e na información proporcionada polas autoridades dos Estados membros e por Europol.

Para tal fin, o Parlamento Europeo e o Consello determinarán, mediante regulamentos adoptados conforme ao procedemento lexislativo ordinario, a estrutura, o funcionamento, o ámbito de actuación e as competencias de Eurojust. Estas competencias poderán incluír:

a) o inicio de dilixencias de investigación penal, así como a proposta de incoación de procedementos penais polas autoridades nacionais competentes, en particular os relativos a infraccións que prexudiquen os intereses financeiros da Unión;

b) a coordinación das investigacións e os procedementos mencionados na letra a);

c) a intensificación da cooperación xudicial, entre outras cousas mediante a resolución de conflitos de xurisdición e unha estreita cooperación coa Rede Xudicial Europea.

Nos devanditos regulamentos determinarase, así mesmo, o procedemento de participación do Parlamento Europeo e dos parlamentos nacionais na avaliación das actividades de Eurojust.

2. No contexto das accións penais contempladas no punto 1, e sen prexuízo do artigo 86, os actos formais de carácter procesual serán levados a cabo polos funcionarios nacionais competentes.

Artigo 86

1. Para combater as infraccións que prexudiquen os intereses financeiros da Unión, o Consello poderá crear, mediante regulamentos adoptados conforme a un procedemento lexislativo especial, unha Fiscalía Europea a partir de Eurojust. O Consello pronunciarase por unanimidade, logo de aprobación do Parlamento Europeo.

En caso de falta de unanimidade, un grupo de polo menos nove Estados membros poderá solicitar que o proxecto de regulamento se lle remita ao Consello Europeo, en cuxo caso quedará suspendido o procedemento no Consello. Logo de deliberación, e en caso de alcanzarse un consenso, o Consello Europeo, no prazo de catro meses a partir da devandita suspensión, devolveralle o proxecto ao Consello para a súa adopción.

Se non hai acordo dentro dese mesmo prazo e polo menos nove Estados membros queren establecer unha cooperación reforzada conforme ao proxecto de regulamento de que se trate, comunicaránlle ao Parlamento Europeo, ao Consello e á Comisión. En tal caso, a autorización para iniciar a cooperación reforzada a que se refire o punto 2 do artigo 20 do Tratado da Unión Europea e o punto 1 do artigo 329 do presente tratado considerarase concedida e aplicaranse as disposicións relativas á cooperación reforzada.

2. A Fiscalía Europea, se é o caso, en colaboración con Europol, será competente para descubrir os autores e cómplices de infraccións que prexudiquen os intereses financeiros da Unión definidos no regulamento contemplado no punto 1 e para incoar un procedemento penal e solicitar a apertura de xuízo contra eles. Exercerá ante os órganos xurisdicionais competentes dos Estados membros a acción penal relativa ás devanditas infraccións.

3. Os regulamentos contemplados no punto 1 fixarán o Estatuto da Fiscalía Europea, as condicións para o desempeño das súas funcións, as normas de procedemento aplicables ás súas actividades e aquelas que rexan a admisibilidade das probas, así como as normas aplicables ao control xurisdicional dos actos procesuais realizados no desempeño das súas funcións.

4. Simultaneamente ou con posterioridade, o Consello Europeo poderá adoptar unha decisión que modifique o punto 1, co fin de ampliar as competencias da Fiscalía Europea á loita contra a delincuencia grave que teña unha dimensión transfronteiriza e que modifique, en consecuencia, o punto 2 no referente aos autores e

cómplices de delitos graves que afectan a varios Estados membros. O Consello Europeo pronunciarase por unanimidade, logo de aprobación do Parlamento Europeo e logo de consulta á Comisión.

CAPÍTULO 5

COOPERACIÓN POLICIAL

Artigo 87

(antigo artigo 30 TUE)

1. A Unión desenvolverá unha cooperación policial na que participen todas as autoridades competentes dos Estados membros, incluídos os servizos de policía, os servizos de aduanas e outros servizos con funcións coercitivas especializadas na prevención e na detección e investigación de infraccións penais.

2. Para os efectos do punto 1, o Parlamento Europeo e o Consello poderán adoptar, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, medidas relativas a:

- a) a recollida, almacenamento, tratamento, análise e intercambio de información pertinente;
- b) o apoio á formación de persoal, así como a cooperación para o intercambio de persoal, os equipos e a investigación científica policial;
- c) as técnicas comúns de investigación relacionadas coa detección de formas graves de delincuencia organizada.

3. O Consello poderá establecer, conforme a un procedemento lexislativo especial, medidas relativas á cooperación operativa entre as autoridades a que se refire o presente artigo. O Consello pronunciarase por unanimidade, logo de consulta ao Parlamento Europeo.

En caso de falta de unanimidade, un grupo de polo menos nove Estados membros poderá solicitar que o proxecto de medidas se remita ao Consello Europeo, en cuxo caso quedará suspendido o procedemento no Consello. Logo de deliberación, e en caso de que se alcance un consenso, o Consello Europeo, no prazo de catro meses a partir da devandita suspensión, devolveralle o proxecto ao Consello para a súa adopción.

Se non hai acordo dentro dese mesmo prazo, e polo menos nove Estados membros queren establecer unha cooperación reforzada conforme ao proxecto de medidas de que se trate, comunícanlle ao Parlamento Europeo, ao Consello e á Comisión. En tal caso, a autorización para iniciar a cooperación reforzada a que se refiren o punto 2 do artigo 20 do Tratado da Unión Eu-

ropea e o punto 1 do artigo 329 do presente tratado considerarase concedida e aplicaranse as disposicións relativas á cooperación reforzada.

O procedemento específico establecido nos parágrafos segundo e terceiro non será de aplicación aos actos que constitúan un desenvolvemento do acervo de Schengen.

Artigo 88

(antigo artigo 30 TUE)

1. A función de Europol é apoiar e reforzar a actuación das autoridades policiais e dos demais servizos con funcións coercitivas dos Estados membros, así como a súa colaboración mutua na prevención da delincuencia grave que afecte a dous ou máis Estados membros, do terrorismo e das formas de delincuencia que lesionen un interese común que sexa obxecto dunha política da Unión, así como na loita en contra deles.

2. O Parlamento Europeo e o Consello determinarán, mediante regulamentos adoptados conforme ao procedemento lexislativo ordinario, a estrutura, o funcionamento, o ámbito de actuación e as competencias de Europol. Estas competencias poderán incluír:

a) a recollida, almacenamento, tratamento, análise e intercambio da información, en particular a transmitida polas autoridades dos Estados membros ou de terceiros países ou terceiras instancias;

b) a coordinación, organización e realización de investigacións e actividades operativas levadas a cabo conxuntamente coas autoridades competentes dos Estados membros ou no marco de equipos conxuntos de investigación, se é o caso en colaboración con Eurojust.

Nos devanditos regulamentos fixarase, así mesmo, o procedemento de control das actividades de Europol polo Parlamento Europeo, control no que participarán os parlamentos nacionais.

3. Calquera actividade operativa de Europol deberá levarse a cabo en contacto e de acordo coas autoridades dos Estados membros cuxo territorio resulte afectado. A aplicación de medidas coercitivas corresponderalles exclusivamente ás autoridades nacionais competentes.

Artigo 89

(antigo artigo 32 TUE)

O Consello fixará, conforme a un procedemento lexislativo especial, as condicións e límites dentro dos cales as autoridades compe-

tentes dos Estados membros mencionadas nos artigos 82 e 87 poderán actuar no territorio doutro Estado membro, en contacto e de acordo coas autoridades do devandito Estado. O Consello pronunciárase por unanimidade, logo de consulta ao Parlamento Europeo.

TÍTULO VI

TRANSPORTES

Artigo 90

(antigo artigo 70 TCE)

Os obxectivos dos tratados perseguiranse, na materia regulada polo presente título, no marco dunha política común de transportes.

Artigo 91

(antigo artigo 71 TCE)

1. Para a aplicación do artigo 90, e tendo en conta as peculiaridades do sector dos transportes, o Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento lexislativo ordinario e logo de consulta ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións, establecerán:

- a) normas comúns aplicables aos transportes internacionais efectuados dende o territorio dun Estado membro ou con destino a este ou a través do territorio dun ou varios Estados membros;
- b) condicións conforme ás cales os transportistas non residentes poderán prestar servizos de transportes nun Estado membro;
- c) medidas que permitan mellorar a seguridade nos transportes;
- d) calquera outra disposición oportuna.

2. Cando se adopten as medidas contempladas no punto 1, teranse en conta os casos en que a súa aplicación poida afectar gravemente o nivel de vida e o emprego de certas rexións, así como a explotación do material de transporte.

Artigo 92

(antigo artigo 72 TCE)

Ata a adopción das disposicións a que se refire o punto 1 do artigo 91, ningún Estado membro poderá, salvo que o Consello adopte por unanimidade unha medida pola que se conceda unha excepción, facer que as diferentes disposicións que estivesen a regular esta materia o 1 de xaneiro de 1958 ou, para os Estados que se adherisen, na data da súa adhesión, produzan efectos que, directa ou indirectamente, desfavorezan os

transportistas dos demais Estados membros con respecto aos transportistas nacionais.

Artigo 93

(antigo artigo 73 TCE)

Serán compatibles cos tratados as axudas que respondan ás necesidades de coordinación dos transportes ou que correspondan ao reembolso de determinadas obrigas inherentes á noción de servizo público.

Artigo 94

(antigo artigo 74 TCE)

Toda medida en materia de prezos e condicións de transporte, adoptada no marco dos tratados, deberá ter en conta a situación económica dos transportistas.

Artigo 95

(antigo artigo 75 TCE)

1. Quedan prohibidas, respecto do tráfico dentro da Unión, as discriminacións que consistan na aplicación por un transportista, para as mesmas mercadorías e as mesmas relacións de tráfico, de prezos e condicións de transporte diferentes en razón do país de orixe ou de destino dos produtos transportados.

2. O punto 1 non exclúe que o Parlamento Europeo e o Consello poidan adoptar outras medidas en aplicación do punto 1 do artigo 91.

3. O Consello, a proposta da Comisión e logo de consulta ao Parlamento Europeo e ao Comité Económico e Social, establecerá unha regulación que garanta a aplicación do disposto no punto 1.

En particular, poderá adoptar as disposicións necesarias para lles permitir ás institucións da Unión controlar o cumprimento do disposto no punto 1 e asegurarlles aos usuarios o pleno beneficio de tal disposición.

4. A Comisión, por propia iniciativa ou a instancia dun Estado membro, examinará os casos de discriminación a que se fai referencia no punto 1 e, logo de consulta a calquera Estado membro interesado, tomará as decisións que considere necesarias no ámbito da regulación establecida de conformidade co disposto no punto 3.

Artigo 96

(antigo artigo 76 TCE)

1. Quedará prohibida a imposición por un Estado membro, ao transporte dentro da Unión, de

prezos e condicións que impliquen en calquera forma unha axuda ou protección a unha ou máis empresas ou industrias determinadas, a menos que tal imposición fose autorizada pola Comisión.

2. A Comisión, por propia iniciativa ou a instancia dun Estado membro, examinará os prezos e condicións mencionados no punto 1 e terá especialmente en conta, por unha parte, as esixencias dunha política económica rexional axeitada, as necesidades das rexións subdesenvolvidas e os problemas das rexións gravemente afectadas por circunstancias políticas e, por outra, a incidencia de tales prezos e condicións na competencia entre os distintos tipos de transporte.

A Comisión, logo de consulta a todos Estados membros interesados, tomará as decisións necesarias.

3. A prohibición a que se alude no punto 1 non afectará as tarifas de competencia.

Artigo 97

(antigo artigo 77 TCE)

Os dereitos ou canons que, independentemente dos prezos de transporte, esixa un transportista por cruzar as fronteiras non deberán superar un nivel razoable, tendo en conta os gastos reais a que efectivamente dea lugar o paso por esas fronteiras.

Os Estados membros procurarán reducir progresivamente os devanditos gastos.

A Comisión poderá dirixirlls aos Estados membros recomendacións relativas á aplicación do presente artigo.

Artigo 98

(antigo artigo 78 TCE)

As disposicións do presente título non obsarán as medidas adoptadas na República Federal de Alemaña sempre que sexan necesarias para compensar as desvantaxes económicas que a división de Alemaña lle ocasiona á economía de determinadas rexións da República Federal, afectadas por esta división. Cinco anos despois da entrada en vigor do Tratado de Lisboa, o Consello poderá adoptar, por proposta da Comisión, unha decisión pola que se derroque o presente artigo.

Artigo 99

(antigo artigo 79 TCE)

Créase un Comité Consultivo adxunto á Comisión, composto por expertos designados

polos gobernos dos Estados membros. A Comisión consultará este comité en materia de transportes, sempre que o considere conveniente.

Artigo 100

(antigo artigo 80 TCE)

1. As disposicións do presente título aplicaranse aos transportes por ferrocarril, estrada ou vías navegables.

2. O Parlamento Europeo e o Consello poderán establecer, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, disposicións apropiadas para a navegación marítima e aérea. Pronunciaranse logo de consulta ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións.

TÍTULO VII

NORMAS COMÚNS SOBRE COMPETENCIA, FISCALIDADE E APROXIMACIÓN DAS LEXISLACIÓNS

CAPÍTULO 1

NORMAS SOBRE COMPETENCIA

SECCIÓN PRIMEIRA

DISPOSICIÓN APLICABLES ÁS EMPRESAS

Artigo 101

(antigo artigo 81 TCE)

1. Serán incompatibles co mercado interior e quedarán prohibidos todos os acordos entre empresas, as decisións de asociacións de empresas e as prácticas concertadas que poidan afectar o comercio entre os Estados membros e que teñan por obxecto ou efecto impedir, restrinxir ou falsear o xogo da competencia dentro do mercado interior e, en particular, os que consistan en:

- a) fixar directa ou indirectamente os prezos de compra ou de venda ou outras condicións de transacción;
- b) limitar ou controlar a produción, o mercado, o desenvolvemento técnico ou os investimentos;
- c) repartir os mercados ou as fontes de abastecemento;
- d) aplicar a terceiros contratantes condicións desiguais para prestacións equivalentes que lles ocasionen a estes unha desvantaxe competitiva;

e) subordinar a celebración de contratos á aceptación, polos outros contratantes, de prestacións suplementarias que, pola súa natureza ou segundo os usos mercantís, non garden relación ningunha co obxecto dos devanditos contratos.

2. Os acordos ou decisións prohibidos polo presente artigo serán nulos de pleno dereito.

3. Non obstante, as disposicións do punto 1 poderán ser declaradas inaplicables a:

- calquera acordo ou categoría de acordos entre empresas,
- calquera decisión ou categoría de decisións de asociacións de empresas,
- calquera práctica concertada ou categoría de prácticas concertadas, que contribúan a mellorar a produción ou a distribución dos produtos ou a fomentar o progreso técnico ou económico e que lles reserven ao mesmo tempo aos usuarios unha participación equitativa no beneficio resultante, e sen que:

a) lles impongan ás empresas interesadas restricións que non sexan indispensables para alcanzar tales obxectivos;

b) lles ofrezan ás devanditas empresas a posibilidade de eliminar a competencia respecto dunha parte substancial dos produtos de que se trate.

Artigo 102

(antigo artigo 82 TCE)

Será incompatible co mercado interior e quedará prohibida, na medida en que poida afectar o comercio entre os Estados membros, a explotación abusiva, por parte dunha ou máis empresas, dunha posición dominante no mercado interior ou nunha parte substancial deste.

Tales prácticas abusivas poderán consistir, particularmente, en:

a) imponer directa ou indirectamente prezos de compra, de venda ou outras condicións de transacción non equitativas;

b) limitar a produción, o mercado ou o desenvolvemento técnico en prexuízo dos consumidores;

c) aplicar a terceiros contratantes condicións desiguais para prestacións equivalentes que lles ocasionen a estes unha desvantaxe competitiva;

d) subordinar a celebración de contratos á aceptación, polos outros contratantes, de prestacións suplementarias que, pola súa natureza ou segundo os usos mercantís, non garden relación ningunha co obxecto dos devanditos contratos.

Artigo 103

(antigo artigo 83 TCE)

1. O Consello, a proposta da Comisión e logo de consulta ao Parlamento Europeo, adoptará os regulamentos ou directivas apropiados para a aplicación dos principios enunciados nos artigos 101 e 102.

2. As disposicións a que se refire o punto 1 terán especialmente por obxecto:

a) garantir a observancia das prohibicións mencionadas no punto 1 do artigo 101 e no artigo 102, mediante o establecemento de multas e multas coercitivas;

b) determinar as modalidades de aplicación do punto 3 do artigo 101, tendo en conta a necesidade, por unha parte, de asegurar unha vixilancia eficaz e, por outra, de simplificar no posible o control administrativo;

c) precisar, eventualmente, respecto dos distintos sectores económicos, o ámbito de aplicación dos artigos 101 e 102;

d) definir as respectivas funcións da Comisión e do Tribunal de Xustiza da Unión Europea na aplicación das disposicións establecidas no presente punto;

e) definir as relacións entre as lexislacións nacionais, por unha parte, e as disposicións da presente sección e as adoptadas en aplicación do presente artigo, por outra.

Artigo 104

(antigo artigo 84 TCE)

Ata a entrada en vigor das disposicións adoptadas en aplicación do artigo 103, as autoridades dos Estados membros decidirán sobre a admisibilidade dos acordos, decisións e prácticas concertadas e sobre a explotación abusiva dunha posición dominante no mercado interior, de conformidade co seu propio dereito e as disposicións do artigo 101, en particular as do seu punto 3 e as do artigo 102.

Artigo 105

(antigo artigo 85 TCE)

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 104, a Comisión velará pola aplicación dos principios enunciados nos artigos 101 e 102. A instancia dun Estado membro ou de oficio, e en colaboración coas autoridades competentes dos Estados membros, que lle prestarán a súa asistencia, a Comisión investigará os casos de suposta infracción dos principios antes mencionados. Se se comprobare a existencia dunha infracción,

proporar as medidas adecuadas para lle poñer termo.

2. En caso de que non se lles poña fin a tales infraccións, a Comisión fará constar a súa existencia mediante unha decisión motivada. Poderá publicar a devandita decisión e autorizar os Estados membros para que adopten as medidas necesarias, nas condicións e modalidades que ela determine, para remediar esta situación.

3. A Comisión poderá adoptar regulamentos relativos ás categorías de acordos sobre as que o Consello adoptase un regulamento ou unha directiva conforme á letra b) do punto 2 do artigo 103.

Artigo 106

(antigo artigo 86 TCE)

1. Os Estados membros non adoptarán nin manterán, respecto das empresas públicas e daquelas empresas ás que lles concedan dereitos especiais ou exclusivos, ningunha medida contraria ás normas dos tratados, especialmente as previstas nos artigos 18 e 101 a 109, ambos os dous inclusive.

2. As empresas encargadas da xestión de servizos de interese económico xeral ou que teñan o carácter de monopolio fiscal quedarán sometidas ás normas dos tratados, en especial ás normas sobre competencia, na medida en que a aplicación das devanditas normas non impida, de feito ou de dereito, o cumprimento da misión específica a elas confiada. O desenvolvemento dos intercambios non deberá quedar afectado en forma tal que sexa contraria ao interese da Unión.

3. A Comisión velará pola aplicación das disposicións do presente artigo e, en tanto sexa necesario, dirixirá aos Estados membros directivas ou decisións apropiadas.

SECCIÓN SEGUNDA

AXUDAS OUTORGADAS POLOS ESTADOS

Artigo 107

(antigo artigo 87 TCE)

1. Salvo que os tratados dispoñan outra cousa, serán incompatibles co mercado interior, na medida en que afecten os intercambios comerciais entre Estados membros, as axudas outorgadas polos Estados ou mediante fondos estatais, baixo calquera forma, que falseen ou ameacen falsear a competencia, favorecendo a determinadas empresas ou producións.

2. Serán compatibles co mercado interior:

a) as axudas de carácter social concedidas aos consumidores individuais, sempre que se outorguen sen discriminacións baseadas na orixe dos produtos;

b) as axudas destinadas a reparar os prexuízos causados por desastres naturais ou por outros acontecementos de carácter excepcional;

c) as axudas concedidas co obxecto de favorecer a economía de determinadas rexións da República Federal de Alemaña, afectadas pola división de Alemaña, na medida en que sexan necesarias para compensar as desvantaxes económicas que resultan de tal división. Cinco anos despois da entrada en vigor do Tratado de Lisboa, o Consello poderá adoptar, por proposta da Comisión, unha decisión pola que se derroque a presente letra.

3. Poderán considerarse compatibles co mercado interior:

a) as axudas destinadas a favorecer o desenvolvemento económico de rexións nas que o nivel de vida sexa anormalmente baixo ou nas que exista unha grave situación de subemprego, así como o das rexións consideradas no artigo 349, tendo en conta a súa situación estrutural, económica e social;

b) as axudas para fomentar a realización dun proxecto importante de interese común europeo ou destinadas a lle poñer remedio a unha grave perturbación na economía dun Estado membro;

c) as axudas destinadas a facilitar o desenvolvemento de determinadas actividades ou de determinadas rexións económicas, sempre que non alteren as condicións dos intercambios en forma contraria ao interese común;

d) as axudas destinadas a promover a cultura e a conservación do patrimonio, cando non alteren as condicións dos intercambios e da competencia na Unión en contra do interese común;

e) as demais categorías de axudas que determine o Consello por decisión, tomada a proposta da Comisión.

Artigo 108

(antigo artigo 88 TCE)

1. A Comisión examinará permanentemente, xunto cos Estados membros, os réximes de axudas existentes nos devanditos Estados. Proporalles a estes as medidas apropiadas que esixa o desenvolvemento progresivo ou o funcionamento do mercado interior.

2. Se despois de emprazar os interesados para que presenten as súas observacións, a Comisión comproba que unha axuda outorgada por un Estado ou mediante fondos estatais non é compa-

tible co mercado interior en virtude do artigo 107, ou que a devandita axuda se aplica de xeito abusivo, decidirá que o Estado interesado a suprima ou modifique no prazo que ela mesma determine.

Se o Estado de que se trate non cumpre esta decisión no prazo establecido, a Comisión ou calquera outro Estado interesado poderá recorrer directamente ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea, malia o disposto nos artigos 258 e 259.

A petición dun Estado membro, o Consello poderá decidir, por unanimidade e malia o disposto no artigo 107 ou nos regulamentos previstos no artigo 109, que a axuda que concedeu ou vai conceder o devandito Estado sexa considerada compatible co mercado interior, cando circunstancias excepcionais xustifiquen a devandita decisión. Se, con respecto a esta axuda, a Comisión inicia o procedemento previsto no parágrafo primeiro do presente punto, a petición do Estado interesado dirixida ao Consello terá por efecto a suspensión do devandito procedemento ata que este último se pronuncie sobre a cuestión.

Non obstante, se o Consello non se pronuncia dentro dos tres meses seguintes á petición, a Comisión decidirá ao respecto.

3. A Comisión será informada dos proxectos dirixidos a conceder ou modificar axudas coa suficiente antelación para poder presentar as súas observacións. Se considera que un proxecto non é compatible co mercado interior conforme ao artigo 107, a Comisión iniciará sen demora o procedemento previsto no punto anterior. O Estado membro interesado non poderá executar as medidas proxectadas antes de que no devandito procedemento recaia decisión definitiva.

4. A Comisión poderá adoptar regulamentos relativos ás categorías de axudas públicas sobre as que o Consello determinase, conforme ao artigo 109, que poden quedar exentas do procedemento establecido no punto 3 do presente artigo.

Artigo 109

(antigo artigo 89 TCE)

O Consello, a proposta da Comisión e logo de consulta ao Parlamento Europeo, poderá adoptar os regulamentos apropiados para a aplicación dos artigos 107 e 108 e determinar, en particular, as condicións para a aplicación do punto 3 do artigo 108 e as categorías de axudas que quedan excluídas de tal procedemento.

CAPÍTULO 2

DISPOSICIÓNS FISCAIS

Artigo 110

(antigo artigo 90 TCE)

Ningún Estado membro gravará directa ou indirectamente os produtos dos demais Estados membros con tributos internos, calquera que sexa a súa natureza, superiores aos que graven directa ou indirectamente os produtos nacionais similares.

Así mesmo, ningún Estado membro gravará os produtos dos demais Estados membros con tributos internos que poidan protexer indirectamente outras producións.

Artigo 111

(antigo artigo 91 TCE)

Os produtos exportados ao territorio dun dos Estados membros non poderán beneficiarse de ningunha devolución de tributos internos superior ao importe daqueles con que fosen gravados directa ou indirectamente.

Artigo 112

(antigo artigo 92 TCE)

En canto aos tributos distintos dos impostos sobre o volume de negocios, dos impostos sobre consumos específicos e dos outros impostos indirectos, non se poderán conceder exoneracións nin reembolsos ás exportacións aos demais Estados membros nin impoñer gravames compensatorios ás importacións procedentes dos Estados membros, a menos que as medidas proxectadas fosen previamente aprobadas polo Consello, por proposta da Comisión, para un período de tempo limitado.

Artigo 113

(antigo artigo 93 TCE)

O Consello, por unanimidade, conforme a un procedemento lexislativo especial, e logo de consulta ao Parlamento Europeo e ao Comité Económico e Social, adoptará as disposicións referentes á harmonización das lexislacións relativas aos impostos sobre o volume de negocios, os impostos sobre consumos específicos e outros impostos indirectos, na medida en que a devandita harmonización sexa necesaria para garantir o establecemento e o funcionamento do mercado interior e evitar as distorsións da competencia.

CAPÍTULO 3

APROXIMACIÓN DAS LEXISLACIÓNS

Artigo 114

(antigo artigo 95 TCE)

1. Salvo que os tratados dispoñan outra cousa, aplicaranse as disposicións seguintes para a consecución dos obxectivos enunciados no artigo 26. O Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento lexislativo ordinario e logo de consulta ao Comité Económico e Social, adoptarán as medidas relativas á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros que teñan por obxecto o establecemento e o funcionamento do mercado interior.

2. O punto 1 non se aplicará ás disposicións fiscais, ás disposicións relativas á libre circulación de persoas nin ás relativas aos dereitos e intereses dos traballadores por conta allea.

3. A Comisión, nas súas propostas previstas no punto 1 referentes á aproximación das lexislacións en materia de saúde, seguridade, protección do medio e protección dos consumidores, basearase nun nivel de protección elevado, tendo en conta especialmente calquera novidade baseada en feitos científicos. No marco das súas respectivas competencias, o Parlamento Europeo e o Consello procurarán tamén alcanzar ese obxectivo.

4. Se, tras a adopción polo Parlamento Europeo e o Consello, polo Consello ou pola Comisión dunha medida de harmonización, un Estado membro estimase necesario manter disposicións nacionais, xustificadas por algunha das razóns importantes consideradas no artigo 36 ou relacionadas coa protección do medio de traballo ou do medio ambiente, o dito Estado membro notificaralle á Comisión as devanditas disposicións, así como os motivos do seu mantemento.

5. Así mesmo, sen prexuízo do punto 4, se tras a adopción dunha medida de harmonización polo Parlamento Europeo e o Consello, polo Consello ou pola Comisión, un Estado membro estimase necesario establecer novas disposicións nacionais baseadas en novidades científicas relativas á protección do medio de traballo ou do medio ambiente e xustificadas por un problema específico do devandito Estado membro xurdido con posterioridade á adopción da medida de harmonización, notificaralle á Comisión as disposicións previstas, así como os motivos da súa adopción.

6. A Comisión aprobará ou rexeitará, nun pra-

zo de seis meses a partir das notificacións a que se refiren os puntos 4 e 5, as disposicións nacionais mencionadas, despois de comprobar se se trata ou non dun medio de discriminación arbitraria ou dunha restrición encuberta do comercio entre Estados membros e se constitúen ou non un obstáculo para o funcionamento do mercado interior.

Se a Comisión non se pronunciasse no citado prazo, as disposicións nacionais a que se refiren os puntos 4 e 5 consideraranse aprobadas.

Cando estea xustificaco pola complexidade do asunto e non haxa riscos para a saúde humana, a Comisión poderá notificarlle ao Estado membro afectado que o prazo mencionado neste punto se amplía por un período adicional de ata seis meses.

7. Cando, de conformidade co punto 6, se autorice a un Estado membro a manter ou establecer disposicións nacionais que se afasten dunha medida de harmonización, a Comisión estudará inmediatamente a posibilidade de propoñer unha adaptación á devandita medida.

8. Cando un Estado membro formule un problema concreto relacionado coa saúde pública nun ámbito que fose obxecto de medidas de harmonización previas, deberá informar diso a Comisión, a cal examinará inmediatamente a conveniencia de lle propoñer ao Consello as medidas axeitadas.

9. Como excepción ao procedemento previsto nos artigos 258 e 259, a Comisión e calquera Estado membro poderá recorrer directamente ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea se considera que outro Estado membro abusa das facultades previstas no presente artigo.

10. As medidas de harmonización anteriormente mencionadas incluírán, nos casos apropiados, unha cláusula de salvagarda que autorice os Estados membros a adoptar, por un ou varios dos motivos non económicos indicados no artigo 36, medidas provisionais sometidas a un procedemento de control da Unión.

Artigo 115

(antigo artigo 94 TCE)

Sen prexuízo do artigo 114, o Consello adoptará, por unanimidade, conforme a un procedemento lexislativo especial, e logo de consulta ao Parlamento Europeo e ao Comité Económico e Social, directivas para a aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros que incidan directamente no establecemento ou funcionamento do mercado interior.

Artigo 116
(antigo artigo 96 TCE)

En caso de que a Comisión comprobe que unha diverxencia entre as disposicións legais, regulamentarias ou administrativas dos Estados membros falsea as condicións de competencia no mercado interior e provoca, por tal motivo, unha distorsión que deba eliminarse, procederá a celebrar consultas cos Estados membros interesados.

Se tales consultas non permitisen chegar a un acordo para suprimir a devandita distorsión, o Parlamento Europeo e o Consello adoptarán, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, as directivas necesarias para este fin. Poderá adoptarse calquera outra medida apropiada prevista nos tratados.

Artigo 117
(antigo artigo 97 TCE)

1. Cando exista motivo para temer que a adopción ou a modificación dunha disposición legal, regulamentaria ou administrativa poida provocar unha distorsión no sentido definido no artigo 96, o Estado membro que pretenda adoptar tales medidas consultaré a Comisión. Despois de consultar os Estados membros, a Comisión recomendaralles aos Estados interesados as medidas apropiadas para evitar tal distorsión.

2. Se o Estado que pretenda adoptar ou modificar disposicións nacionais non se atén á recomendación que a Comisión lle dixira, non se lles poderá pedir aos demais Estados membros, en aplicación do artigo 116, que modifiquen as súas disposicións nacionais para eliminar a devandita distorsión. Se o Estado membro que non tivo en conta a recomendación da Comisión provocase unha distorsión unicamente en prexuízo propio, non serán aplicables as disposicións do artigo 116.

Artigo 118

No ámbito do establecemento ou do funcionamento do mercado interior, o Parlamento Europeo e o Consello establecerán, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, as medidas relativas á creación de títulos europeos para garantir unha protección uniforme dos dereitos de propiedade intelectual e industrial na Unión e ao establecemento de réximes de autorización, coordinación e control centralizados a escala da Unión.

O Consello establecerá, conforme a un procedemento lexislativo especial, mediante regulamentos, os réximes lingüísticos dos títulos europeos. O Consello pronunciarase por unanimidade, logo de consulta ao Parlamento Europeo.

TÍTULO VIII

POLÍTICA ECONÓMICA E MONETARIA

Artigo 119
(antigo artigo 4 TCE)

1. Para alcanzar os fins enunciados no artigo 3 do Tratado da Unión Europea, a acción dos Estados membros e da Unión incluírá, nas condicións previstas nos tratados, a adopción dunha política económica que se baseará na estreita coordinación das políticas económicas dos Estados membros, no mercado interior e na definición de obxectivos comúns e que se levará a cabo de conformidade co respecto ao principio dunha economía de mercado aberta e de libre competencia.

2. Paralelamente, nas condicións e segundo os procedementos previstos nos tratados, a dita acción suporá unha moeda única, o euro, a definición e a aplicación dunha política monetaria e de tipos de cambio única cuxo obxectivo primordial sexa manter a estabilidade de prezos e, sen prexuízo do devandito obxectivo, o apoio á política económica xeral da Unión, de conformidade cos principios dunha economía de mercado aberta e de libre competencia.

3. As devanditas accións dos Estados membros e da Unión implican o respecto dos seguintes principios reitores: prezos estables, finanzas públicas e condicións monetarias sólidas e balanza de pagamentos estable.

CAPÍTULO 1

POLÍTICA ECONÓMICA

Artigo 120
(antigo artigo 98 TCE)

Os Estados membros levarán a cabo as súas políticas económicas de cara a contribuír á realización dos obxectivos da Unión, definidos no artigo 3 do Tratado da Unión Europea, e no marco das orientacións xerais contempladas no punto 2 do artigo 121. Os Estados membros e a Unión actuarán respectando o principio dunha economía de mercado aberta e de libre competencia, favorecendo unha eficiente asignación de

recursos e de conformidade cos principios enunciados no artigo 119.

Artigo 121

(antigo artigo 99 TCE)

1. Os Estados membros considerarán as súas políticas económicas como unha cuestión de interese común e coordinaranas no seo do Consello, conforme ao disposto no artigo 120.

2. O Consello, sobre a base dunha recomendación da Comisión, elaborará un proxecto de orientacións xerais para as políticas económicas dos Estados membros e da Unión e presentarlle un informe ao respecto ao Consello Europeo.

Sobre a base do informe do Consello, o Consello Europeo debaterá unhas conclusións sobre as orientacións xerais das políticas económicas dos Estados membros e da Unión.

Conforme a estas conclusións, o Consello adoptará unha recomendación na que establecerá as devanditas orientacións xerais. O Consello informará da súa recomendación o Parlamento Europeo.

3. Co fin de garantir unha coordinación máis estreita das políticas económicas e unha converxencia sostida dos resultados económicos dos Estados membros, o Consello, baseándose en informes presentados pola Comisión, supervisará a evolución económica de cada un dos Estados membros e da Unión, así como a coherencia das políticas económicas coas orientacións xerais contempladas no punto 2 e procederá regularmente a unha avaliación global.

Para os efectos desta supervisión multilateral, os Estados membros informarán a Comisión acerca das medidas importantes que adoptaran en relación coa súa política económica, así como de todos os demais aspectos que consideren necesarios.

4. Cando, conforme ao procedemento establecido no punto 3, se comprobe que a política económica dun Estado membro contradí as orientacións xerais mencionadas no punto 2 ou pode poñer en perigo o correcto funcionamento da unión económica e monetaria, a Comisión poderá dirixirle unha advertencia ao devandito Estado membro. O Consello, por recomendación da Comisión, poderá dirixir as recomendacións necesarias ao Estado membro de que se trate. O Consello, por proposta da Comisión, poderá decidir facer públicas as súas recomendacións.

Para os efectos do presente punto, o Consello pronunciarase sen tomar en consideración o voto do membro do Consello que represente o Estado membro de que se trate.

A maioría cualificada dos demais membros do Consello definirase de conformidade coa letra a) do punto 3 do artigo 238.

5. O presidente do Consello e a Comisión informarán o Parlamento Europeo acerca dos resultados da supervisión multilateral. Se o Consello fai públicas as súas recomendacións, poderase invitar o seu Presidente a que compareza ante a comisión competente do Parlamento Europeo.

6. O Parlamento Europeo e o Consello poderán adoptar mediante regulamentos, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, normas relativas ao procedemento de supervisión multilateral contemplado nos puntos 3 e 4.

Artigo 122

(antigo artigo 100 TCE)

1. Sen prexuízo dos demais procedementos establecidos nos tratados, o Consello, por proposta da Comisión, poderá decidir, cun espírito de solidariedade entre Estados membros, medidas axeitadas á situación económica, en particular se xorden dificultades graves na subministración de determinados produtos, especialmente no ámbito da enerxía.

2. En caso de dificultades ou en caso de serio risco de dificultades graves nun Estado membro, ocasionadas por catástrofes naturais ou acontecementos excepcionais que o devandito Estado non poida controlar, o Consello, por proposta da Comisión, poderá acordar, en determinadas condicións, unha axuda financeira da Unión ao Estado membro en cuestión. O Presidente do Consello informará o Parlamento Europeo acerca da decisión tomada.

Artigo 123

(antigo artigo 101 TCE)

1. Queda prohibida a autorización de descubertos ou a concesión de calquera outro tipo de créditos polo Banco Central Europeo e polos bancos centrais dos Estados membros, denominados a partir deste momento «bancos centrais nacionais», en favor de institucións, órganos ou organismos da Unión, gobernos centrais, autoridades rexionais ou locais ou outras autoridades públicas, organismos de dereito público ou empresas públicas dos Estados membros, así como a adquisición directa a estes de instrumentos de débeda polo Banco Central Europeo ou os bancos centrais nacionais.

2. As disposicións do punto 1 non afectarán as entidades de crédito públicas que, no marco

da provisión de reservas polos bancos centrais, deberán recibir por parte dos bancos centrais nacionais e do Banco Central Europeo o mesmo trato que as entidades de crédito privadas.

Artigo 124

(antigo artigo 102 TCE)

Queda prohibida calquera medida que non se basee en consideracións prudenciais que estableza un acceso privilexiado ás entidades financeiras para as institucións, órganos ou organismos da Unión, gobernos centrais, autoridades rexionais, locais ou outras autoridades públicas, organismos de dereito público ou empresas públicas dos Estados membros.

Artigo 125

(antigo artigo 103 TCE)

1. A Unión non asumirá nin responderá dos compromisos dos gobernos centrais, autoridades rexionais ou locais ou outras autoridades públicas, organismos de dereito público ou empresas públicas dos Estados membros, sen prexuízo das garantías financeiras mutuas para a realización conxunta de proxectos específicos. Os Estados membros non asumirán nin responderán dos compromisos dos gobernos centrais, autoridades rexionais ou locais ou outras autoridades públicas, organismos de dereito público ou empresas públicas doutro Estado membro, sen prexuízo das garantías financeiras mutuas para a realización conxunta de proxectos específicos.

2. Se fose necesario, o Consello, a proposta da Comisión e logo de consulta ao Parlamento Europeo, poderá especificar as definicións para a aplicación das prohibicións a que se refiren os artigos 123 e 124 e o presente artigo.

Artigo 126

(antigo artigo 104 TCE)

1. Os Estados membros evitarán déficits públicos excesivos.

2. A Comisión supervisará a evolución da situación orzamentaria e do nivel de endebedamento público dos Estados membros, co fin de detectar erros manifestos. En particular, examinará a observancia da disciplina orzamentaria, de acordo cos dous criterios seguintes:

a) se a proporción entre o déficit público previsto ou real e o produto interior bruto supera un valor de referencia, a menos:

- que a proporción descendese substancial e continuamente e chegase a un nivel

- que se aproxime ao valor de referencia,
- que o valor de referencia se supere só excepcional e temporalmente e a proporción se mantéña próxima ao valor de referencia;

b) se a proporción entre a débeda pública e o produto interior bruto supera un valor de referencia, a menos que a proporción diminúa suficientemente e se aproxime a un ritmo satisfactorio ao valor de referencia.

Os valores de referencia especifícanse no Protocolo sobre o procedemento aplicable en caso de déficit excesivo, anexo aos tratados.

3. Se un Estado membro non cumpre os requisitos dun destes criterios ou de ambos os dous, a Comisión elaborará un informe no que tamén se terá en conta se o déficit público supera os gastos públicos de investimento, así como todos os demais factores pertinentes, incluída a situación económica e orzamentaria a medio prazo do Estado membro.

A Comisión tamén poderá elaborar un informe cando considere que, aínda que se cumpran os requisitos inherentes aos criterios, existe o risco dun déficit excesivo nun Estado membro.

4. O Comité Económico e Financeiro emitirá un ditame sobre o informe da Comisión.

5. Se a Comisión considerase que un Estado membro presenta ou pode presentar un déficit excesivo, remitiralle un ditame ao devandito Estado membro e informará diso o Consello.

6. O Consello, sobre a base dunha proposta da Comisión, considerando as posibles observacións que formule o Estado membro de que se trate, e tras unha valoración global, decidirá se existe un déficit excesivo.

7. Cando o Consello, de conformidade co punto 6, decida declarar a existencia dun déficit excesivo, adoptará sen demora inxustificada, sobre a base dunha recomendación da Comisión, as recomendacións dirixidas ao Estado membro de que se trate para que este lle poña fin a esta situación nun prazo determinado. Salvo o disposto no punto 8, as ditas recomendacións non se farán públicas.

8. Cando o Consello comprobe que non se seguiron efectivamente as súas recomendacións no prazo fixado, o Consello poderá facelas públicas.

9. Se un Estado membro persistise en non levar a efecto as recomendacións do Consello, este poderá decidir que se lle formule unha advertencia ao devandito Estado membro para que adopte, nun prazo determinado, as medidas dirixidas á redución do déficit que o Consello considere necesaria para lle poñer remedio á situación.

En tal caso, o Consello poderá esixirlle ao Estado membro de que se trate a presentación de informes conforme a un calendario específico para examinar os esforzos de axuste do devandito Estado membro.

10. No marco dos puntos 1 a 9 do presente artigo, non poderá exercer o dereito de recurso previsto nos artigos 258 e 259.

11. Se un Estado membro incumpre unha decisión adoptada de conformidade co punto 9, o Consello poderá decidir que se aplique ou, se é o caso, que se reforce unha ou varias das seguintes medidas:

- esixirlle ao Estado membro de que se trate que publique unha información adicional, que o Consello deberá especificar, antes de emitir obrigas e valores;
- recomendarlle ao BEI que reconsidere a súa política de empréstitos respecto do Estado membro en cuestión;
- esixir que o Estado membro de que se trate efectúe ante a Unión un depósito sen remuneración de xuros por un importe apropiado, ata que o Consello considere que se corrixiu o déficit excesivo;
- impoñer multas dunha magnitude apropiada.

O presidente do Consello informará o Parlamento Europeo acerca das decisións tomadas.

12. O Consello derrogará algunha ou a totalidade das súas decisións ou recomendacións mencionadas nos puntos 6 a 9 e 11, cando considere que o déficit excesivo do Estado membro en cuestión se corrixiu. Se anteriormente o Consello fixo públicas as súas recomendacións, fará, en canto sexa derogada a decisión adoptada en virtude do punto 8, unha declaración pública na que se afirme que o déficit excesivo deixou de existir no Estado membro en cuestión.

13. Polo que respecta ás decisións ou recomendacións do Consello mencionadas nos puntos 8, 9, 11 e 12, o Consello pronunciarase sobre a base dunha recomendación da Comisión.

Cando o Consello adopte as medidas contempladas nos puntos 6 a 9, 11 e 12, o Consello pronunciarase sen tomar en consideración o voto do membro do Consello que represente o Estado membro de que se trate.

A maioría cualificada dos demais membros do Consello definirase de conformidade coa letra a) do punto 3 do artigo 238.

14. No Protocolo sobre o procedemento aplicable en caso de déficit excesivo anexo aos tratados recóllense disposicións adicionais relacionadas coa aplicación do procedemento descrito no presente artigo.

O Consello, por unanimidade, conforme a un procedemento lexislativo especial, e logo de consulta ao Parlamento Europeo e ao Banco Central Europeo, adoptará as disposicións apropiadas que substituirán o mencionado protocolo.

Sen prexuízo das restantes disposicións do presente punto, o Consello, a proposta da Comisión e logo de consulta ao Parlamento Europeo, fixará normas de desenvolvemento e definicións para a aplicación das disposicións do mencionado protocolo.

CAPÍTULO 2

POLÍTICA MONETARIA

Artigo 127

(antigo artigo 105 TCE)

1. O obxectivo principal do Sistema Europeo de Bancos Centrais, denominado a partir deste momento SEBC, será manter a estabilidade de prezos. Sen prexuízo deste obxectivo, o SEBC apoiará as políticas económicas xerais da Unión, co fin de contribuir á realización dos obxectivos da Unión establecidos no artigo 3 do Tratado da Unión Europea. O SEBC actuará de acordo co principio dunha economía de mercado aberta e de libre competencia, fomentando unha eficiente asignación de recursos de conformidade cos principios expostos no artigo 119.

2. As funcións básicas que se levarán a cabo a través do SEBC serán:

- definir e executar a política monetaria da Unión,
- realizar operacións de divisas coherentes coas disposicións do artigo 219,
- posuír e xestionar as reservas oficiais de divisas dos Estados membros,
- promover o bo funcionamento dos sistemas de pagamento.

3. O disposto no terceiro guiño do punto 2 entenderase sen prexuízo da posesión e xestión de fondos de manobra en divisas por parte dos gobernos dos Estados membros.

4. O Banco Central Europeo será consultado:

- sobre calquera proposta de acto da Unión que entre no seu ámbito de competencia,
- polas autoridades nacionais acerca de calquera proxecto de disposición legal que entre no seu ámbito de competencias, pero dentro dos límites e nas condicións establecidas polo Consello conforme ao procedemento previsto no punto 4 do artigo 129.

O Banco Central Europeo poderá presentarlles

ditames ás institucións, órganos ou organismos da Unión ou ás autoridades nacionais pertinentes acerca de materias que pertencen ao ámbito das súas competencias.

5. O SEBC contribuirá á boa xestión das políticas que leven a cabo as autoridades competentes con respecto á supervisión prudencial das entidades de crédito e á estabilidade do sistema financeiro.

6. O Consello, mediante regulamentos adoptados conforme a un procedemento lexislativo especial, por unanimidade e logo de consulta ao Parlamento Europeo e ao Banco Central Europeo, poderá encomendarlle ao Banco Central Europeo tarefas específicas respecto de políticas relacionadas coa supervisión prudencial das entidades de crédito e outras entidades financeiras, con excepción das empresas de seguros.

Artigo 128

(antigo artigo 106 TCE)

1. O Banco Central Europeo terá o dereito exclusivo de autorizar a emisión de billetes de banco en euros na Unión. O Banco Central Europeo e os bancos centrais nacionais poderán emitir billetes. Os billetes emitidos polo Banco Central Europeo e os bancos centrais nacionais serán os únicos billetes de curso legal na Unión.

2. Os Estados membros poderán realizar emisións de moeda metálica en euros, para as cales será necesaria a aprobación do Banco Central Europeo en canto ao volume de emisión. O Consello, por proposta da Comisión e logo de consulta ao Parlamento Europeo e ao Banco Central Europeo, poderá adoptar medidas para harmonizar os valores nominais e as especificacións técnicas de todas as moedas destinadas á circulación, na medida necesaria para a súa boa circulación dentro da Unión.

Artigo 129

(antigo artigo 107 TCE)

1. O SEBC será dirixido polos órganos reitores do Banco Central Europeo, que serán o Consello de Goberno e o Comité Executivo.

2. Os Estatutos do Sistema Europeo de Bancos Centrais e do Banco Central Europeo, denominados a partir deste momento «Estatutos do SEBC e do BCE», figuran nun protocolo anexo aos tratados.

3. Os artigos 5.1, 5.2, 5.3, 17, 18, 19.1, 22, 23, 24, 26, 32.2, 32.3, 32.4, 32.6, 33.1.a) e 36 dos Estatutos do SEBC e do BCE poderán ser modificados polo Parlamento Europeo e o Consello, de

acordo co procedemento lexislativo ordinario. Pronunciaranse ben sobre a base dunha recomendación do Banco Central Europeo e logo de consulta á Comisión, ben a proposta da Comisión e logo de consulta ao Banco Central Europeo.

4. O Consello, ben a proposta da Comisión e logo de consulta ao Parlamento Europeo e ao Banco Central Europeo, ben sobre a base dunha recomendación do Banco Central Europeo e logo de consulta ao Parlamento Europeo e á Comisión, adoptará as disposicións contempladas nos artigos 4, 5.4, 19.2, 20, 28.1, 29.2, 30.4 e 34.3 dos Estatutos do SEBC e do BCE.

Artigo 130

(antigo artigo 108 TCE)

No exercicio das facultades e no desempeño das funcións e obrigas que lles asignan os tratados e os Estatutos do SEBC e do BCE, nin o Banco Central Europeo, nin os bancos centrais nacionais, nin ningún dos membros dos seus órganos reitores poderán solicitar ou aceptar instrucións das institucións, órganos ou organismos da Unión, nin dos gobernos dos Estados membros, nin de ningún outro órgano. As institucións, órganos ou organismos da Unión, así como os gobernos dos Estados membros, comprométense a respectar este principio e a non tratar de influír nos membros dos órganos reitores do Banco Central Europeo e dos bancos centrais nacionais no exercicio das súas funcións.

Artigo 131

(antigo artigo 109 TCE)

Cada un dos Estados membros velará por que a súa lexislación nacional, incluídos os estatutos do seu banco central nacional, sexa compatible cos tratados e cos Estatutos do SEBC e do BCE.

Artigo 132

(antigo artigo 110 TCE)

1. Para o exercicio das funcións encomendadas ao SEBC, o Banco Central Europeo, conforme ás disposicións dos tratados e nas condicións previstas nos Estatutos do SEBC e do BCE:

- elaborará regulamentos na medida en que iso sexa necesario para o exercicio das funcións definidas no primeiro guión do artigo 3.1 e nos artigos 19.1, 22 ou 25.2 dos Estatutos do SEBC e do BCE e nos casos que se establezan nos actos do Consello mencionados no punto 4 do artigo 129;
- tomará as decisións necesarias para o

exercicio das funcións encomendadas ao SEBC polos tratados e polos Estatutos do SEBC e do BCE;

- formulará recomendacións e emitirá ditames.

2. O Banco Central Europeo poderá decidir facer públicas as súas decisións, recomendacións e ditames.

3. Dentro dos límites e nas condicións adoptados polo Consello conforme ao procedemento establecido no punto 4 do artigo 129 o Banco Central Europeo, estará autorizado a lles impoñer multas e pagamentos periódicos de penalización ás empresas que non cumpren coas súas obrigas respecto dos regulamentos e decisións deste.

Artigo 133

Sen prexuízo das atribucións do Banco Central Europeo, do Parlamento Europeo e do Consello establecerán, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, as medidas necesarias para a utilización do euro como moeda única. As devanditas medidas adoptaranse logo de consulta ao Banco Central Europeo.

CAPÍTULO 3

DISPOSICIÓNS INSTITUCIONAIS

Artigo 134

(antigo artigo 114 TCE)

1. Co fin de promover a coordinación das políticas dos Estados membros en todo o necesario para o funcionamento do mercado interior, créase un Comité Económico e Financeiro.

2. O Comité Económico e Financeiro terá as seguintes funcións:

- emitir ditames, ben a petición do Consello ou da Comisión, ben por iniciativa propia, destinados ás devanditas institucións;
- seguir a situación económica e financeira dos Estados membros e da Unión e informar regularmente o Consello e a Comisión, especialmente sobre as relacións financeiras con terceiros países e con institucións internacionais;
- colaborar; sen prexuízo do disposto no artigo 240, na preparación dos traballos do Consello a que se refiren os artigos 66 e 75, os puntos 2, 3, 4 e 6 do artigo 121, os artigos 122, 124, 125 e 126, o punto 6 do artigo 127, o punto 2 do artigo 128, os puntos 3 e 4 do artigo 129, o artigo 138, os puntos

2 e 3 do artigo 140, o artigo 143, os puntos 2 e 3 do artigo 144 e o artigo 219 e levar a cabo outras tarefas consultivas e preparatorias que lle encomende o Consello;

- examinar, polo menos unha vez ao ano, a situación relativa aos movementos de capitais e á liberdade de pagamentos, tal e como resulten da aplicación dos tratados e das medidas adoptadas polo Consello. Este exame comprenderá todas as medidas relativas aos movementos de capitais e aos pagamentos. O Comité informará a Comisión e o Consello sobre o resultado deste exame.

Os Estados membros, a Comisión e o Banco Central Europeo designarán cada un deles un máximo de dous membros do Comité.

3. O Consello, a proposta da Comisión e logo de consulta ao Banco Central Europeo e ao Comité mencionado no presente artigo, establecerá as normas de desenvolvemento relativas á composición do Comité Económico e Financeiro. O presidente do Consello informará o Parlamento Europeo sobre tal decisión.

4. Ademais das funcións expostas no punto 2, se houbese e mentres haxa Estados membros acollidos a unha excepción conforme ao artigo 139, o Comité supervisará a situación monetaria e financeira e o sistema xeral de pagamentos dos devanditos Estados membros e informará regularmente ao respecto o Consello e a Comisión.

Artigo 135

(antigo artigo 115 TCE)

Respecto dos asuntos comprendidos no ámbito de aplicación do punto 4 do artigo 121, do artigo 126, agás o seu punto 14, do artigo 138, do punto 1 do artigo 140, do parágrafo primeiro do punto 2 do artigo 140, do punto 3 do artigo 140, e do artigo 219, o Consello ou un Estado membro poderán solicitar da Comisión que presente unha recomendación ou unha proposta segundo sexa pertinente. A Comisión examinará a solicitude e presentaralle sen demora as súas conclusións ao Consello.

CAPÍTULO 4

DISPOSICIÓNS ESPECÍFICAS PARA OS ESTADOS MEMBROS CUXA MOEDA É O EURO

Artigo 136

1. Co fin de contribuír ao correcto funcionamento da unión económica e monetaria e de

conformidade coas disposicións pertinentes dos tratados, o Consello adoptará, conforme ao procedemento que corresponda dos considerados nos artigos 121 e 126, con excepción do procedemento establecido no punto 14 do artigo 126, medidas relativas aos Estados membros cuxa moeda é o euro para:

a) reforzar a coordinación e a supervisión da súa disciplina orzamentaria;

b) elaborar as orientacións de política económica referentes aos devanditos Estados, velando por que sexan compatibles coas adoptadas para o conxunto da Unión, e garantir a súa vixilancia.

2. Unicamente participarán nas votacións sobre as medidas contempladas no punto 1 os membros do Consello que representen os Estados membros cuxa moeda é o euro.

A maioría cualificada dos devanditos membros definirase de conformidade coa letra a) do punto 3 do artigo 238.

Artigo 137

As modalidades das reunións entre os ministros dos Estados membros cuxa moeda é o euro establécense no Protocolo sobre o Eurogrupo.

Artigo 138

(antigo artigo 111, punto 4, TCE)

1. Para garantir a posición do euro no sistema monetario internacional, o Consello adoptará, a proposta da Comisión, unha decisión pola que se determinen as posicións comúns sobre as cuestións que revistan especial interese para a unión económica e monetaria nas institucións e conferencias financeiras internacionais competentes. O Consello pronunciarase logo de consulta ao Banco Central Europeo.

2. O Consello poderá adoptar, a proposta da Comisión, as medidas adecuadas para contar cunha representación única nas institucións e conferencias financeiras internacionais. O Consello pronunciarase logo de consulta ao Banco Central Europeo.

3. Unicamente participarán nas votacións sobre as medidas contempladas nos puntos 1 e 2 os membros do Consello que representen os Estados membros cuxa moeda é o euro.

A maioría cualificada dos devanditos membros definirase de conformidade coa letra a) do punto 3 do artigo 238.

CAPÍTULO 5

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

Artigo 139

1. Os Estados membros sobre os que o Consello non decidise que cumpren as condicións necesarias para a adopción do euro denominarase a partir deste momento «Estados membros acollidos a unha excepción».

2. As seguintes disposicións dos tratados non se aplicarán aos Estados membros acollidos a unha excepción:

a) adopción das partes das orientacións xerais das políticas económicas que afecten a zona do euro de forma xeral (punto 2 do artigo 121);

b) medios estritos para remediar os déficits excesivos (puntos 9 e 11 do artigo 126);

c) obxectivos e funcións do SEBC (puntos 1, 2, 3 e 5 do artigo 127);

d) emisión do euro (artigo 128);

e) actos do Banco Central Europeo (artigo 132);

f) medidas relativas á utilización do euro (artigo 133);

g) acordos monetarios e outras medidas relativas á política de tipos de cambio (artigo 219);

h) designación dos membros do Comité Executivo do Banco Central Europeo (punto 2 do artigo 283);

i) decisións polas que se determinen posicións comúns sobre cuestións que revistan especial interese para a unión económica e monetaria nas institucións e conferencias financeiras internacionais competentes (punto 1 do artigo 138);

j) medidas para contar cunha representación única nas institucións e conferencias financeiras internacionais (punto 2 do artigo 138).

Por conseguinte, nos artigos citados nas letras a) a j) entenderase por «Estados membros» os Estados membros cuxa moeda é o euro.

3. Os Estados membros acollidos a unha excepción e os seus bancos centrais nacionais estarán excluídos dos dereitos e obrigas no marco do SEBC, de conformidade co capítulo IX dos Estatutos do SEBC e do BCE.

4. Os dereitos de voto dos membros do Consello que representen os Estados membros acollidos a unha excepción quedarán suspendidos cando o Consello adopte as medidas previstas nos artigos citados no punto 2, así como nos casos seguintes:

a) recomendacións dirixidas aos Estados

membros cuxa moeda é o euro no marco da supervisión multilateral, incluídas as recomendacións relativas aos programas de estabilidade e as advertencias (punto 4 do artigo 121);

b) medidas relativas aos déficits excesivos que afecten os Estados membros cuxa moeda é o euro (puntos 6, 7, 8, 12 e 13 do artigo 126).

A maioría cualificada dos demais membros do Consello definirase de conformidade coa letra a) do punto 3 do artigo 238.

Artigo 140

(antigos artigos 121, punto 1, 122, punto 2, segunda frase, e 123, punto 5, TCE)

1. Unha vez cada dous anos como mínimo, ou a petición de calquera Estado membro acollido a unha excepción, a Comisión e o Banco Central Europeo presentaranlle informes ao Consello acerca dos avances que realízaen os Estados membros acollidos a unha excepción no cumprimento das súas obrigas en relación coa realización da unión económica e monetaria. Estes informes incluírán un exame da compatibilidade da lexislación nacional de cada un destes Estados membros, incluídos os estatutos do seu banco central nacional, co artigo 130 e o artigo 131, así como cos Estatutos do SEBC e do BCE. Estes informes examinarán tamén a consecución dun alto grao de converxencia sustentable, atendendo ao cumprimento dos seguintes criterios por parte de cada un dos Estados membros:

- o logro dun alto grao de estabilidade de prezos, que deberá quedar de manifesto a través dunha taxa de inflación que estea próximo á de, como máximo, os tres Estados membros máis eficaces en canto á estabilidade de prezos;
- as finanzas públicas deberán atoparse nunha situación sustentable, o que quedará demostrado en caso de conseguirse unha situación do orzamento sen un déficit público excesivo, definido de conformidade co disposto no punto 6 do artigo 126;
- o respecto, durante dous anos como mínimo, sen que se produza depreciación fronte ao euro, das marxes normais de fluctuación que establece o mecanismo de tipos de cambio do sistema monetario europeo;
- o carácter duradeiro da converxencia conseguida polo Estado membro acollido a unha excepción e da súa participación no mecanismo de tipos de cambio deberá verse reflectido nos niveis de tipos de xuro a longo prazo.

Os catro criterios mencionados no presente punto e os períodos pertinentes durante os cales deberán respectarse os devanditos criterios explícitanse nun protocolo anexo aos tratados. Os informes da Comisión e do Ime deberán tomar en consideración así mesmo os resultados da integración dos mercados, a situación e a evolución das balanzas de pagamentos por conta corrente e un estudo da evolución dos custos laborais unitarios e doutros índices de prezos.

2. Tras consultar o Parlamento Europeo e unha vez debatida a cuestión no Consello Europeo, o Consello, por proposta da Comisión, decidirá que Estados membros acollidos a unha excepción reúnen as condicións necesarias conforme aos criterios expostos no punto 1 e suprimirá as excepcións dos Estados membros de que se trate.

O Consello pronunciarase tras recibir unha recomendación dunha maioría cualificada dos seus membros que represente os Estados membros cuxa moeda é o euro. Os devanditos membros pronunciaranse nun prazo de seis meses a partir da recepción polo Consello da proposta da Comisión.

A maioría cualificada dos devanditos membros, a que se refire o parágrafo segundo, definirase de conformidade coa letra a) do punto 3 do artigo 238.

3. Se, conforme ao procedemento establecido no punto 2, se decide poñer fin a unha excepción, o Consello, por unanimidade dos Estados membros cuxa moeda é o euro e do Estado membro de que se trate, a proposta da Comisión e logo de consulta ao Banco Central Europeo, fixará irrevogablemente o tipo ao que o euro substituirá a moeda do Estado membro de que se trate, así como as restantes medidas necesarias para a introdución do euro como moeda única no Estado membro de que se trate.

Artigo 141

(antigos artigos 123, punto 3, e 117, punto 2, cinco primeiros guións, TCE)

1. En caso de que haxa Estados membros acollidos a unha excepción, e ata que os haxa, e sen prexuízo do punto 1 do artigo 129, o Consello Xeral do Banco Central Europeo mencionado no artigo 44 dos Estatutos do SEBC e do BCE constituirase como terceiro órgano decisorio do Banco Central Europeo.

2. Mentres haxa Estados membros acollidos a unha excepción, o Banco Central Europeo, no que se refire a eses Estados membros:

- reforzará a cooperación entre os bancos centrais nacionais,

- reforzará a coordinación das políticas monetarias dos Estados membros, co fin de garantir a estabilidade de prezos,
- supervisará o funcionamento do mecanismo de tipos de cambio,
- celebrará consultas sobre asuntos que sexan competencia dos bancos centrais nacionais e que afecten a estabilidade das entidades e mercados financeiros,
- exercerá as antigas funcións do Fondo Europeo de Cooperación Monetaria, que anteriormente asumira o Instituto Monetario Europeo.

Artigo 142

(antigo artigo 124, punto 1, TCE)

Cada Estado membro acollido a unha excepción considerará a súa política de cambio como unha cuestión de interese común. Os Estados membros terán en conta ao facelo as experiencias adquiridas mediante a cooperación no marco do mecanismo de tipos de cambio.

Artigo 143

(antigo artigo 119 TCE)

1. En caso de dificultades ou de ameaza grave de dificultades na balanza de pagamentos dun Estado membro acollido a unha excepción, orixinadas por un desequilibrio global da devandita balanza ou polo tipo de divisas de que dispoña, que poidan, en particular, comprometer o funcionamento do mercado interior ou a realización da política comercial común, a Comisión procederá sen demora a examinar a situación do devandito Estado, así como a acción que este emprendese ou poida emprender conforme ao disposto nos tratados, para o que recorrerá a todos os medios que estean ao seu alcance. A Comisión indicará as medidas cuxa adopción lle recomenda ao Estado interesado.

Se a acción emprendida por un Estado membro acollido a unha excepción e as medidas suxeridas pola Comisión resultasen insuficientes para superar as dificultades xurdidas ou a ameaza de dificultades, a Comisión recomendaralle ao Consello, logo de consulta ao Comité Económico e Financeiro, a concesión de asistencia mutua e os métodos pertinentes.

A Comisión deberá informar regularmente o Consello sobre a situación e a súa evolución.

2. O Consello concederá a devandita asistencia mutua e adoptará directivas ou tomará decisións para determinar as condicións e moda-

lidades desta. A asistencia mutua poderá revestir, en particular, a forma de:

a) unha acción concertada ante outras organizacións internacionais ás que poidan recorrer os Estados membros acollidos a unha excepción;

b) medidas necesarias para evitar desviacións do tráfico comercial, cando o Estado membro acollido a unha excepción que estea en dificultades manteña ou restableza restricións cuantitativas respecto de terceiros países;

c) concesión de créditos limitados por parte doutros Estados membros, cando estes dean o seu consentimento.

3. Se o Consello non aprobase a asistencia mutua recomendada pola Comisión ou se a asistencia mutua aprobada e as medidas adoptadas fosen insuficientes, a Comisión autorizará o Estado membro acollido a unha excepción que atravesase dificultades para que adopte medidas de salvagarda nas condicións e modalidades que ela determine.

O Consello poderá revogar a devandita autorización e modificar as súas condicións e modalidades.

Artigo 144

(antigo artigo 120 TCE)

1. En caso de crise súbita na balanza de pagamentos e de non tomar inmediatamente unha decisión de acordo co establecido no punto 2 do artigo 143, o Estado membro acollido a unha excepción poderá adoptar, con carácter preventivo, as medidas de salvagarda necesarias. As devanditas medidas deberán producir a menor perturbación posible no funcionamento do mercado interior e non poderán ter maior alcance ca o estritamente indispensable para superar as dificultades que xurdan subitamente.

2. A Comisión e os demais Estados membros deberán ser informados das devanditas medidas de salvagarda, como moito, no momento da súa entrada en vigor. A Comisión poderá recomendarlle ao Consello a concesión dunha asistencia mutua conforme ao previsto no artigo 143.

3. Logo de recomendación da Comisión e logo de consulta ao Comité Económico e Financeiro, o Consello poderá decidir que o Estado membro interesado modifique, suspenda ou suprima as medidas de salvagarda antes mencionadas.

TÍTULO IX

EMPREGO

Artigo 145

(antigo artigo 125 TCE)

Os Estados membros e a Unión esforzaranse, de conformidade co presente título, por desenvolver unha estratexia coordinada para o emprego, en particular para potenciar unha man de obra cualificada, formada e adaptable e mercados laborais con capacidade de resposta ao cambio económico, de cara a lograr os obxectivos definidos no artigo 3 do Tratado da Unión Europea.

Artigo 146

(antigo artigo 126 TCE)

1. Os Estados membros, mediante as súas políticas de emprego, contribuirán ao logro dos obxectivos considerados no artigo 145, de forma compatible coas orientacións xerais das políticas económicas dos Estados membros e da Unión adoptadas conforme ao punto 2 do artigo 121.

2. Tendo en conta as prácticas nacionais relativas ás responsabilidades dos interlocutores sociais, os Estados membros considerarán o fomento do emprego como un asunto de interese común e coordinarán as súas actuacións ao respecto no seo do Consello, de conformidade co disposto no artigo 148.

Artigo 147

(antigo artigo 127 TCE)

1. A Unión contribuirá a un alto nivel de emprego mediante o fomento da cooperación entre os Estados membros, así como apoiando e, en caso necesario, complementando as súas respectivas actuacións. Ao facelo, respectarase as competencias dos Estados membros.

2. Ao formular e aplicar as políticas e medidas da Unión, deberá terse en conta o obxectivo dun alto nivel de emprego.

Artigo 148

(antigo artigo 128 TCE)

1. O Consello Europeo examinará anualmente a situación do emprego na Unión e adoptará conclusións ao respecto, baseándose nun informe conxunto anual elaborado polo Consello e a Comisión.

2. Baseándose nas conclusións do Consello Europeo, o Consello, por proposta da Comisión,

logo de consulta ao Parlamento Europeo, ao Comité Económico e Social, ao Comité das Rexións e ao Comité de Emprego previsto no artigo 150, elaborará anualmente orientacións que os Estados membros terán en conta nas súas respectivas políticas de emprego. As devanditas orientacións serán compatibles coas orientacións xerais adoptadas conforme ao disposto no punto 2 do artigo 121.

3. Cada Estado membro facilitaralle ao Consello e á Comisión un informe anual sobre as principais medidas adoptadas para aplicar a súa política de emprego, á vista das orientacións referentes ao emprego contempladas no punto 2.

4. O Consello, baseándose nos informes a que se refire o punto 3 e tras recibir as opinións do Comité de Emprego, efectuará anualmente un exame da aplicación das políticas de emprego dos Estados membros á vista das orientacións referentes ao emprego. O Consello, sobre a base dunha recomendación da Comisión, poderá formularlles recomendacións aos Estados membros, se o considera pertinente, á vista do devandito exame.

5. Sobre a base do resultado do devandito exame, o Consello e a Comisión prepararán un informe anual conxunto para o Consello Europeo sobre a situación do emprego na Unión e sobre a aplicación das orientacións para o emprego.

Artigo 149

(antigo artigo 129 TCE)

O Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento lexislativo ordinario e tras consulta ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións, poderán adoptar medidas de fomento para alentar a cooperación entre os Estados membros e apoiar a actuación destes últimos no ámbito do emprego, a través de iniciativas destinadas a desenvolver os intercambios de información e boas prácticas, facilitar análises comparativas e asesoramento, así como promover formulacións innovadoras e avaliar experiencias, en particular recorrendo a proxectos piloto.

Estas medidas non incluírán harmonización ningunha das disposicións legais e regulamentarias dos Estados membros.

Artigo 150

(antigo artigo 130 TCE)

O Consello, por maioría simple, logo de consulta ao Parlamento Europeo, creará un Comité de Emprego de carácter consultivo para fomentar a coordinación entre os Estados membros en

materia de políticas de emprego e do mercado laboral. As tarefas do devandito Comité serán as seguintes:

- supervisar a situación do emprego e as políticas en materia de emprego dos Estados membros e da Unión;
- elaborar, sen prexuízo do disposto no artigo 240, ditames a petición do Consello, da Comisión ou por propia iniciativa, e contribuír á preparación das medidas do Consello ás que se refire o artigo 148.

Para levar a cabo o seu mandato, o Comité deberá consultar os interlocutores sociais.

Cada un dos Estados membros e a Comisión designarán dous membros do Comité.

TÍTULO X

POLÍTICA SOCIAL

Artigo 151

(antigo artigo 136 TCE)

A Unión e os Estados membros, tendo presentes dereitos sociais fundamentais como os que se indican na Carta Social Europea, asinada en Turín o 18 de outubro de 1961, e na Carta Comunitaria dos Dereitos Sociais Fundamentais dos Traballadores de 1989, terán como obxectivo o fomento do emprego, a mellora das condicións de vida e de traballo, co fin de conseguir a súa equiparación pola vía do progreso, unha protección social axeitada, o diálogo social, o desenvolvemento dos recursos humanos para conseguir un nivel de emprego elevado e duradeiro e a loita contra as exclusións.

Para tal fin, a Unión e os Estados membros emprenderán accións nas que se teña en conta a diversidade das prácticas nacionais, en particular no ámbito das relacións contractuais, así como a necesidade de manter a competitividade da economía da Unión.

Consideran que esta evolución resultará tanto do funcionamento do mercado interior, que favorecerá a harmonización dos sistemas sociais, coma dos procedementos previstos nos tratados e da aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas.

Artigo 152

A Unión recoñecerá e promoverá o papel dos interlocutores sociais no seu ámbito, tendo en conta a diversidade dos sistemas nacionais. Facilitará o diálogo entre eles, dentro do respecto da súa autonomía.

O cumio social tripartito para o crecemento e o emprego contribuirá ao diálogo social.

Artigo 153

(antigo artigo 137 TCE)

1. Para a consecución dos obxectivos do artigo 151, a Unión apoiará e completará a acción dos Estados membros nos seguintes ámbitos:

- a) a mellora, en concreto, do ámbito de traballo, para protexer a saúde e a seguridade dos traballadores;
- b) as condicións de traballo;
- c) a seguridade social e a protección social dos traballadores;
- d) a protección dos traballadores en caso de rescisión do contrato laboral;
- e) a información e a consulta aos traballadores;
- f) a representación e a defensa colectiva dos intereses dos traballadores e dos empresarios, incluída a coxestión, sen prexuízo do disposto no punto 5;
- g) as condicións de emprego dos nacionais de terceiros países que residan legalmente no territorio da Unión;
- h) a integración das persoas excluídas do mercado laboral, sen prexuízo do artigo 166;
- i) a igualdade entre homes e mulleres polo que respecta ás oportunidades no mercado laboral e ao trato no traballo;
- j) a loita contra a exclusión social;
- k) a modernización dos sistemas de protección social, sen prexuízo da letra c).

2. Para tal fin, o Parlamento Europeo e o Consello:

a) poderán adoptar medidas destinadas a fomentar a cooperación entre os Estados membros mediante iniciativas para mellorar os coñecementos, desenvolver o intercambio de información e de boas prácticas, promover fórmulas innovadoras e avaliar experiencias, con exclusión de toda harmonización das disposicións legais e regulamentarias dos Estados membros;

b) poderán adoptar, nos ámbitos mencionados nas letras a) a i) do punto 1, mediante directivas, as disposicións mínimas que haberán de aplicarse progresivamente, tendo en conta as condicións e regulamentacións técnicas existentes en cada un dos Estados membros. Tales directivas evitarán establecer trabas de carácter administrativo, financeiro e xurídico que obstaculicen a creación e o desenvolvemento de pequenas e medianas empresas.

O Parlamento Europeo e o Consello decidirán

conforme ao procedemento lexislativo ordinario e logo de consulta ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións.

Nos ámbitos mencionados nas letras c), d), f) e g) do punto 1, o Consello decidirá conforme a un procedemento lexislativo especial, por unanimidade, logo de consulta ao Parlamento Europeo e aos devanditos comités.

O Consello, por unanimidade, por proposta da Comisión e logo de consulta ao Parlamento Europeo, poderá decidir que o procedemento lexislativo ordinario sexa aplicable ás letras d), f) e g) do punto 1.

3. Todo Estado membro poderá confiarlles aos interlocutores sociais, a petición conxunta destes últimos, a aplicación das directivas adoptadas en virtude do punto 2 ou, se é o caso, a aplicación dunha decisión do Consello adoptada de conformidade co artigo 155.

En tal caso asegurárase de que, como moito na data na que deba estar transposta ou aplicada unha directiva ou unha decisión, os interlocutores sociais establezan, mediante acordo, as disposicións necesarias; o Estado membro interesado deberá tomar todas as disposicións necesarias para poder garantir, en todo momento, os resultados fixados pola devandita directiva ou a devandita decisión.

4. As disposicións adoptadas en virtude do presente artigo:

- non afectarán a facultade recoñecida aos Estados membros de definir os principios fundamentais do seu sistema de seguridade social, nin deberán afectar de modo sensible o equilibrio financeiro deste;
- non lles impedirán aos Estados membros manter ou introducir medidas de protección máis estritas compatibles cos tratados.

5. As disposicións do presente artigo non se aplicarán ás remuneracións, ao dereito de asociación e sindicación, ao dereito de folga nin ao dereito de peche patronal.

Artigo 154

(antigo artigo 138 TCE)

1. A Comisión terá como labor fomentar a consulta aos interlocutores sociais no ámbito da Unión e adoptar todas as disposicións necesarias para facilitar o seu diálogo, velando por que ambas as dúas partes reciban un apoio equilibrado.

2. Para tal efecto, antes de presentar propostas no ámbito da política social, a Comisión consultará os interlocutores sociais sobre a posible orientación dunha acción da Unión.

3. Se, tras a devandita consulta, a Comisión considerase conveniente unha acción da Unión, consultará os interlocutores sociais sobre o contido da proposta contemplada. Os interlocutores sociais remitiranlle á Comisión un ditame ou, se é o caso, unha recomendación.

4. Con ocasión das consultas contempladas nos puntos 2 e 3, os interlocutores sociais poderán informar a Comisión sobre a súa vontade de iniciar o proceso previsto no artigo 155. A duración do devandito proceso non poderá exceder de nove meses, salvo se os interlocutores sociais afectados decidisen prolongalo de común acordo coa Comisión.

Artigo 155

(antigo artigo 139 TCE)

1. O diálogo entre interlocutores sociais no ámbito da Unión poderá conducir, se estes o desexan, ao establecemento de relacións convencionais, acordos incluídos.

2. A aplicación dos acordos celebrados no ámbito da Unión realizarase xa sexa segundo os procedementos e prácticas propios dos interlocutores sociais e dos Estados membros, xa sexa nos ámbitos suxeitos ao artigo 153, e a petición conxunta das partes asinantes, sobre a base dunha decisión do Consello adoptada por proposta da Comisión. Informarase o Parlamento Europeo.

O Consello decidirá por unanimidade cando o acordo en cuestión conteña unha ou máis disposicións relativas a algún dos ámbitos para os que se requira a unanimidade, en virtude do punto 2 do artigo 153.

Artigo 156

(antigo artigo 140 TCE)

Co fin de alcanzar os obxectivos expostos no artigo 151, e sen prexuízo das demais disposicións dos tratados, a Comisión fomentará a colaboración entre os Estados membros e facilitará a coordinación das súas accións nos ámbitos da política social tratados no presente capítulo, particularmente nas materias relacionadas con:

- o emprego,
- o dereito do traballo e as condicións de traballo,
- a formación e perfeccionamento profesionais,
- a seguridade social,
- a protección contra os accidentes de traballo e as enfermidades profesionais,
- a hixiene do traballo,
- o dereito de sindicación e as negociacións

colectivas entre empresarios e traballadores.

Para tal fin, a Comisión actuará en estreito contacto cos Estados membros, mediante estudos, ditames e a organización de consultas, tanto para os problemas que se formulen no ámbito nacional como para aqueles que lles interesen ás organizacións internacionais, en particular mediante iniciativas tendentes a establecer orientacións e indicadores, organizar o intercambio de mellores prácticas e preparar os elementos necesarios para o control e a avaliación periódicos. Informarase cumpridamente o Parlamento Europeo.

Antes de emitir os ditames previstos no presente artigo, a Comisión consultará o Comité Económico e Social.

Artigo 157

(antigo artigo 141 TCE)

1. Cada Estado membro garantizará a aplicación do principio de igualdade de retribución entre traballadores e traballadoras para un mesmo traballo ou para un traballo de igual valor.

2. Enténdese por retribución, a teor do presente artigo, o salario ou soldo normal de base ou mínimo e calquera outra gratificación satisfeita, directa ou indirectamente, en diñeiro ou en especie, polo empresario ao traballador en razón da relación de traballo.

A igualdade de retribución, sen discriminación por razón de sexo, significa:

a) que a retribución establecida para un mesmo traballo remunerado por unidade de obra realizada se fixa sobre a base dunha mesma unidade de medida;

b) que a retribución establecida para un traballo remunerado por unidade de tempo é igual para un mesmo posto de traballo.

3. O Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento lexislativo ordinario e logo de consulta ao Comité Económico e Social, adoptarán medidas para garantir a aplicación do principio de igualdade de oportunidades e igualdade de trato para homes e mulleres en asuntos de emprego e ocupación, incluído o principio de igualdade de retribución para un mesmo traballo ou para un traballo de igual valor.

4. Co obxecto de garantir na práctica a plena igualdade entre homes e mulleres na vida laboral, o principio de igualdade de trato non lle impedirá a ningún Estado membro manter ou adoptar medidas que ofrezan vantaxes concretas destinadas a lle facilitar ao sexo menos representado o exercicio de actividades profesionais

ou a evitar ou compensar desvantaxes nas súas carreiras profesionais.

Artigo 158

(antigo artigo 142 TCE)

Os Estados membros procurarán manter a equivalencia existente entre os réximes de vacacións retribuídas.

Artigo 159

(antigo artigo 143 TCE)

A Comisión elaborará un informe anual sobre a evolución na consecución dos obxectivos do artigo 151, que incluírá a situación demográfica na Unión. A Comisión remitiralle o devandito informe ao Parlamento Europeo, ao Consello e ao Comité Económico e Social.

Artigo 160

(antigo artigo 144 TCE)

O Consello, por maioría simple, logo de consulta ao Parlamento Europeo, creará un Comité de Protección Social, de carácter consultivo, para fomentar a cooperación en materia de protección social entre os Estados membros e coa Comisión. O Comité terá por misión:

- supervisar a situación social e a evolución das políticas de protección social dos Estados membros e da Unión;
- facilitar o intercambio de información, experiencias e boas prácticas entre os Estados membros e coa Comisión;
- sen prexuízo do disposto no artigo 240, elaborar informes, emitir ditames ou emprender outras actividades nos ámbitos que sexan da súa competencia, xa sexa a petición do Consello ou da Comisión ou por propia iniciativa.

Para levar a cabo o seu mandato, o Comité establecerá os contactos axeitados cos interlocutores sociais.

Cada un dos Estados membros e a Comisión designarán dous membros do Comité.

Artigo 161

(antigo artigo 145 TCE)

A Comisión dedicarlle un capítulo especial do seu informe anual ao Parlamento Europeo á evolución da situación social na Unión.

O Parlamento Europeo poderá invitar a Comisión a elaborar informes sobre problemas particulares relativos á situación social.

TÍTULO XI

O FONDO SOCIAL EUROPEO

Artigo 162

(antigo artigo 146 TCE)

Para mellorar as posibilidades de emprego dos traballadores no mercado interior e contribuír así á elevación do nivel de vida, créase, no marco das disposicións seguintes, un Fondo Social Europeo destinado a fomentar, dentro da Unión, as oportunidades de emprego e a mobilidade xeográfica e profesional dos traballadores, así como a facilitar a súa adaptación ás transformacións industriais e aos cambios dos sistemas de produción, especialmente mediante a formación e a reconversión profesionais.

Artigo 163

(antigo artigo 147 TCE)

A administración do fondo corresponderalle á Comisión.

Na devandita tarefa, a Comisión estará asistida por un comité, presidido por un membro da Comisión e composto por representantes dos gobernos, das organizacións sindicais de traballadores e das asociacións empresariais.

Artigo 164

(antigo artigo 148 TCE)

O Parlamento Europeo e o Consello adoptarán, conforme ao procedemento lexislativo ordinario e logo de consulta ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións, os regulamentos de aplicación relativos ao Fondo Social Europeo.

TÍTULO XII

EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL, XUVENTUDE E DEPORTE

Artigo 165

(antigo artigo 149 TCE)

1. A Unión contribuirá ao desenvolvemento dunha educación de calidade fomentando a cooperación entre os Estados membros e, se fose necesario, apoiando e completando a acción destes no pleno respecto das súas responsabilidades en canto aos contidos do ensino e á organización do sistema educativo, así como da súa diversidade cultural e lingüística.

A Unión contribuirá a fomentar os aspectos europeos do deporte, tendo en conta as súas características específicas, as súas estruturas baseadas no voluntariado e a súa función social e educativa.

2. A acción da Unión encamiñárase a:

- desenvolver a dimensión europea no ensino, especialmente a través da aprendizaxe e da difusión das linguas dos Estados membros;
- favorecer a mobilidade de estudantes e profesores, fomentando en particular o recoñecemento académico dos títulos e dos períodos de estudos;
- promover a cooperación entre os centros docentes;
- incrementar o intercambio de información e de experiencias sobre as cuestións comúns aos sistemas de formación dos Estados membros;
- favorecer o incremento dos intercambios de mozos e de animadores socioeducativos e fomentar a participación dos mozos na vida democrática de Europa;
- fomentar o desenvolvemento da educación a distancia;
- desenvolver a dimensión europea do deporte, promovendo a equidade e a apertura nas competicións deportivas e a cooperación entre os organismos responsables do deporte e protexendo a integridade física e moral dos deportistas, especialmente a dos máis novos.

3. A Unión e os Estados membros favorecerán a cooperación con terceiros países e coas organizacións internacionais competentes en materia de educación e de deporte e, en particular, co Consello de Europa.

4. Para contribuír á realización dos obxectivos considerados no presente artigo:

- o Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento lexislativo ordinario e logo de consulta ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións, adoptarán medidas de fomento, con exclusión de toda harmonización das disposicións legais e regulamentarias dos Estados membros;
- o Consello adoptará, por proposta da Comisión, recomendacións.

Artigo 166

(antigo artigo 150 TCE)

1. A Unión desenvolverá unha política de formación profesional que reforce e complete as accións dos Estados membros, respectando ple-

namente a responsabilidade destes no relativo ao contido e á organización da devandita formación.

2. A acción da Unión encamiñárase a:
- facilitar a adaptación ás transformacións industriais, especialmente mediante a formación e a reconversión profesionais;
 - mellorar a formación profesional inicial e permanente, para facilitar a inserción e a reinserción profesional no mercado laboral;
 - facilitar o acceso á formación profesional e favorecer a mobilidade dos educadores e das persoas en formación, especialmente dos mozos;
 - estimular a cooperación en materia de formación entre centros de ensino e empresas;
 - incrementar o intercambio de información e de experiencias sobre as cuestións comúns aos sistemas de formación dos Estados membros.

3. A Unión e os Estados membros favorecerán a cooperación con terceiros países e coas organizacións internacionais competentes en materia de formación profesional.

4. O Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento lexislativo ordinario e logo de consulta ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións, adoptarán medidas para contribuír á realización dos obxectivos establecidos no presente artigo, con exclusión de toda harmonización das disposicións legais e regulamentarias dos Estados membros, e o Consello adoptará, por proposta da Comisión, recomendacións.

TÍTULO XIII

CULTURA

Artigo 167

(antigo artigo 151 TCE)

1. A Unión contribuír á florecemento das culturas dos Estados membros, dentro do respecto da súa diversidade nacional e rexional e, ao mesmo tempo, poñerá de relevo o patrimonio cultural común.

2. A acción da Unión favorecerá a cooperación entre Estados membros e, de ser necesario, apoiará e completará a acción destes nos seguintes ámbitos:

- a mellora do coñecemento e a difusión da cultura e a historia dos pobos europeos,
- a conservación e protección do patrimonio

cultural de importancia europea,

- os intercambios culturais non comerciais,
- a creación artística e literaria, incluído o sector audiovisual.

3. A Unión e os Estados membros fomentarán a cooperación cos terceiros países e coas organizacións internacionais competentes no ámbito da cultura, especialmente co Consello de Europa.

4. A Unión terá en conta os aspectos culturais na súa actuación en virtude doutras disposicións do presente tratado, en particular co fin de respectar e fomentar a diversidade das súas culturas.

5. Para contribuír á consecución dos obxectivos do presente artigo:

- o Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento lexislativo ordinario e logo de consulta ao Comité das Rexións, adoptarán medidas de fomento, con exclusión de toda harmonización das disposicións legais e regulamentarias dos Estados membros;
- o Consello adoptará, a proposta da Comisión, recomendacións.

TÍTULO XIV

SAÚDE PÚBLICA

Artigo 168

(antigo artigo 152 TCE)

1. Ao definirse e executarse todas as políticas e accións da Unión, garantirase un alto nivel de protección da saúde humana.

A acción da Unión, que complementará as políticas nacionais, encamiñárase a mellorar a saúde pública, previr as enfermidades humanas e evitar as fontes de perigo para a saúde física e psíquica. A devandita acción abranguerá a loita contra as enfermidades máis graves e amplamente difundidas, apoiando a investigación da súa etioloxía, da súa transmisión e da súa prevención, así como a información e a educación sanitarias e a vixilancia das ameazas transfronteiras graves para a saúde, a alerta en caso de tales ameazas e a loita contra elas.

A Unión complementará a acción dos Estados membros dirixida a reducir os danos á saúde producidos polas drogas, incluídas a información e a prevención.

2. A Unión fomentará a cooperación entre os Estados membros nos ámbitos considerados no presente artigo e, en caso necesario, prestará apoio á súa acción. Fomentará, en particular, a

cooperación entre os Estados membros destinada a mellorar a complementariedade dos seus servizos de saúde nas rexións fronteirizas.

Os Estados membros, en colaboración coa Comisión, coordinarán entre si as súas políticas e programas respectivos nos ámbitos a que se refire o punto 1. A Comisión, en estreito contacto cos Estados membros, poderá adoptar calquera iniciativa útil para fomentar a devandita coordinación, en particular iniciativas tendentes a establecer orientacións e indicadores, organizar o intercambio de mellores prácticas e preparar os elementos necesarios para o control e a avaliación periódicos. Informarase cumpridamente o Parlamento Europeo.

3. A Unión e os Estados membros favorecerán a cooperación con terceiros países e as organizacións internacionais competentes en materia de saúde pública.

4. Malia o disposto no punto 5 do artigo 2 e na letra a) do artigo 6, e de conformidade coa letra k) do punto 2 do artigo 4, o Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento lexislativo ordinario e logo de consulta ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións, contribuirán á consecución dos obxectivos do presente artigo e adoptará, para lles facer fronte aos problemas comúns de seguridade:

a) medidas que establezan altos niveis de calidade e seguridade dos órganos e substancias de orixe humana, así como do sangue e derivados do sangue; estas medidas non lle impedirán a ningún Estado membro manter ou introducir medidas de protección máis estritas;

b) medidas nos ámbitos veterinario e fitosanitario que teñan como obxectivo directo a protección da saúde pública;

c) medidas que establezan normas elevadas de calidade e seguridade dos medicamentos e produtos sanitarios.

5. O Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento lexislativo ordinario e logo de consulta ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións, poderán adoptar tamén medidas de fomento destinadas a protexer e a mellorar a saúde humana e, en particular, a loitar contra as pandemias transfronteirizas, medidas relativas á vixilancia das ameazas transfronteirizas graves para a saúde, á alerta en caso de tales ameazas e á loita contra as mesmas, así como medidas que teñan directamente como obxectivo a protección da saúde pública no que se refire ao tabaco e ao consumo excesivo de alcohol, con exclusión de toda harmonización das disposicións legais e regulamentarias dos Estados membros.

6. O Consello, por proposta da Comisión, poderá tamén adoptar recomendacións para os fins establecidos no presente artigo.

7. A acción da Unión no ámbito da saúde pública respectará as responsabilidades dos Estados membros polo que respecta á definición da súa política de saúde, así como á organización e prestación de servizos sanitarios e atención médica. As responsabilidades dos Estados membros inclúen a xestión dos servizos de saúde e de atención médica, así como a asignación dos recursos que se destinan aos devanditos servizos. As medidas contempladas na letra a) do punto 4 entenderanse sen prexuízo das disposicións nacionais en materia de doazóns ou uso médico de órganos e sangue.

TÍTULO XV

PROTECCIÓN DOS CONSUMIDORES

Artigo 169

(antigo artigo 153 TCE)

1. Para promover os intereses dos consumidores e garantirlles un alto nivel de protección, a Unión contribuirá a protexer a saúde, a seguridade e os intereses económicos dos consumidores, así como a promover o seu dereito á información, á educación e a organizarse para salvagardar os seus intereses.

2. A Unión contribuirá a que se alcancen os obxectivos a que se refire o punto 1 mediante:

a) medidas que adopte en virtude do artigo 114 no marco da realización do mercado interior;

b) medidas que apoiem, complementen e supervisen a política levada a cabo polos Estados membros.

3. O Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento lexislativo ordinario e logo de consulta ao Comité Económico e Social, adoptarán as medidas mencionadas na letra b) do punto 2.

4. As medidas que se adopten en virtude do punto 3 non obstarán para que cada un dos Estados membros mantaña e adopte medidas de maior protección. As devanditas medidas deberán ser compatibles cos tratados. Notificaránselle á Comisión.

TÍTULO XVI

REDES TRANSEUROPEAS

Artigo 170

(antigo artigo 154 TCE)

1. Co fin de contribuír á realización dos obxectivos considerados nos artigos 26 e 174 e de permitir que os cidadáns da Unión, os operadores económicos e os entes rexionais e locais participen plenamente dos beneficios resultantes da creación dun espazo sen fronteiras interiores, a Unión contribuírá ao establecemento e ao desenvolvemento de redes transeuropeas nos sectores das infraestruturas de transportes, das telecomunicacións e da enerxía.

2. No contexto dun sistema de mercados abertos e competitivos, a acción da Unión terá por obxectivo favorecer a interconexión e interoperabilidade das redes nacionais, así como o acceso ás devanditas redes. Terá en conta, en particular, a necesidade de establecer enlaces entre as rexións insulares, sen litoral e periféricas e as rexións centrais da Unión.

Artigo 171

(antigo artigo 151 TCE)

1. Co fin de alcanzar os obxectivos mencionados no artigo 170, a Unión:

- elaborará un conxunto de orientacións relativas aos obxectivos, prioridades e grandes liñas das accións previstas no ámbito das redes transeuropeas; estas orientacións identificarán proxectos de interese común;
- realizará as accións que poidan resultar necesarias para garantir a interoperabilidade das redes, especialmente no ámbito da harmonización das normas técnicas;
- poderá apoiar proxectos de interese común apoiados por Estados membros e determinados de acordo coas orientacións mencionadas no primeiro guión, especialmente mediante estudos de viabilidade, de garantías de crédito ou de bonificacións de interese; a Unión poderá achegar tamén unha contribución financeira por medio do Fondo de Cohesión creado conforme ao disposto no artigo 177 referente a proxectos específicos nos Estados membros no ámbito das infraestruturas do transporte.

A acción da Unión terá en conta a viabilidade económica potencial dos proxectos.

2. Os Estados membros coordinarán entre si,

en colaboración coa Comisión, as políticas que apliquen a escala nacional e que poidan ter unha influencia significativa na realización dos obxectivos previstos no artigo 170. A Comisión, en estreita colaboración cos Estados membros, poderá tomar calquera iniciativa útil para fomentar a devandita coordinación.

3. A Unión poderá decidir cooperar con terceiros países para o fomento de proxectos de interese común e para garantir a interoperabilidade das redes.

Artigo 172

(antigo artigo 156 TCE)

O Parlamento Europeo e o Consello, logo de consulta ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións, adoptarán conforme ao procedemento lexislativo ordinario as orientacións e as restantes medidas previstas no punto 1 do artigo 171.

As orientacións e proxectos de interese común relativos ao territorio dun Estado membro requirirán a aprobación do Estado membro de que se trate.

TÍTULO XVII

INDUSTRIA

Artigo 173

(antigo artigo 157 TCE)

1. A Unión e os Estados membros asegurarán a existencia das condicións necesarias para a competitividade da industria da Unión.

Para tal fin, dentro dun sistema de mercados abertos e competitivos, a súa acción estará encamiñada a:

- acelerar a adaptación da industria aos cambios estruturais;
- fomentar un ámbito favorable á iniciativa e ao desenvolvemento das empresas no conxunto da Unión e, en particular, das pequenas e medianas empresas;
- fomentar un ámbito favorable á cooperación entre empresas;
- favorecer un mellor aproveitamento do potencial industrial das políticas de innovación, de investigación e de desenvolvemento tecnolóxico.

2. Os Estados membros consultaranse mutuamente en colaboración coa Comisión e, sempre que sexa necesario, coordinarán as súas accións. A Comisión poderá adoptar calquera iniciativa axeitada para fomentar a devandita coordina-

ción, en particular iniciativas tendentes a establecer orientacións e indicadores, organizar o intercambio de mellores prácticas e preparar os elementos necesarios para o control e a avaliación periódicos. Informarase cumpridamente o Parlamento Europeo.

3. A Unión contribuirá a alcanzar os obxectivos estipulados no punto 1 mediante as políticas e actividades que leva a cabo en virtude doutras disposicións do presente tratado. O Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento legislativo ordinario e logo de consulta ao Comité Económico e Social, poderán tomar medidas específicas destinadas a apoiar as accións que se leven a cabo nos Estados membros co fin de realizar os obxectivos contemplados no punto 1, con exclusión de toda harmonización das disposicións legais e regulamentarias dos Estados membros.

Este título non constituirá unha base para o establecemento por parte da Unión de medidas que poidan falsear a competencia ou que inclúan disposicións fiscais ou relativas aos dereitos e intereses dos traballadores asalariados.

TÍTULO XVIII

COHESIÓN ECONÓMICA, SOCIAL E TERRITORIAL

Artigo 174

(antigo artigo 158 TCE)

Co fin de promover un desenvolvemento harmonioso do conxunto da Unión, esta desenvolverá e proseguirá a súa acción encamiñada a reforzar a súa cohesión económica, social e territorial.

A Unión proporase, en particular, reducir as diferenzas entre os niveis de desenvolvemento das diversas rexións e o atraso das rexións menos favorecidas.

Entre as rexións afectadas prestaráselles especial atención ás zonas rurais, ás zonas afectadas por unha transición industrial e ás rexións que padecen desvantaxes naturais ou demográficas graves e permanentes, como por exemplo as rexións máis setentrionais cunha escasa densidade de poboación e as rexións insulares, transfronteirizas e de montaña.

Artigo 175

(antigo artigo 159 TCE)

Os Estados membros conducirán a súa política económica e coordinarana de cara a alcanzar

tamén os obxectivos enunciados no artigo 174. Ao formular e desenvolver as políticas e accións da Unión e ao desenvolver o mercado interior, teranse en conta os obxectivos enunciados no artigo 174, participando na súa consecución. A Unión apoiará, así mesmo, a devandita consecución a través da actuación que realiza mediante os fondos con finalidade estrutural (Fondo Europeo de Orientación e de Garantía Agrícola, Sección Orientación; Fondo Social Europeo; Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional), o Banco Europeo de Investimentos e os outros instrumentos financeiros existentes.

Cada tres anos, a Comisión presentarlle un informe ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións sobre os avances realizados na consecución da cohesión económica, social e territorial e sobre a forma en que os distintos medios establecidos no presente artigo contribúisen a eles. En caso necesario, o dito informe deberá ir acompañado de propostas axeitadas.

Se se manifestase a necesidade de accións específicas á marxe dos fondos e sen prexuízo das medidas decididas no marco das demais políticas da Unión, o Parlamento Europeo e o Consello poderán adoptar as devanditas accións conforme ao procedemento legislativo ordinario e logo de consulta ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións.

Artigo 176

(antigo artigo 160 TCE)

O Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional estará destinado a contribuír á corrección dos principais desequilibrios rexionais dentro da Unión mediante unha participación no desenvolvemento e no axuste estrutural das rexións menos desenvolvidas e na reconversión das rexións industriais en declive.

Artigo 177

(antigo artigo 161 TCE)

Sen prexuízo do establecido no artigo 178, o Parlamento Europeo e o Consello, mediante regulamentos adoptados conforme ao procedemento legislativo ordinario, e tras consultar o Comité Económico e Social e o Comité das Rexións, determinarán as funcións, os obxectivos prioritarios e a organización dos fondos con finalidade estrutural, o que poderá supoñer a agrupación dos fondos. Mediante o mesmo procedemento, determinaranse así mesmo as normas xerais aplicables aos fondos, así como as disposicións

necesarias para garantir a súa eficacia e a coordinación dos fondos entre si e cos demais instrumentos financeiros existentes.

Un Fondo de Cohesión, creado conforme ao mesmo procedemento, proporcionará unha contribución financeira a proxectos nos sectores do medio ambiente e das redes transeuropeas en materia de infraestruturas do transporte.

Artigo 178
(antigo artigo 162 TCE)

Os regulamentos de aplicación relativos ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional serán tomados polo Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento legislativo ordinario e logo de consulta ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións.

En canto ao Fondo Europeo de Orientación e de Garantía Agrícola, Sección Orientación, e ao Fondo Social Europeo, seguirán sendo aplicables, respectivamente, as disposicións dos artigos 43 e 164.

TÍTULO XIX

INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO E ESPAZO

Artigo 179
(antigo artigo 163 TCE)

1. A Unión terá por obxectivo fortalecer as súas bases científicas e tecnolóxicas, mediante a realización dun espazo europeo de investigación no que os investigadores, os coñecementos científicos e as tecnoloxías circulen libremente e favorecer o desenvolvemento da súa competitividade, incluída a da súa industria, así como fomentar as accións de investigación que se consideren necesarias en virtude dos demais capítulos dos tratados.

2. Para tal fin, a Unión estimulará en todo o seu territorio a as empresas, incluídas as pequenas e medianas, os centros de investigación e as universidades nos seus esforzos de investigación e de desenvolvemento tecnolóxico de alta calidade; apoiará os seus esforzos de cooperación, especialmente co fin de permitir que os investigadores cooperen libremente por enriba das fronteiras e que as empresas aproveiten as posibilidades do mercado interior; en particular por medio da apertura da contratación pública nacional, a definición de normas comúns e a supresión dos obstáculos xurídicos

e fiscais que se opoñan á devandita cooperación.

3. Todas as accións da Unión que se realicen en virtude dos tratados, incluídas as accións de demostración, no ámbito da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico, decidiranse e executaranse de conformidade co disposto no presente título.

Artigo 180
(antigo artigo 164 TCE)

Para a consecución dos mencionados obxectivos, a Unión realizará as seguintes accións que, pola súa vez, completarán as accións emprendidas nos Estados membros:

a) execución de programas de investigación, de desenvolvemento tecnolóxico e de demostración, promovendo a cooperación coas empresas, os centros de investigación e as universidades e destas entidades entre si;

b) promoción da cooperación en materia de investigación, de desenvolvemento tecnolóxico e de demostración da Unión cos terceiros países e as organizacións internacionais;

c) difusión e explotación dos resultados das actividades en materia de investigación, de desenvolvemento tecnolóxico e de demostración da Unión;

d) estímulo á formación e á mobilidade dos investigadores da Unión.

Artigo 181
(antigo artigo 165 TCE)

1. A Unión e os seus Estados membros coordinarán a súa acción en materia de investigación e de desenvolvemento tecnolóxico, co fin de garantir a coherencia recíproca das políticas nacionais e da política da Unión.

2. A Comisión, en estreita colaboración cos Estados membros, poderá adoptar calquera iniciativa apropiada para promover a coordinación prevista no punto 1, en particular iniciativas tendentes a establecer orientacións e indicadores, organizar o intercambio de mellores prácticas e preparar os elementos necesarios para o control e a avaliación periódicos. Informarase cumpridamente o Parlamento Europeo.

Artigo 182
(antigo artigo 166 TCE)

1. O Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento legislativo ordinario e logo de consulta ao Comité Económico e Social,

establecerán un programa marco plurianual que incluíra o conxunto das accións da Unión.

O programa marco:

- fixará os obxectivos científicos e tecnolóxicos que deban alcanzarse mediante as accións consideradas no artigo 180 e as prioridades correspondentes,
- indicará as grandes liñas das devanditas accións,
- fixará o importe global máximo e a participación financeira da Unión no programa marco, así como a proporción representada por cada unha das accións previstas.

2. O programa marco adaptárase ou completárase en función da evolución das situacións.

3. O programa marco executarase mediante programas específicos desenvolvidos dentro de cada unha das accións. Cada programa específico precisará as modalidades da súa realización, fixará a súa duración e preverá os medios que se consideren necesarios. A suma dos importes que se estimen necesarios fixados para os programas específicos non poderá superar o importe global máximo fixado para o programa marco e para cada acción.

4. Os programas específicos serán adoptados polo Consello, conforme a un procedemento lexislativo especial e logo de consulta ao Parlamento Europeo e ao Comité Económico e Social.

5. Como complemento das accións previstas no programa marco plurianual, o Parlamento Europeo e o Consello establecerán, conforme ao procedemento lexislativo ordinario e logo de consulta ao Comité Económico e Social, as medidas necesarias para a realización do espazo europeo de investigación.

Artigo 183

(antigo artigo 167 TCE)

Para a execución do programa marco plurianual, a Unión:

- fixará as normas para a participación das empresas, os centros de investigación e as universidades;
- fixará as normas aplicables á difusión dos resultados da investigación.

Artigo 184

(antigo artigo 168 TCE)

Ao executarse o programa marco plurianual, poderán aprobarse programas complementarios nos que soamente participen aqueles Estados membros que aseguren o seu financiamento, sen prexuízo dunha posible participación da Unión.

A Unión establecerá as normas aplicables aos programas complementarios, especialmente en materia de difusión dos coñecementos e de acceso doutros Estados membros.

Artigo 185

(antigo artigo 169 TCE)

Na execución do programa marco plurianual, a Unión poderá prever, de acordo cos Estados membros interesados, unha participación en programas de investigación e desenvolvemento emprendidos por varios Estados membros, incluídas a participación nas estruturas creadas para a execución dos devanditos programas.

Artigo 186

(antigo artigo 170 TCE)

Na execución do programa marco plurianual, a Unión poderá prever unha cooperación en materia de investigación, de desenvolvemento tecnolóxico e de demostración da Unión con terceiros países ou con organizacións internacionais.

As modalidades desta cooperación poderán ser obxecto de acordos entre a Unión e as terceiras partes interesadas.

Artigo 187

(antigo artigo 171 TCE)

A Unión poderá crear empresas comúns ou calquera outra estrutura que se considere necesaria para a correcta execución dos programas de investigación, de desenvolvemento tecnolóxico e de demostración da Unión.

Artigo 188

(antigo artigo 172 TCE)

O Consello adoptará, a proposta da Comisión e logo de consulta ao Parlamento Europeo e ao Comité Económico e Social, as disposicións previstas no artigo 187.

O Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento lexislativo ordinario e logo de consulta ao Comité Económico e Social, adoptarán as disposicións consideradas nos artigos 183, 184 e 185. A aprobación dos programas complementarios requirirá o acordo dos Estados membros interesados.

Artigo 189

1. Co fin de favorecer o progreso científico e técnico, a competitividade industrial e a aplicación das súas políticas, a Unión elaborará unha política espacial europea. Para iso poderá fomentar iniciativas comúns, apoiar a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e coordinar os esforzos necesarios para a exploración e utilización do espazo.

2. Para contribuír á consecución dos obxectivos mencionados no punto 1, o Parlamento Europeo e o Consello establecerán, conforme ao procedemento legislativo ordinario, as medidas necesarias, que poderán ter a forma dun programa espacial europeo, con exclusión de toda harmonización das disposicións legais e regulamentarias dos Estados membros.

3. A Unión establecerá as relacións que sexan apropiadas coa Axencia Espacial Europea.

4. O presente artigo entenderase sen prexuízo das demais disposicións do presente título.

Artigo 190

(antigo artigo 173 TCE)

Ao principio de cada ano, a Comisión presentalle un informe ao Parlamento Europeo e ao Consello. O devandito informe versará en particular sobre as actividades realizadas en materia de investigación e desenvolvemento tecnolóxico e de difusión dos resultados durante o ano precedente, así como sobre o programa de traballo do ano en curso.

TÍTULO XX

MEDIO AMBIENTE

Artigo 191

(antigo artigo 174 TCE)

1. A política da Unión no ámbito do medio ambiente contribuír á alcanzar os seguintes obxectivos:

- a conservación, a protección e a mellora da calidade do medio ambiente;
- a protección da saúde das persoas;
- a utilización prudente e racional dos recursos naturais;
- o fomento de medidas a escala internacional destinadas a lles facer fronte aos problemas rexionais ou mundiais do medio ambiente e, en particular, a loitar contra o cambio climático.

2. A política da Unión no ámbito do medio

ambiente terá como obxectivo alcanzar un nivel de protección elevado e terá presente a diversidade de situacións existentes nas distintas rexións da Unión. Basearase nos principios de cautela e de acción preventiva, no principio de corrección dos atentados ao medio, preferentemente na fonte mesma e no principio de que quen contamina paga.

Neste contexto, as medidas de harmonización necesarias para responder a esixencias da protección do medio incluírán, nos casos apropiados, unha cláusula de salvagarda que autorice os Estados membros a adoptar, por motivos ambientais non económicos, medidas provisionais sometidas a un procedemento de control da Unión.

3. Na elaboración da súa política na área do medio ambiente, a Unión terá en conta:

- os datos científicos e técnicos dispoñibles,
- as condicións do medio ambiente nas diversas rexións da Unión,
- as vantaxes e as cargas que poidan resultar da acción ou da falta de acción,
- o desenvolvemento económico e social da Unión no seu conxunto e o desenvolvemento equilibrado das súas rexións.

4. No marco das súas respectivas competencias, a Unión e os Estados membros cooperarán cos terceiros países e coas organizacións internacionais competentes. As modalidades da cooperación da Unión poderán ser obxecto de acordos entre esta e as terceiras partes interesadas.

O parágrafo precedente entenderase sen prexuízo da competencia dos Estados membros para negociar nas institucións internacionais e para concluír acordos internacionais.

Artigo 192

(antigo artigo 175 TCE)

1. O Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento legislativo ordinario e logo de consulta ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións, decidirán as accións que deba emprender a Unión para a realización dos obxectivos fixados no artigo 191.

2. Malia o procedemento de toma de decisións contemplado no punto 1 e sen prexuízo do artigo 114, o Consello, por unanimidade, conforme a un procedemento legislativo especial, por proposta da Comisión e logo de consulta ao Parlamento Europeo, ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións, adoptará:

- a) disposicións esencialmente de carácter fiscal;
- b) as medidas que afecten a:

- a ordenación territorial,
- a xestión cuantitativa dos recursos hídricos ou que afecten directa ou indirectamente a dispoñibilidade dos devanditos recursos,
- a utilización do chan, con excepción da xestión dos residuos.

c) as medidas que afecten de forma significativa a elección por un Estado membro entre diferentes fontes de enerxía e a estrutura xeral do seu abastecemento enerxético.

O Consello, por unanimidade, por proposta da Comisión e logo de consulta ao Parlamento Europeo, ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións, poderá dispoñer que o procedemento legislativo ordinario sexa aplicable aos ámbitos mencionados no parágrafo primeiro.

3. O Parlamento Europeo e o Consello adoptarán, conforme ao procedemento legislativo ordinario e logo de consulta ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións, programas de acción de carácter xeral que fixen os obxectivos prioritarios que deban alcanzarse.

As medidas necesarias para a execución dos devanditos programas adoptaranse de conformidade coas condicións contempladas no punto 1 ou no punto 2, segundo proceda.

4. Sen prexuízo de determinadas medidas adoptadas pola Unión, os Estados membros terán ao seu cargo o financiamento e a execución da política en materia de medio ambiente.

5. Sen prexuízo do principio de quen contamina paga, cando unha medida adoptada conforme ao disposto no punto 1 implique custos que se consideren desproporcionados para as autoridades públicas dun Estado membro, a dita medida establecerá as disposicións axeitadas en forma de:

- excepcións de carácter temporal,
- apoio financeiro con cargo ao Fondo de Cohesión creado de conformidade co disposto no artigo 177, ou ambas as dúas posibilidades.

Artigo 193

(antigo artigo 176 TCE)

As medidas de protección adoptadas en virtude do artigo 192 non serán obstáculo para o mantemento e a adopción, por parte de cada Estado membro, de medidas de maior protección. As devanditas medidas deberán ser compatibles cos tratados e notificaránselle á Comisión.

TÍTULO XXI

ENERXÍA

Artigo 194

1. No marco do establecemento ou do funcionamento do mercado interior e atendendo á necesidade de preservar e mellorar o medio ambiente, a política enerxética da Unión terá por obxectivo, cun espírito de solidariedade entre os Estados membros:

- a) garantir o funcionamento do mercado da enerxía;
- b) garantir a seguridade do abastecemento enerxético na Unión;
- c) fomentar a eficiencia enerxética e o aforro enerxético, así como o desenvolvemento de enerxías novas e renovables e
- d) fomentar a interconexión das redes enerxéticas.

2. Sen prexuízo da aplicación doutras disposicións dos tratados, o Parlamento Europeo e o Consello establecerán, conforme ao procedemento legislativo ordinario, as medidas necesarias para alcanzar os obxectivos mencionados no punto 1. As devanditas medidas adoptaranse logo de consulta ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións.

Non afectarán o dereito dun Estado membro a determinar as condicións de explotación dos seus recursos enerxéticos, as súas posibilidades de elixir entre distintas fontes de enerxía e a estrutura xeral do seu abastecemento enerxético, sen prexuízo da letra c) do punto 2 do artigo 192.

3. Malia o disposto no punto 2, o Consello, conforme a un procedemento legislativo especial, por unanimidade e logo de consulta ao Parlamento Europeo, establecerá as medidas mencionadas nese punto cando sexan esencialmente de carácter fiscal.

TÍTULO XXII

TURISMO

Artigo 195

1. A Unión complementará a acción dos Estados membros no sector turístico, en particular promovendo a competitividade das empresas da Unión neste sector.

Con este fin, a Unión terá por obxectivo:

- a) fomentar a creación dun ámbito favorable ao desenvolvemento das empresas neste sector;
- b) propiciar a cooperación entre Estados

membros, en particular mediante o intercambio de boas prácticas.

2. O Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, establecerán as medidas específicas destinadas a complementar as accións levadas a cabo nos Estados membros para conseguir os obxectivos mencionados no presente artigo, con exclusión de toda harmonización das disposicións legais e regulamentarias dos Estados membros.

TÍTULO XXIII

PROTECCIÓN CIVIL

Artigo 196

1. A Unión fomentará a cooperación entre os Estados membros, co fin de mellorar a eficacia dos sistemas de prevención das catástrofes naturais ou de orixe humana e de protección fronte a elas.

A acción da Unión terá por obxectivo:

a) apoiar e complementar a acción dos Estados membros a escala nacional, rexional e local polo que respecta á prevención de riscos, a preparación das persoas encargadas da protección civil nos Estados membros e a intervención en caso de catástrofes naturais ou de orixe humana dentro da Unión;

b) fomentar unha cooperación operativa rápida e eficaz dentro da Unión entre os servizos de protección civil nacionais;

c) favorecer a coherencia das accións emprendidas a escala internacional en materia de protección civil.

2. O Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, establecerán as medidas necesarias para contribuír á consecución dos obxectivos contemplados no punto 1, con exclusión de toda harmonización das disposicións legais e regulamentarias dos Estados membros.

TÍTULO XXIV

COOPERACIÓN ADMINISTRATIVA

Artigo 197

1. A aplicación efectiva do dereito da Unión polos Estados membros, que é esencial para o bo funcionamento da Unión, considerárase asunto de interese común.

2. A Unión poderá avalar os esforzos dos Estados membros por mellorar a súa capacidade

administrativa para aplicar o dereito da Unión. Esta acción poderá consistir especialmente en facilitar o intercambio de información e funcionarios, así como en apoiar programas de formación. Ningún Estado membro estará obrigado a valerse de tal apoio. O Parlamento Europeo e o Consello, mediante regulamentos adoptados conforme ao procedemento lexislativo ordinario, establecerán as medidas necesarias para este fin, con exclusión de toda harmonización das disposicións legais e regulamentarias dos Estados membros.

3. O presente artigo entenderase sen prexuízo da obriga dos Estados membros de aplicar o dereito da Unión, nin das prerrogativas e deberes da Comisión. Entenderase tamén sen prexuízo das demais disposicións dos tratados que prevén unha cooperación administrativa entre os Estados membros e entre estes e a Unión.

CUARTA PARTE

ASOCIACIÓN DOS PAÍSES E TERRITORIOS DE ULTRAMAR

Artigo 198

(antigo artigo 182 TCE)

Os Estados membros conveñen en asociar á Unión os países e territorios non europeos que manteñen relacións especiais con Dinamarca, Francia, Países Baixos e Reino Unido. Os devanditos países e territorios, que a partir deste momento se denominarán «países e territorios», enuméranse na lista que constitúe o anexo II.

O fin da asociación será a promoción do desenvolvemento económico e social dos países e territorios, así como o establecemento de estreitas relacións económicas entre estes e a Unión no seu conxunto.

De conformidade cos principios enunciados no preámbulo do presente tratado, a asociación deberá, en primeiro lugar, contribuír a favorecer os intereses dos habitantes dos devanditos países e territorios e a súa prosperidade, de modo que poidan alcanzar o desenvolvemento económico, social e cultural ao que aspiran.

Artigo 199

(antigo artigo 183 TCE)

A asociación perseguirá os seguintes obxectivos:

1) Os Estados membros aplicarán aos seus intercambios comerciais cos países e territorios o réxime que se outorguen entre si en virtude dos tratados.

2) Cada país ou territorio aplicará aos seus intercambios comerciais cos Estados membros e cos demais países e territorios o réxime que lle aplique ao Estado europeo co que manteña relacións especiais.

3) Os Estados membros contribuirán aos investimentos que requira o desenvolvemento progresivo destes países e territorios.

4) Para os investimentos financiados pola Unión, a participación nas convocatorias para a adxudicación de obras, servizos e subministracións quedará aberta, en igualdade de condicións, a todas as persoas físicas e xurídicas que teñan a nacionalidade dos Estados membros ou dos países e territorios.

5) Nas relacións entre os Estados membros e os países e territorios, o dereito de establecemento dos nacionais e sociedades regularase de conformidade coas disposicións e normas de procedemento previstas no capítulo relativo ao dereito de establecemento e sobre unha base non discriminatoria, sen prexuízo das disposicións especiais que se adopten en virtude do artigo 203.

Artigo 200

(antigo artigo 184 TCE)

1. As importacións de mercadorías orixinaarias dos países e territorios beneficiaranse, á súa entrada nos Estados membros, da prohibición dos dereitos de aduana levada a cabo entre os Estados membros de acordo coas disposicións dos tratados.

2. Os dereitos de aduana que graven, á súa entrada en cada país e territorio, as importacións procedentes dos Estados membros e dos demais países e territorios quedarán prohibidos de conformidade co disposto no artigo 30.

3. Non obstante, os países e territorios poderán percibir dereitos de aduana para satisfacer as esixencias do seu desenvolvemento e as necesidades da súa industrialización ou dereitos de carácter fiscal destinados a nutrir o seu orzamento.

Os dereitos mencionados no parágrafo anterior non poderán ser superiores aos que graven as importacións de produtos procedentes do Estado membro co que cada país ou territorio manteña relacións especiais.

4. O punto 2 non será aplicable aos países e territorios que, por estar suxeitos a obrigas internacionais especiais, estean a aplicar un arancel aduaneiro non discriminatorio.

5. O establecemento ou a modificación dos dereitos de aduana que graven as mercadorías

importadas polos países e territorios non deberá provocar, de feito ou de dereito, unha discriminación directa ou indirecta entre as importacións procedentes dos distintos Estados membros.

Artigo 201

(antigo artigo 185 TCE)

Se a contía dos dereitos aplicables ás mercadorías procedentes dun terceiro país á súa entrada nun país ou territorio sexa tal que, tendo en conta o disposto no punto 1 do artigo 200, poida orixinar desviacións do tráfico comercial en prexuízo dun dos Estados membros, este poderá pedirle á Comisión que lles propoña aos demais Estados membros as medidas necesarias para corrixir a devandita situación.

Artigo 202

(antigo artigo 186 TCE)

Sen prexuízo das disposicións relativas á saúde e seguridade públicas e á orde pública, a liberdade de circulación dos traballadores dos países e territorios nos Estados membros, así como a dos traballadores dos Estados membros nos países e territorios, rexeráse por actos adoptados de conformidade co artigo 203.

Artigo 203

(antigo artigo 187 TCE)

O Consello, á luz dos resultados alcanzados no marco da asociación dos países e territorios á Unión e baseándose nos principios contidos nos tratados, adoptará, por unanimidade, a proposta da Comisión, as disposicións relativas ás modalidades e o procedemento para a asociación dos países e territorios á Unión. Cando o Consello adopte as devanditas disposicións conforme a un procedemento legislativo especial, pronunciarase por unanimidade, por proposta da Comisión e logo de consulta ao Parlamento Europeo.

Artigo 204

(antigo artigo 188 TCE)

As disposicións dos artigos 198 a 203 serán aplicables a Grenlandia, sen prexuízo das disposicións específicas para Grenlandia que figuran no Protocolo sobre o réxime particular aplicable a Grenlandia, incorporado como anexo aos tratados.

QUINTA PARTE

ACCIÓN EXTERIOR DA UNIÓN

TÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS RELATIVAS Á ACCIÓN EXTERIOR DA UNIÓN

Artigo 205

A acción da Unión na escena internacional, en virtude da presente parte, basearase nos principios, perseguirá os obxectivos e realizarase de conformidade coas disposicións xerais consideradas no capítulo 1 do título V do Tratado da Unión Europea.

TÍTULO II

POLÍTICA COMERCIAL COMÚN

Artigo 206

(antigo artigo 131 TCE)

Mediante o establecemento dunha unión aduaneira de conformidade cos artigos 28 a 32, a Unión contribuirá, no interese común, ao desenvolvemento harmonioso do comercio mundial, á supresión progresiva das restricións aos intercambios internacionais e aos investimentos estranxeiros directos, así como á redución das barreiras arancelarias e doutro tipo.

Artigo 207

(antigo artigo 133 TCE)

1. A política comercial común basearase en principios uniformes, en particular polo que se refire ás modificacións arancelarias, á celebración de acordos arancelarios e comerciais relativos aos intercambios de mercadorías e de servizos e aos aspectos comerciais da propiedade intelectual e industrial, aos investimentos estranxeiros directos, á uniformización das medidas de liberalización, á política de exportación, así como ás medidas de protección comercial, entre elas as que deban adoptarse en caso de *dumping* e subvencións. A política comercial común levarase a cabo no marco dos principios e obxectivos da acción exterior da Unión.

2. O Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, adoptarán mediante regulamentos as medidas polas que se defina o marco de aplicación da política comercial común.

3. En caso de que deban negociarse e celebrarse acordos cun ou máis terceiros países ou organizacións internacionais, aplicarase o artigo 218, sen prexuízo das disposicións específicas do presente artigo.

A Comisión presentarálle recomendacións ao Consello, que a autorizará a iniciar as negociacións necesarias. Corresponderalle ao Consello e á Comisión velar por que os acordos negociados sexan compatibles coas políticas e normas internas da Unión.

A Comisión levará a cabo as devanditas negociacións en consulta cun comité especial designado polo Consello para asistila na devandita tarefa e conforme ás directrices que o Consello poida dirixirlle. A Comisión informará periodicamente o comité especial e o Parlamento Europeo da marcha das negociacións.

4. Para a negociación e celebración dos acordos mencionados no punto 3, o Consello decidirá por maioría cualificada.

Para a negociación e a celebración de acordos nos ámbitos do comercio de servizos e dos aspectos comerciais da propiedade intelectual e industrial, así como dos investimentos estranxeiros directos, o Consello pronunciarase por unanimidade cando os devanditos acordos conteñan disposicións nas que se require a unanimidade para a adopción de normas internas.

O Consello pronunciarase tamén por unanimidade para a negociación e a celebración de acordos:

a) no ámbito do comercio de servizos culturais e audiovisuais, cando os devanditos acordos poidan prexudicar a diversidade cultural e lingüística da Unión;

b) no ámbito do comercio de servizos sociais, educativos e sanitarios, cando os devanditos acordos poidan perturbar gravemente a organización nacional dos devanditos servizos e prexudicar a responsabilidade dos Estados membros na súa prestación.

5. A negociación e a celebración de acordos internacionais no ámbito dos transportes rexeiranse polo título VI da terceira parte e polo artigo 218.

6. O exercicio das competencias atribuídas polo presente artigo no ámbito da política comercial común non afectará a delimitación das competencias entre a Unión e os Estados membros, nin levará consigo unha harmonización das disposicións legais ou regulamentarias dos Estados membros, na medida en que os tratados exclúan a devandita harmonización.

TÍTULO III

COOPERACIÓN CON TERCEIROS PAÍSES E
AXUDA HUMANITARIA

CAPÍTULO 1

COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO

Artigo 208

(antigo artigo 177 TCE)

1. A política da Unión no ámbito da cooperación para o desenvolvemento levarase a cabo no marco dos principios e obxectivos da acción exterior da Unión. As políticas de cooperación para o desenvolvemento da Unión e dos Estados membros complementarase e reforzaranse mutuamente.

O obxectivo principal da política da Unión neste ámbito será a redución e, finalmente, a erradicación da pobreza. A Unión terá en conta os obxectivos da cooperación para o desenvolvemento ao aplicar as políticas que poidan afectar os países en desenvolvemento.

2. A Unión e os Estados membros respectarán os compromisos e terán en conta os obxectivos que acordaron no marco das Nacións Unidas e doutras organizacións internacionais competentes.

Artigo 209

(antigo artigo 179 TCE)

1. O Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, adoptarán as medidas necesarias para executar a política de cooperación para o desenvolvemento, que poderán referirse a programas plurianuais de cooperación con países en desenvolvemento ou a programas que teñan un enfoque temático.

2. A Unión poderá celebrar cos terceiros países e coas organizacións internacionais competentes calquera acordo axeitado para a consecución dos obxectivos enunciados nos artigos 21 do Tratado da Unión Europea e 208 do presente tratado.

O parágrafo primeiro entenderase sen prexuízo das competencias dos Estados membros para negociar nos foros internacionais e celebrar acordos.

3. O Banco Europeo de Investimentos contribuirá, nas condicións previstas nos seus estatutos, á execución das accións contempladas no punto 1.

Artigo 210

(antigo artigo 180 TCE)

1. Co obxecto de favorecer a complementariedade e a eficacia das súas accións, a Unión e os Estados membros coordinarán as súas políticas en materia de cooperación ao desenvolvemento e concertarán os seus programas de axuda, tamén no marco de organizacións internacionais e de conferencias internacionais. Poderán emprender accións conxuntas. Os Estados membros contribuirán, de ser necesario, á execución dos programas de axuda da Unión.

2. A Comisión poderá adoptar calquera iniciativa axeitada para fomentar a coordinación a que se refire o punto 1.

Artigo 211

(antigo artigo 181 TCE)

No marco das súas respectivas competencias, a Unión e os Estados membros cooperarán cos terceiros países e coas organizacións internacionais competentes.

CAPÍTULO 2

COOPERACIÓN ECONÓMICA, FINANCEIRA E
TÉCNICA CON TERCEIROS PAÍSES*Artigo 212*

(antigo artigo 181 A TCE)

1. Sen prexuízo das demais disposicións dos tratados, e en particular as dos artigos 208 a 211, a Unión levará a cabo accións de cooperación económica, financeira e técnica, entre elas accións de axuda, en particular no ámbito financeiro, con terceiros países distintos dos países en desenvolvemento. Estas accións serán coherentes coa política de desenvolvemento da Unión e levaranse a cabo conforme aos principios e obxectivos da súa acción exterior. As accións da Unión e dos Estados membros complementarase e reforzaranse mutuamente.

2. O Parlamento Europeo e o Consello adoptarán, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, as medidas necesarias para a aplicación do punto 1.

3. No marco das súas respectivas competencias, a Unión e os Estados membros cooperarán cos terceiros países e coas organizacións internacionais competentes. As modalidades de cooperación da Unión poderán ser obxecto de acordos entre esta e as terceiras partes interesadas.

O parágrafo primeiro non afectará as compe-

tencias dos Estados membros para negociar nos organismos internacionais e celebrar acordos internacionais.

Artigo 213

Cando a situación nun terceiro país requira que a Unión preste axuda financeira urxente, o Consello adoptará, por proposta da Comisión, as decisións necesarias.

CAPÍTULO 3

AXUDA HUMANITARIA

Artigo 214

1. As accións da Unión no ámbito da axuda humanitaria levaranse a cabo no marco dos principios e obxectivos da acción exterior da Unión. As devanditas accións terán por obxecto, en casos concretos, prestarlles asistencia e socorro ás poboacións dos terceiros países vítimas de catástrofes naturais ou de orixe humana, e prote-xelas para facer fronte ás necesidades humanitarias resultantes desas diversas situacións. As accións da Unión e dos Estados membros complementaranse e reforzaranse mutuamente.

2. As accións de axuda humanitaria levaranse a cabo conforme aos principios do dereito internacional e aos principios de imparcialidade, neutralidade e non discriminación.

3. O Parlamento Europeo e o Consello establecerán, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, as medidas que determine o marco no que se realizarán as accións de axuda humanitaria da Unión.

4. A Unión poderá celebrar cos terceiros países e coas organizacións internacionais competentes calquera acordo axeitado para a consecución dos obxectivos enunciados no punto 1 e no artigo 21 do Tratado da Unión Europea.

O parágrafo primeiro entenderase sen prexuízo das competencias dos Estados membros para negociar nos foros internacionais e celebrar acordos.

5. Co fin de establecer un marco para que os novos europeos poidan achegar contribucións comúns ás accións de axuda humanitaria da Unión, creárase un Corpo Voluntario Europeo de Axuda Humanitaria. O Parlamento Europeo e o Consello fixarán mediante regulamentos, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, o seu estatuto e as súas normas de funcionamento.

6. A Comisión poderá adoptar calquera iniciativa axeitada para fomentar a coordinación entre as accións da Unión e as dos Estados membros, co obxecto de aumentar a eficacia e a complementariedade dos mecanismos da Unión e dos mecanismos nacionais de axuda humanitaria.

7. A Unión velará por que as súas accións de axuda humanitaria estean coordinadas e sexan coherentes coas das organizacións e organismos internacionais, en particular os que forman parte do sistema das Nacións Unidas.

TÍTULO IV

MEDIDAS RESTRITIVAS

Artigo 215

(antigo artigo 301 TCE)

1. Cando unha decisión adoptada de conformidade co capítulo 2 do título V do Tratado da Unión Europea prevexa a interrupción ou a redución, total ou parcial, das relacións económicas e financeiras cun ou varios terceiros países, o Consello adoptará por maioría cualificada, a proposta conxunta do Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade e da Comisión, as medidas necesarias. Informará diso o Parlamento Europeo.

2. Cando unha decisión adoptada de conformidade co capítulo 2 do título V do Tratado da Unión Europea así o prevexa, o Consello poderá adoptar polo procedemento establecido no punto 1 medidas restritivas contra persoas físicas ou xurídicas, grupos ou entidades non estatais.

3. Os actos considerados no presente artigo incluirán as disposicións necesarias en materia de garantías xurídicas.

TÍTULO V

ACORDOS INTERNACIONAIS

Artigo 216

1. A Unión poderá celebrar un acordo cun ou varios terceiros países ou organizacións internacionais cando así o prevexan os tratados ou cando a celebración dun acordo ben sexa necesaria para alcanzar, no contexto das políticas da Unión, algún dos obxectivos establecidos nos tratados, ben estea prevista nun acto xuridicamente vinculante da Unión ou ben poida afectar normas comúns ou alterar o seu alcance.

2. Os acordos celebrados pola Unión vincularán as institucións da Unión e os Estados membros.

Artigo 217

(antigo artigo 310 TCE)

A Unión poderá celebrar cun ou varios terceiros países ou con organizacións internacionais acordos que establezan unha asociación que entrañe dereitos e obrigas recíprocos, accións comúns e procedementos particulares.

Artigo 218

(antigo artigo 300 TCE)

1. Sen prexuízo das disposicións particulares do artigo 207, para a negociación e celebración de acordos entre a Unión e terceiros países ou organizacións internacionais aplicarase o procedemento seguinte.

2. O Consello autorizará a apertura de negociacións, aprobará as directrices de negociación, autorizará a sinatura e celebrará os acordos.

3. A Comisión, ou o Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade, cando o acordo previsto se refira exclusiva ou principalmente á política exterior e de seguridade común, presentaralle recomendacións ao Consello, que adoptará unha decisión pola que se autorice a apertura de negociacións e se designe, en función da materia do acordo previsto, o negociador ou o xefe do equipo de negociación da Unión.

4. O Consello poderalle ditar directrices ao negociador e designar un comité especial, ao que deberá consultarse durante as negociacións.

5. O Consello adoptará, por proposta do negociador, unha decisión pola que se autorice a sinatura do acordo e, se é o caso, a súa aplicación provisional antes da entrada en vigor.

6. O Consello adoptará, a proposta do negociador, unha decisión de celebración do acordo. Con excepción dos acordos que se refiran exclusivamente á política exterior e de seguridade común, o Consello adoptará a decisión de celebración do acordo:

a) logo de aprobación do Parlamento Europeo nos casos seguintes:

- i) acordos de asociación;
- ii) acordo de adhesión da Unión ao Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais;
- iii) acordos que creen un marco institucional específico ao organizar procedementos de cooperación;

iv) acordos que teñan repercusións orzamentarias importantes para a Unión;

v) acordos que se refiran a ámbitos aos que se les aplique o procedemento lexislativo ordinario ou, se se require a aprobación do Parlamento Europeo, o procedemento lexislativo especial.

En caso de urxencia, o Parlamento Europeo e o Consello poderán convir nun prazo para a aprobación.

b) logo de consulta ao Parlamento Europeo, nos demais casos. O Parlamento Europeo emitirá o seu ditame nun prazo que o Consello poderá fixar segundo a urxencia. De non se emitir un ditame ao termo do devandito prazo, o Consello poderá pronunciarse.

7. Malia o disposto nos puntos 5, 6 e 9, o Consello, ao celebrar un acordo, poderá autorizar o negociador a aprobar, en nome da Unión, a modificación do acordo para cuxa adopción este prevexa un procedemento simplificado ou a intervención dun órgano creado polo acordo. O Consello poderá supeditar a devandita autorización a condicións específicas.

8. O Consello pronunciarase por maioría cualificada durante todo o procedemento. Non obstante, o Consello pronunciarase por unanimidade cando o acordo se refira a un ámbito no que se requira a unanimidade para a adopción dun acto da Unión e cando se trate de acordos de asociación e dos acordos previstos no artigo 212 cos Estados candidatos á adhesión. O Consello pronunciarase tamén por unanimidade sobre o acordo de adhesión da Unión ao Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais; a decisión de celebración do devandito acordo entrará en vigor despois de ser aprobada polos Estados membros, de conformidade coas súas respectivas normas constitucionais.

9. O Consello adoptará, por proposta da Comisión ou do Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade, unha decisión pola que se suspenda a aplicación dun acordo e se establezan as posicións que deban adoptarse en nome da Unión nun organismo creado por un acordo, cando o devandito organismo deba adoptar actos que produzan efectos xurídicos, con excepción dos actos que completen ou modifiquen o marco institucional do acordo.

10. Informarase cumprida e inmediatamente o Parlamento Europeo en todas as fases do procedemento.

11. Un Estado membro, o Parlamento Europeo, o Consello ou a Comisión poderán solicitar

o ditame do Tribunal de Xustiza sobre a compatibilidade cos tratados de calquera acordo previsto. En caso do ditame negativo do Tribunal de Xustiza, o acordo previsto non poderá entrar en vigor, salvo modificación deste ou revisión dos tratados.

Artigo 219

(antigo artigo 111, puntos 1 a 3 e 5, TCE)

1. Malia o disposto no artigo 218, o Consello, ben por recomendación do Banco Central Europeo, ben por recomendación da Comisión e logo de consulta ao Banco Central Europeo, co fin de lograr un consenso compatible co obxectivo de estabilidade de prezos, poderá celebrar acordos formais relativos a un sistema de tipos de cambio para o euro en relación coas moedas de terceiros Estados. O Consello pronunciarase por unanimidade, logo de consulta ao Parlamento Europeo e conforme ao procedemento establecido no punto 3.

O Consello, ben por recomendación do Banco Central Europeo, ben por recomendación da Comisión e logo de consulta ao Banco Central Europeo, co fin de lograr un consenso compatible co obxectivo de estabilidade de prezos, poderá adoptar, axustar ou abandonar os tipos centrais do euro no sistema de tipos de cambio. O Presidente do Consello informará o Parlamento Europeo da adopción, do axuste ou do abandono dos tipos centrais do euro.

2. A falta dun sistema de tipos de cambio respecto dunha ou varias moedas de terceiros Estados conforme ao punto 1, o Consello, ben sobre a base dunha recomendación da Comisión e logo de consulta ao Banco Central Europeo, ben sobre a base de recomendación de Banco Central Europeo, poderá formular orientacións xerais para a política de tipos de cambio respecto destas moedas. Estas orientacións xerais entenderanse sen prexuízo do obxectivo fundamental do SEBC de manter a estabilidade de prezos.

3. Malia o disposto no artigo 218, cando a Unión teña que negociar acordos en materia de réxime monetario ou de réxime cambiario cun ou varios terceiros Estados ou organizacións internacionais, o Consello, sobre a base dunha recomendación da Comisión e logo de consulta ao Banco Central Europeo, decidirá sobre as modalidades de negociación e celebración dos devanditos acordos. As citadas modalidades de negociación garantirán que a Unión exprese unha posición única. A Comisión estará plenamente asociada ás negociacións.

4. Sen prexuízo das competencias e dos

acordos da Unión sobre a unión económica e monetaria, os Estados membros poderán negociar nos foros internacionais e celebrar acordos internacionais.

TÍTULO VI

RELACIÓNS DA UNIÓN COAS ORGANIZACIÓNS INTERNACIONAIS E CON TERCEIROS PAÍSES E DELEGACIÓNS DA UNIÓN

Artigo 220

(antigos artigos 302 a 304 TCE)

1. A Unión establecerá todo tipo de cooperación axeitada cos órganos das Nacións Unidas e dos seus organismos especializados, o Consello de Europa, a Organización para a Seguridade e a Cooperación en Europa e a Organización de Cooperación e Desenvolvemento Económicos.

A Unión manterá tamén relacións apropiadas con outras organizacións internacionais.

2. O Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade e a Comisión encargaranse de aplicar o disposto no presente artigo.

Artigo 221

1. As delegacións da Unión en terceiros países e ante organizacións internacionais asumirán a representación da Unión.

2. As delegacións da Unión estarán baixo a autoridade do Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade. Actuarán en estreita cooperación coas misións diplomáticas e consulares dos Estados membros.

TÍTULO VII

CLÁUSULA DE SOLIDARIEDADE

Artigo 222

1. A Unión e os seus Estados membros actuarán conxuntamente con espírito de solidariedade se un Estado membro é obxecto dun ataque terrorista ou vítima dunha catástrofe natural ou de orixe humana. A Unión mobilizará todos os instrumentos de que dispoña, incluídos os medios militares postos á súa disposición polos Estados membros, para:

- a) prever a ameaza terrorista no territorio dos Estados membros;
- protexer as institucións democráticas e a

poboación civil de posibles ataques terroristas;

- prestarlle asistencia a un Estado membro no territorio deste, a petición das súas autoridades políticas, en caso de ataque terrorista;

b) prestarlle asistencia a un Estado membro no territorio deste, a petición das súas autoridades políticas, en caso de catástrofe natural ou de orixe humana.

2. Se un Estado membro é obxecto dun ataque terrorista ou vítima dunha catástrofe natural ou de orixe humana, a petición das súas autoridades políticas, os demais Estados membros prestaranlle asistencia. Con este fin, os Estados membros coordinaranse no seo do Consello.

3. As modalidades de aplicación pola Unión da presente cláusula de solidariedade serán definidas mediante decisión adoptada polo Consello, a proposta conxunta da Comisión e do Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade. Cando a devandita decisión teña repercusións no ámbito da defensa, o Consello pronunciarase de conformidade co punto 1 do artigo 31 do Tratado da Unión Europea. Informarase o Parlamento Europeo.

Para os efectos do presente punto, e sen prexuízo do artigo 240, o Consello estará asistido polo Comité Político e de Seguridade, co apoio das estruturas creadas no marco da política común de seguridade e defensa e polo comité considerado no artigo 71, que lle presentarán, se é o caso, ditames conxuntos.

4. Para asegurar a eficacia da actuación da Unión e dos seus Estados membros, o Consello Europeo avaliará de forma periódica as ameazas a que se enfronta a Unión.

SEXTA PARTE

DISPOSICIÓNS INSTITUCIONAIS E FINANCEIRAS

TÍTULO I

DISPOSICIÓNS INSTITUCIONAIS

CAPÍTULO 1

INSTITUCIÓNS

SECCIÓN PRIMEIRA

O PARLAMENTO EUROPEO

Artigo 223

(antigo artigo 190, puntos 4 e 5, TCE)

1. O Parlamento Europeo elaborará un proxecto encamiñado a establecer as disposicións necesarias para facer posible a elección dos seus membros por sufraxio universal directo, de acordo cun procedemento uniforme en todos os Estados membros ou de acordo con principios comúns a todos os Estados membros.

O Consello establecerá as disposicións necesarias por unanimidade conforme a un procedemento lexislativo especial, logo de aprobación do Parlamento Europeo, que se pronunciará por maioría de membros que o compoñen. As devanditas disposicións entrarán en vigor unha vez que sexan aprobadas polos Estados membros, de conformidade coas súas respectivas normas constitucionais.

2. O Parlamento Europeo establecerá mediante regulamentos adoptados por propia iniciativa, conforme a un procedemento lexislativo especial, o estatuto e as condicións xerais de exercicio das funcións dos seus membros, logo de ditame da Comisión e con aprobación do Consello. Toda norma ou condición relativas ao réxime fiscal dos membros ou dos antigos membros decidíranse no Consello por unanimidade.

Artigo 224

(antigo artigo 191, parágrafo segundo, TCE)

O Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, establecerán mediante regulamentos o estatuto dos partidos políticos a escala europea, aos que se fai referencia no punto 4 do artigo 10 do Tratado da Unión Europea e, en particular, as normas relativas ao seu financiamento.

Artigo 225

(antigo artigo 192, parágrafo segundo, TCE)

Por decisión da maioría dos membros que o compoñen, o Parlamento Europeo poderá solicitarlle á Comisión que presente as propostas oportunas sobre calquera asunto que a xuízo daquel requira a elaboración dun acto da Unión para a aplicación dos tratados. Se a Comisión non presenta proposta ningunha, comunicaralle as razóns ao Parlamento Europeo.

Artigo 226

(antigo artigo 193 TCE)

En cumprimento dos seus labores e a petición da cuarta parte dos membros que o compoñen, o Parlamento Europeo poderá constituír unha comisión temporal de investigación para examinar, sen prexuízo das competencias que os tratados lles confiren a outras institucións ou órganos, alegacións de infracción ou de mala administración na aplicación do dereito da Unión, salvo que dos feitos alegados estea coñecendo un órgano xurisdiccional, ata que conclúa o procedemento xurisdiccional.

A existencia da comisión temporal de investigación rematará coa presentación do seu informe. O Parlamento Europeo determinará as modalidades de exercicio do dereito de investigación mediante regulamentos adoptados por propia iniciativa, conforme a un procedemento lexislativo especial, logo de aprobación do Consello e da Comisión.

Artigo 227

(antigo artigo 194 TCE)

Calquera cidadán da Unión, así como calquera persoa física ou xurídica que resida ou teña o seu domicilio social nun Estado membro, terá dereito a lle presentar ao Parlamento Europeo, individualmente ou asociado con outros cidadáns ou persoas, unha petición sobre un asunto propio dos ámbitos de actuación da Unión que lle afecte directamente.

Artigo 228

(antigo artigo 195 TCE)

1. O Parlamento Europeo elixirá un Valedor do Pobo Europeo, que estará facultado para recibir as reclamacións de calquera cidadán da Unión ou de calquera persoa física ou xurídica que resida ou teña o seu domicilio social nun Estado membro, relativas a casos de mala admi-

nistración na acción das institucións, órganos ou organismos da Unión, con exclusión do Tribunal de Xustiza da Unión Europea no exercicio das súas funcións xurisdiccionais. Instruirá estas reclamacións e informará ao respecto.

No desempeño da súa misión, o Valedor do Pobo levará a cabo as investigacións que considere xustificadas, ben por iniciativa propia, ben sobre a base das reclamacións recibidas directamente ou a través dun membro do Parlamento Europeo, salvo que os feitos alegados sexan ou fosen obxecto dun procedemento xurisdiccional. Cando o Valedor do Pobo comprobe un caso de mala administración, porao en coñecemento da institución, órgano ou organismo interesado, que disporá dun prazo de tres meses para lle expoñer a súa posición ao Valedor do Pobo. Este remitiralle a continuación un informe ao Parlamento Europeo e á institución, órgano ou organismo interesado. A persoa de quen emane a reclamación será informada do resultado destas investigacións.

O Valedor do Pobo presentarlle cada ano ao Parlamento Europeo un informe sobre o resultado das súas investigacións.

2. O Valedor do Pobo será elixido despois de cada elección do Parlamento Europeo para toda a lexislatura. O seu mandato será renovable.

A petición do Parlamento Europeo, o Tribunal de Xustiza poderá destituír o Valedor do Pobo se este deixase de cumprir as condicións necesarias para o exercicio das súas funcións ou se cometese unha falta grave.

3. O Valedor do Pobo exercerá as súas funcións con total independencia. No exercicio de tales funcións non solicitará nin admitirá instrucións de ningún Goberno, institución, órgano ou organismo. Durante o seu mandato, o Valedor do Pobo non poderá desempeñar ningunha outra actividade profesional, sexa ou non retribuída.

4. O Parlamento Europeo fixará, mediante regulamentos adoptados por propia iniciativa, conforme a un procedemento lexislativo especial, o estatuto e as condicións xerais de exercicio das funcións do Valedor do Pobo, logo de ditame da Comisión e con aprobación do Consello.

Artigo 229

(antigo artigo 196 TCE)

O Parlamento Europeo celebrará cada ano un período de sesións. Reunirase sen necesidade de convocatoria previa o segundo martes de marzo.

O Parlamento Europeo poderá reunirse en período parcial de sesións extraordinario a petición da maioría dos membros que o compoñen, do Consello ou da Comisión.

Artigo 230

(antigo artigo 197, parágrafos segundo, terceiro e cuarto, TCE)

A Comisión poderá asistir a todas as sesións do Parlamento Europeo e comparecerá ante este se así o solicita.

A Comisión contestará oralmente ou por escrito todas as preguntas que lle sexan formuladas polo Parlamento Europeo ou polos seus membros.

O Consello Europeo e o Consello comparecerán ante o Parlamento Europeo nas condicións fixadas polo regulamento interno do Consello Europeo e polo do Consello.

Artigo 231

(antigo artigo 198 TCE)

Salvo disposición en contrario dos tratados, o Parlamento Europeo decidirá por maioría dos votos emitidos.

O regulamento interno fixará o quórum.

Artigo 232

(antigo artigo 199 TCE)

O Parlamento Europeo establecerá o seu propio regulamento interno por maioría dos membros que o compoñen.

Os documentos do Parlamento Europeo publicaranse na forma prevista nos tratados e no devandito regulamento.

Artigo 233

(antigo artigo 200 TCE)

O Parlamento Europeo procederá á discusión, en sesión pública, do informe xeral anual que lle presentará á Comisión.

Artigo 234

(antigo artigo 201 TCE)

O Parlamento Europeo, en caso de que se lle someta unha moción de censura sobre a xestión da Comisión, só poderá pronunciarse sobre a devandita moción unha vez transcorridos tres días como mínimo dende a data da súa presentación e en votación pública.

Se a moción de censura é aprobada por

maioría de dous terzos dos votos emitidos que representen, pola súa vez, a maioría dos deputados que compoñen o Parlamento Europeo, os membros da Comisión deberán dimitir colectivamente dos seus cargos e o Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade deberá dimitir do cargo que exerce na Comisión. Permanecerán nos seus cargos e continuarán despachando os asuntos de administración ordinaria ata que sexan substituídos de conformidade co artigo 17 do Tratado da Unión Europea. En tal caso, o mandato dos membros da Comisión designados para substituílos expirará na data en que expiraría o mandato dos membros da Comisión obrigados a dimitir colectivamente dos seus cargos.

SECCIÓN SEGUNDA

O CONSELLO EUROPEO

Artigo 235

1. En caso de votación, cada membro do Consello Europeo poderá actuar en representación dun só dos demais membros.

O punto 4 do artigo 16 do Tratado da Unión Europea e o punto 2 do artigo 238 do presente tratado aplicaranse ao Consello Europeo cando se pronuncie por maioría cualificada. O Presidente do Consello Europeo e o Presidente da Comisión non participarán nas votacións do Consello Europeo cando este se pronuncie por votación.

A abstención dos membros presentes ou representados non obstará á adopción dos acordos do Consello Europeo que requiran unanimidade.

2. O Consello Europeo poderá invitar o Presidente do Parlamento Europeo a comparecer ante el.

3. O Consello Europeo pronunciarase por maioría simple nas cuestións de procedemento e para a aprobación do seu regulamento interno.

4. O Consello Europeo estará asistido pola Secretaría Xeral do Consello.

Artigo 236

O Consello Europeo adoptará por maioría cualificada:

a) unha decisión pola que se estableza a lista das formacións do Consello, distintas da de Asuntos Xerais e da de Asuntos Exteriores, de conformidade co punto 6 do artigo 16 do Tratado da Unión Europea;

b) unha decisión relativa á presidencia das formacións do Consello, con excepción da de Asuntos Exteriores, de conformidade co punto 9 do artigo 16 do Tratado da Unión Europea.

SECCIÓN TERCEIRA

O CONSELLO

Artigo 237

(antigo artigo 204 TCE)

O Consello reunirse por convocatoria do seu Presidente, a iniciativa deste, dun dos seus membros ou da Comisión.

Artigo 238

(antigo artigo 205, puntos 1 e 2, TCE)

1. Cando deba adoptar un acordo por maioría simple, o Consello pronunciarase por maioría dos membros que o compoñen.

2. Malia o disposto no punto 4 do artigo 16 do Tratado da Unión Europea, a partir do 1 de novembro de 2014, a reserva das disposicións fixadas no Protocolo sobre as disposicións transitorias, cando o Consello non actúe por proposta da Comisión ou do Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade, a maioría cualificada definirase como un mínimo do 72% dos membros do Consello que represente a Estados membros que reúnan como mínimo o 65% da poboación da Unión.

3. A partir do 1 de novembro de 2014, a reserva das disposicións fixadas no Protocolo sobre as disposicións transitorias, naqueles casos en que, en aplicación dos tratados, non todos os membros do Consello participen na votación, a maioría cualificada definirase como segue:

a) A maioría cualificada definirase como un mínimo do 55% dos membros do Consello que represente Estados membros participantes que reúnan, como mínimo, o 65% da poboación dos devanditos Estados.

Unha minoría de bloqueo estará composta polo menos polo número mínimo de membros do Consello que represente máis do 35% da poboación dos Estados membros participantes, máis un membro e, a falta deste, a maioría cualificada considerárase alcanzada.

b) Malia o disposto na letra a), cando o Consello non actúe por proposta da Comisión ou do Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade, a maioría cualificada definirase como un mínimo do 72% dos membros do Consello que represente Esta-

dos membros participantes que reúnan, como mínimo, o 65% da poboación dos devanditos Estados.

4. As abstencións dos membros presentes ou representados non impedirán a adopción dos acordos do Consello que requiran unanimidade.

Artigo 239

(antigo artigo 206 TCE)

En caso de votación, cada membro do Consello poderá actuar en representación dun só dos demais membros.

Artigo 240

(antigo artigo 207 TCE)

1. Un comité composto por representantes permanentes dos gobernos dos Estados membros encargárase de preparar os traballos do Consello e de realizar as tarefas que este lle confíe. O Comité poderá adoptar decisións de procedemento nos casos establecidos polo regulamento interno do Consello.

2. O Consello estará asistido por unha Secretaría Xeral, que estará baixo a responsabilidade dun Secretario Xeral nomeado polo Consello.

O Consello decidirá por maioría simple a organización da Secretaría Xeral.

3. O Consello pronunciarase por maioría simple nas cuestións de procedemento e para a aprobación do seu regulamento interno.

Artigo 241

(antigo artigo 208 TCE)

O Consello, por maioría simple, poderá pedirlle á Comisión que proceda a efectuar todos os estudos que el considere oportunos para a consecución dos obxectivos comúns e que lle someta as propostas pertinentes. Se a Comisión non presenta proposta ningunha, comunicarlle as razóns ao Consello.

Artigo 242

(antigo artigo 209 TCE)

O Consello, por maioría simple, establecerá, logo de consulta á Comisión, os estatutos dos comités previstos nos tratados.

Artigo 243

(antigo artigo 210 TCE)

O Consello fixará os soldos, as axudas de custo e as pensións do Presidente do Consello Euro-

peo, do Presidente da Comisión, do Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade, dos membros da Comisión, dos presidentes, membros e Secretarios do Tribunal de Xustiza da Unión Europea e do Secretario Xeral do Consello. Fixará tamén calquera outro emolumento de carácter retributivo.

SECCIÓN CUARTA

A COMISIÓN

Artigo 244

De conformidade co punto 5 do artigo 17 do Tratado da Unión Europea, os membros da Comisión serán elixidos mediante un sistema de rotación establecido por unanimidade polo Consello Europeo, baseado nos principios seguintes:

a) Trataranse os Estados membros en condicións de rigorosa igualdade no que se refire á determinación da orde correspondente e do período de permanencia dos seus nacionais na Comisión; polo tanto, a diferenza entre o número total dos mandatos que exerzan nacionais de dous determinados Estados membros nunca poderá ser superior a un.

b) Con suxeición ao disposto na letra a), cada unha das sucesivas comisións constituirase de forma que reflecta de xeito satisfactorio a diversidade demográfica e xeográfica do conxunto dos Estados membros.

Artigo 245

(antigo artigo 213 TCE)

Os membros da Comisión absteranse de todo acto incompatible co carácter das súas funcións. Os Estados membros respectarán a súa independencia e non intentarán influír neles no desempeño das súas funcións.

Os membros da Comisión non poderán, mentres dure o seu mandato, exercer ningunha outra actividade profesional, retribuída ou non. No momento de asumir as súas funcións, comprometeranse solemnemente a respectar, mentres dure o seu mandato e aínda despois de finalizar este, as obrigas derivadas do seu cargo e, en especial, os deberes de honestidade e discreción, en canto á aceptación, unha vez rematado o seu mandato, de determinadas funcións ou beneficios. En caso de incumprimento das devanditas obrigas, o Tribunal de Xustiza, a instancia do Consello, por maioría simple, ou da Comisión, poderá, segundo os casos, declarar o seu

cesamento nas condicións previstas no artigo 247 ou a privación do dereito do interesado á pensión ou de calquera outro beneficio substitutivo.

Artigo 246

(antigo artigo 215 TCE)

Á parte dos casos de renovación periódica e falecemento, o mandato dos membros da Comisión concluirá individualmente por dimisión voluntaria ou cesamento.

O membro dimisionario cesado ou falecido será substituído polo resto do seu mandato por un novo membro da mesma nacionalidade, nomeado polo Consello, de común acordo co Presidente da Comisión, logo de consulta ao Parlamento Europeo e conforme aos criterios establecidos no parágrafo segundo do punto 3 do artigo 17 do Tratado de Unión Europea.

O Consello, por unanimidade e por proposta do Presidente da Comisión, poderá decidir que non cabe tal substitución, en particular cando quede pouco tempo para que remate o mandato do devandito membro.

En caso de dimisión, cesamento ou falecemento, o Presidente será substituído polo tempo que falte para rematar o mandato. Para a súa substitución, será aplicable o procedemento previsto no parágrafo primeiro do punto 7 do artigo 17 do Tratado da Unión Europea.

En caso de dimisión voluntaria, cesamento ou falecemento, o Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade será substituído polo resto do seu mandato, de conformidade co punto 1 do artigo 18 do Tratado da Unión Europea.

En caso de dimisión voluntaria de todos os membros da Comisión, estes permanecerán nos seus cargos e continuarán despachando os asuntos de administración ordinaria ata que sexan substituídos, polo resto do seu mandato, de conformidade co artigo 17 do Tratado da Unión Europea.

Artigo 247

(antigo artigo 216 TCE)

Todo membro da Comisión que deixe de reunir as condicións necesarias para o exercicio das súas funcións ou que cometese unha falta grave poderá ser cesado polo Tribunal de Xustiza, a instancia do Consello, por maioría simple, ou da Comisión.

Artigo 248

(antigo artigo 217, punto 2, TCE)

Sen prexuízo do punto 4 do artigo 18 do Tratado da Unión Europea, as responsabilidades que lle incumben á Comisión serán estruturadas e repartidas entre os seus membros polo Presidente, de conformidade co disposto no punto 6 do artigo 17 do devandito tratado. O Presidente poderá reorganizar a repartición das devanditas responsabilidades ao longo do seu mandato. Os membros da Comisión exercerán as funcións que lles atribúa o Presidente baixo a autoridade deste.

Artigo 249

(antigos artigos 218, punto 2, e 212 TCE)

1. A Comisión establecerá o seu regulamento interno, co obxecto de asegurar o seu funcionamento e o dos seus servizos. A Comisión publicará o devandito regulamento.

2. A Comisión publicará todos os anos, polo menos un mes antes da apertura do período de sesións do Parlamento Europeo, un informe xeral sobre as actividades da Unión.

Artigo 250

(antigo artigo 219 TCE)

Os acordos da Comisión adoptaranse por maioría dos seus membros.

O seu regulamento interno fixará o quórum.

SECCIÓN QUINTA

O TRIBUNAL DE XUSTIZA DA UNIÓN EUROPEA

Artigo 251

(antigo artigo 221 TCE)

O Tribunal de Xustiza actuará en Salas ou en Gran Sala, de conformidade coas normas establecidas ao respecto no Estatuto do Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

Cando o estatuto así o dispoña, o Tribunal de Xustiza tamén poderá actuar en Pleno.

Artigo 252

(antigo artigo 222 TCE)

O Tribunal de Xustiza estará asistido por oito Avogados Xerais. Se o Tribunal de Xustiza o solicita, o Consello, por unanimidade, poderá aumentar o número de Avogados Xerais.

A función do Avogado Xeral consistirá en presentar publicamente, con toda imparcialidade e independencia, conclusións motivadas sobre os asuntos que, de conformidade co Estatuto do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, requiran a súa intervención.

Artigo 253

(antigo artigo 223 TCE)

Os Xuíces e os Avogados Xerais do Tribunal de Xustiza, elixidos entre personalidades que ofrezan absolutas garantías de independencia e que reúnan as condicións requiridas para o exercicio, nos seus respectivos países, das máis altas funcións xurisdicionais ou que sexan xurisconsultos de recoñecida competencia, serán designados de común acordo polos gobernos dos Estados membros por un período de seis anos, tras consultar o comité a que se refire o artigo 255.

Cada tres anos terá lugar unha renovación parcial dos Xuíces e Avogados Xerais, nas condicións establecidas no Estatuto do Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

Os Xuíces elixirán de entre eles o Presidente do Tribunal de Xustiza por un período de tres anos. O seu mandato será renovable.

Os Xuíces e os Avogados Xerais saíntes poderán ser novamente designados.

O Tribunal de Xustiza nomeará o seu Secretario e establecerá o estatuto deste.

O Tribunal de Xustiza establecerá o seu Regulamento de procedemento. O devandito regulamento requirirá a aprobación do Consello.

Artigo 254

(antigo artigo 224 TCE)

O número de Xuíces do Tribunal Xeral será fixado polo Estatuto do Tribunal de Xustiza da Unión Europea. O estatuto poderá dispoñer que o Tribunal Xeral estea asistido por Avogados Xerais. Os membros do Tribunal Xeral serán elixidos entre persoas que ofrezan absolutas garantías de independencia e que posúan a capacidade necesaria para o exercicio de altas funcións xurisdicionais. Serán designados de común acordo polos gobernos dos Estados membros por un período de seis anos, tras consultar o comité a que se refire o artigo 255. Cada tres anos terá lugar unha renovación parcial. Os membros saíntes poderán ser novamente designados.

Os Xuíces elixirán de entre eles o Presidente do Tribunal Xeral por un período de tres anos. O seu mandato será renovable.

O Tribunal Xeral nomeará o seu Secretario e establecerá o estatuto deste.

O Tribunal Xeral establecerá o seu Regulamento de procedemento de acordo co Tribunal de Xustiza. O devandito regulamento requirirá a aprobación do Consello.

Salvo disposición en contrario do Estatuto do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, as disposicións dos tratados relativas ao Tribunal de Xustiza serán aplicables ao Tribunal Xeral.

Artigo 255

Constituirase un comité para que se pronuncie sobre a idoneidade dos candidatos para o exercicio das funcións de Xuíz e Avogado Xeral do Tribunal de Xustiza e do Tribunal Xeral, antes de que os gobernos dos Estados membros procedan aos nomeamentos, de conformidade cos artigos 253 e 254.

O comité estará composto por sete personalidades elixidas de entre antigos membros do Tribunal de Xustiza e do Tribunal Xeral, membros dos órganos xurisdiccionais nacionais superiores e xuristas de recoñecida competencia, un dos cales será proposto polo Parlamento Europeo. O Consello adoptará unha decisión pola que se establezan as normas de funcionamento do comité, así como unha decisión pola que se designen os seus membros. O Consello pronunciarase por iniciativa do Presidente do Tribunal de Xustiza.

Artigo 256

(antigo artigo 225 TCE)

1. O Tribunal Xeral será competente para coñecer en primeira instancia dos recursos considerados nos artigos 263, 265, 268, 270 e 272, con excepción dos que se atribúan a un tribunal especializado creado en virtude do artigo 257 e dos que o estatuto reserve ao Tribunal de Xustiza. O estatuto poderá establecer que o Tribunal Xeral sexa competente noutras categorías de recursos.

Contra as resolucións ditadas polo Tribunal Xeral, en virtude do presente punto, poderá interpoñerse recurso de casación perante o Tribunal de Xustiza limitado ás cuestións de dereito, nas condicións e dentro dos límites fixados no estatuto.

2. O Tribunal Xeral será competente para coñecer dos recursos que se interpoñan contra as resolucións dos tribunais especializados.

As resolucións ditadas polo Tribunal Xeral en virtude do presente punto poderán ser reexaminadas con carácter excepcional polo Tribunal

de Xustiza, nas condicións e dentro dos límites fixados no estatuto, en caso de risco grave de que se vulnere a unidade ou a coherencia do dereito da Unión.

3. O Tribunal Xeral será competente para coñecer das cuestións prexudiciais, formuladas en virtude do artigo 267, en materias específicas determinadas polo estatuto.

Cando o Tribunal Xeral considere que o asunto require unha resolución de principio que poida afectar a unidade ou a coherencia do dereito da Unión, poderá remitir o asunto ante o Tribunal de Xustiza para que este resolva.

As resolucións ditadas polo Tribunal Xeral sobre cuestións prexudiciais poderán ser reexaminadas con carácter excepcional polo Tribunal de Xustiza, nas condicións e dentro dos límites fixados no estatuto, en caso de risco grave de que se vulnere a unidade ou a coherencia do dereito da Unión.

Artigo 257

(antigo artigo 225 A TCE)

O Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, poderán crear tribunais especializados adxuntos ao Tribunal Xeral, encargados de coñecer en primeira instancia de determinadas categorías de recursos interpostos en materias específicas. O Parlamento Europeo e o Consello pronunciaranse mediante regulamentos, ben a proposta da Comisión e logo de consulta ao Tribunal de Xustiza, ben a instancia do Tribunal de Xustiza e logo de consulta á Comisión.

O regulamento polo que se cree un tribunal especializado fixará as normas relativas á composición do devandito tribunal e precisará o alcance das competencias que se lle atribúan.

Contra as resolucións ditadas polos tribunais especializados poderá interpoñerse ante o Tribunal Xeral recurso de casación limitado ás cuestións de dereito ou, cando o regulamento relativo á creación do tribunal especializado así o considere, recurso de apelación referente tamén ás cuestións de feito.

Os membros dos tribunais especializados serán elixidos entre persoas que ofrezan absolutas garantías de independencia e que posúan a capacidade necesaria para o exercicio de funcións xurisdiccionais. Serán designados polo Consello por unanimidade.

Os tribunais especializados establecerán o seu Regulamento de procedemento de acordo co Tribunal de Xustiza. O devandito regulamento requirirá a aprobación do Consello.

Salvo disposición en contrario do regulamento polo que se cree o tribunal especializado, as disposicións dos tratados relativas ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea e as disposicións do Estatuto do Tribunal de Xustiza da Unión Europea serán aplicables aos tribunais especializados. O título I do estatuto e o seu artigo 64 aplicaranse en todo caso aos tribunais especializados.

Artigo 258

(antigo artigo 226 TCE)

Se a Comisión estimase que un Estado membro incumpriu unha das obrigas que lle incumben en virtude dos tratados, emitirá un ditame motivado ao respecto, despois de lle ofrecer ao devandito Estado a posibilidade de presentar as súas observacións.

Se o Estado de que se trate non se ativese a este ditame no prazo determinado pola Comisión, esta poderá recorrer ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

Artigo 259

(antigo artigo 227 TCE)

Calquera Estado membro poderá recorrer ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea, se estimase que outro Estado membro incumpriu unha das obrigas que lle incumben en virtude dos tratados.

Antes de que un Estado membro interpoña, contra outro Estado membro, un recurso fundado nun suposto incumprimento das obrigas que lle incumben en virtude dos tratados, deberá someter o asunto á Comisión.

A Comisión emitirá un ditame motivado, unha vez que os Estados interesados teñan a posibilidade de formular as súas observacións por escrito e oralmente en procedemento contradictorio.

Se a Comisión non emitise o ditame no prazo de tres meses dende a data da solicitude, a falta de ditame non será obstáculo para poder recorrer ao Tribunal.

Artigo 260

(antigo artigo 228 TCE)

1. Se o Tribunal de Xustiza da Unión Europea declarase que un Estado membro incumpriu unha das obrigas que lle incumben en virtude dos tratados, o dito Estado estará obrigado a adoptar as medidas necesarias para a execución da sentenza do Tribunal.

2. Se a Comisión estimase que o Estado membro afectado non adoptou as medidas necesarias para a execución da sentenza do Tribunal poderá someter o asunto ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea, despois de lle ofrecer ao devandito Estado a posibilidade de presentar as súas observacións. A Comisión indicará o importe da suma a tanto alzado ou da multa coercitiva que deba ser pagada polo Estado membro afectado e que considere adaptado ás circunstancias.

Se o Tribunal declarase que o Estado membro afectado incumpriu a súa sentenza, poderá impoñerlle o pagamento dunha suma a tanto alzado ou dunha multa coercitiva.

Este procedemento entenderase sen prexuízo do disposto no artigo 259.

3. Cando a Comisión presente un recurso ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea en virtude do artigo 258 por considerar que o Estado membro afectado incumpriu a obriga de informar sobre as medidas de transposición dunha directiva adoptada conforme a un procedemento legislativo, poderá, se o considera oportuno, indicar o importe da suma a tanto alzado ou da multa coercitiva que deba ser pagada polo devandito Estado e que considere adaptado ás circunstancias.

Se o Tribunal comproba a existencia do incumprimento, poderá impoñerlle ao Estado membro afectado o pagamento dunha suma a tanto alzado ou dunha multa coercitiva dentro do límite do importe indicado pola Comisión. A obriga de pagamento producirá efecto na data fixada polo Tribunal na sentenza.

Artigo 261

(antigo artigo 229 TCE)

Os regulamentos adoptados conxuntamente polo Parlamento Europeo e o Consello, e polo Consello, en virtude das disposicións dos tratados, poderán atribuírse ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea unha competencia xurisdiccional plena respecto das sancións previstas nos devanditos regulamentos.

Artigo 262

(antigo artigo 229 A TCE)

Sen prexuízo das restantes disposicións dos tratados, o Consello, por unanimidade, conforme a un procedemento legislativo especial e logo de consulta ao Parlamento Europeo, poderá adoptar disposicións destinadas a lle atribuír ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea, na medida en que o Consello determine, a competencia para resol-

ver litixios relativos á aplicación dos actos adoptados sobre a base dos tratados polos que se crean títulos europeos de propiedade intelectual ou industrial. As devanditas disposicións entrarán en vigor cando sexan aprobadas polos Estados membros, de conformidade coas súas respectivas normas constitucionais.

Artigo 263
(antigo artigo 230 TCE)

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea controlará a legalidade dos actos legislativos, dos actos do Consello, da Comisión e do Banco Central Europeo que non sexan recomendacións ou ditames, e dos actos do Parlamento Europeo e do Consello Europeo destinados a producir efectos xurídicos fronte a terceiros. Controlará tamén a legalidade dos actos dos órganos ou organismos da Unión destinados a producir efectos xurídicos fronte a terceiros.

Para tal fin, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea será competente para pronunciarse sobre os recursos por incompetencia, vicios substanciais de forma, violación dos tratados ou de calquera norma xurídica relativa á súa execución, ou desviación de poder, interpostos por un Estado membro, o Parlamento Europeo, o Consello ou a Comisión.

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea será competente nas mesmas condicións para pronunciarse sobre os recursos interpostos polo Tribunal de Contas, polo Banco Central Europeo e polo Comité das Rexións, co fin de salvaguardar prerrogativas destes.

Toda persoa física ou xurídica poderá interpoñer recurso, nas condicións previstas nos parágrafos primeiro e segundo, contra os actos dos que sexa destinataria ou que lle afecten directa e individualmente e contra os actos regulamentarios que lle afecten directamente e que non inclúan medidas de execución.

Os actos polos que se crean os órganos e organismos da Unión poderán prever condicións e procedementos específicos para os recursos presentados por persoas físicas ou xurídicas contra actos dos devanditos órganos ou organismos destinados a producir efectos xurídicos fronte a eles.

Os recursos previstos no presente artigo deberán interpoñerse no prazo de dous meses a partir, segundo os casos, da publicación do acto, da súa notificación ao recorrente ou, a falta diso, dende o día en que este tivese coñecemento deste.

Artigo 264
(antigo artigo 231 TCE)

Se o recurso fose fundado, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea declarará nulo e sen valor nin efecto ningún o acto impugnado.

Non obstante, o Tribunal indicará, se o considera necesario, aqueles efectos do acto declarado nulo que deban ser considerados como definitivos.

Artigo 265
(antigo artigo 232 TCE)

En caso de que, en violación dos tratados, o Parlamento Europeo, o Consello Europeo, o Consello, a Comisión ou o Banco Central Europeo se abstivesen de pronunciarse, os Estados membros e as demais institucións da Unión poderán recorrer ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea, co obxecto de que declare a devandita violación. O presente artigo aplicarase, nas mesmas condicións, aos órganos e organismos da Unión que se absteñan de pronunciarse.

Este recurso soamente será admisible se a institución, órgano ou organismo de que se trate fosen requiridos previamente para que actúen. Se transcorrido un prazo de dous meses, a partir do devandito requirimento, a institución, órgano ou organismo non define a súa posición, o recurso poderá ser interposto dentro dun novo prazo de dous meses.

Toda persoa física ou xurídica poderá recorrer en queixa ao Tribunal, nas condicións sinaladas nos parágrafos precedentes, por non lle dirixir unha das institucións, ou un dos órganos ou organismos da Unión, un acto distinto dunha recomendación ou dun ditame.

Artigo 266
(antigo artigo 233 TCE)

A institución, órgano ou organismo do que emane o acto anulado, ou cuxa abstención fose declarada contraria aos tratados, estarán obrigados a adoptar as medidas necesarias para a execución da sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

Esta obriga enténdese sen prexuízo da que poida resultar da aplicación do parágrafo segundo do artigo 340.

Artigo 267
(antigo artigo 234 TCE)

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea será

competente para pronunciarse, con carácter prexudicial:

- a) sobre a interpretación dos tratados;
- b) sobre a validez e a interpretación dos actos adoptados polas institucións, órganos ou organismos da Unión.

Cando se formule unha cuestión desta natureza ante un órgano xurisdiccional dun dos Estados membros, o dito órgano poderá pedirlle ao Tribunal que se pronuncie sobre esta, se considera necesaria unha decisión ao respecto para poder emitir a súa sentenza.

Cando se formule unha cuestión deste tipo nun asunto pendente ante un órgano xurisdiccional nacional, cuxas decisións non sexan susceptibles de ulterior recurso xudicial de dereito interno, o dito órgano estará obrigado a someter a cuestión ao Tribunal.

Cando se formule unha cuestión deste tipo nun asunto pendente ante un órgano xurisdiccional nacional en relación cunha persoa privada de liberdade, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea pronunciarase coa maior brevidade.

Artigo 268

(antigo artigo 235 TCE)

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea será competente para coñecer dos litixios relativos á indemnización por danos a que se refiren os parágrafos segundo e terceiro do artigo 340.

Artigo 269

O Tribunal de Xustiza será competente para pronunciarse sobre a legalidade dun acto adoptado polo Consello Europeo ou polo Consello en virtude do artigo 7 do Tratado da Unión Europea, soamente a petición do Estado membro obxecto da constatación do Consello Europeo ou do Consello e unicamente no que se refire ao respecto das disposicións de procedemento establecidas no citado artigo.

Esta petición deberá presentarse no prazo dun mes a partir da constatación. O Tribunal pronunciarase no prazo dun mes a partir da data da petición.

Artigo 270

(antigo artigo 236 TCE)

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea será competente para pronunciarse sobre calquera litixio entre a Unión e os seus axentes dentro dos límites e nas condicións que estableza o Estatuto

dos funcionarios da Unión e o réxime aplicable aos outros axentes da Unión.

Artigo 271

(antigo artigo 237 TCE)

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea será competente, dentro dos límites que a continuación se sinalan, para coñecer dos litixios relativos:

a) ao cumprimento das obrigas dos Estados membros que se derivan dos Estatutos do Banco Europeo de Investimentos. O Consello de Administración do Banco terá, a este respecto, as competencias que o artigo 258 lle atribúe á Comisión;

b) aos acordos do Consello de Gobernadores do Banco. Calquera Estado membro, a Comisión e o Consello de Administración do Banco poderán interpoñer recurso nesta materia, nas condicións previstas no artigo 263;

c) aos acordos do Consello de Administración do Banco. Só poderán interpoñer recurso contra tales acordos os Estados membros ou a Comisión, nas condicións establecidas no artigo 263 e unicamente por vicio de forma no procedemento previsto nos puntos 2, 5, 6 e 7 do artigo 19 dos estatutos do Banco;

d) ao cumprimento por parte dos bancos centrais nacionais das obrigas que se derivan dos tratados e dos Estatutos do SEBC e do BCE. O Consello de Goberno do Banco Central Europeo disporá a este respecto, fronte aos bancos centrais nacionais, dos poderes que o artigo 258 lle recoñece á Comisión respecto dos Estados membros. Se o Tribunal declarase que un banco central nacional incumpriu unha das obrigas que lle incumben en virtude dos tratados, o dito banco estará obrigado a adoptar as medidas necesarias para a execución da sentenza do Tribunal.

Artigo 272

(antigo artigo 238 TCE)

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea será competente para vulgar, en virtude dunha cláusula compromisoria contida nun contrato de dereito público ou de dereito privado celebrado pola Unión ou pola súa conta.

Artigo 273

(antigo artigo 239 TCE)

O Tribunal de Xustiza será competente para pronunciarse sobre calquera controversia entre

Estados membros relacionada co obxecto dos tratados, se a devandita controversia lle é sometida en virtude dun compromiso.

Artigo 274
(antigo artigo 240 TCE)

Sen prexuízo das competencias que os tratados lle atribúen ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea, os litixios nos que a Unión sexa parte non poderán ser, por tal motivo, subtraídos á competencia das xurisdicións nacionais.

Artigo 275

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea non será competente para pronunciarse sobre as disposicións relativas á política exterior e de seguridade común nin sobre os actos adoptados sobre a base destas.

Non obstante, o Tribunal de Xustiza será competente para controlar o respecto do artigo 40 do Tratado da Unión Europea e para pronunciarse sobre os recursos interpostos nas condicións consideradas no parágrafo cuarto do artigo 263 do presente tratado e relativos ao control da legalidade das decisións adoptadas polo Consello, en virtude do capítulo 2 do título V do Tratado da Unión Europea polas que se establezan medidas restritivas fronte a persoas físicas ou xurídicas.

Artigo 276

No exercicio das súas atribucións respecto das disposicións dos capítulos 4 e 5 do título V da terceira parte relativas ao espazo de liberdade, seguridade e xustiza, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea non será competente para comprobar a validez ou a proporcionalidade de operacións efectuadas pola policía ou outros servizos con funcións coercitivas dun Estado membro, nin para pronunciarse sobre o exercicio das responsabilidades que lles incumben aos Estados membros respecto do mantemento da orde pública e da salvagarda da seguridade interior.

Artigo 277
(antigo artigo 241 TCE)

Aínda que expire o prazo previsto no parágrafo sexto do artigo 263, calquera das partes dun litixio no que se cuestione un acto de alcance xeral adoptado por unha institución, órgano ou organismo da Unión poderá recorrer ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea alegando a inapli-

cabilidade do devandito acto polos motivos previstos no parágrafo segundo do artigo 263.

Artigo 278
(antigo artigo 242 TCE)

Os recursos interpostos ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea non terán efecto suspensivo. Non obstante, o Tribunal poderá, se estima que as circunstancias así o esixen, ordenar a suspensión da execución do acto impugnado.

Artigo 279
(antigo artigo 243 TCE)

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea poderá ordenar as medidas provisionais necesarias nos asuntos de que estea a coñecer.

Artigo 280
(antigo artigo 244 TCE)

As sentenzas do Tribunal de Xustiza da Unión Europea terán forza executiva nas condicións que establece o artigo 299.

Artigo 281
(antigo artigo 245 TCE)

O Estatuto do Tribunal de Xustiza da Unión Europea fixarase nun protocolo independente.

O Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, poderán modificar as disposicións do Estatuto, a excepción do seu título I e o seu artigo 64. O Parlamento Europeo e o Consello pronunciaranse ben a petición do Tribunal de Xustiza e logo de consulta á Comisión, ben por proposta da Comisión e logo de consulta ao Tribunal de Xustiza.

SECCIÓN SEXTA

O BANCO CENTRAL EUROPEO

Artigo 282

1. O Banco Central Europeo e os bancos centrais nacionais constituirán o Sistema Europeo de Bancos Centrais (SEBC). O Banco Central Europeo e os bancos centrais nacionais dos Estados membros cuxa moeda é o euro, que constitúen o Eurosistema, dirixirán a política monetaria da Unión.

2. O SEBC estará dirixido polos órganos reitores do Banco Central Europeo. O obxectivo

principal do SEBC será manter a estabilidade de prezos. Sen prexuízo deste obxectivo, prestaralles apoio ás políticas económicas xerais da Unión para contribuír á consecución dos obxectivos desta.

3. O Banco Central Europeo terá personalidade xurídica. Corresponderalle en exclusiva autorizar a emisión do euro. Será independente no exercicio das súas competencias e na xestión das súas finanzas. As institucións, órganos e organismos da Unión e os gobernos dos Estados membros respectarán esta independencia.

4. O Banco Central Europeo adoptará as medidas necesarias para desempeñar os seus labores conforme aos artigos 127 a 133 e 138 e ás condicións establecidas nos Estatutos do SEBC e do BCE. Conforme aos devanditos artigos, os Estados membros cuxa moeda non sexa o euro e os bancos centrais destes manterán as súas competencias no ámbito monetario.

5. Nos ámbitos que entren dentro das súas atribucións, consultarase o Banco Central Europeo sobre todo proxecto de acto da Unión e sobre todo proxecto de normativa a escala nacional; o Banco poderá emitir ditames.

Artigo 283

(antigo artigo 112 TCE)

1. O Consello de Goberno do Banco Central Europeo estará formado polos membros do Comité Executivo do Banco Central Europeo e os gobernadores dos bancos centrais nacionais dos Estados membros cuxa moeda sexa o euro.

2. O Comité Executivo estará composto polo Presidente, o Vicepresidente e outros catro membros.

O Presidente, o Vicepresidente e os demais membros do Comité Executivo serán nomeados polo Consello Europeo, por maioría cualificada, de entre persoas de recoñecido prestixio e experiencia profesional en asuntos monetarios ou bancarios, sobre a base dunha recomendación do Consello e logo de consulta ao Parlamento Europeo e ao Consello de Goberno do Banco Central Europeo.

O seu mandato terá unha duración de oito anos e non será renovable.

Só poderán ser membros do Comité Executivo os nacionais dos Estados membros.

Artigo 284

(antigo artigo 113 TCE)

1. O Presidente do Consello e un membro da Comisión poderán participar, sen dereito de voto,

nas reunións do Consello de Goberno do Banco Central Europeo.

O Presidente do Consello poderá someter unha moción á deliberación ao Consello de Goberno do Banco Central Europeo.

2. Invitarase o Presidente do Banco Central Europeo a que participe nas reunións do Consello nas que se delibere sobre cuestións relativas aos obxectivos e funcións do SEBC.

3. O Banco Central Europeo remitiralles un informe anual sobre as actividades do SEBC e sobre a política monetaria do ano precedente e do ano en curso ao Parlamento Europeo, ao Consello e á Comisión, así como ao Consello Europeo. O Presidente do Banco Central Europeo presentarlles o devandito informe ao Consello e ao Parlamento Europeo, que poderá proceder a un debate xeral sobre esa base.

O Presidente do Banco Central Europeo e os restantes membros do Comité Executivo, a petición do Parlamento Europeo ou por iniciativa propia, poderán ser oídos polas comisións competentes do Parlamento Europeo.

SECCIÓN SÉTIMA

O TRIBUNAL DE CONTAS

Artigo 285

(antigo artigo 246 TCE)

A fiscalización, ou control de contas da Unión, será efectuada polo Tribunal de Contas.

O Tribunal de Contas estará composto por un nacional de cada Estado membro. Os membros do Tribunal exercerán as súas funcións con plena independencia, en interese xeral da Unión.

Artigo 286

(antigo artigo 247 TCE)

1. Os membros do Tribunal de Contas serán elixidos entre personalidades que pertencen ou pertencesen nos seus respectivos Estados ás institucións de control externo ou que estean especialmente cualificadas para esta función. Deberán ofrecer absolutas garantías de independencia.

2. Os membros do Tribunal de Contas serán nomeados para un período de seis anos. O Consello, logo de consulta ao Parlamento Europeo, adoptará a lista de membros establecida de conformidade coas propostas presentadas por cada Estado membro. O mandato dos membros do Tribunal de Contas será renovable.

Os membros elixirán de entre eles o Presiden-

te do Tribunal de Contas por un período de tres anos. O seu mandato será renovable.

3. No cumprimento das súas funcións, os membros do Tribunal de Contas non solicitarán nin aceptarán instrucións de ningún Goberno nin de ningún organismo. Absteranse de realizar calquera acto incompatible co carácter das súas funcións.

4. Os membros do Tribunal de Contas non poderán, mentres dure o seu mandato, exercer ningunha outra actividade profesional, retribuída ou non. No momento de asumir as súas funcións, comprometeranse solemnemente a respectar, mentres dure o seu mandato e mesmo despois de finalizar este, as obrigas derivadas do seu cargo e, en especial, os deberes de honestidade e discreción en canto á aceptación, unha vez rematado o seu mandato, de determinadas funcións ou beneficios.

5. Á parte dos casos de renovación periódica e falecemento, o mandato dos membros do Tribunal de Contas concluírá individualmente por dimisión voluntaria ou cesamento declarado polo Tribunal de Xustiza, de conformidade co disposto no punto 6.

O interesado será substituído polo tempo que falte para rematar o mandato.

Salvo en caso de cesamento, os membros do Tribunal de Contas permanecerán no seu cargo ata a súa substitución.

6. Os membros do Tribunal de Contas só poderán ser relevados das súas funcións ou privados do seu dereito á pensión ou de calquera outro beneficio substitutivo se o Tribunal de Xustiza, a instancia do Tribunal de Contas, declarase que deixan de reunir as condicións requiridas ou de cumprir as obrigas que dimanan do seu cargo.

7. O Consello fixará as condicións de emprego e, en particular, os soldos, axudas de custo e pensións do Presidente e dos membros do Tribunal de Contas. Fixará tamén calquera outro emolumento de carácter retributivo.

8. As disposicións do Protocolo sobre os privilexios e as inmunidades da Unión Europea aplicables aos Xuíces do Tribunal de Xustiza da Unión Europea serán igualmente aplicables aos membros do Tribunal de Contas.

Artigo 287 (antigo artigo 248 TCE)

1. O Tribunal de Contas examinará as contas da totalidade dos ingresos e gastos da Unión. Examinará tamén as contas da totalidade dos ingresos e gastos de calquera órgano ou organismo

creado pola Unión, na medida en que o acto constitutivo do devandito órgano ou organismo non exclúa o devandito exame.

O Tribunal de Contas presentaralles ao Parlamento Europeo e ao Consello unha declaración sobre a fiabilidade das contas e a regularidade e legalidade das operacións correspondentes que será publicada no *Diario Oficial da Unión Europea*. A devandita declaración poderá completarse con observacións específicas sobre cada un dos ámbitos principais da actividade da Unión.

2. O Tribunal de Contas examinará a legalidade e a regularidade dos ingresos e gastos e garantirá unha boa xestión financeira. Ao facelo informará, en particular, de calquera caso de irregularidade.

O control dos ingresos efectuarase sobre a base das liquidacións e das cantidades entregadas á Unión.

O control dos gastos efectuarase sobre a base dos compromisos asumidos e os pagamentos realizados. Ambos os dous controis poderán efectuarse antes do peche das contas do exercicio orzamentario considerado.

3. O control levarase a cabo sobre a documentación contable e, en caso necesario, nas dependencias correspondentes das outras institucións da Unión, nas dependencias de calquera órgano ou organismo que xestione ingresos ou gastos en nome da Unión e nos Estados membros, incluídas as dependencias de calquera persoa física ou xurídica que perciba fondos do orzamento. Nos Estados membros, o control efectuarase en colaboración coas institucións nacionais de control ou, se estas non posúen as competencias necesarias, cos servizos nacionais competentes. O Tribunal de Contas e as institucións nacionais de control dos Estados membros cooperarán con espírito de confianza e mantendo a súa independencia. Tales institucións ou servizos comunicaranlle ao Tribunal de Contas se teñen a intención de participar no mencionado control.

As outras institucións da Unión, calquera órgano ou organismo que xestione ingresos ou gastos en nome da Unión, calquera persoa física ou xurídica que perciba fondos do orzamento e as institucións nacionais de control ou, se estas non posúen as competencias necesarias, os servizos nacionais competentes, comunicaranlle ao Tribunal de Contas, a instancia deste, calquera documento ou información necesarios para o cumprimento da súa misión.

Respecto da actividade do Banco Europeo de Investimentos na xestión dos ingresos e gastos da Unión, o dereito de acceso do Tribunal ás informacións que posúe o Banco rexerese por un

acordo celebrado entre o Tribunal, o Banco e a Comisión. En ausencia do devandito acordo, o Tribunal terá, non obstante, acceso ás informacións necesarias para o control dos ingresos e gastos da Unión xestionados polo Banco.

4. O Tribunal de Contas elaborará, despois do peche de cada exercicio, un informe anual. O devandito informe seralles transmitido ás institucións da Unión e publicado no *Diario Oficial da Unión Europea*, acompañado das respostas destas institucións ás observacións do Tribunal de Contas.

O Tribunal de Contas poderá, ademais, presentar en calquera momento as súas observacións, que poderán consistir en informes especiais sobre cuestións particulares e emitir ditames, a instancia dunha das demais institucións da Unión.

O Tribunal de Contas aprobará os seus informes anuais, informes especiais ou ditames por maioría dos membros que o compoñen. Non obstante, poderá crear no seu seo Salas para aprobar determinadas categorías de informes ou de ditames nas condicións previstas polo seu regulamento interno.

O Tribunal de Contas asistirá o Parlamento Europeo e o Consello no exercicio da súa función de control da execución do orzamento.

O Tribunal de Contas elaborará o seu regulamento interno. O devandito regulamento requirirá a aprobación do Consello.

CAPÍTULO 2

ACTOS XURÍDICOS DA UNIÓN, PROCEDEMENTOS DE ADOPCIÓN E OUTRAS DISPOSICIÓNS

SECCIÓN PRIMEIRA

ACTOS XURÍDICOS DA UNIÓN

Artigo 288

(antigo artigo 249 TCE)

Para exercer as competencias da Unión, as institucións adoptarán regulamentos, directivas, decisións, recomendacións e ditames.

O regulamento terá un alcance xeral. Será obrigatorio en todos os seus elementos e directamente aplicable en cada Estado membro.

A directiva obrigará o Estado membro destinatario en canto ao resultado que deba conseguirse e deixaralles, non obstante, ás autoridades nacionais a elección da forma e dos medios.

A decisión será obrigatoria en todos os seus

elementos. Cando designe destinatarios, só será obrigatoria para estes.

As recomendacións e os ditames non serán vinculantes.

Artigo 289

1. O procedemento lexislativo ordinario consiste na adopción conxunta polo Parlamento Europeo e o Consello, por proposta da Comisión, dun regulamento, unha directiva ou unha decisión. Este procedemento defínese no artigo 294.

2. Nos casos específicos previstos polos tratados, a adopción dun regulamento, unha directiva ou unha decisión, ben polo Parlamento Europeo coa participación do Consello, ben polo Consello coa participación do Parlamento Europeo, constituirá un procedemento lexislativo especial.

3. Os actos xurídicos que se adopten mediante procedemento lexislativo constituirán actos lexislativos.

4. Nos casos específicos previstos polos tratados, os actos lexislativos poderán ser adoptados por iniciativa dun grupo de Estados membros ou do Parlamento Europeo, por recomendación do Banco Central Europeo ou a petición do Tribunal de Xustiza ou do Banco Europeo de Investimentos.

Artigo 290

1. Un acto lexislativo poderá delegar na Comisión os poderes para adoptar actos non lexislativos de alcance xeral que completen ou modifiquen determinados elementos non esenciais do acto lexislativo.

Os actos lexislativos delimitarán de forma expresa os obxectivos, o contido, o alcance e a duración da delegación de poderes. A regulación dos elementos esenciais dun ámbito estará reservada ao acto lexislativo e, polo tanto, non poderá ser obxecto dunha delegación de poderes.

2. Os actos lexislativos fixarán de forma expresa as condicións ás que estará suxeita a delegación, que poderán ser as seguintes:

- a) o Parlamento Europeo ou o Consello poderán decidir revogar a delegación;
- b) o acto delegado non poderá entrar en vigor se o Parlamento Europeo ou o Consello formularon obxeccións no prazo fixado no acto lexislativo.

Para os efectos das letras a) e b), o Parlamento Europeo pronunciarase por maioría dos membros que o compoñen e o Consello farao por maioría cualificada.

3. No título dos actos delegados figurará o adxectivo «delegado» ou «delegada».

Artigo 291

1. Os Estados membros adoptarán todas as medidas de dereito interno necesarias para a execución dos actos xuridicamente vinculantes da Unión.

2. Cando se requiran condicións uniformes de execución dos actos xuridicamente vinculantes da Unión, estes conferiranlle competencias de execución á Comisión ou, en casos específicos debidamente xustificadas e nos previstos nos artigos 24 e 26 do Tratado da Unión Europea, ao Consello.

3. Para os efectos do punto 2, o Parlamento Europeo e o Consello establecerán previamente, mediante regulamentos adoptados conforme ao procedemento lexislativo ordinario, as normas e principios xerais relativos ás modalidades de control, por parte dos Estados membros, do exercicio das competencias de execución pola Comisión.

4. No título dos actos de execución figurará a expresión «de execución».

Artigo 292

O Consello adoptará recomendacións. Pronunciarase por proposta da Comisión en todos os casos en que os tratados dispoñan que o Consello adopte actos por proposta da Comisión. Pronunciarase por unanimidade nos ámbitos nos que se require a unanimidade para a adopción dun acto da Unión. A Comisión, así como o Banco Central Europeo nos casos específicos previstos polos tratados, adoptarán recomendacións.

SECCIÓN SEGUNDA

PROCEDEMENTOS DE ADOPCIÓN DOS ACTOS E OUTRAS DISPOSICIÓNS

Artigo 293

(antigo artigo 250 TCE)

1. Cando, en virtude dos tratados, o Consello se pronuncie por proposta da Comisión, unicamente poderá modificar a proposta por unanimidade, salvo nos casos contemplados nos puntos 10 e 13 do artigo 294, nos artigos 310, 312 e 314 e no parágrafo segundo do artigo 315.

2. En tanto que o Consello non se pronuncie, a Comisión poderá modificar a súa proposta

mentres duren os procedementos que conduzan á adopción dun acto da Unión.

Artigo 294

(antigo artigo 251 TCE)

1. Cando nos tratados, para a adopción dun acto, se faga referencia ao procedemento lexislativo ordinario, aplicarase o procedemento seguinte.

2. A Comisión presentaralles unha proposta ao Parlamento Europeo e ao Consello.

Primeira lectura

3. O Parlamento Europeo aprobará a súa posición en primeira lectura e transmitiráa ao Consello.

4. Se o Consello aproba a posición do Parlamento Europeo, adoptárase o acto de que se trate na formulación correspondente á posición do Parlamento Europeo.

5. Se o Consello non aproba a posición do Parlamento Europeo, adoptará a súa posición en primeira lectura e transmitiráa ao Parlamento Europeo.

6. O Consello informará cumpridamente o Parlamento Europeo das razóns que o levaron a adoptar a súa posición en primeira lectura. A Comisión informará cumpridamente da súa posición o Parlamento Europeo.

Segunda lectura

7. Se, nun prazo de tres meses a partir da devandita transmisión, o Parlamento Europeo:

a) aproba a posición do Consello en primeira lectura ou non toma decisión ningunha, o acto de que se trate considerarase adoptado na formulación correspondente á posición do Consello;

b) rexeita, por maioría dos membros que o compoñen, a posición do Consello en primeira lectura, o acto proposto considerarase non adoptado;

c) propón, por maioría dos membros que o compoñen, emendas á posición do Consello en primeira lectura, o texto así modificado transmitirase ao Consello e á Comisión, que ditaminará sobre as devanditas emendas.

8. Se nun prazo de tres meses a partir da recepción das emendas do Parlamento Europeo, o Consello, por maioría cualificada:

a) aproba todas estas emendas, o acto de que se trate considerarase adoptado;

b) non aproba todas as emendas, o Presiden-

te do Consello, de acordo co Presidente do Parlamento Europeo, convocará o Comité de Conciliación nun prazo de seis semanas.

9. O Consello pronunciarase por unanimidade sobre as emendas que sexan obxecto dun ditame negativo da Comisión.

Conciliación

10. O Comité de Conciliación, que estará composto polos membros do Consello ou polos seus representantes e por un número igual de membros que representen o Parlamento Europeo, terá por misión alcanzar, no prazo de seis semanas a partir da súa convocatoria, un acordo por maioría cualificada dos membros do Consello ou os seus representantes e por maioría dos membros que representen o Parlamento Europeo, sobre un texto conxunto baseado nas posicións do Parlamento Europeo e do Consello en segunda lectura.

11. A Comisión participará nos traballos do Comité de Conciliación e tomará todas as iniciativas necesarias para propiciar un achegamento entre as posicións do Parlamento Europeo e do Consello.

12. Se, nun prazo de seis semanas a partir da súa convocatoria, o Comité de Conciliación non aproba un texto conxunto, o acto proposto considerase non adoptado.

Terceira lectura

13. Se, neste prazo, o Comité de Conciliación aproba un texto conxunto, o Parlamento Europeo e o Consello disporán cada un de seis semanas a partir da devandita aprobación para adoptar o acto de que se trate conforme ao devandito texto, pronunciándose o Parlamento Europeo por maioría dos votos emitidos e o Consello por maioría cualificada. No seu defecto, o acto proposto considerase non adoptado.

14. Os períodos de tres meses e de seis semanas considerados no presente artigo poderán ampliarse, como máximo, nun mes e dúas semanas respectivamente, por iniciativa do Parlamento Europeo ou do Consello.

Disposicións particulares

15. Cando, nos casos previstos polos tratados, un acto legislativo se someta ao procedemento legislativo ordinario por iniciativa dun grupo de Estados membros, por recomendación do Banco Central Europeo ou a instancia do Tribunal de Xustiza, non se aplicarán o punto 2, a segunda

frase do punto 6 nin o punto 9.

Nestes casos, o Parlamento Europeo e o Consello transmitiránlle á Comisión o proxecto de acto, así como as súas posicións en primeira e segunda lecturas. O Parlamento Europeo ou o Consello poderán pedir o ditame da Comisión ao longo de todo o procedemento e a Comisión poderá ditaminar así mesmo por propia iniciativa. A Comisión tamén poderá, se o considera necesario, participar no Comité de Conciliación de conformidade co punto 11.

Artigo 295

O Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión levarán a cabo consultas recíprocas e organizarán de común acordo a forma da súa cooperación. Para tal efecto e dentro do respecto dos tratados, poderán celebrar acordos interinstitucionais que poderán ter carácter vinculante.

Artigo 296

(antigo artigo 253 TCE)

Cando os tratados non establezan o tipo de acto que deba adoptarse, as institucións decidirán en cada caso conforme aos procedementos aplicables e ao principio de proporcionalidade.

Os actos xurídicos deberán estar motivados e referiranse ás propostas, iniciativas, recomendacións, peticións ou ditames previstos polos tratados.

Cando se lles presente un proxecto de acto legislativo, o Parlamento Europeo e o Consello absteranse de adoptar actos non previstos polo procedemento legislativo aplicable ao ámbito de que se trate.

Artigo 297

(antigo artigo 254 TCE)

1. Os actos legislativos adoptados conforme ao procedemento legislativo ordinario serán asinados polo Presidente do Parlamento Europeo e polo Presidente do Consello.

Os actos legislativos adoptados conforme a un procedemento legislativo especial serán asinados polo Presidente da institución que os adopte.

Os actos legislativos publicaranse no *Diario Oficial da Unión Europea*. Entrarán en vigor na data que eles mesmos fixen ou, a falta desta, aos vinte días da súa publicación.

2. Os actos non legislativos adoptados en forma de regulamentos, directivas e decisións, cando estas últimas non indiquen destinatario,

serán asinados polo Presidente da institución que os adoptase.

Os regulamentos, as directivas que teñan por destinatarios a todos os Estados membros, así como as decisións que non indiquen destinatario, publicaranse no *Diario Oficial da Unión Europea*. Entrarán en vigor na data que eles mesmos fixen ou, a falta dela, aos vinte días da súa publicación.

As demais directivas, así como as decisións que indiquen un destinatario, notificaránselles aos seus destinatarios e producirán efecto en virtude da devandita notificación.

Artigo 298

1. No cumprimento das súas funcións, as institucións, órganos e organismos da Unión apoiaranse nunha Administración europea aberta, eficaz e independente.

2. Dentro do respecto ao estatuto e ao réxime adoptados conforme ao artigo 336, o Parlamento Europeo e o Consello establecerán as disposicións para tal efecto, mediante regulamentos adoptados conforme ao procedemento legislativo ordinario.

Artigo 299

(antigo artigo 256 TCE)

Os actos do Consello, da Comisión ou do Banco Central Europeo que lles impoñan unha obriga pecuniaria a persoas distintas dos Estados serán títulos executivos.

A execución forzosa rexerese polas normas de procedemento civil vixentes no Estado en cuxo territorio se leve a cabo. A orde de execución será consignada, sen outro control que o da comprobación da autenticidade do título, pola autoridade nacional que o Goberno de cada un dos Estados membros haberá de designar ao respecto e cuxo nome lles deberá comunicar á Comisión e ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

Cumpridas estas formalidades a instancia do interesado, este poderá promover a execución forzosa conforme ao dereito interno, recorrendo directamente ao órgano competente.

A execución forzosa só poderá ser suspendida en virtude dunha decisión do Tribunal de Xustiza da Unión Europea. Non obstante, o control da conformidade a dereito das medidas de execución será competencia das xurisdicións nacionais.

CAPÍTULO 3

ÓRGANOS CONSULTIVOS DA UNIÓN

Artigo 300

1. O Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión estarán asistidos por un Comité Económico e Social e por un Comité das Rexións, que exercerán funcións consultivas.

2. O Comité Económico e Social estará composto por representantes das organizacións de empresarios, de traballadores e doutros sectores representativos da sociedade civil, en particular nos ámbitos socioeconómico, cívico, profesional e cultural.

3. O Comité das Rexións estará composto por representantes dos entes rexionais e locais que sexan titulares dun mandato electoral nun ente rexional ou local ou que teñan responsabilidade política ante unha asemblea elixida.

4. Os membros do Comité Económico e Social e do Comité das Rexións non estarán vinculados por ningún mandato imperativo. Exercerán as súas funcións con plena independencia, en interese xeral da Unión.

5. As normas contempladas nos puntos 2 e 3, relativas á natureza da composición destes comités, serán revisadas periodicamente polo Consello para ter en conta a evolución económica, social e demográfica na Unión. O Consello, por proposta da Comisión, adoptará decisións para tal efecto.

SECCIÓN PRIMEIRA

O COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL

Artigo 301

(antigo artigo 258 TCE)

O número de membros do Comité Económico e Social non excederá de trescentos cincuenta. O Consello adoptará por unanimidade, a proposta da Comisión, unha decisión pola que se estableza a composición do Comité.

O Consello establecerá as axudas de custo dos membros do Comité.

Artigo 302

(antigo artigo 259 TCE)

1. Os membros do Comité serán nomeados para un período de cinco anos. O Consello adoptará a lista de membros establecida de conformidade coas propostas presentadas por

cada Estado membro. O mandato dos membros do Comité será renovable.

2. O Consello pronunciarase logo de consulta á Comisión. Poderá solicitar a opinión das organizacións europeas representativas dos diferentes sectores económicos e sociais e da sociedade civil aos que lles concirnan as actividades da Unión.

Artigo 303
(antigo artigo 260 TCE)

O Comité designará de entre os seus membros o Presidente e a Mesa, por un período de dous anos e medio.

Establecerá o seu regulamento interno.

O Comité será convocado polo seu Presidente, a instancia do Parlamento Europeo, do Consello ou da Comisión. Tamén poderá reunirse por propia iniciativa.

Artigo 304
(antigo artigo 262 TCE)

O Comité será consultado polo Parlamento Europeo, o Consello ou a Comisión, nos casos previstos nos tratados. Estas institucións poderán consultalo en todos aqueles casos en que o consideren oportuno. Poderá tomar a iniciativa de emitir un ditame cando o xulgue oportuno.

Se o estimasen necesario, o Parlamento Europeo, o Consello ou a Comisión fixaranlle ao Comité un prazo para a presentación do seu ditame, que non poderá ser inferior a un mes a partir da data da notificación que, para tal fin, se lle curse ao Presidente. Transcorrido o prazo fixado sen recibirse o ditame, poderá prescindirse deste.

O ditame do Comité seralles remitido ao Parlamento Europeo, ao Consello e á Comisión, xunto cunha acta das deliberacións.

SECCIÓN SEGUNDA

O COMITÉ DAS REXIÓNS

Artigo 305
(antigo artigo 263, parágrafos segundo, terceiro e cuarto, TCE)

O número de membros do Comité das Rexións non excederá de trescentos cincuenta.

O Consello adoptará por unanimidade, por proposta da Comisión, unha decisión pola que se estableza a composición do Comité.

Os membros do Comité, así como un número

igual de suplentes, serán nomeados para un período de cinco anos. O seu mandato será renovable. O Consello adoptará a lista de membros e suplentes establecida, de conformidade coas propostas presentadas por cada Estado membro. Ao termo do mandato mencionado no punto 3 do artigo 300 en virtude do cal fosen propostos, o mandato dos membros do Comité concluirá automaticamente e serán substituídos para o período restante do devandito mandato segundo o mesmo procedemento. Ningún membro do Comité poderá ser simultaneamente membro do Parlamento Europeo.

Artigo 306
(antigo artigo 264 TCE)

O Comité das Rexións designará de entre os seus membros o Presidente e a Mesa, por un período de dous anos e medio.

Establecerá o seu regulamento interno.

O Comité será convocado polo seu Presidente, a instancia do Parlamento Europeo, do Consello ou da Comisión. Tamén poderá reunirse por propia iniciativa.

Artigo 307
(antigo artigo 265 TCE)

O Comité das Rexións será consultado polo Parlamento Europeo, o Consello ou a Comisión, nos casos previstos nos tratados e en calquera outro, en particular aqueles que afecten a cooperación transfronteiriza, en que unha destas institucións o considere oportuno.

Se o estimasen necesario, o Parlamento Europeo, o Consello ou a Comisión fixaranlle ao Comité un prazo para a presentación do seu ditame, que non poderá ser inferior a un mes a partir da data da notificación que, para tal fin, se lle curse ao Presidente. Transcorrido o prazo fixado sen recibirse o ditame, poderá prescindirse deste.

Cando o Comité Económico e Social sexa consultado en aplicación do artigo 304, o Parlamento Europeo, o Consello ou a Comisión informarán o Comité das Rexións desta solicitude de ditame. O Comité das Rexións poderá emitir un ditame ao respecto cando estime que hai intereses rexionais específicos en xogo.

Poderá emitir un ditame por propia iniciativa cando o considere conveniente.

O ditame do Comité seralles remitido ao Parlamento Europeo, ao Consello e á Comisión, xunto coa acta das deliberacións.

CAPÍTULO 4

O BANCO EUROPEO DE INVESTIMENTOS

Artigo 308

(antigo artigo 266 TCE)

O Banco Europeo de Investimentos terá personalidade xurídica.

Serán membros do Banco Europeo de Investimentos os Estados membros.

Os Estatutos do Banco Europeo de Investimentos figuran nun protocolo anexo aos tratados. O Consello, por unanimidade, conforme a un procedemento legislativo especial, a petición do Banco Europeo de Investimentos e logo de consulta ao Parlamento Europeo e á Comisión, ou por proposta da Comisión, logo de consulta ao Parlamento Europeo e ao Banco Europeo de Investimentos, poderá modificar os estatutos do Banco.

Artigo 309

(antigo artigo 267 TCE)

O Banco Europeo de Investimentos terá por misión contribuír ao desenvolvemento equilibrado e estable do mercado interior en interese da Unión, recorrendo aos mercados de capitais e aos seus propios recursos. Para tal fin, o Banco facilitará, mediante a concesión de empréstitos e garantías e sen perseguir fins lucrativos, o financiamento, en todos os sectores da economía, dos proxectos seguintes:

a) proxectos para o desenvolvemento das rexións máis atrasadas;

b) proxectos que tendan á modernización ou reconversión de empresas ou á creación de novas actividades inducidas polo establecemento ou o funcionamento do mercado interior que, pola súa amplitude ou natureza, non poidan ser enteiramente financiados cos diversos medios de financiamento existentes en cada un dos Estados membros;

c) proxectos de interese común a varios Estados membros que, pola súa amplitude ou natureza, non poidan ser enteiramente financiados cos diversos medios de financiamento existentes en cada un dos Estados membros.

No cumprimento da súa misión, o Banco facilitará o financiamento de programas de investimento en combinación con accións dos fondos estruturais e outros instrumentos financeiros da Unión.

TÍTULO II

DISPOSICIÓNS FINANCEIRAS

Artigo 310

(antigo artigo 268 TCE)

1. Todos os ingresos e gastos da Unión deberán estar comprendidos nas previsións correspondentes a cada exercicio orzamentario e consignados no orzamento.

O Parlamento Europeo e o Consello establecerán o orzamento anual da Unión conforme ao artigo 314.

O orzamento deberá estar equilibrado en canto a ingresos e gastos.

2. Os gastos consignados no orzamento serán autorizados para todo o exercicio orzamentario anual, de conformidade co regulamento a que se refire o artigo 322.

3. A execución de gastos consignados no orzamento requirirá a adopción previa dun acto xuridicamente vinculante da Unión que outorgue un fundamento xurídico á súa acción e á execución do correspondente gasto, de conformidade co regulamento a que se refire o artigo 322, salvo nas excepcións que estableza o devandito regulamento.

4. Co fin de garantir a disciplina orzamentaria, a Unión non adoptará actos que poidan incidir de xeito considerable no orzamento sen dar garantías de que os gastos derivados dos devanditos actos poidan ser financiados dentro do límite dos recursos propios da Unión e dentro do marco financeiro plurianual a que se refire o artigo 312.

5. O orzamento executarase de acordo co principio de boa xestión financeira. Os Estados membros e a Unión cooperarán para que os créditos consignados no orzamento se utilicen de acordo co devandito principio.

6. A Unión e os Estados membros, de conformidade co artigo 325, combaterán a fraude e calquera outra actividade ilegal que prexudique os intereses financeiros da Unión.

CAPÍTULO 1

RECURSOS PROPIOS DA UNIÓN

Artigo 311

(antigo artigo 269 TCE)

A Unión dotarase dos medios necesarios para alcanzar os seus obxectivos e para levar a cabo as súas políticas.

Sen prexuízo do concurso doutros ingresos, o orzamento será financiado integramente con cargo aos recursos propios.

O Consello adoptará, conforme a un procedemento lexislativo especial, por unanimidade e logo de consulta ao Parlamento Europeo, unha decisión que estableza as disposicións aplicables ao sistema de recursos propios de Unión. Neste contexto poderanse establecer novas categorías de recursos propios ou suprimir unha categoría existente. A devandita decisión só entrará en vigor unha vez que sexa aprobada polos Estados membros, de conformidade coas súas respectivas normas constitucionais.

O Consello fixará, mediante regulamentos adoptados conforme a un procedemento lexislativo especial, as medidas de execución do sistema de recursos propios da Unión sempre que así o dispoña a decisión adoptada conforme ao parágrafo terceiro. O Consello pronunciarase logo de aprobación do Parlamento Europeo.

CAPÍTULO 2

MARCO FINANCEIRO PLURIANUAL

Artigo 312

1. O marco financeiro plurianual terá por obxecto garantir a evolución ordenada dos gastos da Unión dentro do límite dos seus recursos propios.

Establecerase para un período mínimo de cinco anos.

O orzamento anual da Unión respectará o marco financeiro plurianual.

2. O Consello adoptará, conforme a un procedemento lexislativo especial, un regulamento que fixe o marco financeiro plurianual. O Consello pronunciarase por unanimidade, logo de aprobación do Parlamento Europeo, que se pronunciará por maioría dos membros que o compoñen.

O Consello Europeo poderá adoptar por unanimidade unha decisión que lle permita ao Consello pronunciarse por maioría cualificada cando adopte o regulamento considerado no parágrafo primeiro.

3. O marco financeiro fixará os importes dos límites máximos anuais de créditos para compromisos, por categoría de gastos, e do límite máximo anual de créditos para pagamentos. As categorías de gastos, cuxo número deberá ser limitado, corresponderán aos grandes sectores de actividade da Unión.

O marco financeiro establecerá calquera ou-

tra disposición axeitada para o bo desenvolvemento do procedemento orzamentario anual.

4. Se, ao vencemento do marco financeiro anterior, non se adoptou o regulamento do Consello polo que se establece un novo marco financeiro, prorrogaranse os límites máximos e as demais disposicións correspondentes ao último ano daquel ata que se adopte o devandito acto.

5. Durante o procedemento conducente á adopción do marco financeiro, o Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión adoptarán todas as medidas necesarias para facilitar a devandita adopción.

CAPÍTULO 3

ORZAMENTO ANUAL DA UNIÓN

Artigo 313

(antigo artigo 272, punto 1, TCE)

O exercicio orzamentario comezará o 1 de xaneiro e finalizará o 31 de decembro.

Artigo 314

(antigo artigo 272, puntos 2 a 10, TCE)

O Parlamento Europeo e o Consello establecerán o orzamento anual da Unión conforme a un procedemento lexislativo especial, atendendo ás disposicións seguintes.

1. Cada institución, agás o Banco Central Europeo, elaborará, antes do 1 de xullo, un estado de previsións dos seus gastos para o exercicio orzamentario seguinte. A Comisión reunirá estas previsións nun proxecto de orzamento, que poderá conter previsións diverxentes.

Este proxecto comprenderá unha previsión de ingresos e unha previsión de gastos.

2. A Comisión presentaralles ao Parlamento Europeo e ao Consello unha proposta que conteña o proxecto de orzamento, como moito o 1 de setembro do ano que precede o da súa execución.

A Comisión poderá modificar o proxecto de orzamento durante o procedemento, ata a convocatoria do Comité de Conciliación contemplado no punto 5.

3. O Consello adoptará a súa posición sobre o proxecto de orzamento e transmitiralla ao Parlamento Europeo, como moito o 1 de outubro do ano que precede o da execución do orzamento. Informará cumpridamente o Parlamento Europeo das razóns que o levasen a adoptar a súa posición.

4. Se, nun prazo de corenta e dous días

dende a devandita transmisión, o Parlamento Europeo:

a) aproba a posición do Consello, o orzamento quedará adoptado;

b) non se pronuncia, o orzamento considerase adoptado;

c) aproba emendas por maioría dos membros que o compoñen, o proxecto así emendado será transmitido ao Consello e á Comisión. O Presidente do Parlamento Europeo, de acordo co Presidente do Consello, convocará sen demora o Comité de Conciliación. Non obstante, se nun prazo de dez días a partir da transmisión do proxecto o Consello lle comunica ao Parlamento Europeo que aproba todas as súas emendas, o Comité de Conciliación non se reunirá.

5. O Comité de Conciliación, que estará composto polos membros do Consello ou polos seus representantes e por un número igual de membros que representen o Parlamento Europeo, terá por misión alcanzar, nun prazo de vinte e un días a partir da súa convocatoria, un acordo por maioría cualificada dos membros do Consello ou os seus representantes e por maioría dos membros que representen o Parlamento Europeo, sobre un texto conxunto baseado nas posicións do Parlamento Europeo e do Consello.

A Comisión participará nos traballos do Comité de Conciliación e tomará todas as iniciativas necesarias para propiciar un achegamento entre as posicións do Parlamento Europeo e do Consello.

6. Se, no prazo de vinte e un días mencionado no punto 5, o Comité de Conciliación alcanza un acordo sobre un texto conxunto, o Parlamento Europeo e o Consello disporán cada un de catorce días a partir da data do devandito acordo para aprobar o texto conxunto.

7. Se no prazo de catorce días mencionado no punto 6:

a) O Parlamento Europeo e o Consello aproban o texto conxunto ou non adoptan decisión ningunha, ou se unha destas institucións aproba o texto conxunto mentres que a outra non adopta decisión ningunha, o orzamento considerase definitivamente adoptado de conformidade co texto conxunto, ou ben

b) o Parlamento Europeo, por maioría dos membros que o compoñen, e o Consello rexeitan o texto conxunto, ou se unha destas institucións rexeita o texto conxunto mentres que a outra non adopta decisión ningunha, a Comisión presentará un novo proxecto de orzamento, ou ben

c) o Parlamento Europeo, por maioría dos membros que o compoñen, rexeita o texto con-

xunto mentres que o Consello o aproba, a Comisión presentará un novo proxecto de orzamento, ou ben

d) o Parlamento Europeo aproba o texto conxunto mentres que o Consello o rexeita, o Parlamento Europeo poderá, nun prazo de catorce días a partir da data do rexeitamento do Consello, decidir por maioría dos membros que o compoñen e tres quintas partes dos votos emitidos que confirma na súa totalidade ou en parte as emendas a que se refire a letra c) do punto 4. Se non se confirma unha emenda do Parlamento Europeo, manterase a posición adoptada no Comité de Conciliación con respecto á liña orzamentaria obxecto da emenda. O orzamento considerase definitivamente adoptado sobre esta base.

8. Se, no prazo de vinte e un días mencionado no punto 5, o Comité de Conciliación non alcanza un acordo sobre un texto conxunto, a Comisión presentará un novo proxecto de orzamento.

9. Cando conclúa o procedemento establecido no presente artigo, o Presidente do Parlamento Europeo declarará que o orzamento quedou definitivamente adoptado.

10. Cada institución exercerá as competencias que lle atribúe o presente artigo dentro do respecto aos tratados e aos actos adoptados en virtude destes, en particular en materia de recursos propios da Unión e de equilibrio entre os ingresos e os gastos.

Artigo 315

(antigo artigo 273 TCE)

Se, ao iniciarse un exercicio orzamentario, aínda non se adoptou definitivamente o orzamento, os gastos poderán efectuarse mensualmente por capítulos, segundo o disposto no regulamento adoptado en virtude do artigo 322, dentro do límite da doceava parte dos créditos consignados no capítulo correspondente do orzamento do exercicio precedente, sen que poida superarse a doceava parte dos créditos previstos para o mesmo capítulo no proxecto de orzamento.

O Consello, por proposta da Comisión, poderá autorizar gastos que excedan da doceava parte, sempre que se respecten as restantes condicións establecidas no parágrafo primeiro, de conformidade co regulamento adoptado en virtude do artigo 322. Comunicaralle inmediatamente a súa decisión ao Parlamento Europeo.

A decisión a que se refire o parágrafo segundo deberá prever as medidas necesarias en materia

de recursos para a aplicación do presente artigo, respectando os actos mencionados no artigo 311.

A devandita decisión entrará en vigor aos trinta días da súa adopción, a menos que dentro dese prazo o Parlamento Europeo decida, por maioría dos membros que o compoñen, reducir os gastos.

Artigo 316 (antigo artigo 271 TCE)

Nas condicións que se determinen en aplicación do artigo 322, os créditos que non correspondan a gastos de persoal e que queden sen utilizar ao final do exercicio orzamentario só poderán ser prorrogados ata o exercicio seguinte.

Os créditos especificaranse por capítulos, que agruparán os gastos segundo a súa natureza ou destino e subdividiranse de conformidade co regulamento adoptado en virtude do artigo 322.

Os gastos do Parlamento Europeo, do Consello Europeo e do Consello, da Comisión, así como do Tribunal de Xustiza da Unión Europea figurarán en partidas separadas do orzamento, sen prexuízo dun réxime especial para determinados gastos comúns.

CAPÍTULO 4

EXECUCIÓN DO ORZAMENTO E APROBACIÓN DA XESTIÓN

Artigo 317 (antigo artigo 274 TCE)

A Comisión, baixo a súa propia responsabilidade e dentro do límite dos créditos autorizados, executará o orzamento en cooperación cos Estados membros de conformidade coas disposicións dos regulamentos adoptados en virtude do artigo 322, conforme ao principio de boa xestión financeira. Os Estados membros cooperarán coa Comisión para garantir que os créditos autorizados se utilizan de acordo co principio de boa xestión financeira.

O regulamento determinará as obrigas de control e auditoría dos Estados membros na execución do orzamento, así como as responsabilidades que diso se derivan. Establecerá, así mesmo, as responsabilidades e as formas específicas de participación de cada institución na execución dos seus propios gastos.

Dentro do orzamento, a Comisión poderá transferir créditos de capítulo a capítulo ou de subdivisión a subdivisión, cos límites e nas

condicións que estableza o regulamento adoptado en virtude do artigo 322.

Artigo 318 (antigo artigo 275 TCE)

A Comisión presentaralles cada ano ao Parlamento Europeo e ao Consello as contas do exercicio pechado relativas ás operacións do orzamento. Ademais, remitiralles un balance financeiro do activo e pasivo da Unión.

A Comisión presentaralles, así mesmo, ao Parlamento Europeo e ao Consello un informe de avaliación das finanzas da Unión baseado nos resultados obtidos, en particular, en relación coas indicacións dadas polo Parlamento Europeo e o Consello en virtude do artigo 319.

Artigo 319 (antigo artigo 276 TCE)

1. O Parlamento Europeo, por recomendación do Consello, aprobará a xestión da Comisión na execución do orzamento. Para tal fin, examinará, despois do Consello, as contas, o balance financeiro e o informe de avaliación mencionados no artigo 318, o informe anual do Tribunal de Contas, acompañado das respostas das institucións controladas ás observacións do Tribunal de Contas, a declaración de fiabilidade a que se refire o parágrafo segundo do punto 1 do artigo 287 e os informes especiais pertinentes do Tribunal de Contas.

2. Antes de aprobar a xestión da Comisión, ou con calquera outra finalidade relacionada co exercicio das atribucións desta en materia de execución do orzamento, o Parlamento Europeo poderá solicitarlle explicacións á Comisión sobre a execución dos gastos ou o funcionamento dos sistemas de fiscalización financeira. A Comisión facilitaralle ao Parlamento Europeo, a instancia deste, toda a información necesaria.

3. A Comisión fará todo o necesario para lles dar efecto ás observacións que acompañen as decisións de aprobación da xestión e as demais observacións do Parlamento Europeo relativas á execución dos gastos, así como aos comentarios que acompañen as recomendacións de aprobación adoptadas polo Consello.

A instancia do Parlamento Europeo ou do Consello, a Comisión informará acerca das medidas adoptadas como consecuencia das devanditas observacións e comentarios e, en particular, acerca das instrucións impartidas aos servizos encargados da execución do orzamento. Os devanditos informes enviaranse tamén ao Tribunal de Contas.

CAPÍTULO 5

DISPOSICIÓN COMÚN

Artigo 320

(antigo artigo 277 TCE)

O marco financeiro plurianual e o orzamento anual estableceranse en euros.

Artigo 321

(antigo artigo 278 TCE)

A Comisión poderá transferir á moeda dun dos Estados membros os activos que posúa na moeda doutro Estado membro, na medida necesaria para que poidan ser utilizados para os fins que lles asignan os tratados, sempre que informe diso as autoridades competentes dos Estados membros interesados. A Comisión evitará, na medida do posible, proceder a tales transferencias se posúe activos dispoñibles ou realizables nas moedas que precise.

A Comisión relacionarase con cada un dos Estados membros por intermedio da autoridade que estes designen. Para a execución das operacións financeiras, a Comisión recorrerá ao banco de emisión do Estado membro interesado ou a outra institución financeira autorizada por este.

Artigo 322

(antigo artigo 279 TCE)

1. O Parlamento Europeo e o Consello adoptarán mediante regulamentos, conforme ao procedemento legislativo ordinario e tras consultar o Tribunal de Contas:

a) as normas financeiras polas que se determinarán, en particular, as modalidades de establecemento e execución do orzamento, así como os referentes á rendición e censura de contas;

b) as normas polas que se organizará o control da responsabilidade dos axentes financeiros, en particular dos ordenadores de pagamentos e dos contables.

2. O Consello, por proposta da Comisión, logo de consulta ao Parlamento Europeo e ao Tribunal de Contas, fixará as modalidades e o procedemento conforme aos cales deberán poñerse á disposición da Comisión os ingresos orzamentarios previstos no réxime de recursos propios da Unión e definirá as medidas que deban aplicarse para lles facer fronte, se é o caso, ás necesidades de tesouraría.

Artigo 323

O Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión velarán por que a Unión dispoña dos medios financeiros que lle permitan cumprir as súas obrigas xurídicas fronte a terceiros.

Artigo 324

Por iniciativa da Comisión, convocaranse reunións periódicas dos Presidentes do Parlamento Europeo, do Consello e da Comisión no marco dos procedementos orzamentarios contemplados no presente título. Os Presidentes adoptarán todas as medidas necesarias para propiciar a concertación e o achegamento das posicións das institucións que presiden, co fin de facilitar a aplicación do presente título.

CAPÍTULO 6

LOITA CONTRA A FRAUDE

Artigo 325

(antigo artigo 280 TCE)

1. A Unión e os Estados membros combaterán a fraude e toda actividade ilegal que afecte os intereses financeiros da Unión mediante medidas adoptadas en virtude do disposto no presente artigo, que deberán ter un efecto disuasorio e ser capaces de ofrecer unha protección eficaz nos Estados membros e nas institucións, órganos e organismos da Unión.

2. Os Estados membros adoptarán para combater a fraude que afecte os intereses financeiros da Unión as mesmas medidas que para combater a fraude que afecte os seus propios intereses financeiros.

3. Sen prexuízo doutras disposicións dos tratados, os Estados membros coordinarán as súas accións encamiñadas a protexer os intereses financeiros da Unión contra a fraude. Para tal fin, organizarán, xunto coa Comisión, unha colaboración estreita e regular entre as autoridades competentes.

4. O Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento legislativo ordinario e logo de consulta ao Tribunal de Contas, adoptarán as medidas necesarias nos ámbitos da prevención e loita contra a fraude que afecte os intereses financeiros da Unión, de cara a ofrecer unha protección eficaz e equivalente nos Estados membros e nas institucións, órganos e organismos da Unión.

5. A Comisión, en cooperación cos Estados

membros, presentaralles anualmente ao Parlamento Europeo e ao Consello un informe sobre as medidas adoptadas para a aplicación do presente artigo.

TÍTULO III

COOPERACIÓNS REFORZADAS

Artigo 326

(antigos artigos 27 A a 27 E, 40 a 40 B e 43 a 45 TUE e antigos artigos 11 e 11 A TCE)

As cooperación s reforzadas respectarán os tratados e o dereito da Unión.

As cooperación s reforzadas non prexudicarán o mercado interior nin a cohesión económica, social e territorial. Non constituirán un obstáculo nin unha discriminación para os intercambios entre Estados membros, nin provocarán distorsións de competencia entre eles.

Artigo 327

(antigos artigos 27 A a 27 E, 40 a 40 B e 43 a 45 TUE e antigos artigos 11 e 11 A TCE)

As cooperación s reforzadas respectarán as competencias, os dereitos e as obrigas dos Estados membros que non participen nelas. Estes non impedirán que as apliquen os Estados membros que participen nelas.

Artigo 328

(antigos artigos 27 A a 27 E, 40 a 40 B e 43 a 45 TUE e antigos artigos 11 e 11 A TCE)

1. As cooperación s reforzadas estarán abertas a todos os Estados membros no momento en que se establezan, sempre e cando se respecten as posibles condicións de participación establecidas na decisión de autorización. Tamén o estarán en calquera outro momento, sempre e cando se respecten, ademais das mencionadas condicións, os actos xa adoptados neste marco.

A Comisión e os Estados membros que participen nunha cooperación reforzada procurarán fomentar a participación do maior número posible de Estados membros.

2. A Comisión e, se é o caso, o Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade informarán periodicamente o Parlamento Europeo e o Consello sobre a evolución das cooperación s reforzadas.

Artigo 329

(antigos artigos 27 A a 27 E, 40 a 40 B e 43 a 45 TUE e antigos artigos 11 e 11 A TCE)

1. Os Estados membros que desexen establecer entre si unha cooperación reforzada en calquera dos ámbitos contemplados nos tratados, con excepción dos ámbitos de competencia exclusiva e da política exterior e de seguridade común, dirixirán á Comisión unha solicitude, na que precisarán o ámbito de aplicación e os obxectivos da cooperación reforzada prevista. A Comisión poderá presentarlle ao Consello unha proposta neste sentido. Se non presenta ningunha proposta, a Comisión comunicaralles os motivos aos Estados membros interesados.

A autorización considerada no parágrafo primeiro para levar a cabo unha cooperación reforzada será concedida polo Consello por proposta da Comisión e logo de aprobación do Parlamento Europeo.

2. A solicitude dos Estados membros que desexen establecer entre si unha cooperación reforzada no marco da política exterior e de seguridade común dirixirase ao Consello. Será transmitida ao Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade, para que este ditamine acerca da coherencia da cooperación reforzada prevista coa política exterior e de seguridade común da Unión, así como á Comisión, para que esta ditamine, en particular, sobre a coherencia da cooperación reforzada prevista coas demais políticas da Unión. Transmitirase, así mesmo, ao Parlamento Europeo a título informativo.

A autorización de levar a cabo unha cooperación reforzada concederase mediante decisión do Consello, que se pronunciará por unanimidade.

Artigo 330

(antigos artigos 27 A a 27 E, 40 a 40 B e 43 a 45 TUE e antigos artigos 11 e 11 A TCE)

Todos os membros do Consello poderán participar nas súas deliberacións, pero unicamente participarán na votación os membros do Consello que representen os Estados membros que participan nunha cooperación reforzada.

A unanimidade estará constituída unicamente polos votos dos representantes dos Estados membros participantes.

A maioría cualificada definirase de conformidade co punto 3 do artigo 238.

Artigo 331

(antigos artigos 27 A a 27 E, 40 a 40 B e 43 a 45 TUE e antigos artigos 11 e 11 A TCE)

1. Todo Estado membro que desexe participar nunha cooperación reforzada xa existente nun dos ámbitos previstos no punto 1 do artigo 329 notificarállelo ao Consello e á Comisión.

A Comisión confirmará a participación do Estado membro de que se trate nun prazo de catro meses a partir da recepción da devandita notificación. Fará constar, se é o caso, que se cumpren as condicións de participación e adoptará as medidas transitorias necesarias para a aplicación dos actos xa adoptados no marco da cooperación reforzada.

Non obstante, se a Comisión considera que non se cumpren as condicións de participación, indicará as disposicións necesarias para iso e establecerá un prazo para reconsiderar a solicitude. Ao termo do devandito prazo, reconsiderará a solicitude conforme ao procedemento establecido no parágrafo segundo. Se a Comisión considera que seguen sen cumprirse as condicións de participación, o Estado membro de que se trate poderá someter a cuestión ao Consello, que deberá pronunciarse sobre a solicitude. O Consello pronunciarase de conformidade co artigo 330. Poderá adoptar, así mesmo, por proposta da Comisión, as medidas transitorias mencionadas no parágrafo segundo.

2. Todo Estado membro que desexe participar nunha cooperación reforzada xa existente no marco da política exterior e de seguridade común notificarállelo ao Consello, ao Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade e á Comisión.

O Consello confirmará a participación do Estado membro de que se trate, logo de consulta ao Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade e despois de comprobar, se é o caso, que cumpre as condicións de participación. O Consello, a proposta do Alto Representante, poderá adoptar así mesmo as medidas transitorias necesarias para a aplicación dos actos xa adoptados no marco da cooperación reforzada. Non obstante, se o Consello estima que non se cumpren as condicións de participación, indicará as disposicións necesarias para iso e establecerá un prazo para reconsiderar a solicitude de participación.

Para os efectos do presente punto, o Consello pronunciarase por unanimidade e de conformidade co artigo 330.

Artigo 332

(antigos artigos 27 A a 27 E, 40 a 40 B e 43 a 45 TUE e antigos artigos 11 e 11 A TCE)

Os gastos resultantes da aplicación dunha cooperación reforzada que non sexan os gastos administrativos ocasionados ás institucións serán sufragados polos Estados membros participantes, a menos que o Consello, por unanimidade de todos os seus membros e logo de consulta ao Parlamento Europeo, decida outra cousa.

Artigo 333

(antigos artigos 27 A a 27 E, 40 a 40 B e 43 a 45 TUE e antigos artigos 11 e 11 A TCE)

1. Cando unha disposición dos tratados que poida aplicarse no marco dunha cooperación reforzada estableza que o Consello debe pronunciarse por unanimidade, este poderá adoptar por unanimidade, de conformidade co disposto no artigo 330, unha decisión que estableza que se pronunciará por maioría cualificada.

2. Cando unha disposición dos tratados que poida aplicarse no marco dunha cooperación reforzada estableza que o Consello debe adoptar os actos correspondentes conforme a un procedemento lexislativo especial, o Consello poderá adoptar por unanimidade, de conformidade co disposto no artigo 330, unha decisión que estableza que se pronunciará conforme ao procedemento lexislativo ordinario. O Consello pronunciarase logo de consulta ao Parlamento Europeo.

3. Os puntos 1 e 2 non se aplicarán ás decisións que teñan repercusións militares ou no ámbito da defensa.

Artigo 334

(antigos artigos 27 A a 27 E, 40 a 40 B e 43 a 45 TUE e antigos artigos 11 e 11 A TCE)

O Consello e a Comisión velarán pola coherencia das accións emprendidas no marco dunha cooperación reforzada, así como pola coherencia das devanditas accións coas políticas da Unión e cooperarán para tal efecto.

SÉTIMA PARTE

DISPOSICIÓN XERAIS E
DERRADEIRAS*Artigo 335*

(antigo artigo 282 TCE)

A Unión gozará en cada un dos Estados membros da máis ampla capacidade xurídica que as lexislacións nacionais lles recoñecen ás persoas xurídicas; poderá, en particular, adquirir ou allear bens mobles e inmobles e comparecer en xuízo. Para tal fin, estará representada pola Comisión. Non obstante, a Unión estará representada por cada unha das institucións, en virtude da autonomía administrativa destas, para as cuestións relacionadas co seu funcionamento.

Artigo 336

(antigo artigo 283 TCE)

O Parlamento Europeo e o Consello establecerán, mediante regulamentos adoptados conforme ao procedemento lexislativo ordinario e logo de consulta ás demais institucións interesadas, o Estatuto de Funcionarios da Unión Europea e o réxime aplicable a outros axentes de Unión.

Artigo 337

(antigo artigo 284 TCE)

Para a realización das funcións que lle son atribuídas, a Comisión poderá solicitar todo tipo de informacións e proceder a todas as comprobacións necesarias, dentro dos límites e nas condicións fixadas polo Consello, por maioría simple, de conformidade coas disposicións dos tratados.

Artigo 338

(antigo artigo 285 TCE)

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 5 do Protocolo sobre os Estatutos do Sistema Europeo de Bancos Centrais e do Banco Central Europeo, o Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, adoptarán medidas para a elaboración de estatísticas cando sexan necesarias para a realización das actividades da Unión.

2. A elaboración de estatísticas da Unión axustarase á imparcialidade, fiabilidade, obxectividade, independencia científica, rendibilidade e ao segredo estatístico e non lles ocasionará cargas excesivas aos operadores económicos.

Artigo 339

(antigo artigo 287 TCE)

Os membros das institucións da Unión, os membros dos comités, así como os funcionarios e axentes da Unión estarán obrigados, mesmo despois de cesar nos seus cargos, a non divulgar as informacións que, pola súa natureza, estean amparadas polo segredo profesional e, en especial, os datos relativos ás empresas e que se refiran ás súas relacións comerciais ou aos elementos dos seus custos.

Artigo 340

(antigo artigo 288 TCE)

A responsabilidade contractual da Unión rexerese pola lei aplicable ao contrato de que se trate. En materia de responsabilidade extracontractual, a Unión deberá reparar os danos causados polas súas institucións ou os seus axentes no exercicio das súas funcións, de conformidade cos principios xerais comúns aos dereitos dos Estados membros.

Malia o disposto no parágrafo segundo, o Banco Central Europeo deberá reparar os danos causados por el ou polos seus axentes no exercicio das súas funcións, de conformidade cos principios xerais comúns aos dereitos dos Estados membros.

A responsabilidade persoal dos axentes ante a Unión rexerese polas disposicións do seu estatuto ou o réxime que lles sexa aplicable.

Artigo 341

(antigo artigo 289 TCE)

A sede das institucións da Unión será fixada de común acordo polos gobernos dos Estados membros.

Artigo 342

(antigo artigo 290 TCE)

O réxime lingüístico das institucións da Unión será fixado polo Consello mediante regulamentos, por unanimidade, sen prexuízo das disposicións previstas no Estatuto do Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

Artigo 343

(antigo artigo 291 TCE)

A Unión gozará no territorio dos Estados membros dos privilexios e inmunidades necesarios para o cumprimento da súa misión, nas

condicións establecidas no Protocolo do 8 de abril de 1965 sobre os privilexios e as inmunidades de Unión Europea. O mesmo se aplicará ao Banco Central Europeo e ao Banco Europeo de Investimentos.

Artigo 344
(antigo artigo 292 TCE)

Os Estados membros comprométese a non someter as controversias relativas á interpretación ou aplicación dos tratados a un procedemento de solución distinto dos previstos nestes.

Artigo 345
(antigo artigo 295 TCE)

Os tratados non prexulgan de ningún xeito o réxime da propiedade nos Estados membros.

Artigo 346
(antigo artigo 296 TCE)

1. As disposicións dos tratados non obstarán as normas seguintes:

a) ningún Estado membro estará obrigado a facilitar información cuxa divulgación considere contraria aos intereses esenciais da súa seguridade;

b) todo Estado membro poderá adoptar as medidas que estime necesarias para a protección dos intereses esenciais da súa seguridade e que se refiran á produción ou ao comercio de armas, municións e material de guerra; estas medidas non deberán alterar as condicións de competencia no mercado interior respecto dos produtos que non estean destinados a fins especificamente militares.

2. O Consello, por unanimidade e por proposta da Comisión, poderá introducir modificacións na lista, que estableceu o 15 de abril de 1958, dos produtos suxeitos ás disposicións da letra b) do punto 1.

Artigo 347
(antigo artigo 297 TCE)

Os Estados membros consultaranse co fin de adoptar de común acordo as disposicións necesarias para evitar que o funcionamento do mercado interior resulte afectado polas medidas que un Estado membro poida verse obrigado a adoptar en caso de graves disturbios internos que alteren a orde pública, en caso de guerra ou de grave tensión internacional que constituía unha ameaza de guerra, ou para lles facer

fronte ás obrigas contraídas por este para o mantemento da paz e a seguridade internacional.

Artigo 348
(antigo artigo 298 TCE)

Se algunhas das medidas adoptadas nos casos previstos nos artigos 346 e 347 tivesen por efecto falsear as condicións de competencia no mercado interior, a Comisión examinará co Estado interesado as condicións conforme ás cales as devanditas medidas poderán adaptarse ás normas establecidas nos tratados.

Malia o procedemento previsto nos artigos 258 e 259, a Comisión ou calquera Estado membro poderá recorrer directamente ao Tribunal de Xustiza se considera que outro Estado membro abusa das facultades previstas nos artigos 346 e 347. O Tribunal de Xustiza resolverá a porta pechada.

Artigo 349
(antigo artigo 299, punto 2, parágrafos segundo, terceiro e cuarto, TCE)

Tendo en conta a situación estrutural social e económica de Guadalupe, a Güiana Francesa, Martinica, a Reunión, San Bartolomé, San Martín, as Azores, Madeira e as Illas Canarias, caracterizada pola súa gran distancia, insularidade, reducida superficie, relevo e clima adverso e dependencia económica dun reducido número de produtos, factores cuxa persistencia e combinación prexudican gravemente o seu desenvolvemento, o Consello, a proposta da Comisión e logo de consulta ao Parlamento Europeo, adoptará medidas específicas orientadas, en particular, a fixar as condicións para a aplicación dos tratados nas devanditas rexións, incluídas as políticas comúns. Cando o Consello adopte as devanditas medidas específicas conforme a un procedemento lexislativo especial, pronunciarase tamén a proposta da Comisión e logo de consulta ao Parlamento Europeo.

As medidas consideradas no parágrafo primeiro referiranse, en particular, ás políticas aduaneira e comercial, á política fiscal, ás zonas francas, ás políticas agrícola e pesqueira, ás condicións de abastecemento de materias primas e de bens de consumo esenciais, ás axudas públicas e ás condicións de acceso aos fondos estruturais e aos programas horizontais da Unión.

O Consello adoptará as medidas consideradas no parágrafo primeiro tendo en conta as características e esixencias especiais das rexións ultraperiféricas, sen poñer en perigo a integridade

e a coherencia do ordenamento xurídico da Unión, incluído o mercado interior e as políticas comúns.

Artigo 350

(antigo artigo 306 TCE)

As disposicións dos tratados non obstarán a existencia e perfeccionamento das unións rexionais entre Bélxica e Luxemburgo, así como entre Bélxica, Luxemburgo e os Países Baixos, na medida en que os obxectivos das devanditas unións rexionais non sexan alcanzados mediante a aplicación dos tratados.

Artigo 351

(antigo artigo 307 TCE)

As disposicións dos tratados non afectarán os dereitos e obrigas que resulten de convenios celebrados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1958 ou, para os Estados que se adherisen, con anterioridade á data da súa adhesión, entre un ou varios Estados membros, por unha parte, e un ou varios terceiros Estados, por outra.

Na medida en que tales convenios sexan incompatibles cos tratados, o Estado ou os Estados membros de que se trate recorrerán a todos os medios apropiados para eliminar as incompatibilidades que se observen. En caso necesario, os Estados membros prestaranse axuda mutua para lograr tal finalidade e adoptarán, se é o caso, unha postura común.

Na aplicación dos convenios mencionados no parágrafo primeiro, os Estados membros terán en conta o feito de que as vantaxes concedidas nos tratados por cada un dos Estados membros son parte integrante do establecemento da Unión e están, por iso, inseparablemente ligadas á creación de institucións comúns, á atribución de competencias en favor destas últimas e á concesión das mesmas vantaxes por parte dos demais Estados membros.

Artigo 352

(antigo artigo 308 TCE)

1. Cando se considere necesaria unha acción da Unión no ámbito das políticas definidas nos tratados para alcanzar un dos obxectivos fixados por estes, sen que se previsen neles os poderes de actuación necesarios para tal efecto, o Consello adoptará as disposicións adecuadas por unanimidade, a proposta da Comisión e logo de aprobación do Parlamento Europeo. Cando o Consello adopte as devanditas disposicións

conforme a un procedemento lexislativo especial, pronunciarase tamén por unanimidade, a proposta da Comisión e logo de aprobación do Parlamento Europeo.

2. A Comisión, no marco do procedemento de control do principio de subsidiariedade mencionado no punto 3 do artigo 5 do Tratado da Unión Europea, indicaralles aos parlamentos nacionais as propostas que se baseen no presente artigo.

3. As medidas baseadas no presente artigo non poderán levar consigo harmonización ningunha das disposicións legais e regulamentarias dos Estados membros cando os tratados exclúan a devandita harmonización.

4. O presente artigo non poderá servir de base para alcanzar obxectivos do ámbito da política exterior e de seguridade común e todo acto adoptado de conformidade co presente artigo respectará os límites fixados no parágrafo segundo do artigo 40 do Tratado da Unión Europea.

Artigo 353

O punto 7 do artigo 48 do Tratado da Unión Europea non se aplicará ás disposicións seguintes:

- artigo 311, parágrafos terceiro e cuarto;
- artigo 312, punto 2, parágrafo primeiro;
- artigo 352 e
- artigo 354.

Artigo 354

(antigo artigo 309 TCE)

Para os efectos do artigo 7 do Tratado da Unión Europea, relativo á suspensión de determinados dereitos derivados da pertenza á Unión, o membro do Consello Europeo ou do Consello que represente o Estado membro de que se trate non participará na votación e o Estado membro de que se trate non será tido en conta no cálculo da terceira parte ou das catro quintas partes dos Estados membros contemplado nos puntos 1 e 2 do devandito artigo. A abstención dos membros presentes ou representados non obstará a adopción das decisións contempladas no punto 2 do mencionado artigo.

Para a adopción das decisións contempladas nos puntos 3 e 4 do artigo 7 do Tratado da Unión Europea, a maioría cualificada definirase de conformidade coa letra b) do punto 3 do artigo 238 do presente tratado.

Cando, por mor dunha decisión de suspensión do dereito de voto adoptada de conformidade co punto 3 do artigo 7 do Tratado da Unión Europea, o Consello se pronuncie por maioría cualificada conforme a unha das disposicións dos

tratados, esta maioría cualificada definirase de conformidade coa letra b) do punto 3 do artigo 238 do presente tratado ou, se o Consello actúa por proposta da Comisión ou do Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade, de conformidade coa letra a) do punto 3 do artigo 238.

Para os efectos do artigo 7 do Tratado da Unión Europea, o Parlamento Europeo pronunciarase por maioría de dous terzos dos votos emitidos que represente a maioría dos membros que o compoñen.

Artigo 355

(antigo artigo 299, punto 2, parágrafo primeiro, e puntos 3 a 6, TCE)

Ademais das disposicións do artigo 52 do Tratado da Unión Europea relativas ao ámbito de aplicación territorial dos tratados, aplicaranse as disposicións seguintes:

1. As disposicións dos tratados aplicaranse a Guadalupe, a Güiana Francesa, Martinica, a Reunión, San Bartolomé, San Martín, as Azores, Madeira e as Illas Canarias, de conformidade co artigo 349.

2. Os países e territorios de ultramar, cuxa lista figura no anexo II, estarán sometidos ao réxime especial de asociación definido na cuarta parte.

Os tratados non se aplicarán aos países e territorios de ultramar non mencionados na lista antes citada que manteñan relacións especiais co Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte.

3. As disposicións dos tratados aplicaranse aos territorios europeos cuxas relacións exteriores asuma un Estado membro.

4. As disposicións dos tratados aplicaranse ás illas Åland, de conformidade coas disposicións do Protocolo n.º 2 da acta relativa ás condicións de adhesión da República de Austria, da República de Finlandia e do Reino de Suecia.

5. Malia o disposto no artigo 52 do Tratado da Unión Europea e nos puntos 1 a 4 do presente artigo:

- a) os tratados non se aplicarán ás illas Feroe;
- b) os tratados non se aplicarán ás zonas de soberanía do Reino Unido de Akrotiri e Dhekelia en Chipre, salvo na medida en que sexa necesaria para garantir o cumprimento das disposicións establecidas no Protocolo relativo ás zonas de soberanía do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte en Chipre adxunto á acta relativa ás condicións de adhesión da República Checa, a República de Estonia, a República de Chipre,

a República de Letonia, a República de Lituania, a República de Hungría, a República de Malta, a República de Polonia, a República de Eslovenia e a República Eslovaca á Unión Europea e de conformidade co disposto no devandito protocolo;

c) as disposicións dos tratados só serán aplicables ás illas da Canle e á illa de Man, na medida necesaria para asegurar a aplicación do réxime previsto para as devanditas illas no Tratado relativo á adhesión de novos Estados membros á Comunidade Económica Europea e á Comunidade Europea da Enerxía Atómica, asinado o 22 de xaneiro de 1972.

6. O Consello Europeo, por iniciativa do Estado membro de que se trate, poderá adoptar unha decisión que modifique o estatuto respecto da Unión dalgún dos países ou territorios daneses, franceses ou neerlandeses a que se refiren os puntos 1 e 2. O Consello Europeo pronunciarase por unanimidade, logo de consulta á Comisión.

Artigo 356

(antigo artigo 312 TCE)

O presente tratado conclúese por un período de tempo ilimitado.

Artigo 357

(antigo artigo 313 TCE)

O presente tratado será ratificado polas Altas Partes contratantes, de conformidade coas súas respectivas normas constitucionais. Os instrumentos de ratificación serán depositados ante o Goberno da República Italiana.

O presente tratado entrará en vigor o primeiro día do mes seguinte ao depósito do instrumento de ratificación do último Estado signatario que cumpra a devandita formalidade. Non obstante, se o devandito depósito se realizase menos de quince días antes do comezo do mes seguinte, a entrada en vigor do tratado aprazarse ata o primeiro día do segundo mes seguinte á data do devandito depósito.

Artigo 358

As disposicións do artigo 55 do Tratado da Unión Europea serán de aplicación ao presente tratado.

EN FE DO CAL, os plenipotenciarios abaixo asinantes subscriben o presente tratado.

Feito en Roma, o vinte e cinco de marzo de mil novecentos cincuenta e sete.

(non se reproduce a lista de signatarios)

3. PROTOCOLOS

PROTOCOLO (n.º 1)

SOBRE O LABOR DOS PARLAMENTOS NACIONAIS NA UNIÓN EUROPEA

AS ALTAS PARTES CONTRATANTES,

RECORDANDO que o modo en que cada Parlamento nacional realiza o control da actuación do seu Goberno con respecto ás actividades da Unión Europea atinxe á organización e práctica constitucionais propias de cada Estado membro;

DESEXANDO impulsar unha maior participación dos parlamentos nacionais nas actividades da Unión Europea e incrementar a súa capacidade para manifestar a súa opinión sobre os proxectos de actos legislativos da Unión Europea e outros asuntos que consideren de especial interese,

CONVIÑERON nas seguintes disposicións, que se incorporarán como anexo ao Tratado da Unión Europea, ao Tratado de Funcionamento da Unión Europea e ao Tratado Constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica:

TÍTULO I

INFORMACIÓN AOS PARLAMENTOS NACIONAIS

Artigo 1

Os documentos de consulta da Comisión (libros verdes, libros brancos e comunicacións) serán transmitidos directamente pola Comisión aos parlamentos nacionais cando se publiquen. A Comisión transmitiralles, así mesmo, aos parlamentos nacionais o programa legislativo anual, así como calquera outro instrumento de programación legislativa ou de estratexia política, ao mesmo tempo que os transmite ao Parlamento Europeo e ao Consello.

Artigo 2

Os proxectos de actos legislativos dirixidos ao Parlamento Europeo e ao Consello transmitiranse aos parlamentos nacionais. Para os efectos do presente protocolo, entenderase por «proxecto de acto legislativo» as propostas da Comisión, as iniciativas dun grupo de Estados membros, as iniciativas do Parlamento Europeo, as peticións do Tribunal de Xustiza, as recomendacións do Banco Central Europeo e as peticións do Banco Europeo de Investimentos, destinadas á adopción dun acto legislativo.

Os proxectos de actos legislativos que teñan a súa orixe na Comisión serán transmitidos directamente por esta aos parlamentos nacionais, ao mesmo tempo que ao Parlamento Europeo e ao Consello.

Os proxectos de actos legislativos que teñan a súa orixe no Parlamento Europeo serán transmitidos directamente por este aos parlamentos nacionais.

Os proxectos de actos legislativos que teñan a súa orixe nun grupo de Estados membros, no Tribunal de Xustiza, no Banco Central Europeo ou no Banco Europeo de Investimentos serán transmitidos polo Consello aos parlamentos nacionais.

Artigo 3

Os parlamentos nacionais poderán dirixir aos Presidentes do Parlamento Europeo, do Consello e da Comisión un ditame motivado sobre a conformidade dun proxecto de acto legislativo co principio de subsidiariedade, conforme ao procedemento establecido polo Protocolo sobre a aplicación dos principios de subsidiariedade e proporcionalidade.

Se o proxecto de acto legislativo ten a súa orixe nun grupo de Estados membros, o Presidente do Consello transmitirá o ditame ou ditames motivados aos gobernos deses Estados membros. Se o proxecto de acto legislativo ten a súa orixe no Tribunal de Xustiza, o Banco Central Europeo ou o Banco Europeo de Investimentos, o Presidente do Consello transmitirá o ditame ou ditames motivados á institución ou órgano de que se trate.

Artigo 4

Entre o momento en que se transmita aos parlamentos nacionais un proxecto de acto legislativo nas linguas oficiais da Unión e a data de inclusión do devandito proxecto na orde do día provisional do Consello de cara á súa adopción ou á adopción dunha posición no marco dun procedemento legislativo, deberá transcorrer un prazo de oito semanas. Serán posibles as excepcións en caso de urxencia, cuxos motivos se mencionarán no acto ou na posición do Consello. Ao longo desas oito semanas non poderá constatar-se ningún acordo sobre un proxecto de acto legislativo, salvo en casos urxentes debidamente motivados. Entre a inclusión dun proxecto de acto legislativo na orde do día provisional do Consello e a adopción dunha posición deberá transcorrer un prazo de dez días, salvo en casos urxentes debidamente motivados.

Artigo 5

As ordes do día e os resultados das sesións do Consello, incluídas as actas das sesións do Consello nas que este delibere sobre proxectos de actos legislativos, transmitiranse directamente aos parlamentos nacionais, ao mesmo tempo que aos gobernos dos Estados membros.

Artigo 6

Cando o Consello Europeo preveña facer uso dos parágrafos primeiro ou segundo do punto 7 do artigo 48 do Tratado da Unión Europea, informaranse os parlamentos nacionais da iniciativa do Consello Europeo polo menos seis meses antes de que se adopte unha decisión.

Artigo 7

O Tribunal de Contas transmitirá a título informativo o seu informe anual aos parlamentos nacionais, ao mesmo tempo que ao Parlamento Europeo e ao Consello.

Artigo 8

Cando o sistema parlamentario nacional non sexa unicameral, as disposicións dos artigos 1 a 7 aplicaranse ás cámaras que o compoñan.

TÍTULO II

COOPERACIÓN INTERPARLAMENTARIA

Artigo 9

O Parlamento Europeo e os parlamentos nacionais definirán conxuntamente a organización e a promoción dunha cooperación interparlamentaria eficaz e regular no seo da Unión.

Artigo 10

Unha conferencia de órganos parlamentarios especializados en asuntos da Unión poderá dirixir ao Parlamento Europeo, ao Consello e á Comisión calquera contribución que xulgue conveniente. Esta Conferencia fomentará ademais o intercambio de información e boas prácticas entre os parlamentos nacionais e o Parlamento Europeo e entre as súas comisións especializadas. A Conferencia poderá, así mesmo, organizar conferencias interparlamentarias sobre temas concretos, en particular para debater asuntos de política exterior e de seguridade común, inclu-

ídas a política común de seguridade e de defensa. As achegas da Conferencia non vincularán os parlamentos nacionais nin prexulgarán a súa posición.

PROTOCOLO (n.º 2)

SOBRE A APLICACIÓN DOS PRINCIPIOS DE SUBSIDIARIEDADE E PROPORCIONALIDADE

AS ALTAS PARTES CONTRATANTES, DESEXANDO facer o necesario para que as decisións se tomen o máis preto posible dos cidadáns da Unión;

DECIDIDAS a establecer as condicións para a aplicación dos principios de subsidiariedade e proporcionalidade enunciados no artigo 5 do Tratado da Unión Europea, así como a establecer un sistema de control da aplicación dos devanditos principios,

CONVIÑERON nas seguintes disposicións, que se incorporarán como anexo ao Tratado da Unión Europea e ao Tratado de Funcionamento da Unión Europea:

Artigo 1

Cada institución deberá velar de xeito permanente polo respecto dos principios de subsidiariedade e de proporcionalidade definidos no artigo 5 do Tratado da Unión Europea.

Artigo 2

Antes de propoñer un acto legislativo, a Comisión procederá a amplas consultas. Estas consultas deberán ter en conta, cando proceda, a dimensión rexional e local das accións previstas. En casos de urxencia excepcional, a Comisión non procederá a estas consultas. Motivará a súa decisión na súa proposta.

Artigo 3

Para os efectos do presente protocolo, entenderase por «proxecto de acto legislativo» as propostas da Comisión, as iniciativas dun grupo de Estados membros, as iniciativas do Parlamento Europeo, as peticións do Tribunal de Xustiza, as recomendacións do Banco Central Europeo e as peticións do Banco Europeo de Investimentos, destinadas á adopción dun acto legislativo.

Artigo 4

A Comisión transmitirá os seus proxectos de actos legislativos, así como os seus proxectos modificados, aos parlamentos nacionais, ao mesmo tempo que ao lexislador da Unión.

O Parlamento Europeo transmitirá os seus proxectos de actos legislativos, así como os seus proxectos modificados, aos parlamentos nacionais.

O Consello transmitirá os proxectos de actos legislativos que teñan a súa orixe nun grupo de Estados membros, no Tribunal de Xustiza, no Banco Central Europeo ou no Banco Europeo de Investimentos, así como os proxectos modificados, aos parlamentos nacionais.

O Parlamento Europeo transmitiralles as súas resolucións legislativas e o Consello as súas posicións aos parlamentos nacionais inmediatamente despois da súa adopción.

Artigo 5

Os proxectos de actos legislativos motivaranse en relación cos principios de subsidiariedade e de proporcionalidade. Todo proxecto de acto legislativo debería incluír unha ficha con pormenores que permitan avaliar o cumprimento dos principios de subsidiariedade e de proporcionalidade. Esta ficha debería incluír elementos que permitan avaliar o impacto financeiro e, cando se trate dunha directiva, os seus efectos na normativa que han de desenvolver os Estados membros, incluída, cando proceda, a lexislación rexional. As razóns que xustifiquen a conclusión de que un obxectivo da Unión pode alcanzarse mellor no plano desta sustentaranse en indicadores cualitativos e, cando sexa posible, cuantitativos. Os proxectos de actos legislativos terán debidamente en conta a necesidade de que calquera carga, tanto financeira como administrativa, que recaia sobre a Unión, os gobernos nacionais, as autoridades rexionais ou locais, os axentes económicos ou os cidadáns sexa o máis reducida posible e proporcional ao obxectivo que se desexa alcanzar.

Artigo 6

Todo Parlamento nacional ou toda cámara dun destes parlamentos poderá, nun prazo de oito semanas a partir da data de transmisión dun proxecto de acto legislativo nas linguas oficiais da Unión, dirixir aos Presidentes do Parlamento Europeo, do Consello e da Comisión un ditame motivado que expoña as razóns polas que con-

sidera que o proxecto non se axusta ao principio de subsidiariedade. Incumbiralles a cada Parlamento nacional ou a cada cámara dun Parlamento nacional consultar, cando proceda, aos parlamentos rexionais que posúan competencias legislativas.

Se o proxecto de acto legislativo ten a súa orixe nun grupo de Estados membros, o Presidente do Consello transmitirá o ditame aos gobernos deses Estados membros. Se o proxecto de acto legislativo ten a súa orixe no Tribunal de Xustiza, o Banco Central Europeo ou o Banco Europeo de Investimentos, o Presidente do Consello transmitirá o ditame á institución ou órgano de que se trate.

Artigo 7

1. O Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión, así como, se é o caso, o grupo de Estados membros, o Tribunal de Xustiza, o Banco Central Europeo ou o Banco Europeo de Investimentos, se o proxecto de acto legislativo ten a súa orixe neles, terán en conta os ditames motivados dirixidos polos parlamentos nacionais ou calquera das cámaras dun Parlamento nacional.

Cada Parlamento nacional disporá de dous votos, repartidos en función do sistema parlamentario nacional. Nun sistema parlamentario nacional bicameral, cada unha das dúas cámaras disporá dun voto.

2. Cando os ditames motivados que indiquen que un proxecto de acto legislativo non respecta o principio de subsidiariedade representen polo menos un terzo do total de votos atribuídos aos parlamentos nacionais, de conformidade co parágrafo segundo do punto 1, o proxecto deberase volver estudar. Este limiar reducirase a un cuarto cando se trate dun proxecto de acto legislativo presentado sobre a base do artigo 76 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, relativo ao espazo de liberdade, seguridade e xustiza.

Tras este novo estudo, a Comisión ou, se é o caso, o grupo de Estados membros, o Parlamento Europeo, o Tribunal de Xustiza, o Banco Central Europeo ou o Banco Europeo de Investimentos, se o proxecto de acto legislativo ten a súa orixe neles, poderá decidir manter o proxecto, modificalo ou retiralo. Esta decisión deberá motivarse.

3. Ademais, no marco do procedemento legislativo ordinario, cando os ditames motivados que indiquen que unha proposta de acto legislativo non respecta o principio de subsidiariedade representen polo menos a maioría simple

dos votos atribuídos aos parlamentos nacionais, de conformidade co parágrafo segundo do punto 1, a proposta deberase volver estudar. Tras este novo estudo, a Comisión poderá decidir manter, modificar ou retirar a proposta.

Se decide mantela, a Comisión deberá xustificar, mediante ditame motivado, por que considera que a proposta de que se trate respecta o principio de subsidiariedade. O devandito ditame motivado, así como os dos parlamentos nacionais, deberán ser transmitidos ao lexislador da Unión, para que os teña en conta no procedemento:

a) antes de que conclúa a primeira lectura, o lexislador (Parlamento Europeo e Consello) estudará a compatibilidade da proposta lexislativa co principio de subsidiariedade, atendendo de forma particular as motivacións presentadas e compartidas pola maioría dos parlamentos nacionais e o ditame motivado da Comisión;

b) se, por maioría do 55% dos membros do Consello ou por maioría dos votos emitidos no Parlamento Europeo, o lexislador considera que a proposta non é compatible co principio de subsidiariedade, desestimarase a proposta lexislativa.

Artigo 8

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea será competente para pronunciarse sobre os recursos por violación do principio de subsidiariedade, por parte dun acto lexislativo, interpostos conforme aos procedementos establecidos no artigo 263 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea por un Estado membro, ou transmitidos por este de conformidade co seu ordenamento xurídico en nome do seu Parlamento nacional ou dunha cámara deste.

De conformidade cos procedementos establecidos no devandito artigo, o Comité das Rexións tamén poderá interpoñer recursos contra actos lexislativos para cuxa adopción o Tratado de Funcionamento da Unión Europea requira a súa consulta.

Artigo 9

A Comisión presentaralle ao Consello Europeo, ao Parlamento Europeo, ao Consello e aos parlamentos nacionais un informe anual sobre a aplicación do artigo 5 do Tratado da Unión Europea. Este informe anual deberá remitirse, así mesmo, ao Comité Económico e Social e ao Comité das Rexións.

PROTOCOLO (n.º 3)

SOBRE O ESTATUTO DO TRIBUNAL DE XUSTIZA DA UNIÓN EUROPEA

AS ALTAS PARTES CONTRATANTES,

DESEXANDO establecer o Estatuto do Tribunal de Xustiza da Unión Europea previsto no artigo 281 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea,

CONVIÑERON nas seguintes disposicións, que figurarán anexas ao Tratado da Unión Europea, ao Tratado de Funcionamento da Unión Europea e ao Tratado constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica:

Artigo 1

O Tribunal de Xustiza da Unión Europea constituirase e exercerá as súas funcións de conformidade coas disposicións dos tratados, do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica (Tratado CEEA) e do presente estatuto.

TÍTULO I

ESTATUTO DOS XUÍCES E DOS AVOGADOS XERAIS

Artigo 2

Todo Xuíz, antes de entrar en funcións, deberá prestar xuramento ante o Tribunal de Xustiza, en sesión pública, de que exercerá as súas funcións con toda imparcialidade e en conciencia e de que non violará en modo ningún o segredo das deliberacións.

Artigo 3

Os Xuíces gozarán de inmunidade de xurisdición. Despois de cesar nas súas funcións, continuarán gozando de inmunidade respecto dos actos realizados por eles con carácter oficial, incluídas as súas manifestacións orais e escritas.

O Tribunal de Xustiza, reunido en Pleno, poderá levantar a inmunidade. Cando a decisión se refira a un membro do Tribunal Xeral ou dun tribunal especializado, o Tribunal de Xustiza decidirá logo de consulta ao tribunal de que se trate.

En caso de que, unha vez levantada a inmunidade, se exercitase unha acción penal contra un xuíz, este só poderá ser xulgado, en cada un dos Estados membros, pola autoridade compe-

tente para xulgar os maxistrados pertencentes ao órgano xurisdiccional supremo nacional.

Os artigos 11 a 14 e o artigo 17 do Protocolo sobre os privilexios e as inmunidades da Unión Europea serán aplicables aos Xuíces, Avogados Xerais, Secretario e relatores adxuntos do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, sen prexuízo das disposicións relativas á inmunidade de xurisdición dos xuíces que figuran nos parágrafos precedentes.

Artigo 4

Os Xuíces non poderán exercer ningunha función política ou administrativa.

Non poderán, salvo autorización concedida con carácter excepcional polo Consello, por maioría simple, exercer ningunha actividade profesional, retribuída ou non.

No momento de asumir as súas funcións, comprometeranse solemnemente a respectar, mentres dure o seu mandato e mesmo despois de finalizar este, as obrigas derivadas do seu cargo e, en especial, os deberes de honestidade e discreción en canto á aceptación, unha vez rematado o seu mandato, de determinadas funcións ou beneficios.

En caso de dúbida, decidirá o Tribunal de Xustiza. Cando a decisión se refira a un membro do Tribunal Xeral ou dun tribunal especializado, o Tribunal de Xustiza decidirá logo de consulta ao tribunal de que se trate.

Artigo 5

Á parte dos casos de renovación periódica e falecemento, o mandato dos xuíces concluirá individualmente por dimisión.

En caso de dimisión dun Xuíz, a carta de dimisión será dirixida ao Presidente do Tribunal de Xustiza, quen lla transmitirá ao Presidente do Consello. Esta última notificación determinará a vacante do cargo.

Salvo os casos en que sexa aplicable o artigo 6, os Xuíces continuarán no seu cargo ata a entrada en funcións do seu sucesor.

Artigo 6

Os xuíces só poderán ser relevados das súas funcións ou privados do seu dereito a pensión ou de calquera outro beneficio substitutivo cando, a xuízo unánime dos Xuíces e dos Avogados Xerais do Tribunal de Xustiza, deixen de reunir as condicións requiridas ou incumpran as obrigas que se derivan do seu cargo. O intere-

sado non tomará parte en tales deliberacións. Cando o interesado sexa un membro do tribunal xeral ou dun tribunal especializado, o Tribunal de Xustiza decidirá logo de consulta ao tribunal de que se trate.

O Secretario comunicarlles a decisión do Tribunal de Xustiza aos Presidentes do Parlamento Europeo e da Comisión e notificaralla ao Presidente do Consello.

Cando se trate dunha decisión que releve un Xuíz das súas funcións, esta última notificación determinará a vacante do cargo.

Artigo 7

Os Xuíces que destitúan nas súas funcións antes da expiración do seu mandato serán substituídos polo tempo que falte para rematar o devandito mandato.

Artigo 8

As disposicións dos artigos 2 a 7 serán aplicables aos Avogados Xerais.

TÍTULO II

ORGANIZACIÓN DO TRIBUNAL DE XUSTIZA

Artigo 9

A renovación parcial dos Xuíces, que terá lugar cada tres anos, afectará alternativamente a catorce e trece Xuíces.

A renovación parcial dos Avogados Xerais, que terá lugar cada tres anos, afectará cada vez a catro Avogados Xerais.

Artigo 10

O Secretario prestará xuramento ante o Tribunal de Xustiza de que exercerá as súas funcións con toda imparcialidade e en conciencia e de que non violará en modo ningún o segredo das deliberacións.

Artigo 11

O Tribunal de Xustiza disporá a substitución do Secretario en caso de impedimento deste.

Artigo 12

Adscribiranse ao Tribunal de Xustiza funcionarios e outros axentes, co fin de garantir o seu

funcionamento. Dependerán do Secretario baixo a autoridade do Presidente.

Artigo 13

A petición do Tribunal de Xustiza, o Parlamento Europeo e o Consello poderán prever, conforme ao procedemento lexislativo ordinario, o nomeamento de relatores adxuntos e establecer o seu estatuto. Os relatores adxuntos poderán ser chamados, nas condicións que determine o Regulamento de procedemento, a participar na instrución dos asuntos sometidos ao Tribunal de Xustiza e a colaborar co Xuíz relator.

Os relatores adxuntos, elixidos entre persoas que ofrezan absolutas garantías de independencia e que posúan a competencia xurídica necesaria, serán nomeados polo Consello, por maioría simple. Prestarán xuramento ante o Tribunal de Xustiza de que exercerán as súas funcións con toda imparcialidade e en conciencia e de que non violarán en modo ningún o segredo das deliberacións.

Artigo 14

Os Xuíces, os Avogados Xerais e o Secretario deberán residir na localidade na que o Tribunal de Xustiza teña a súa sede.

Artigo 15

O Tribunal de Xustiza funcionará de modo permanente. A duración das vacacións xudiciais será fixada polo Tribunal de Xustiza, tendo en conta as necesidades do servizo.

Artigo 16

O Tribunal de Xustiza constituirá Salas compostas por tres e cinco Xuíces. Os Xuíces elixirán de entre eles os Presidentes de Sala. Os Presidentes das Salas de cinco Xuíces serán elixidos por tres anos. O seu mandato poderá renovarse unha vez.

A Gran Sala estará composta por trece Xuíces. Estará presidida polo Presidente do Tribunal de Xustiza. Tamén formarán parte da Gran Sala os Presidentes das Salas de cinco Xuíces e outros Xuíces designados nas condicións establecidas no Regulamento de procedemento.

O Tribunal de Xustiza actuará en Gran Sala cando o solicite un Estado membro ou unha institución da Unión que sexa parte no proceso.

O Tribunal de Xustiza actuará en Pleno cando se lle someta un asunto en aplicación do

punto 2 do artigo 228, do punto 2 do artigo 245, do artigo 247 ou do punto 6 do artigo 286 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

Así mesmo, cando considere que un asunto do que coñece reviste unha importancia excepcional, o Tribunal de Xustiza poderá decidir, oído o Avogado Xeral, a súa atribución ao Pleno.

Artigo 17

O Tribunal de Xustiza só poderá deliberar validamente en número impar.

As deliberacións das Salas compostas por tres ou cinco Xuíces só serán válidas se están presentes tres Xuíces.

As deliberacións da Gran Sala só serán válidas se están presentes nove Xuíces.

As deliberacións do Tribunal de Xustiza reunido en Pleno só serán válidas se están presentes quince Xuíces.

En caso de impedimento dun dos Xuíces que compoñen unha Sala, poderase requirir a asistencia dun Xuíz que forme parte doutra Sala, nas condicións que determine o Regulamento de procedemento.

Artigo 18

Os Xuíces e os Avogados Xerais non poderán participar na resolución de ningún asunto no que interviñesen anteriormente en calidade de axente, asesor ou avogado dunha das partes ou respecto do cal fosen chamados a pronunciarse como membros dun tribunal, dunha comisión investigadora ou en calquera outro concepto.

Se, por unha razón especial, un Xuíz ou un Avogado Xeral estima que non pode participar no xuízo ou no exame dun asunto determinado, informará diso o Presidente. Se o Presidente estima que, por unha razón especial, un Xuíz ou un Avogado Xeral non debe participar ou presentar conclusións nun determinado asunto, advertirá diso o interesado.

En caso de dificultade sobre a aplicación do presente artigo, decidirá o Tribunal de Xustiza.

Unha parte non poderá invocar a nacionalidade dun Xuíz ou a ausencia no Tribunal de Xustiza ou nunha das súas Salas dun Xuíz da súa nacionalidade para pedir a modificación da composición do Tribunal de Xustiza ou dunha das súas Salas.

TÍTULO III

PROCEDIMENTO ANTE O TRIBUNAL DE XUSTIZA

Artigo 19

Os Estados membros, así como as institucións da Unión, estarán representadas ante o Tribunal de Xustiza por un axente designado para cada asunto; o axente poderá estar asistido por un asesor ou un avogado.

Os Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, distintos dos Estados membros, e o órgano de vixilancia da AELC, previsto polo devandito acordo, estarán representados do mesmo xeito.

As outras partes deberán estar representadas por un avogado.

Unicamente un avogado que estea facultado para exercer ante un órgano xurisdiccional dun Estado membro ou doutro Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo poderá representar ou asistir unha parte ante o Tribunal de Xustiza.

Os axentes, asesores e avogados que comparezan ante o Tribunal de Xustiza gozarán dos dereitos e garantías necesarios para o exercicio independente das súas funcións, nas condicións que determine o Regulamento de procedemento.

O Tribunal de Xustiza gozará, respecto dos asesores e avogados que ante el comparezan, dos poderes normalmente recoñecidos nesta materia aos xulgados e tribunais, nas condicións que determine o mesmo regulamento.

Os profesores nacionais dos Estados membros cuxa lexislación lles recoñeza o dereito de actuar en xuízo gozarán ante o Tribunal de Xustiza dos dereitos que o presente artigo lles recoñece aos avogados.

Artigo 20

O procedemento ante o Tribunal de Xustiza constará de dúas fases: unha escrita e outra oral.

A fase escrita consistirá na notificación ás partes, así como ás institucións da Unión cuxos actos se impugnen, das demandas, alegacións, contestacións e observacións e, eventualmente, das réplicas, así como de calquera outra peza ou documento de apoio ou das súas copias certificadas conformes.

As notificacións faranse baixo a responsabilidade do Secretario na orde e nos prazos que determine o Regulamento de procedemento.

A fase oral comprenderá a lectura do informe presentado polo Xuíz relator, a audiencia polo Tribunal de Xustiza dos axentes, asesores e avogados e as conclusións do Avogado Xeral e, se procede, o exame de testemuñas e peritos.

Se considera que o asunto non formula ningunha cuestión de dereito nova, o Tribunal de Xustiza poderá decidir, oído o Avogado Xeral, que o asunto sexa xulgado sen conclusións do Avogado Xeral.

Artigo 21

O procedemento ante o Tribunal de Xustiza iniciarase mediante unha demanda dirixida ao Secretario. A demanda deberá conter o nome e o domicilio do demandante e a calidade do asinante, o nome da parte ou partes contra as que se interpoña a demanda, o obxecto do litixio, as pretensións e unha exposición sumaria dos motivos invocados.

A demanda deberá ir acompañada, se procede, do acto cuxa anulación se solicita ou, na hipótese considerada no artigo 265 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, dun documento que certifique a data do requirimento previsto nos devanditos artigos. Se non se achegasen os devanditos documentos á demanda, o Secretario invitará o interesado a presentalos nun prazo razoable, sen que caiba opoñer preclusión en caso de que se regularice a situación procesual, unha vez transcorrido o prazo para recorrer.

Artigo 22

Nos casos a que se refire o artigo 18 do Tratado CEEA, o recurso ante o Tribunal de Xustiza interporase mediante escrito dirixido ao Secretario. O escrito haberá de conter o nome e o domicilio do demandante e a calidade do asinante, con indicación da decisión contra a que se interpón recurso, o nome das partes litigantes, o obxecto do litixio, as pretensións e unha exposición sumaria dos motivos invocados.

O escrito deberá ir acompañado dunha copia conforme da decisión do Comité de Arbitraxo que se impugne.

Se o Tribunal de Xustiza desestima o recurso, a decisión do Comité de Arbitraxo será definitiva. Se o Tribunal de Xustiza anula a decisión do Comité de Arbitraxo, se procede e a iniciativa dunha das partes no proceso, poderá continuarse o procedemento ante o Comité de Arbitraxo. Este deberá axustarse ás cuestións de dereito dirimidas polo Tribunal de Xustiza.

Artigo 23

Nos casos a que se refire o artigo 267 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, a decisión do órgano xurisdiccional nacional que suspende o procedemento e somete o asunto ao Tribunal de Xustiza seralle notificada a este último polo devandito órgano xurisdiccional. A continuación, o Secretario do Tribunal de Xustiza notificaralles tal decisión ás partes litigantes, aos Estados membros e á Comisión, así como á institución, órgano ou organismo da Unión que adoptase o acto cuxa validez ou interpretación se cuestiona.

No prazo de dous meses dende esta última notificación, as partes, os Estados membros, a Comisión e, cando proceda, a institución, órgano ou organismo da Unión que adoptase o acto cuxa validez ou interpretación se cuestiona terán dereito a presentar ao Tribunal de Xustiza alegacións ou observacións escritas.

Nos casos a que se refire o artigo 267 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, o Secretario do Tribunal de Xustiza notificaralles a decisión do órgano xurisdiccional nacional aos Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, distintos dos Estados membros, e ao órgano de vixilancia da AELC, previsto polo devandito acordo que, no prazo de dous meses dende a notificación e sempre que resulte afectado un dos ámbitos de aplicación de tal acordo, poderán presentar ao Tribunal de Xustiza alegacións ou observacións escritas.

Cando un acordo, referente a un ámbito determinado, celebrado polo Consello e un ou varios terceiros Estados, lles atribúa a estes a facultade de presentar alegacións ou observacións escritas no caso de que un órgano xurisdiccional dun Estado membro someta ao Tribunal de Xustiza unha cuestión prexudicial que afecte o ámbito de aplicación do devandito acordo a decisión do órgano xurisdiccional nacional que formule a devandita cuestión notificaráselles tamén aos correspondentes terceiros Estados, os cales poderán presentar ao Tribunal de Xustiza alegacións ou observacións escritas no prazo de dous meses a partir da devandita notificación.

Artigo 23 bis⁽¹⁾

O Regulamento de procedemento poderá establecer un procedemento acelerado e, para as remisións prexudiciais relativas ao espazo de li-

berdade, seguridade e xustiza, un procedemento de urxencia.

Estes procedementos poden prever, para a presentación das alegacións ou observacións escritas, un prazo inferior ao previsto no artigo 23 e, malia o disposto no artigo 20, parágrafo cuarto, a falta de conclusións do Avogado Xeral.

O procedemento de urxencia pode prever, ademais, a limitación das partes e outros interesados considerados no artigo 23, autorizados a presentar alegacións ou observacións escritas e, en casos de extrema urxencia, a omisión da fase escrita do procedemento.

Artigo 24

O Tribunal de Xustiza poderá pedirilles ás partes que presenten todos os documentos e que faciliten todas as informacións que considere convenientes. En caso de negativa, farao constar en acta.

O Tribunal de Xustiza poderá tamén pedirilles aos Estados membros e ás institucións, órganos ou organismos que non sexan parte no litixio todas as informacións que considere necesarias para os efectos procesuais.

Artigo 25

En calquera momento, o Tribunal de Xustiza poderá encomendarlle a calquera persoa, corporación, gabinete técnico, comisión ou órgano da súa elección a elaboración dun ditame pericial.

Artigo 26

Poderanse oír as testemuñas nas condicións que determine o Regulamento de procedemento.

Artigo 27

O Tribunal de Xustiza gozará, respecto das testemuñas que non comparezan, dos poderes xeralmente recoñecidos nesta materia aos xulgados e tribunais e poderá impoñer sancións pecuniarias nas condicións que determine o Regulamento de procedemento.

Artigo 28

As testemuñas e peritos poderán prestar de-

⁽¹⁾ Artigo introducido pola Decisión 2008/79/CE, Euratom (DO L 24 de 29.1.2008, p. 42).

claración baixo xuramento, segundo a fórmula que estableza o Regulamento de procedemento ou segundo o previsto na lexislación nacional da testemuña ou do perito.

Artigo 29

O Tribunal de Xustiza poderá ordenar que unha testemuña ou un perito preste declaración ante a autoridade xudicial do seu domicilio.

Este auto seralle comunicado, para os efectos da súa execución, á autoridade xudicial competente nas condicións que determine o Regulamento de procedemento. Os documentos que resulten da execución da comisión rogatoria serán remitidos ao Tribunal de Xustiza nas mesmas condicións.

O Tribunal de Xustiza sufragaralles os gastos, sen prexuízo de cargalos, se procede, ás partes.

Artigo 30

Cada Estado membro considerará toda violación do xuramento das testemuñas e peritos como un delito cometido ante un tribunal nacional con xurisdición en materia civil. Logo de denuncia do Tribunal de Xustiza, o Estado de que se trate perseguirá os autores do devandito delito ante o órgano xurisdiccional nacional competente.

Artigo 31

A vista será pública, salvo que, por motivos graves, o Tribunal de Xustiza decida o contrario, de oficio ou a instancia de parte.

Artigo 32

Durante a vista, o Tribunal de Xustiza poderá interrogar os peritos e as testemuñas, así como as propias partes. Non obstante, estas últimas só poderán actuar en xuízo por medio dos seus representantes.

Artigo 33

Levantarase acta de cada vista; a devandita acta será asinada polo Presidente e polo Secretario.

Artigo 34

O Presidente fixará a quenda das vistas.

Artigo 35

As deliberacións do Tribunal de Xustiza serán e permanecerán secretas.

Artigo 36

As sentenzas serán motivadas. Mencionarán os nomes dos Xuíces que participaron nas deliberacións.

Artigo 37

As sentenzas serán asinadas polo Presidente e polo Secretario. Serán lidas en sesión pública.

Artigo 38

O Tribunal de Xustiza decidirá sobre as custas.

Artigo 39

O Presidente do Tribunal de Xustiza poderá, mediante un procedemento abreviado ao que, no que sexa necesario, non se aplicarán algunhas das normas contidas no presente estatuto e que se regulará no Regulamento de procedemento, decidir sobre as pretensións que teñan por obxecto a suspensión prevista no artigo 278 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea e no artigo 157 do Tratado CEEA, a concesión de medidas provisionais de conformidade co artigo 279 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ou a suspensión da execución forzosa conforme ao parágrafo cuarto do artigo 299 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ou ao parágrafo terceiro do artigo 164 do Tratado CEEA.

En caso de impedimento do Presidente, este será substituído por outro Xuíz nas condicións que determine o Regulamento de procedemento.

A resolución do Presidente ou do seu substituto terá só carácter provisional e non prexulgará en modo ningún a decisión do Tribunal de Xustiza en canto ao asunto principal.

Artigo 40

Os Estados membros e as institucións da Unión poderán intervir como coadxuvantes nos litixios sometidos ao Tribunal de Xustiza.

O mesmo dereito terán os órganos e organismos da Unión e calquera outra persoa, sempre que poidan demostrar un interese na solución

dun litixio sometido ao Tribunal de Xustiza. As persoas físicas e xurídicas non poderán intervir nos asuntos entre os Estados membros, entre institucións da Unión ou entre Estados membros, por unha parte, e institucións da Unión, por outra.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo, os Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, distintos dos Estados membros, e o órgano de vixilancia da AELC, previsto polo devandito acordo, poderán intervir como coadxuvantes nos litixios sometidos ao Tribunal de Xustiza cando estes se refiran a un dos ámbitos de aplicación do referido acordo.

As pretensións da demanda de intervención non poderán ter outro fin que apoiar as pretensións dunha das partes.

Artigo 41

Cando a parte demandada, debidamente citada, se absteña de contestar por escrito a demanda, ditarase respecto dela sentenza en rebeldía. A sentenza poderá ser impugnada no prazo dun mes a partir da data da súa notificación. Salvo decisión contraria do Tribunal de Xustiza, a impugnación non suspenderá a execución da sentenza ditada en rebeldía.

Artigo 42

Os Estados membros, as institucións, órganos ou organismos da Unión e calquera outra persoa física ou xurídica poderán, nos casos e nas condicións que determine o Regulamento de procedemento, interpoñer terceira contra as sentenzas ditadas, sen que fosen citados a comparecer, se tales sentenzas lesionan os seus dereitos.

Artigo 43

En caso de dúbida sobre o sentido e o alcance dunha sentenza, corresponderalle ao Tribunal de Xustiza interpretar a devandita sentenza, a instancia da parte ou da institución da Unión que demostre un interese niso.

Artigo 44

A revisión da sentenza só poderá pedírselle ao Tribunal de Xustiza con motivo do descubrimento dun feito que poida ter unha influencia decisiva e que, antes de pronunciarse a sentenza, era descoñecido polo Tribunal de Xustiza e pola parte que solicita a revisión.

O procedemento de revisión esixirá unha sentenza do Tribunal de Xustiza, na que se fará constar expresamente a existencia dun feito novo do que se recoñece que posúe os caracteres que dan lugar á revisión, declarando por iso admisible a demanda.

Non poderá presentarse ningunha demanda de revisión logo de que transcorran dez anos dende a data da sentenza.

Artigo 45

O Regulamento de procedemento establecerá prazos por razón da distancia.

Non caberá opoñer preclusión por expiración dos prazos cando o interesado demostre a existencia de caso fortuíto ou de forza maior.

Artigo 46

As accións contra a Unión en materia de responsabilidade extracontractual prescribirán aos cinco anos de producido o feito que as motivou. A prescrición interromperase ben mediante demanda presentada ante o Tribunal de Xustiza, ben mediante reclamación previa, que o damnificado poderá presentar á institución competente da Unión. Neste último caso, a demanda deberá presentarse no prazo de dous meses previsto no artigo 263 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea; cando proceda, serán aplicables as disposicións do parágrafo segundo do artigo 265 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

O presente artigo aplicarase tamén ás accións contra o Banco Centro Europeo en materia de responsabilidade extracontractual.

TÍTULO IV

O TRIBUNAL XERAL

Artigo 47

O parágrafo primeiro do artigo 9, os artigos 14 e 15, os parágrafos primeiro, segundo, cuarto e quinto do artigo 17 e o artigo 18 aplicaranse ao Tribunal Xeral e aos seus membros.

Serán aplicables, *mutatis mutandis*, ao Secretario do Tribunal Xeral o parágrafo cuarto do artigo 3 e os artigos 10, 11 e 14.

Artigo 48

O Tribunal Xeral estará composto por vinte e sete Xuíces.

Artigo 49

Os membros do Tribunal Xeral poderán ser chamados a desempeñar as funcións de Avogado Xeral.

A función do Avogado Xeral consistirá en presentar publicamente, con toda imparcialidade e independencia, conclusións motivadas sobre determinados asuntos sometidos ao Tribunal Xeral, coa finalidade de asistir a este Tribunal no cumprimento da súa misión.

Os criterios para a selección de tales asuntos, así como as modalidades de designación dos Avogados Xerais, fixaranse no Regulamento de procedemento do Tribunal Xeral.

O membro do Tribunal Xeral chamado a desempeñar a función de Avogado Xeral nun asunto non poderá participar na súa resolución.

Artigo 50

O Tribunal Xeral actuará en Salas compostas por tres ou cinco Xuíces. Os Xuíces elixirán de entre eles os Presidentes de Sala. Os Presidentes das Salas de cinco Xuíces serán elixidos por tres anos. O seu mandato poderá renovarse unha vez.

A composición das Salas e a atribución de asuntos a estas regularanse polo Regulamento de procedemento. En determinados casos previstos no Regulamento de procedemento, o Tribunal Xeral poderá actuar en Pleno ou como órgano unipersonal.

O Regulamento de procedemento poderá dispoñer, así mesmo, que o Tribunal Xeral se constitúa en

Gran Sala nos casos e nas condicións que estipule.

Artigo 51

Malia o disposto na norma enunciada no punto 1 do artigo 256 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, quedarán reservados á competencia do Tribunal de Xustiza os recursos considerados nos artigos 263 e 265 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea interpostos por un Estado membro e que vaian dirixidos:

a) contra un acto ou unha abstención de pronunciarse do Parlamento Europeo ou do Consello, ou de ambas as dúas institucións conxuntamente, agás:

- as decisións adoptadas polo Consello conforme ao parágrafo terceiro do punto 2 do artigo 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea;
- os actos do Consello adoptados en virtude

dun regulamento do propio Consello relativo a medidas de protección comercial, de acordo co artigo 207 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea;

- os actos do Consello mediante os que este exerza competencias de execución, de conformidade co punto 2 do artigo 291 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea;

b) contra un acto ou unha abstención de pronunciarse da Comisión conforme ao punto 1 do artigo 331 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

Tamén quedarán reservados á competencia do Tribunal de Xustiza os recursos considerados nos citados artigos que interpoña unha institución da Unión contra un acto ou unha abstención de pronunciarse do Parlamento Europeo, do Consello, destas dúas institucións conxuntamente ou da Comisión ou que interpoña unha institución da Unión contra un acto ou unha abstención de pronunciarse do Banco Central Europeo.

Artigo 52

O Presidente do Tribunal de Xustiza e o Presidente do Tribunal Xeral fixarán de común acordo as condicións nas que os funcionarios e demais axentes adscritos ao Tribunal de Xustiza prestarán os seus servizos no Tribunal Xeral para garantir o seu funcionamento. Determinados funcionarios ou outros axentes dependerán do Secretario do Tribunal Xeral, baixo a autoridade do seu Presidente.

Artigo 53

O procedemento ante o Tribunal Xeral estará regulado polo título III.

Na medida en que sexa necesario, o procedemento ante o Tribunal Xeral será precisado e completado polo seu Regulamento de procedemento. O Regulamento de procedemento poderá establecer excepcións ao parágrafo cuarto do artigo 40 e ao artigo 41 para ter en conta as características específicas dos contenciosos relativos ao ámbito da propiedade intelectual.

Malia o disposto no parágrafo cuarto do artigo 20, o Avogado Xeral poderá presentar as súas conclusións motivadas por escrito.

Artigo 54

Cando un recurso ou calquera outro acto procesual dirixido ao Tribunal Xeral se presente

por erro na Secretaría do Tribunal de Xustiza, esta transmitirallo inmediatamente á Secretaría do Tribunal Xeral; do mesmo xeito, cando un recurso ou calquera acto procesual dirixido ao Tribunal de Xustiza se presente por erro na Secretaría do Tribunal Xeral, esta transmitirao inmediatamente á Secretaría do Tribunal de Xustiza.

Cando o Tribunal Xeral considere que non é competente para coñecer dun recurso por ser da competencia do Tribunal de Xustiza, remitirao ao devandito tribunal. Do mesmo xeito, cando o Tribunal de Xustiza considere que un recurso corresponde á competencia do Tribunal Xeral, remitirao a este último, que en tal caso non poderá declinar a súa competencia.

Cando se sometan ao Tribunal de Xustiza e ao Tribunal Xeral asuntos que teñan o mesmo obxecto ou que formulen a mesma cuestión de interpretación ou que cuestionen a validez do mesmo acto, o Tribunal Xeral poderá, logo de audiencia das partes, suspender as súas actuacións ata que o Tribunal de Xustiza dite sentenza ou, se se trata de recursos interpostos en virtude do artigo 263 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, declinar a súa competencia, co fin de que o Tribunal de Xustiza poida pronunciarse sobre tales recursos. Nestas mesmas condicións, o Tribunal de Xustiza tamén poderá decidir suspender o procedemento do que coñeza; en tal caso, o procedemento continuará ante o Tribunal Xeral.

Cando un Estado membro e unha institución da Unión impugnen o mesmo acto, o Tribunal Xeral declinará a súa competencia co fin de que o Tribunal de Xustiza poida pronunciarse sobre tales recursos.

Artigo 55

As resolucións do Tribunal Xeral que poñan fin ao proceso, así como as que resolvan parcialmente a cuestión de fondo ou que poñan fin a un incidente procesual relativo a unha excepción de incompetencia ou de inadmisibilidade, serán notificadas polo Secretario do Tribunal Xeral a todas as partes, así como a todos os Estados membros e ás institucións da Unión, mesmo aínda que non interviñesen no litixio ante o Tribunal Xeral.

Artigo 56

Contra as resolucións do Tribunal Xeral que poñan fin ao proceso, así como contra as que resolvan parcialmente a cuestión de fondo ou que

poñan fin a un incidente procesual relativo a unha excepción de incompetencia ou de inadmisibilidade, poderá interpoñerse recurso de casación ante o Tribunal de Xustiza nun prazo de dous meses a partir da notificación da resolución impugnada.

O devandito recurso de casación poderá interpoñerse por calquera das partes cuxas pretensións fosen total ou parcialmente desestimadas. Non obstante, os coadxuvantes que non sexan Estados membros ou institucións da Unión só poderán interpoñer recurso de casación cando a resolución do Tribunal Xeral lles afecte directamente.

Salvo nos litixios entre a Unión e os seus axentes, o recurso de casación poderá interpoñerse tamén polos Estados membros e as institucións da Unión que non interviñesen no litixio ante o Tribunal Xeral. Os devanditos Estados membros e institucións estarán nunha posición idéntica á dos Estados membros ou institucións que interviñesen en primeira instancia.

Artigo 57

Calquera persoa cuxa demanda de intervención fose desestimada poderá interpoñer un recurso de casación ante o Tribunal de Xustiza contra a decisión do Tribunal Xeral que desestime a súa demanda de intervención, nun prazo de dúas semanas a partir da notificación da resolución desestimatoria.

As partes no procedemento poderán interpoñer un recurso de casación contra calquera resolución do Tribunal Xeral adoptada en virtude dos artigos 278, 279 ou do parágrafo cuarto do artigo 299 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ou en virtude do artigo 157 ou do parágrafo terceiro do artigo 164 do Tratado CEEA, nun prazo de dous meses a partir da notificación da resolución.

O recurso de casación considerado nos parágrafos primeiro e segundo do presente artigo resolverase de acordo co procedemento previsto no artigo 39.

Artigo 58

O recurso de casación ante o Tribunal de Xustiza limitarase ás cuestións de dereito. Deberá fundarse en motivos derivados da incompetencia do Tribunal Xeral, de irregularidades do procedemento ante este que lesionen os intereses da parte recorrente, así como da violación do dereito da Unión por parte do Tribunal Xeral.

A imposición e a contía das custas non cons-

tituirán por si mesmas un motivo de interposición do recurso de casación.

Artigo 59

O procedemento ante o Tribunal de Xustiza nun recurso de casación contra unha resolución do Tribunal Xeral constará dunha fase escrita e unha fase oral. O Tribunal de Xustiza, despois de oír o Avogado Xeral e as partes, poderá pronunciarse sen fase oral, nas condicións determinadas polo Regulamento de procedemento.

Artigo 60

O recurso de casación non terá efecto suspensivo, sen prexuízo do disposto nos artigos 278 e 279 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ou no artigo 157 do Tratado CEEA. Malia o disposto no artigo 280 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, as resolucións do Tribunal Xeral que anulen un regulamento só producirán efecto a partir da expiración do prazo contemplado no parágrafo primeiro do artigo 56 do presente estatuto ou, se se interpuxese un recurso de casación durante o devandito prazo, a partir da desestimación do recurso, sen prexuízo do dereito que asista a cada parte a formular ante o Tribunal de Xustiza unha demanda, en virtude dos artigos 278 e 279 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ou do artigo 157 do Tratado CEEA, coa finalidade de conseguir a suspensión dos efectos do regulamento anulado ou a adopción de calquera outra medida provisional.

Artigo 61

Cando se estime o recurso de casación, o Tribunal de Xustiza anulará a resolución do Tribunal Xeral. En tal caso, o Tribunal de Xustiza poderá ou ben resolver el mesmo definitivamente o litixio, cando o seu Estado así o permita, ou ben devolver o asunto ao Tribunal Xeral para que este último resolva.

En caso de devolución, o Tribunal Xeral estará vinculado polas cuestións de dereito dirimidas pola resolución do Tribunal de Xustiza.

Cando se estime un recurso de casación interposto por un Estado membro ou unha institución da Unión que non interviñese no litixio ante o Tribunal Xeral, o Tribunal de Xustiza, se o estima necesario, poderá indicar cales son os efectos da resolución do Tribunal Xeral anulada que deben considerarse como definitivos respecto das partes no litixio.

Artigo 62

Nos casos previstos nos puntos 2 e 3 do artigo 256 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, o primeiro Avogado Xeral poderá propoñerlle ao Tribunal de Xustiza que reexamine a resolución do Tribunal Xeral cando considere que existe un risco grave de que se vulnere a unidade ou a coherencia do dereito da Unión.

A proposta deberá presentarse no prazo dun mes a partir do pronunciamento da resolución do Tribunal Xeral. O Tribunal de Xustiza decidirá, no prazo dun mes a partir da proposta que lle presentase o primeiro Avogado Xeral, se procede ou non reexaminar a resolución.

Artigo 62 bis

O Tribunal de Xustiza pronunciarase sobre as cuestións obxecto do reexame por un procedemento de urxencia sobre a base dos autos remitidos polo Tribunal Xeral.

Os interesados considerados no artigo 23 do presente estatuto, así como nos casos previstos no punto 2 do artigo 256 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, as partes no procedemento ante o Tribunal Xeral terán dereito a lle presentar ao Tribunal de Xustiza alegacións ou observacións escritas sobre as cuestións obxecto do reexame nun prazo fixado para tal efecto.

O Tribunal de Xustiza poderá decidir sobre a apertura da fase oral antes de pronunciarse.

Artigo 62 ter

Nos casos previstos no punto 2 do artigo 256 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, a proposta de reexame e a decisión de iniciar o procedemento de reexame non terán efecto suspensivo, sen prexuízo do disposto nos artigos 278 e 279 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea. Se o Tribunal de Xustiza declarase que a resolución do Tribunal Xeral vulnera a unidade ou a coherencia do dereito da Unión, o Tribunal de Xustiza devolverá o asunto ao Tribunal Xeral, que estará vinculado polas cuestións de dereito dirimidas polo Tribunal de Xustiza; o Tribunal de Xustiza poderá indicar os efectos da resolución do Tribunal Xeral que deberán considerarse definitivos respecto das partes no litixio. Non obstante, se a solución do litixio se deriva, tendo en conta o resultado do reexame, das apreciacións de feito nas que se basea a resolución do Tribunal Xeral, o Tribunal de Xustiza resolverá definitivamente o litixio.

Nos casos previstos no punto 3 do artigo 256 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, a falta de proposta de reexame ou de decisión de apertura da fase de reexame, a resposta do Tribunal Xeral ás cuestións presentadas producirá efecto ao vencemento dos prazos previstos para tal efecto no parágrafo segundo do artigo 62. En caso de apertura dunha fase de reexame, a resposta obxecto do reexame producirá efecto ao termo da devandita fase, salvo decisión contraria do Tribunal de Xustiza. Se o Tribunal de Xustiza declarase que a resolución do Tribunal Xeral vulnera a unidade ou a coherencia do dereito da Unión, a resposta do Tribunal de Xustiza ás cuestións obxecto do reexame substituirá a resposta dada polo Tribunal Xeral.

TÍTULO IV bis

SALAS JURISDICIONAIS

Artigo 62 quater

As disposicións relativas ás competencias, a composición, a organización e o procedemento dos tribunais especializados instituídos en virtude do artigo 257 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea recóllense nun anexo do presente estatuto.

TÍTULO V

DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS

Artigo 63

Os regulamentos de procedemento do Tribunal de Xustiza e do Tribunal Xeral conterán todas as disposicións necesarias para aplicar e, na medida en que sexa necesario, completar o presente estatuto.

Artigo 64

As normas relativas ao réxime lingüístico aplicable ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea estableceranse mediante regulamento do Consello, que se pronunciará por unanimidade. Adoptarase o citado regulamento, ben a petición do Tribunal de Xustiza e logo de consulta á Comisión e ao Parlamento Europeo, ben a proposta da Comisión e logo de consulta ao Tribunal de Xustiza e ao Parlamento Europeo.

Ata a adopción das devanditas normas, seguirán sendo aplicables as disposicións do Regulamento de procedemento do Tribunal de Xustiza

e do Regulamento de procedemento do Tribunal Xeral relativas ao réxime lingüístico. Malia o disposto nos artigos 253 e 254 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, toda modificación ou derogación das devanditas disposicións requirirá a aprobación unánime do Consello.

ANEXO I

TRIBUNAL DA FUNCIÓN PÚBLICA DA UNIÓN EUROPEA

Artigo 1

O Tribunal da Función Pública da Unión Europea, a partir deste momento denominado o «Tribunal de Función Pública», exercerá en primeira instancia as competencias para resolver os litixios entre a Unión e os seus axentes en virtude do artigo 270 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, incluídos os litixios entre calquera órgano ou organismo e o seu persoal respecto dos cales se lle atribúe competencia ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

Artigo 2

O Tribunal da Función Pública estará composto por sete Xuíces. Se así o pide o Tribunal de Xustiza, o Consello poderá decidir, por maioría cualificada, aumentar o número de Xuíces.

Os Xuíces serán designados por un período de seis anos. Os Xuíces saíntes poderán ser novamente designados.

Toda vacante cubrirase mediante a designación dun novo Xuíz por un período de seis anos.

Artigo 3

1. Os Xuíces serán designados polo Consello, que decidirá conforme ao disposto no parágrafo cuarto do artigo 257 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, logo de consulta ao comité mencionado no presente artigo. Ao designar os Xuíces, o Consello cooidará que a composición do Tribunal da Función Pública sexa equilibrada, atendendo a unha base xeográfica o máis ampla posible entre os nacionais dos Estados membros e no que se refire aos sistemas xurídicos nacionais representados.

2. Toda persoa que posúa a cidadanía da Unión e que cumpra os requisitos previstos no parágrafo cuarto do artigo 257 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea poderá presentar a súa candidatura. Logo de recomendación do Tribunal de Xustiza, o Consello fixará as

condicións e as modalidades relativas á presentación e tratamento das candidaturas.

3. Constituirase un comité composto por sete personalidades elixidas entre antigos membros do Tribunal de Xustiza Europeo e do Tribunal Xeral e xuristas de recoñecida competencia. O Consello decidirá a designación dos membros do comité e as súas normas de funcionamento, logo de recomendación do Presidente do Tribunal de Xustiza.

4. O comité ditaminará sobre a idoneidade dos candidatos para o exercicio das funcións de Xuíz do Tribunal da Función Pública Europea. O comité acompañará este ditame cunha lista dos candidatos que posúan a experiencia de alto nivel máis oportuna. A devandita lista deberá conter un número de candidatos equivalente, como mínimo, ao dobre do número de Xuíces que o Consello deba designar.

Artigo 4

1. Os Xuíces elixirán de entre eles, por un período de tres anos, o Presidente do Tribunal da Función Pública. O seu mandato será renovable.

2. O Tribunal da Función Pública actuará en Salas compostas por tres Xuíces. En determinados casos previstos no Regulamento de procedemento, poderá resolver en asemblea plenaria, en Sala de cinco Xuíces ou de Xuíz único.

3. O Presidente do Tribunal da Función Pública presidirá a asemblea plenaria e a Sala de cinco Xuíces. Os Presidentes das Salas de tres Xuíces designaranse nas condicións que se especifican no punto 1. Se o Presidente do Tribunal da Función Pública é destinado a unha Sala de tres Xuíces, será el quen a presida.

4. O Regulamento de procedemento regulará as competencias e o quórum da asemblea plenaria, así como a composición das Salas e a atribución de asuntos a estas.

Artigo 5

Os artigos 2 a 6, os artigos 14 e 15, os parágrafos primeiro, segundo e quinto do artigo 17 e o artigo 18 do Estatuto do Tribunal de Xustiza da Unión Europea aplicaranse ao Tribunal da Función Pública e aos seus membros.

O xuramento previsto no artigo 2 do Estatuto prestarase ante o Tribunal de Xustiza, o cal adoptará as decisións consideradas nos seus artigos 3, 4 e 6, despois de consultar o Tribunal da Función Pública.

Artigo 6

1. O Tribunal da Función Pública apoiarase nos servizos do Tribunal de Xustiza e do Tribunal Xeral. O Presidente do Tribunal de Xustiza ou, cando proceda, o Presidente do Tribunal Xeral fixará, de común acordo co Presidente do Tribunal da Función Pública, as condicións nas que os funcionarios e demais axentes adscritos ao Tribunal de Xustiza ou ao Tribunal Xeral prestarán os seus servizos no Tribunal da Función Pública para garantir o seu funcionamento. Algúns funcionarios ou outros axentes dependerán do Secretario do Tribunal da Función Pública, baixo a autoridade do Presidente do devandito tribunal.

2. O Tribunal da Función Pública nomeará o seu Secretario e establecerá o estatuto deste. Serán aplicables ao Secretario deste Tribunal o cuarto parágrafo do artigo 3 e os artigos 10, 11 e 14 do Estatuto do Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

Artigo 7

1. O procedemento ante o Tribunal da Función Pública estará regulado polo título III do Estatuto do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, con excepción dos seus artigos 22 e 23. Na medida en que sexa necesario, o dito procedemento será precisado e completado polo Regulamento de procedemento deste Tribunal da Función Pública.

2. As disposicións relativas ao réxime lingüístico do Tribunal Xeral aplicaranse ao Tribunal da Función Pública.

3. A fase escrita do procedemento incluírá a presentación da demanda e o escrito de contestación, a non ser que o Tribunal da Función Pública decida que é necesario un segundo intercambio de escritos procesuais. Cando teña lugar un segundo intercambio de escritos, o Tribunal da Función Pública, co acordo das partes, poderá decidir resolver sen fase oral.

4. En calquera fase do procedemento, mesmo a partir da interposición da demanda, o Tribunal da Función Pública examinará as posibilidades dunha solución amigable do litixio e velará por facilitar unha solución deste tipo.

5. O Tribunal da Función Pública decidirá sobre as custas. Sen prexuízo das disposicións particulares do Regulamento de procedemento, a parte que perda o proceso será condenada en custas, se así o decidise.

Artigo 8

1. Cando un recurso ou calquera outro acto procesual dirixido ao Tribunal da Función Pública se presente por erro na Secretaría do Tribunal de Xustiza ou do Tribunal Xeral, esta transmitirao inmediatamente á Secretaría do Tribunal da Función Pública; do mesmo xeito, cando un recurso ou calquera outro acto procesual dirixido ao Tribunal de Xustiza ou ao Tribunal Xeral se presente por erro na Secretaría do Tribunal da Función Pública, esta transmitirao inmediatamente á Secretaría do Tribunal de Xustiza ou do Tribunal Xeral.

2. Cando o Tribunal da Función Pública considere que non é competente para coñecer dun recurso por ser da competencia do Tribunal de Xustiza ou do Tribunal Xeral, remitirao ao Tribunal Xeral. Do mesmo xeito, cando o Tribunal de Xustiza ou o Tribunal Xeral considere que un recurso corresponde á competencia do Tribunal da Función Pública, o órgano xurisdiccional ante o que se interpuxera o recurso remitirao a este último que, en tal caso, non poderá declinar a súa competencia.

3. Cando se sometan ao Tribunal Xeral e ao Tribunal da Función Pública asuntos que formulen a mesma cuestión de interpretación ou que cuestionen a validez do mesmo acto, o Tribunal da Función Pública, tras escoitar as partes, poderá suspender o procedemento ata que o Tribunal Xeral dite a súa sentenza.

Cando se sometan ao Tribunal Xeral e ao Tribunal da Función Pública asuntos que teñan o mesmo obxecto, o Tribunal da Función Pública declinará a súa competencia, co fin de que o Tribunal Xeral poida pronunciarse sobre tales recursos.

Artigo 9

Contra as resolucións do Tribunal da Función Pública que poñan fin ao proceso, así como contra as que resolvan parcialmente a cuestión de fondo ou poñan fin a un incidente procesual relativo a unha excepción de incompetencia ou de inadmisibilidade, poderá interpoñerse recurso de casación ante o Tribunal Xeral, nun prazo de dous meses a partir da notificación da resolución impugnada.

O devandito recurso de casación poderá interpoñerse por calquera das partes cuxas pretensións fosen total ou parcialmente desestimadas. Non obstante, os coadxuvantes que non sexan Estados membros ou institucións da Unión só poderán interpoñer recurso de casación

cando a resolución do Tribunal da Función Pública lles afecte directamente.

Artigo 10

1. Calquera persoa cuxa demanda de intervención fose desestimada poderá interpoñer un recurso de casación ante o Tribunal Xeral contra a decisión do Tribunal da Función Pública que desestime a súa demanda de intervención, nun prazo de dúas semanas a partir da notificación da resolución desestimatoria.

2. As partes no procedemento poderán interpoñer un recurso de casación contra calquera resolución do Tribunal da Función Pública adoptada en virtude dos artigos 278, 279 ou do parágrafo cuarto do artigo 299 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ou en virtude do artigo 157 ou do parágrafo terceiro do artigo 164 do Tratado CEEA, nun prazo de dous meses a partir da notificación da resolución.

3. O Presidente do Tribunal Xeral poderá decidir sobre os recursos de casación a que se refiren os puntos 1 e 2 mediante un procedemento abreviado ao que, no que sexa necesario, non se aplicarán algunhas das normas contidas no presente anexo e que se regulará no Regulamento de procedemento do Tribunal Xeral.

Artigo 11

1. O recurso de casación ante o Tribunal Xeral limitarase ás cuestións de dereito. Deberá fundarse en motivos derivados da incompetencia do Tribunal da Función Pública, de irregularidades do procedemento ante este que lesionen os intereses da parte en cuestión, así como da violación do dereito da Unión por parte do Tribunal da Función Pública.

2. A imposición e a contía das custas non constituirán por si mesmas un motivo de interposición do recurso de casación.

Artigo 12

1. O recurso de casación ante o Tribunal Xeral non terá efecto suspensivo, sen prexuízo do disposto nos artigos 278 e 279 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ou no artigo 157 do Tratado CEEA.

2. O procedemento ante o Tribunal Xeral nun recurso de casación contra unha resolución do Tribunal da Función Pública constará dunha fase escrita e dunha fase oral. O Tribunal Xeral, despois de oír as partes, poderá pronunciarse

sen fase oral, nas condicións determinadas polo seu Regulamento de procedemento.

Artigo 13

1. Cando se estime o recurso de casación, o Tribunal Xeral anulará a resolución do Tribunal da Función Pública e resolverá el mesmo o litixio. Cando o estado do litixio non o permita, devolverá o asunto ao Tribunal da Función Pública para que este último resolva.

2. En caso de devolución, o Tribunal da Función Pública estará vinculado polas cuestións de dereito dirimidas pola resolución do Tribunal Xeral.

PROTOCOLO (n.º 4)

SOBRE OS ESTATUTOS DO SISTEMA EUROPEO DE BANCOS CENTRAIS E DO BANCO CENTRAL EUROPEO

AS ALTAS PARTES CONTRATANTES,
DESEXANDO establecer os estatutos do Sistema Europeo de Bancos Centrais e do Banco Central Europeo, previstos no punto 2 do artigo 129 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea,

CONVIÑERON nas seguintes disposicións, que se incorporarán como anexo ao Tratado da Unión Europea e ao Tratado de Funcionamento da Unión Europea:

CAPÍTULO I

SISTEMA EUROPEO DE BANCOS CENTRAIS

Artigo 1

O Sistema Europeo de Bancos Centrais

De conformidade co punto 1 do artigo 282 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, o Banco Central Europeo (BCE) e os bancos centrais nacionais constituirán o Sistema Europeo de Bancos Centrais (SEBC). O BCE e os bancos centrais nacionais dos Estados membros cuxa moeda é o euro constituirán o Eurosistema.

O SEBC e o BCE exercerán as súas funcións e levarán a cabo as súas actividades de conformidade co disposto nos tratados e no presente estatuto.

CAPÍTULO II

OBXECTIVOS E FUNCIÓNS DO SEBC

Artigo 2

Obxectivos

De conformidade co punto 1 do artigo 127 e co punto 2 do artigo 282 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, o obxectivo primordial do SEBC será manter a estabilidade de prezos. Sen prexuízo do devandito obxectivo, o SEBC apoiará as políticas económicas xerais na Unión de cara a contribuír á consecución dos obxectivos da Unión, tal como se establece no artigo 3 do Tratado da Unión Europea. O SEBC actuará segundo o principio dunha economía de mercado aberta e de libre competencia, favorecendo unha eficiente asignación de recursos e conforme aos principios que establece o artigo 119 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

Artigo 3

Funcións

3.1. De conformidade co punto 2 do artigo 127 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, as funcións básicas que deberá desenvolver o SEBC serán as seguintes:

- definir e executar a política monetaria da Unión,
- realizar operacións de cambio de divisas que sexan coherentes coas disposicións do artigo 219 do devandito tratado,
- posuír e xestionar as reservas oficiais de divisas dos Estados membros,
- promover o bo funcionamento do sistema de pagamentos.

3.2. De conformidade co punto 3 do artigo 127 do devandito tratado, o terceiro guiño do artigo 3.1 entenderase sen prexuízo da tenza e xestión dos fondos de manobra oficiais en divisas por parte dos gobernos dos Estados membros.

3.3. De conformidade co punto 5 do artigo 127 do devandito tratado, o SEBC contribuír á unha boa xestión das políticas que leven a cabo as autoridades competentes con respecto á supervisión prudencial das entidades de crédito e a estabilidade do sistema financeiro.

Artigo 4

Funcións consultivas

De conformidade co punto 4 do artigo 127 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea:

- a) o BCE será consultado:

- sobre calquera proposta de acto da Unión comprendido no ámbito das súas competencias;
 - polas autoridades nacionais, acerca de calquera proxecto de disposición legal que entre no seu ámbito de competencias, pero dentro dos límites e coas condicións que dispoña o Consello conforme ao procedemento previsto no artigo 41.
- b) o BCE poderá presentar ditames ás institucións, órganos ou organismos da Unión ou ás autoridades nacionais acerca de materias que pertencen ao ámbito das súas competencias.

Artigo 5

Recompilación de información estatística

5.1. Co fin de cumprir as funcións do SEBC, o BCE, asistido polos bancos centrais nacionais, recompilará a información estatística necesaria, que obterá das autoridades nacionais competentes ou directamente dos axentes económicos. Con tal finalidade, cooperará coas institucións, órganos ou organismos da Unión, así como coas autoridades competentes dos Estados membros ou de terceiros países e con organizacións internacionais.

5.2. Os bancos centrais nacionais executarán, na medida do posible, as funcións descritas no artigo 5.1.

5.3. O BCE contribuirá, cando sexa necesario, á harmonización das normas e prácticas que regulen a recompilación, elaboración e distribución de estatísticas nos sectores comprendidos dentro dos ámbitos das súas competencias.

5.4. O Consello definirá, conforme ao procedemento do artigo 41, as persoas físicas e xurídicas suxeitas a esixencias de información, o réxime de confidencialidade e as disposicións de execución e de sanción axeitadas.

Artigo 6

Cooperación internacional

6.1. No ámbito da cooperación internacional en relación coas funcións encomendadas ao SEBC, o BCE decidirá como estará representado o SEBC.

6.2. O BCE e, sempre que este o aprrobe, os bancos centrais nacionais, poderán participar en institucións monetarias internacionais.

6.3. As disposicións dos artigos 6.1 e 6.2 deberán entenderse sen prexuízo do disposto no artigo 138 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

CAPÍTULO III

ORGANIZACIÓN DO SEBC

Artigo 7

Independencia

Tal como se expón no artigo 130 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, cando exerzan as facultades que lles confiren os tratados e os presentes estatutos e desempeñen as funcións e deberes correspondentes, nin o BCE, nin os bancos centrais nacionais, nin ningún membro dos seus órganos reitores solicitarán nin aceptarán instrucións procedentes das institucións, órganos ou organismos da Unión, de ningún Goberno dun Estado membro nin de ningún outro organismo. As institucións, órganos ou organismos da Unión, así como os gobernos dos Estados membros, comprométense a respectar este principio e a non tratar de influír sobre os membros dos órganos reitores do BCE ou dos bancos centrais nacionais no exercicio das súas funcións.

Artigo 8

Principio xeral

O SEBC estará rexido polos órganos reitores do BCE.

Artigo 9

O Banco Central Europeo

9.1. O BCE que, en virtude do punto 3 do artigo 282 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, terá personalidade xurídica propia, disporá en cada un dos Estados membros da capacidade xurídica máis ampla concedida ás persoas xurídicas conforme ao respectivo dereito nacional; en particular, poderá adquirir ou vender propiedade mobiliaria e inmobiliaria e ser parte en actuacións xudiciais.

9.2. A función do BCE será garantir que se cumpran as funcións encomendadas ao SEBC conforme aos puntos 2, 3 e 5 do artigo 127 do tratado, xa sexa por medio das súas propias actividades de conformidade co presente estatuto, xa sexa por medio dos bancos centrais nacionais, conforme ao disposto no artigo 12.1 e no artigo 14.

9.3. De conformidade co disposto no punto 1 do artigo 129 do devandito tratado, os órganos reitores do BCE serán o Consello de Goberno e o Comité Executivo.

Artigo 10 **O Consello de Goberno**

10.1. De conformidade co disposto no punto 1 do artigo 283 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, o Consello de Goberno estará composto polos membros do Comité Executivo e polos gobernadores dos bancos centrais nacionais dos Estados membros cuxa moeda é o euro.

10.2. Cada membro do Consello de Goberno disporá dun voto. Dende o momento en que o número de membros do Consello de Goberno exceda de vinte e un, cada membro do Comité Executivo disporá dun voto e o número de gobernadores con dereito de voto será de quince. O dereito de voto dos gobernadores asignarase e rotará conforme ao seguinte:

- Dende o momento en que o número de gobernadores exceda de quince e ata que chegue a vinte e dous, os gobernadores distribuiranse en dous grupos, de acordo co tamaño da participación do Estado membro correspondente ao seu banco central nacional no produto interior bruto total a prezo de mercado e no balance agregado total das institucións financeiras monetarias dos Estados membros cuxa moeda é o euro. Asignarase ás participacións no produto interior bruto total a prezo de mercado e no balance agregado total das institucións financeiras monetarias un peso de 5/6 e 1/6, respectivamente. O primeiro grupo estará formado por cinco gobernadores e o segundo grupo estará formado polos demais gobernadores. A frecuencia do dereito de voto dos gobernadores do primeiro grupo non será inferior á frecuencia do dereito de voto dos gobernadores do segundo grupo, sen prexuízo do cal, o primeiro grupo disporá de catro votos e o segundo de once.
- Dende o momento en que o seu número chegue a vinte e dous, os gobernadores distribuiranse en tres grupos de acordo coa clasificación baseada nos criterios expostos. O primeiro grupo estará formado por cinco gobernadores e disporá de catro votos. O segundo grupo comprenderá a metade do número total de gobernadores, redondeándose as fraccións ao número enteiro seguinte e disporá de oito votos. O terceiro grupo estará formado polos gobernadores restantes e disporá de tres votos.
- En cada grupo, os gobernadores terán o dereito de voto por igual prazo.
- Para os efectos do cálculo das participa-

cións no produto interior bruto total a prezo de mercado, aplicarase o punto 2 do artigo 29. O balance agregado total das institucións financeiras monetarias calcularase conforme ao sistema estatístico vixente na Unión no momento do cálculo.

- Sempre que o produto interior bruto total a prezo de mercado se axuste de conformidade co punto 3 do artigo 29 dos estatutos ou sempre que aumente o número de gobernadores, revisarase o tamaño e/ou a composición dos grupos conforme aos principios expostos.
- Por maioría de dous terzos de todos os seus membros, teñan ou non o dereito de voto, o Consello de Goberno tomará todas as medidas necesarias para a aplicación dos principios expostos e poderá decidir que se aprace a introdución do sistema de rotación ata que o número de gobernadores exceda de 18.

O dereito de voto exercerase en persoa. Malia esta norma, o regulamento interno a que fai referencia o punto 3 do artigo 12 poderá establecer a posibilidade de que os membros do Consello de Goberno emitan o seu voto por teleconferencia. O regulamento interno disporá tamén que os membros do Consello de Goberno que non poidan asistir ás reunións do Consello de Goberno por un período prolongado poidan designar un substituto que ocupe o seu lugar como membro do Consello de Goberno.

As disposicións dos parágrafos precedentes non afectan o dereito de voto que todos os membros do Consello de Goberno, con e sen dereito de voto, teñen en virtude dos artigos 10.3, 40.2 e 40.3. De non se estipular o contrario nos presentes estatutos, o Consello de Goberno decidirá por maioría simple dos seus membros con dereito de voto. En caso de empate, o voto decisivo corresponderalle ao Presidente. Nas votacións do Consello de Goberno requirirase un quórum de dous terzos dos seus membros con dereito de voto. De non se alcanzar este, o Presidente poderá convocar unha reunión extraordinaria na que poidan adoptarse decisións con independencia do quórum mencionado.

10.3. En todas as decisións que se adopten conforme aos artigos 28, 29, 30, 32 e 33, os votos dos membros do Consello de Goberno ponderaranse conforme ás participacións dos bancos centrais nacionais no capital subscrito do BCE. A ponderación dos votos dos membros do Comité Executivo será cero. As decisións por maioría cualificada aprobaranse sempre que os votos favorables representen polo menos dous

terzos do capital subscrito do BCE e representen polo menos a metade dos accionistas. En caso de que un gobernador non poida asistir á votación, poderá designar un substituto que emita o seu voto ponderado.

10.4. As reunións terán carácter confidencial. O Consello de Goberno poderá decidir facer públicos os resultados das súas deliberacións.

10.5. O Consello de Goberno reunirse polo menos dez veces ao ano.

Artigo 11 **O Comité Executivo**

11.1. Conforme ao disposto no parágrafo primeiro do punto 2 do artigo 283 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, o Comité Executivo estará composto polo Presidente, o Vicepresidente e outros catro membros.

Os membros desempeñarán as súas funcións con dedicación exclusiva. Ningún membro poderá exercer outra profesión, remunerada ou non, salvo autorización excepcional do Consello de Goberno.

11.2. De conformidade co parágrafo segundo do punto 2 do artigo 283 do devandito tratado, o Presidente, o Vicepresidente e os demais membros do Comité Executivo serán nomeados polo Consello Europeo, que se pronunciará por maioría cualificada, sobre a base dunha recomendación do Consello e logo de consulta ao Parlamento Europeo e ao Consello de Goberno, de entre personalidades de recoñecido prestixio e experiencia profesional en asuntos monetarios ou bancarios.

O seu mandato terá unha duración de oito anos e non será renovable.

Soamente os nacionais dos Estados membros poderán ser membros do Comité Executivo.

11.3. As condicións de emprego dos membros do Comité Executivo, e en particular os seus soldos, pensións e demais beneficios da seguridade social, estarán suxeitos a contratos co BCE e serán fixados polo Consello de Goberno por proposta dun comité composto por tres membros designados polo Consello de Goberno e outros tres designados polo Consello. Os membros do Comité Executivo non terán dereito a voto nos asuntos mencionados no presente punto.

11.4. Se un membro do Comité Executivo deixase de reunir os requisitos esixidos para desempeñar as súas funcións ou se na súa conduta se observase unha falta grave, o Tribunal de Xustiza poderá separalo do seu cargo a petición do Consello de Goberno ou do Comité Executivo.

11.5. Todos os membros do Comité Executivo

presentes nas sesións terán dereito a voto; cada un deles disporá, para tal fin, dun voto. Salvo disposición contraria, o Comité Executivo decidirá por maioría simple dos votos emitidos. En caso de empate, corresponderalle ao Presidente o voto decisivo. As modalidades de votación especificaranse no regulamento interno a que fai referencia o artigo 12.3.

11.6. O Comité Executivo será responsable da xestión ordinaria do BCE.

11.7. Calquera vacante que se produza no Comité Executivo cubrirase mediante nomeamento dun novo membro; será de aplicación o disposto no artigo 11.2.

Artigo 12 **Responsabilidades dos órganos reitores**

12.1. O Consello de Goberno adoptará as orientacións e decisións necesarias para garantir o cumprimento das funcións asignadas ao SEBC, conforme aos tratados e ao presente estatuto. O Consello de Goberno formulará a política monetaria da Unión, incluídas, se é o caso, as decisións relativas aos obxectivos monetarios intermedios, os tipos de xuro básicos e a subministración de reservas no SEBC, e establecerá as orientacións necesarias para o seu cumprimento.

O Comité Executivo porá en práctica a política monetaria, de conformidade coas orientacións e decisións adoptadas polo Consello de Goberno. Ao facelo, impartirá as instrucións necesarias aos bancos centrais nacionais. O Comité Executivo poderá tamén recibir a delegación de determinados poderes, cando así o dispoña o Consello de Goberno.

Na medida en que se estime posible e axeitado, e sen prexuízo do disposto no presente artigo, o BCE recorrerá aos bancos centrais nacionais para executar as operacións que correspondan ás funcións do SEBC.

12.2. O Comité Executivo encargarase da preparación das reunións do Consello de Goberno.

12.3. O Consello de Goberno adoptará o regulamento interno que determinará a organización interna do BCE e dos seus órganos reitores.

12.4. O Consello de Goberno exercerá as funcións consultivas consideradas no artigo 4.

12.5. O Consello de Goberno adoptará as decisións consideradas no artigo 6.

Artigo 13 **O Presidente**

13.1. O Presidente ou, en ausencia deste, o Vi-

cepresidente, presidirá o Consello de Goberno e o Comité Executivo do BCE.

13.2. Sen prexuízo do disposto no artigo 38, o Presidente ou a persoa por el designada representará o BCE no exterior.

Artigo 14 **Bancos centrais nacionais**

14.1. De conformidade co disposto no artigo 131 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, cada Estado membro garantirá a compatibilidade da súa lexislación nacional, incluídos os estatutos do banco central nacional, cos presentes estatutos e os tratados.

14.2. Os estatutos dos bancos centrais nacionais disporán, en particular, que o mandato de gobernador dun banco central nacional non sexa inferior a cinco anos.

Un gobernador só poderá ser relevado do seu mandato en caso de que deixe de cumprir os requisitos esixidos para o cumprimento das súas funcións ou de que incorrese en falta grave. O gobernador afectado ou o Consello de Goberno poderán recorrer as decisións ao respecto ante o Tribunal de Xustiza, por motivos de infracción dos tratados ou de calquera norma legal relativa á súa aplicación. Tales accións emprenderanse nun prazo de dous meses a partir da publicación da decisión ou da súa notificación ao demandante ou, a falta desta, a partir da data en que a decisión chegue a coñecemento deste último, segundo os casos.

14.3. Os bancos centrais nacionais serán parte integrante do SEBC e a súa actuación axustarase ás orientacións e instrucións do BCE. O Consello de Goberno adoptará as medidas necesarias para garantir o cumprimento das orientacións e instrucións do BCE e esixirá que se lle remita toda a información pertinente.

14.4. Os bancos centrais nacionais poderán exercer funcións distintas das especificadas no presente estatuto, a menos que o Consello de Goberno decida, por maioría de dous terzos dos votos emitidos, que as devanditas funcións interfieren nos obxectivos e tarefas do SEBC. As devanditas funcións exerceranse baixo a responsabilidade dos bancos centrais nacionais e non se considerarán parte das funcións do SEBC.

Artigo 15 **Obrigas de información**

15.1. O BCE elaborará e publicará informes sobre as actividades do SEBC, cunha periodicidade polo menos trimestral.

15.2. Publicarase cada semana un estado financeiro consolidado do SEBC.

15.3. De conformidade co disposto no punto 3 do artigo 284 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, o BCE presentaralle cada ano ao Parlamento Europeo, ao Consello e á Comisión, así como ao Consello Europeo, un informe sobre as actividades do SEBC e a política monetaria do ano anterior e do ano en curso.

15.4. Os informes e estados mencionados no presente artigo poranse gratuitamente á disposición dos interesados.

Artigo 16 **Billetes de banco**

De conformidade co disposto no punto 1 do artigo 128 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, o Consello de Goberno terá o dereito exclusivo de autorizar a emisión de billetes de banco en euros na Unión, billetes que poderán emitir o BCE e os bancos centrais nacionais. Os billetes de banco emitidos polo BCE e os bancos centrais nacionais serán os únicos billetes de banco de curso legal dentro da Unión.

O BCE respectará na medida do posible as prácticas existentes para a emisión e o deseño de billetes de banco.

CAPÍTULO IV

FUNCIÓNS MONETARIAS E OPERACIÓNS DO SEBC

Artigo 17 **Contas no BCE e os bancos centrais nacionais**

Co fin de realizar as súas operacións, o BCE e os bancos centrais nacionais poderán abrir contas a entidades de crédito, a entidades públicas e a outros participantes no mercado, así como aceptar activos, incluídos valores representados mediante anotacións en conta como garantía.

Artigo 18 **Operacións de mercado aberto e de crédito**

18.1. Co fin de alcanzar os obxectivos do SEBC e de levar a cabo as súas funcións, o BCE e os bancos centrais nacionais poderán:

- operar nos mercados financeiros comprando e vendendo directamente (ao con-

tado e a prazo) ou conforme a pactos de compra, prestando ou tomando prestados valores e outros instrumentos negociables, xa sexa en euros ou noutras moedas, así como en metais preciosos;

- realizar operacións de crédito con entidades de crédito e demais participantes no mercado, baseando os préstamos en garantías axeitadas.

18.2. O BCE establecerá os principios xerais para as operacións de mercado aberto e para as operacións de crédito que efectúe por si mesmo ou que efectúen os bancos centrais nacionais, incluído o anuncio das condicións polas que estes se declaren dispostos a efectuar as devanditas transaccións.

Artigo 19

Reservas mínimas

19.1. Sen prexuízo do disposto no artigo 2, o BCE poderá esixir que as entidades de crédito establecidas nos Estados membros manteñan unhas reservas mínimas nas contas no BCE e nos bancos centrais nacionais, en atención a obxectivos de política monetaria. O Consello de Goberno poderá establecer os regulamentos relativos ao cálculo e á determinación das reservas mínimas esixidas. En caso de incumprimento, o BCE poderá aplicar xuros de penalización, así como impoñer outras sancións de efecto comparable.

19.2. Para a aplicación do presente artigo, o Consello definirá, conforme ao procedemento previsto no artigo 41, a base correspondente ás reservas mínimas e os coeficientes máximos admisibles entre as devanditas reservas e as súas bases, así como as sancións apropiadas en caso de incumprimento.

Artigo 20

Outros instrumentos de control monetario

O Consello de Goberno poderá decidir, por maioría de dous terzos dos votos emitidos, o uso doutros métodos operativos de control monetario que considere axeitados, sempre que se respecten as disposicións do artigo 2.

De acordo co procedemento fixado no artigo 41, o Consello definirá o alcance dos devanditos métodos cando lles impoñan obrigas a terceiros.

Artigo 21

Operacións con entidades públicas

21.1. Conforme ao disposto no artigo 123 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea,

queda prohibida a autorización de descubertos e a concesión doutro tipo de créditos por parte do BCE ou dos bancos centrais nacionais en favor de institucións, órganos ou organismos da Unión, gobernos centrais, autoridades rexionais ou locais ou outras autoridades públicas, organismos de dereito público ou empresas públicas dos Estados membros; queda igualmente prohibida a adquisición directa a estes de instrumentos de débeda polo BCE ou os bancos centrais nacionais.

21.2. O BCE e os bancos centrais nacionais poderán actuar como axentes fiscais das entidades a que se refire o artigo 21.1.

21.3. As disposicións do presente artigo non se aplicarán ás entidades de crédito públicas que, no contexto da provisión de liquidez polos bancos centrais, recibirán dos bancos centrais nacionais e do BCE o mesmo trato que as entidades de crédito privadas.

Artigo 22

Sistemas de compensación e de pagamento

O BCE e os bancos centrais nacionais poderán proporcionar medios e o BCE ditar regulamentos destinados a garantir uns sistemas de compensación e liquidación eficientes e solventes dentro da Unión, así como con outros países.

Artigo 23

Operacións exteriores

O BCE e os bancos centrais nacionais poderán:

- establecer relacións cos bancos centrais e coas institucións financeiras doutros países e, cando proceda, con organizacións internacionais;
- adquirir e vender ao contado e a prazo todo tipo de activos en moeda estranxeira e metais preciosos. A expresión «activos en moeda estranxeira» incluírá os valores e todos os demais activos na moeda de calquera país ou en unidades de conta e calquera que sexa a forma en que se posúan;
- posuír e xestionar os activos a que se fai referencia no presente artigo;
- efectuar calquera tipo de transacción bancaria en relación con terceiros países e con organizacións internacionais, incluídas as operacións de concesión e recepción de préstamos.

Artigo 24
Outras operacións

Ademais das operacións derivadas das súas funcións, o BCE e os bancos centrais nacionais poderán efectuar operacións para os seus fins administrativos ou para o seu persoal.

CAPÍTULO V

SUPERVISIÓN PRUDENCIAL

Artigo 25
Supervisión prudencial

25.1. O BCE poderá brindarlle asesoramento ao Consello, á Comisión e ás autoridades competentes dos Estados membros e ser consultado por estes sobre o alcance e a aplicación da lexislación da Unión relativa á supervisión prudencial das entidades de crédito e á estabilidade do sistema financeiro.

25.2. Conforme a calquera regulamento do Consello adoptado en virtude do punto 6 do artigo 127 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, o BCE poderá levar a cabo funcións específicas relativas ás políticas relacionadas coa supervisión prudencial das entidades de crédito e outras entidades financeiras, con excepción das compañías de seguros.

CAPÍTULO VI

DISPOSICIÓNS FINANCEIRAS DO SEBC

Artigo 26
Contas financeiras

26.1. O exercicio económico do BCE e dos bancos centrais nacionais comezará o primeiro día de xaneiro e finalizará o último día de decembro.

26.2. As contas anuais do BCE serán levadas polo Comité Executivo conforme aos principios establecidos polo Consello de Goberno. As contas serán aprobadas polo Consello de Goberno e publicadas posteriormente.

26.3. Con fins analíticos e operativos, o Comité Executivo elaborará un balance consolidado do SEBC que abranguerá os activos e pasivos dos bancos centrais nacionais que estean incluídos no SEBC.

26.4. Para a aplicación do presente artigo, o Consello de Goberno establecerá as normas necesarias para normalizar procedementos contables e de información relativos ás operacións emprendidas polos bancos centrais nacionais.

Artigo 27
Auditoría

27.1. As contas do BCE e dos bancos centrais nacionais serán controladas por auditores externos independentes, recomendados polo Consello de Goberno e aprobados polo Consello. Os auditores terán plenos poderes para examinar todos os libros e contas do BCE e dos bancos centrais nacionais, así como para estar plenamente informados acerca das súas transaccións.

27.2. As disposicións do artigo 287 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea só se aplicarán a un exame da eficacia operativa da xestión do BCE.

Artigo 28
Capital do BCE

28.1. O capital do BCE será de 5.000 millóns de euros. O capital poderá aumentarse nas cantidades que decida o Consello de Goberno, que se pronunciará pola maioría cualificada que establece o artigo 10.3, dentro dos límites e conforme ás condicións fixadas polo Consello conforme ao procedemento que establece o artigo 41.

28.2. Os bancos centrais nacionais serán os únicos subscritores e accionistas do capital do BCE. A subscrición de capital efectuarase conforme á clave establecida, segundo o disposto no artigo 29.

28.3. O Consello de Goberno, que se pronunciará pola maioría cualificada que establece o artigo 10.3, determinará ata que punto e en que forma será desembolsado o capital.

28.4. Sen prexuízo do disposto no artigo 28.5, as accións dos bancos centrais nacionais no capital subscrito do BCE non poderán transferirse, peñorarse ou embargarse.

28.5. En caso de axustarse a clave a que se refire o artigo 29, os bancos centrais nacionais transferiranse entre si accións representativas do capital, ata a cantidade que sexa necesaria para garantir que a distribución das accións representativas do capital corresponde á clave axustada. O Consello de Goberno determinará os termos e as condicións das devanditas transferencias.

Artigo 29
Clave para a subscrición de capital

29.1. A clave para a subscrición de capital do BCE fixada por primeira vez en 1998 cando se creou o SEBC determinarase asignándolle a

cada banco central nacional unha ponderación na devandita clave, que será igual á suma de:

- 50% da participación do seu Estado membro respectivo na poboación da Unión o penúltimo ano anterior á constitución do SEBC;
- 50% da participación do seu Estado membro respectivo no produto interior bruto, a prezo de mercado, da Unión, segundo se rexistre nos cinco anos que preceden o penúltimo ano anterior á constitución do SEBC.

As porcentaxes redondearanse á baixa ou á alza ata o múltiplo de 0,0001 puntos porcentuais máis próximo.

29.2. A Comisión, de acordo coas normas adoptadas polo Consello conforme ao procedemento que establece o artigo 41, subministrará os datos estatísticos que haberán de utilizarse para a aplicación do presente artigo.

29.3. As ponderacións asignadas aos bancos centrais nacionais axustaranse cada cinco anos despois da constitución do SEBC, por analogía coas disposicións que establece o artigo 29.1. A clave axustada aplicarase con efectos a partir do primeiro día do ano seguinte.

29.4. O Consello de Goberno adoptará todas as demais medidas que sexan necesarias para a aplicación do presente artigo.

Artigo 30

Transferencia de activos exteriores de reserva ao BCE

30.1. Sen prexuízo do disposto no artigo 28, os bancos centrais nacionais proporcionaranlle ao BCE activos exteriores de reserva distintos das moedas dos Estados membros, dos euros, das posicións de reserva e dos dereitos especiais de xiro do FMI, ata un importe equivalente a 50.000 millóns de euros. O Consello de Goberno decidirá a proporción que deberá recibir o BCE tras a súa constitución en aplicación do presente estatuto, así como os importes que deban achegarse posteriormente. O BCE terá pleno dereito a posuír e a xestionar as reservas exteriores que lle sexan transferidas e a utilizalas para os fins establecidos no presente estatuto.

30.2. As contribucións de cada banco central nacional fixaranse en proporción á súa participación no capital subscrito do BCE.

30.3. Cada banco central nacional será acreditado polo BCE cun activo equivalente á súa contribución. O Consello de Goberno determinará a denominación e a remuneración dos devanditos activos.

30.4. O BCE poderá solicitar máis activos exteriores de reserva, excedendo o límite que establece o artigo 30.1, conforme ás disposicións do artigo 30.2, dentro dos límites e conforme ás condicións que estableza o Consello, consonte o procedemento establecido no artigo 41.

30.5. O BCE poderá posuír e xestionar as posicións de reserva e os dereitos especiais de xiro do FMI, así como dispoñer a posta en común dos devanditos activos.

30.6. O Consello de Goberno decidirá todas as demais medidas que sexan necesarias para a aplicación do presente artigo.

Artigo 31

Activos exteriores de reserva en posesión dos bancos centrais nacionais

31.1. Os bancos centrais nacionais poderán realizar transaccións en cumprimento das súas obrigas con organizacións internacionais, de conformidade co artigo 23.

31.2. Todas as demais operacións en activos exteriores de reserva que permanezan en poder dos bancos centrais nacionais tras as transferencias a que se refire o artigo 30, así como as transaccións dos Estados membros cos seus fondos de manobra oficiais en moeda estranxeira, por enriba de determinados límites que se establecerán conforme ao artigo 31.3, estarán suxeitas á aprobación do BCE, co fin de garantir a súa coherencia coa política monetaria e de tipo de cambio da Unión.

31.3. O Consello de Goberno establecerá as directrices destinadas a facilitar as devanditas operacións.

Artigo 32

Asignación de ingresos monetarios aos bancos centrais nacionais

32.1. Os ingresos obtidos polos bancos centrais nacionais no exercicio da función de política monetaria do SEBC, denominados a partir deste momento «ingresos monetarios», asignaranse ao final de cada exercicio conforme ás disposicións do presente artigo.

32.2. O importe dos ingresos monetarios de cada banco central nacional será igual aos seus ingresos anuais procedentes dos seus activos mantidos contra billetes en circulación e depósitos das entidades de crédito. Estes activos serán identificados polos bancos centrais nacionais, conforme ás directrices que establecerá o Consello de Goberno.

32.3. Se tras a introdución do euro, a xuízo

do Consello de Goberno, as estruturas do balance dos bancos centrais nacionais non permiten a aplicación do artigo 32.2, o Consello de Goberno, por maioría cualificada, poderá decidir que, malia o disposto no artigo 32.2, os ingresos monetarios se midan de acordo cun método alternativo durante un período que non poderá ser superior a cinco anos.

32.4. O importe dos ingresos monetarios de cada banco central nacional reducirase nun importe equivalente a calquera xuro pagado polo devandito banco central sobre os seus depósitos abertos a entidades de crédito, de conformidade co artigo 19.

O Consello de Goberno poderá decidir que os bancos centrais nacionais sexan indemnizados polos custos en que incorran en relación coa emisión de billetes de banco ou, en circunstancias excepcionais, polas perdas específicas derivadas das operacións de política monetaria realizadas para o SEBC. A indemnización adoptará a forma que considere axeitada o Consello de Goberno; os devanditos importes poderán compensarse cos ingresos monetarios dos bancos centrais nacionais.

32.5. A suma dos ingresos monetarios dos bancos centrais nacionais asignarase aos bancos centrais nacionais proporcionalmente ás súas accións desembolsadas do BCE, sen prexuízo das decisións que adopte o Consello de Goberno conforme ao artigo 33.2.

32.6. A compensación e a liquidación dos balances derivados da asignación dos ingresos monetarios serán efectuadas polo BCE, conforme ás directrices que estableza o Consello de Goberno.

32.7. O Consello de Goberno adoptará calquera outra medida necesaria para a aplicación do presente artigo.

Artigo 33

Asignación dos beneficios e perdas netos do BCE

33.1. Os beneficios netos do BCE transferiranse na seguinte orde:

a) un importe que será determinado polo Consello de Goberno e que non poderá exceder do 20% dos beneficios netos transferirse ao fondo de reserva xeral, cun límite equivalente ao 100% do capital;

b) os beneficios netos restantes distribuiranse entre os accionistas do BCE proporcionalmente ás súas accións desembolsadas.

33.2. Cando o BCE sufra perdas, o déficit poderá compensarse mediante o fondo de reserva

xeral do BCE e, se fose necesario e logo de decisión do Consello de Goberno, mediante os ingresos monetarios de exercicio económico correspondente en proporción a e ata os importes asignados a bancos centrais nacionais, conforme ao establecido no artigo 32.5.

CAPÍTULO VII

DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 34

Actos xurídicos

34.1. Conforme ao artigo 132 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, o BCE:

- elaborará regulamentos na medida en que iso sexa necesario para o exercicio das funcións definidas no primeiro guión do artigo 3.1 e nos artigos 19.1, 22 ou 25.2 dos Estatutos do SEBC e nos casos que se establezan nos actos do Consello mencionados no artigo 41;
- tomará as decisións necesarias para o exercicio das funcións encomendadas ao SEBC polos tratados e polos estatutos do SEBC;
- formulará recomendacións e emitirá ditames.

34.2. O BCE poderá decidir facer públicas as súas decisións, recomendacións e ditames.

34.3. Dentro dos límites e nas condicións adoptados polo Consello conforme ao procedemento establecido no artigo 41 dos estatutos, o BCE estará autorizado a lles impoñer multas e pagamentos periódicos coercitivos ás empresas que non cumpran coas súas obrigas respecto dos regulamentos e decisións deste.

Artigo 35

Control xudicial e asuntos conexos

35.1. Os actos ou as omisións do BCE estarán suxeitos á revisión e á interpretación do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, nos casos previstos nos tratados e conforme ás condicións establecidas neste. O BCE poderá emprender accións nos casos e conforme ás condicións establecidas nos tratados.

35.2. Os litixios entre o BCE, por unha parte, e os seus acredores, debedores ou terceiros, por outra, serán resoltos polos tribunais nacionais competentes, sen prexuízo das competencias atribuídas ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

35.3. O BCE estará suxeito ao réxime de obri-

gas que establece o artigo 340 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea. Os bancos centrais nacionais serán responsables conforme á lexislación nacional respectiva.

35.4. O Tribunal de Xustiza da Unión Europea terá xurisdición para sentenciar en virtude das cláusulas compromisorias que conteñan os contratos asinados polo BCE ou no seu nome, xa estean regulados polo dereito público ou privado.

35.5. A decisión do BCE de emprender accións ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea será tomada polo Consello de Goberno.

35.6. O Tribunal de Xustiza da Unión Europea terá xurisdición para os litixios relativos ao cumprimento por parte dos bancos centrais nacionais das obrigas derivadas dos tratados e dos presentes estatutos. Cando o BCE considere que un banco central nacional incumpriu algunha das obrigas que establecen os presentes estatutos, emitirá un ditame motivado ao respecto, despois de lle dar ao devandito banco central nacional a posibilidade de presentar as súas alegacións. Se o banco central nacional de que se trate non se ativeise a este ditame no prazo establecido polo BCE, este poderá recorrer ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

Artigo 36 **Persoal**

36.1. O Consello de Goberno, por proposta do Comité Executivo, establecerá as condicións de contratación do persoal do BCE.

36.2. O Tribunal de Xustiza da Unión Europea terá xurisdición en calquera litixio entre o BCE e os seus empregados, dentro dos límites e conforme ás condicións que establezan as condicións de emprego.

Artigo 37 (antigo artigo 38) **Segredo profesional**

37.1. Os membros dos órganos reitores e o persoal do BCE e dos bancos centrais nacionais, mesmo despois de cesar nas súas funcións, non deberán revelar información que, pola súa natureza, estea amparada polo segredo profesional.

37.2. As persoas que teñan acceso a datos amparados pola lexislación da Unión que imponha a obriga do segredo estarán suxeitas á devandita lexislación.

Artigo 38 (antigo artigo 39) **Signatarios**

O BCE comprometerase legalmente fronte a terceiros por medio do seu Presidente ou de dous membros do Comité Executivo ou por medio das sinaturas de dous membros do persoal do BCE debidamente autorizados polo Presidente para asinar en nome do BCE.

Artigo 39 (antigo artigo 40) **Privilexios e inmunidades**

O BCE gozará no territorio dos Estados membros dos privilexios e inmunidades necesarios para o desempeño das súas funcións, nas condicións que establece o Protocolo sobre os privilexios e as inmunidades da Unión Europea.

CAPÍTULO VIII

MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS E LEXISLACIÓN COMPLEMENTARIA

Artigo 40 (antigo artigo 41) **Procedemento de modificación simplificado**

40.1. Conforme ao punto 3 do artigo 129 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, os artigos 5.1, 5.2, 5.3, 17, 18, 19.1, 22, 23, 24, 26, 32.2, 32.3, 32.4, 32.6, 33.1 a) e 36 dos presentes estatutos poderán ser modificados polo Parlamento Europeo e o Consello, conforme ao procedemento lexislativo ordinario ou ben sobre a base dunha recomendación do BCE, logo de consulta á Comisión, ou ben a proposta da Comisión e logo de consulta ao BCE.

40.2. O artigo 10.2 poderá ser modificado mediante decisión do Consello Europeo, aprobada por unanimidade, ben por recomendación do Banco Central Europeo e logo de consulta ao Parlamento Europeo e á Comisión, ben por recomendación da Comisión e logo de consulta ao Parlamento Europeo e ao Banco Central Europeo. Estas modificacións só entrarán en vigor despois de ser aprobadas polos Estados membros, de conformidade coas súas respectivas normas constitucionais.

40.3. As recomendacións que faga o BCE conforme ao presente artigo requirirán unha decisión unánime do Consello de Goberno.

Artigo 41
(antigo artigo 42)

Lexislación complementaria

Conforme ao punto 4 do artigo 129 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, o Consello, a proposta da Comisión e logo de consulta ao Parlamento Europeo e ao BCE, ou sobre a base dunha recomendación do BCE e logo de consulta ao Parlamento Europeo e á Comisión, adoptará as disposicións a que se refiren os artigos 4, 5.4, 19.2, 20, 28.1, 29.2, 30.4 e 34.3 do presente estatuto.

CAPÍTULO IX

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS E OUTRAS
DISPOSICIÓNS PARA O SEBC

Artigo 42
(antigo artigo 43)

Disposicións xerais

42.1. As excepcións a que se refire o artigo 139 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea suporán que os seguintes artigos dos presentes estatutos non concederán dereitos nin lles imporán obrigas aos Estados membros de que se trate: 3, 6, 9.2, 12.1, 14.3, 16, 18, 19, 20, 22, 23, 26.2, 27, 30, 31, 32, 33, 34 e 49.

42.2. Os bancos centrais dos Estados membros que gocen dunha excepción de conformidade co artigo 139 do devandito tratado conservarán as súas competencias no ámbito da política monetaria, conforme á lexislación nacional.

42.3. De conformidade co artigo 139 do devandito tratado, «os Estados membros» significará «os Estados membros cuxa moeda é o euro» nos seguintes artigos dos presentes estatutos: 3, 11.2 e 19.

42.4. «Os bancos centrais nacionais» significará «os bancos centrais dos Estados membros cuxa moeda é o euro» nos seguintes artigos do presente estatuto: 9.2, 10.2, 10.3, 12.1, 16, 17, 18, 22, 23, 27, 30, 31, 32, 33.2 e 49.

42.5. «Os accionistas» significará «os bancos centrais dos Estados membros cuxa moeda é o euro» nos artigos 10.3 e 33.1.

42.6. «O capital subscrito do SEBC» significará «o capital do BCE subscrito polos bancos centrais dos Estados membros cuxa moeda é o euro» nos artigos 10.3 e 30.2.

Artigo 43
(antigo artigo 44)

Funcións transitorias do BCE

O BCE encargarase das antigas tarefas do Ime a que se refire o punto 2 do artigo 141 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea que, debido ás excepcións dun ou varios dos Estados membros, aínda deban exercerse despois de adoptar o euro.

O BCE emitirá ditames para preparar a supresión das excepcións especificadas no artigo 140 do devandito tratado.

Artigo 44
(antigo artigo 45)

O Consello Xeral do BCE

44.1. Sen prexuízo do disposto no punto 1 do artigo 129 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, o Consello Xeral constituirase como terceiro órgano reitor do BCE.

44.2. O Consello Xeral estará composto polo Presidente e o Vicepresidente do BCE e polos gobernadores dos bancos centrais nacionais. Os demais membros do Comité Executivo poderán participar, sen dereito a voto, nas reunións do Consello Xeral.

44.3. As responsabilidades do Consello Xeral figuran, na súa totalidade, no artigo 46 do presente estatuto.

Artigo 45
(antigo artigo 46)

Regulamento interno do Consello Xeral

45.1. O Presidente ou, en ausencia deste, o Vicepresidente do BCE, presidirá o Consello Xeral do BCE.

45.2. O Presidente do Consello e un membro da Comisión poderán participar, sen dereito a voto, nas reunións do Consello Xeral.

45.3. O Presidente preparará as reunións do Consello Xeral.

45.4. Malia o disposto no artigo 12.3, o Consello Xeral adoptará o seu regulamento interno.

45.5. O BCE encargarase da Secretaría do Consello Xeral.

Artigo 46
(antigo artigo 47)

Responsabilidades do Consello Xeral

46.1. O Consello Xeral:

- levará a cabo as tarefas a que se refire o artigo 43,

- contribuirá ao desenvolvemento das funcións consultivas a que se refiren os artigos 4 e 25.1.

46.2. O Consello Xeral contribuirá:

- á recompilación da información estatística a que se refire o artigo 5,
- á elaboración de informes acerca das actividades do BCE a que se refire o artigo 15,
- ao establecemento das normas necesarias para a aplicación do artigo 26 a que se refire o artigo 26.4,
- á adopción de todas as restantes medidas necesarias para a aplicación do artigo 29 a que se refire o artigo 29.4,
- ao establecemento das condicións de contratación do persoal do BCE a que se refire o artigo 36.

46.3. O Consello Xeral contribuirá aos preparativos necesarios para fixar irrevogablemente os tipos de cambio das moedas dos Estados membros acollidas a unha excepción respecto do euro, conforme ao disposto no punto 3 do artigo 140 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

46.4. O Presidente do BCE informará o Consello Xeral acerca das decisións do Consello de Goberno.

Artigo 47

(antigo artigo 48)

Disposicións transitorias para o capital do BCE

Conforme ao artigo 29.1, asignaráselle a cada banco central nacional unha ponderación na clave para a subscrición do capital do BCE. Malia o disposto no artigo 28.3, os bancos centrais dos Estados membros acollidos a unha excepción non desembolsarán o capital suscrito a non ser que o Consello Xeral, por unha maioría que represente como mínimo dous terzos do capital suscrito do BCE e polo menos a metade dos accionistas, decida que debe pagarse unha porcentaxe mínima como contribución aos custos operativos do BCE.

Artigo 48

(antigo artigo 49)

Pagamento diferido do capital, reservas e provisións do BCE

48.1. O banco central dun Estado membro cuxa excepción fose suprimida desembolsará a súa parte subscrita de capital do BCE na mesma medida en que os demais bancos centrais dos Estados membros cuxa moeda é o euro e trans-

feriralle ao BCE activos de reserva de cambio conforme ao disposto no artigo 30.1. A cantidade que deba transferirse determinarase multiplicando o valor en euros, ao tipo de cambio do momento, dos activos de reserva anteditos transferidos xa ata aquel momento ao BCE, de conformidade co disposto no artigo 30.1, polo coeficiente resultante de dividir o número de accións subscritas polo banco central nacional de que se trate e o número de accións que xa desembolsasen os demais bancos centrais nacionais.

48.2. Ademais do desembolso que deberá efectuarse conforme ao artigo 48.1, o banco central de que se trate contribuirá ás reservas do BCE, ás provisións equivalentes a reservas e ao importe que aínda deba asignarse ás reservas e provisións correspondentes ao saldo da conta de perdas e ganancias o 31 de decembro do ano anterior ao da supresión da excepción. A cantidade con que deberá contribuír determinarase multiplicando o importe das reservas, definido anteriormente e consignado no balance aprobado do BCE, polo coeficiente resultante de dividir o número de accións subscritas polo banco central de que se trate e o número de accións que xa desembolsasen os demais bancos centrais.

48.3. Cando un ou máis países se convertan en Estados membros e os seus respectivos bancos centrais nacionais pasen a formar parte do SEBC, aumentarase automaticamente o capital suscrito do BCE e o límite sobre a cantidade de activos de reserva de cambio que poderá transferirse ao BCE. O aumento calcularase multiplicando as respectivas cantidades vixentes nese momento polo coeficiente resultante de dividir, no marco da clave axustada para a subscrición de capital, entre a ponderación dos novos bancos centrais nacionais implicados e a ponderación dos bancos centrais nacionais xa membros do SEBC. A ponderación de cada banco central nacional dentro da clave para a subscrición de capital calcularase de forma análoga ao disposto no punto 1 do artigo 29 e de conformidade co punto 2 do artigo 29. Os períodos de referencia que deberán utilizarse para os datos estatísticos serán idénticos aos aplicados para o último axuste quinquenal das ponderacións en virtude do punto 3 do artigo 29.

Artigo 49

(antigo artigo 52)

Cambio dos billetes de banco denominados en moedas dos Estados membros

Tras a fixación irrevogable dos tipos de cambio de conformidade co punto 3 do artigo 140

do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, o Consello de Goberno adoptará as medidas necesarias para garantir que os billetes de banco denominados en moedas con tipo de cambio fixo irrevogable sexan cambiados polos bancos centrais nacionais aos seus respectivos valores de paridade.

Artigo 50

(antigo artigo 53)

Aplicabilidade das disposicións transitorias

Mentres haxa Estados membros acollidos a excepción seguirán sendo aplicables os artigos 42 a 47, inclusive.

PROTOCOLO (n.º 5)

SOBRE OS ESTATUTOS DO BANCO EUROPEO DE INVESTIMENTOS

AS ALTAS PARTES CONTRATANTES,

DESEXANDO establecer os estatutos do Banco Europeo de Investimentos, previstos no artigo 308 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea,

CONVIÑERON nas seguintes disposicións que se incorporarán como anexo ao Tratado da Unión Europea e ao Tratado de Funcionamento da Unión Europea:

Artigo 1

O Banco Europeo de Investimentos, creado polo artigo 308 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, a partir deste momento denominado o «Banco», quedará constituído e exercerá as súas funcións e a súa actividade de conformidade coas disposicións dos tratados e dos presentes estatutos.

Artigo 2

A misión do Banco será a definida no artigo 309 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

Artigo 3

De conformidade co artigo 308 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, os Estados membros serán os membros do Banco.

Artigo 4

1. O Banco terá un capital de 232 392 989 000 euros, subscrito polos Estados membros na forma seguinte:

Alemaña	37 578 019 000
Francia	37 578 019 000
Italia	37 578 019 000
Reino Unido	37 578 019 000
España	22 546 811 500
Bélxica	10 416 365 500
Países Baixos	10 416 365 500
Suecia	6 910 226 000
Dinamarca	5 274 105 000
Austria	5 170 732 500
Polonia	4 810 160 500
Finlandia	2 970 783 000
Grecia	2 825 416 500
Portugal	1 820 820 000
República Checa	1 774 990 500
Hungría	1 679 222 000
Irlanda	1 318 525 000
Romanía	1 217 626 000
Eslovaquia	604 206 500
Eslovenia	560 951 500
Bulgaria	410 217 500
Lituania	351 981 000
Luxemburgo	263 707 000
Chipre	258 583 500
Letonia	214 805 000
Estonia	165 882 000
Malta	98 429 500

Os Estados membros só serán responsables ata o importe da súa cota de capital subscrito e non desembolsado.

2. A admisión dun novo membro levará consigo un aumento do capital subscrito correspondente á achega do novo membro.

3. O Consello de Gobernadores poderá decidir, por unanimidade, un aumento do capital subscrito.

4. A cota de capital subscrito non poderá ser cedida nin peñorada e será inembargable.

Artigo 5

1. O capital subscrito será desembolsado polos Estados membros a razón do 5%, como media, dos importes definidos no punto 1 do artigo 4.

2. En caso de aumento do capital subscrito, o Consello de Gobernadores fixará por unanimidade a porcentaxe que deberá desembolsarse, así como as modalidades de desembolso. Os desembolsos en metálico unicamente se admitirán en euros.

3. O Consello de Administración poderá esixir o desembolso do saldo do capital subscrito, sempre que este desembolso sexa necesario para lles facer fronte ás obrigas do Banco.

O devandito desembolso será efectuado por cada Estado membro en proporción á súa cota de capital subscrito.

Artigo 6
(antigo artigo 8)

O Banco será administrado e dirixido por un Consello de Gobernadores, un Consello de Administración e un Comité de Dirección.

Artigo 7
(antigo artigo 9)

1. O Consello de Gobernadores estará composto polos ministros que designen os Estados membros.

2. O Consello de Gobernadores establecerá as directrices xerais da política crediticia do Banco, de conformidade cos obxectivos da Unión.

O Consello de Gobernadores velará pola execución destas directrices.

3. Ademais, o Consello de Gobernadores:

a) decidirá sobre o aumento do capital subscrito, de conformidade co punto 3 do artigo 4 e o punto 2 do artigo 5;

b) para os efectos da aplicación do punto 1 do artigo 9, determinará os principios aplicables ás operacións de financiamento no marco da misión do Banco;

c) exercerá as competencias previstas nos artigos 9 e 11 para o nomeamento e cesamento dos membros do Consello de Administración e do Comité de Dirección, así como as previstas no parágrafo segundo do punto 1 do artigo 11;

d) decidirá a concesión de financiamento para operacións de investimento que deban realizarse total ou parcialmente fóra do territorio dos Estados membros, de conformidade co punto 1 do artigo 16;

e) aprobará o informe anual elaborado polo Consello de Administración;

f) aprobará o balance anual, así como a conta de perdas e ganancias;

g) exercerá as demais competencias e atribucións que lle confiren os presentes estatutos;

h) aprobará o regulamento interno do Banco.

4. O Consello de Gobernadores será competente para tomar, por unanimidade, no marco do tratado e dos presentes estatutos, calquera decisión relativa á suspensión da actividade do Banco e á súa eventual liquidación.

Artigo 8
(antigo artigo 10)

Salvo disposición en contrario dos presentes estatutos, o Consello de Gobernadores tomará as súas decisións por maioría dos membros que o compoñen. A devandita maioría deberá representar polo menos o 50% do capital subscrito.

A maioría cualificada requirirá un total de dezaioito votos e o 68% do capital subscrito. A abstención dos membros presentes ou representados non obstará a adopción dos acordos que requiran unanimidade.

Artigo 9
(antigo artigo 11)

1. O Consello de Administración decidirá sobre a concesión de financiamento, en particular en forma de créditos e garantías, e a conclusión de préstamos; fixará os tipos de xuro dos préstamos, así como as comisións e demais cargas. Baseándose nunha decisión adoptada por maioría cualificada, poderá delegar algunhas das súas atribucións no Comité de Dirección. Determinará as condicións e modalidades da citada delegación e supervisará a súa execución.

O Consello de Administración velará pola sa administración do Banco; garantirá a conformidade da xestión do Banco coas disposicións dos tratados e os estatutos e coas directrices xerais establecidas polo Consello de Gobernadores.

Ao finalizar o exercicio, o Consello de Administración estará obrigado a lle presentar un informe ao Consello de Gobernadores e a publicalo, unha vez aprobado.

2. O Consello de Administración estará composto por vinte e oito administradores e dezaioito administradores suplentes.

Os administradores serán nomeados polo Consello de Gobernadores para un período de cinco anos, a razón dun administrador por cada Estado membro e un administrador pola Comisión.

Os administradores suplentes serán nomeados polo Consello de Gobernadores para un período de cinco anos, a razón de:

- dous suplentes designados pola República Federal de Alemaña,
- dous suplentes designados pola República Francesa,
- dous suplentes designados pola República Italiana,
- dous suplentes designados polo Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte,

- un suplente designado de común acordo polo Reino de España e a República Portuguesa,
- un suplente designado de común acordo polo Reino de Bélxica, o Gran Ducado de Luxemburgo e o Reino dos Países Baixos,
- dous suplentes designados de común acordo polo Reino de Dinamarca, Irlanda, a República Helénica e Romanía,
- dous suplentes designados de común acordo pola República de Estonia, a República de Letonia, a República de Lituania, a República de Austria, a República de Finlandia e o Reino de Suecia,
- tres suplentes designados de común acordo pola República de Bulgaria, a República Checa, a República de Chipre, a República de Hungría, a República de Malta, a República de Polonia, a República de Eslovenia e a República Eslovaca,
- e un suplente nomeado pola Comisión.

O Consello de Administración invitará a formar parte deste, sen dereito a voto, a seis expertos: tres en calidade de membros e tres como suplentes.

O mandato dos administradores e dos suplentes será renovable.

O regulamento interno establecerá as modalidades de participación nas sesións do Consello de Administración e as disposicións aplicables aos membros suplentes e aos expertos designados. O Presidente ou, en ausencia deste, un dos Vicepresidentes do Comité de Dirección presidirá as sesións do Consello de Administración, sen tomar parte na votación.

Os membros do Consello de Administración elixiranse entre personalidades que ofrezan garantías plenas de independencia e competencia; só serán responsables ante o Banco.

3. Só cando un administrador deixe de reunir as condicións necesarias para o exercicio das súas funcións poderá ser cesado polo Consello de Gobernadores, por maioría cualificada.

A non aprobación do informe anual levará consigo a dimisión do Consello de Administración.

4. En caso de vacante por falecemento, cesamento, dimisión voluntaria ou colectiva, procederase á súa substitución, de conformidade co disposto no punto 2. Salvo en caso de renovación total, os membros serán substituídos polo tempo que falte para rematar o mandato.

5. O Consello de Gobernadores fixará a retribución dos membros do Consello de Administración. Determinará as eventuais incompatibilidades coas funcións de administrador e de suplente.

Artigo 10 (antigo artigo 12)

1. Cada administrador disporá dun voto no Consello de Administración. Poderá delegar o seu voto en todo caso, nas condicións que estableza o regulamento interno do Banco.

2. Salvo disposición en contrario dos presentes estatutos, o Consello de Administración tomará as súas decisións por polo menos un terzo dos seus membros con dereito de voto que representen polo menos o cincuenta por cento do capital subscrito. A maioría cualificada requirirá un total de dezoito votos a favor e o sesenta e oito por cento do capital subscrito. O regulamento interno do Banco fixará o quórum necesario para a validez dos acordos do Consello de Administración.

Artigo 11 (antigo artigo 13)

1. O Comité de Dirección estará composto por un Presidente e oito Vicepresidentes nomeados para un período de seis anos polo Consello de Gobernadores, por proposta do Consello de Administración. O seu mandato será renovable.

O Consello de Gobernadores, por unanimidade, poderá modificar o número de membros do Comité de Dirección.

2. A proposta do Consello de Administración, por maioría cualificada, o Consello de Gobernadores, tamén por maioría cualificada, poderá cesar os membros do Comité de Dirección.

3. O Comité de Dirección encargarse da xestión dos asuntos de administración ordinaria do Banco, baixo a autoridade do Presidente e o control do Consello de Administración.

O devandito comité preparará as decisións do Consello de Administración, especialmente as referentes á conclusión de préstamos e á concesión de financiamento, en particular en forma de créditos e garantías; así mesmo, asegurará a execución das devanditas decisións.

4. O Comité de Dirección emitirá, por maioría, os seus ditames sobre os proxectos de conclusión de préstamos e de concesión de financiamento, en particular en forma de créditos e garantías.

5. O Consello de Gobernadores fixará a retribución dos membros do Comité de Dirección e determinará as incompatibilidades coas súas funcións.

6. O Presidente ou, en caso de impedimento deste, un dos Vicepresidentes representará o Banco nos asuntos xudiciais ou extraxudiciais.

7. Os membros do persoal do Banco estarán

sometidos á autoridade do Presidente. Corresponderalle a este a súa contratación e despedimento. Na elección do persoal, deberanse ter en conta non só as aptitudes persoais e a formación profesional, senón tamén unha repartición equitativa entre os nacionais dos Estados membros. O regulamento interno determinará o órgano competente para adoptar as disposicións aplicables ao persoal.

8. O Comité de Dirección e o persoal do Banco só serán responsables ante este último e exercerán as súas funcións con total independencia.

Artigo 12 (antigo artigo 14)

1. Un comité, composto por seis membros nomeados polo Consello de Gobernadores en razón da súa competencia, comprobará que as actividades do Banco se ateen ás mellores prácticas bancarias e será responsable da verificación de contas do Banco.

2. O comité mencionado no punto 1 examinará cada ano a regularidade das operacións e dos libros do Banco. Comprobará a este respecto que as operacións do Banco se realizaron conforme aos trámites e procedementos establecidos nos presentes estatutos e no regulamento interno.

3. O comité mencionado no punto 1 confirmará que os estados financeiros, así como toda información financeira que figure nas contas anuais establecidas polo Consello de Administración, dan unha imaxe fiel da situación financeira do Banco, tanto do activo coma do pasivo, así como dos resultados das súas operacións e dos fluxos de tesouraría do exercicio financeiro de que se trate.

4. O regulamento interno precisará as cualificacións que deberán posuír os membros do comité contemplado no punto 1 e determinará as condicións e modalidades de funcionamento do comité.

Artigo 13 (antigo artigo 15)

O Banco relacionarase con cada Estado membro por medio da autoridade que este designe. Na execución das operacións financeiras, poderá recorrer ao banco central nacional do Estado membro interesado ou a outras institucións financeiras autorizadas por este.

Artigo 14 (antigo artigo 16)

1. O Banco cooperará con todas aquelas organizacións internacionais que exerzan a súa actividade en campos análogos aos seus.

2. O Banco tratará de establecer todo tipo de contactos útiles, co obxecto de cooperar coas institucións bancarias e financeiras dos países por onde se estendan as súas operacións.

Artigo 15 (antigo artigo 17)

A instancia dun Estado membro ou da Comisión, ou por propia iniciativa, o Consello de Gobernadores interpretará ou completará, nas mesmas condicións con que foron fixadas, as directrices que establecese, de conformidade co artigo 7 dos presentes estatutos.

Artigo 16 (antigo artigo 18)

1. No ámbito do mandato definido no artigo 309 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, o Banco outorgaralles financiamento, en particular en forma de créditos e de garantías, aos seus membros ou ás empresas privadas ou públicas para investimentos que deban executarse nos territorios dos Estados membros, sempre que non se dispoña, en condicións razoables, de recursos procedentes doutras fontes.

Non obstante, mediante decisión por maioría cualificada do Consello de Gobernadores, por proposta do Consello de Administración, o Banco poderá outorgar financiamento para investimentos que deban executarse, total ou parcialmente, fóra dos territorios dos Estados membros.

2. A concesión de préstamos estará subordinada, na medida do posible, á utilización doutros medios de financiamento.

3. Cando se lle conceda un préstamo a unha empresa ou a unha colectividade que non sexa un Estado membro, o Banco subordinará a concesión do devandito préstamo ao outorgamento dunha garantía polo Estado membro en cuxo territorio haxa de executarse o investimento ou doutras garantías suficientes, ou ben á solidez financeira do debedor.

Ademais, no marco dos principios establecidos polo Consello de Gobernadores conforme á letra b) do punto 3 do artigo 7, e se a realización das operacións consideradas no artigo 309 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea

o esixe, o Consello de Administración adoptará por maioría cualificada as condicións e modalidades de todo financiamento cun perfil de risco específico e que sexa considerada por iso como unha actividade especial.

4. O Banco poderá garantir os préstamos contratados por empresas públicas ou privadas ou por colectividade para a realización das operacións previstas no artigo 309 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

5. O importe total comprometido dos préstamos e garantías concedidos polo Banco non deberá exceder do 250% do capital subscrito, das reservas, das provisións non asignadas e do excedente de conta de perdas e ganancias. A cantidade acumulada das partidas de que se trate calcularase unha vez deducida unha suma idéntica á cantidade subscrita, sexa desembolsada ou non, en concepto de toda participación do Banco.

En ningún momento, a cantidade aboada en concepto de participación do Banco será superior ao total da parte liberada do seu capital, reservas, provisións non asignadas e excedente de conta de perdas e ganancias.

Con carácter excepcional, as actividades especiais do Banco, tales como as que decidan o Consello de Gobernadores e o Consello de Administración conforme ao punto 3, serán obxecto de dotación específica en reservas.

O presente punto aplicarase, así mesmo, ás contas consolidadas do Banco.

6. O Banco protexeráse contra o risco de cambio inserindo nos contratos de préstamo e de garantía as cláusulas que considere apropiadas.

Artigo 17

(antigo artigo 19)

1. Os tipos de xuro dos préstamos que conceda o Banco, así como as comisións e demais cargas, haberán de adaptarse ás condicións que prevalezan no mercado de capitais e deberán calcularse de maneira que os ingresos que resulten destes lle permitan ao Banco facer fronte ás súas obrigas, cubrir os seus gastos e riscos e constituír un fondo de reserva, de conformidade co artigo 22.

2. O Banco non concederá ningunha redución dos tipos de xuro. En caso de que, tendo en conta o carácter específico do investimento que deba financiarse, resulte conveniente unha redución do tipo de xuro, o Estado membro interesado ou outra autoridade poderá conceder bonificacións de xuros, na medida en que a súa concesión sexa compatible coas normas previs-

tas no artigo 107 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

Artigo 18

(antigo artigo 20)

Nas súas operacións de financiamento, o Banco deberá observar os principios seguintes:

1. Velará por que os seus fondos sexan utilizados da forma máis racional posible, en interese da Unión.

Só poderá conceder préstamos ou garantir préstamos:

a) cando se poida asegurar o pagamento dos xuros e a amortización do capital cos beneficios de explotación, tratándose de investimentos executados por empresas pertencentes ao sector da produción, ou ben cando se trate doutros investimentos, por medio dun compromiso subscrito polo Estado onde se execute o investimento, ou de calquera outro modo;

b) e cando a execución do investimento contribúa ao incremento da produtividade económica en xeral e favoreza a consecución do mercado interior.

2. Non deberá adquirir ningunha participación en empresas nin asumir ningunha responsabilidade na xestión destas, a menos que a protección dos seus dereitos así o esixa para garantir a recuperación dos seus créditos.

Non obstante, no marco dos principios establecidos polo Consello de Gobernadores conforme á letra b) do punto 3 do artigo 7, se así o esixe a realización das operacións consideradas no artigo 309 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, o Consello de Administración adoptará por maioría cualificada as condicións e modalidades de participación no capital dunha empresa comercial, por regra xeral como complemento dun préstamo ou garantía, sempre e cando sexa necesario para o financiamento dun investimento ou programa.

3. Poderá ceder os seus créditos no mercado de capitais e, para tal fin, poderá esixir dos seus prestamistas a emisión de obrigas ou doutros títulos.

4. Nin el nin os Estados membros deberán impoñer condicións que obriguen a gastar as cantidades prestadas dentro dun Estado membro determinado.

5. Poderá subordinar a concesión de préstamos á organización de licitacións internacionais.

6. Non financiará, total ou parcialmente, os investimentos aos que se opoña o Estado membro en cuxo territorio deban executarse.

7. Como complemento das súas actividades

de crédito, o Banco poderá garantir servizos de asistencia técnica, conforme ás condicións e modalidades definidas polo Consello de Gobernadores, que se pronunciará por maioría cualificada, conforme aos presentes estatutos.

Artigo 19
(antigo artigo 21)

1. Toda empresa ou entidade pública ou privada poderalle presentar directamente ao Banco unha solicitude de financiamento. A solicitude tamén poderá presentarse a través da Comisión ou do Estado membro en cuxo territorio deba realizarse o investimento.

2. Cando as solicitudes sexan cursadas por conduto da Comisión, someteranse ao ditame do Estado membro en cuxo territorio se vaia realizar o investimento. Cando sexan cursadas por medio do Estado membro, someteranse ao ditame da Comisión. Cando proveñan directamente dunha empresa, someteranse ao Estado membro interesado e á Comisión.

Os Estados membros interesados e a Comisión deberán emitir o seu ditame no prazo máximo de dous meses. A falta de resposta no prazo indicado, o Banco poderá considerar que o mencionado proxecto non suscita obxección ningunha.

3. O Consello de Administración decidirá sobre as operacións de financiamento que lle someta o Comité de Dirección.

4. O Comité de Dirección examinará se as operacións de financiamento presentadas se ateen ás disposicións dos presentes estatutos, en particular ás dos artigos 16 e 18. Se o Comité de Dirección se pronuncia en favor do financiamento, deberá someter a proposta correspondente ao Consello de Administración; poderá subordinar o seu ditame favorable ás condicións que considere esenciais. Se o Comité de Dirección se pronuncia en contra da concesión do financiamento, deberá presentar ao Consello de Administración os documentos pertinentes, acompañados do seu ditame.

5. En caso de ditame desfavorable do Comité de Dirección, o Consello de Administración só poderá conceder o financiamento mencionado por unanimidade.

6. En caso de ditame desfavorable da Comisión, o Consello de Administración só poderá conceder o financiamento mencionado por unanimidade e absterase de votar o administrador nomeado logo de designación da Comisión.

7. En caso de ditame desfavorable do Comité de Dirección e da Comisión, o Consello de Ad-

ministración non poderá conceder o financiamento mencionado.

8. Cando estea xustificadado proceder a unha reestruturación dunha operación de financiamento relativo a investimentos aprobados por motivos de protección dos dereitos e intereses do Banco, o Comité de Dirección adoptará inmediatamente as medidas urxentes que considere necesarias, a reserva de informar inmediatamente diso o Consello de Administración.

Artigo 20
(antigo artigo 22)

1. O Banco tomará a préstamo nos mercados de capitais os recursos necesarios para o cumprimento da súa misión.

2. O Banco poderá tomar diñeiro a préstamo no mercado de capitais dos Estados membros, no marco das disposicións legais aplicables aos devanditos mercados.

As autoridades competentes dun Estado membro acollido a unha excepción no sentido do punto 1 do artigo 139 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea só poderán opoñerse se hai motivos para temer graves perturbacións no mercado de capitais do devandito Estado.

Artigo 21
(antigo artigo 23)

1. O Banco poderá utilizar, nas condicións seguintes, os recursos dispoñibles que non necesite inmediatamente para lles facer fronte ás súas obrigas:

- a) poderá colocar capitais nos mercados monetarios;
- b) salvo o disposto no punto 2 do artigo 18, poderá comprar ou vender títulos;
- c) poderá efectuar calquera outra operación financeira relacionada cos seus obxectivos.

2. Sen prexuízo do disposto no artigo 23, o Banco non efectuará, na xestión das súas colocacións de capital, ningunha arbitrase de divisas que non sexa estritamente indispensable para poder realizar os seus préstamos ou para o cumprimento dos compromisos contraídos en razón dos préstamos emitidos ou das garantías outorgadas por el.

3. No ámbito de aplicación do presente artigo, o Banco actuará de acordo coas autoridades competentes dos Estados membros ou os seus bancos centrais nacionais.

Artigo 22
(antigo artigo 24)

1. Constituirase progresivamente un fondo de reserva equivalente ao 10% como máximo do capital subscrito. Se a situación dos compromisos do Banco o xustificase, o Consello de Administración poderá decidir a constitución de reservas suplementarias. Mentres este fondo de reserva non estea enteiramente constituído, poderá ser alimentado con:

a) os xuros que produzan os préstamos concedidos polo Banco coas cantidades que deban achegar os Estados membros en virtude do artigo 5;

b) os xuros que produzan os préstamos concedidos polo Banco coas cantidades procedentes do reembolso dos préstamos mencionados na letra a), sempre que estes ingresos non sexan necesarios para facer fronte ás obrigas e sufragar os gastos do Banco.

2. Os recursos do fondo de reserva deberán colocarse de forma que estean en condicións de responder, en calquera momento, aos fins do fondo.

Artigo 23
(antigo artigo 25)

1. O Banco estará sempre autorizado para transferir a unha das moedas dos Estados membros cuxa moeda non sexa o euro os activos que posúa para realizar as operacións financeiras que sexan conformes ao seu obxecto definido no artigo 309 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, tendo en conta o disposto no artigo 21 dos presentes estatutos. O Banco evitará, na medida do posible, proceder a tales transferencias se posúe activos dispoñibles ou realizables na moeda que precise.

2. O Banco non poderá converter en divisas de terceiros países os activos que posúa na moeda dun dos Estados membros cuxa moeda non sexa o euro sen o consentimento do devandito Estado.

3. O Banco poderá dispoñer libremente da parte do seu capital desembolsado, así como das divisas tomadas a préstamo nos mercados de terceiros países.

4. Os Estados membros comprométese a poñer á disposición dos debedores do Banco as divisas necesarias para o reembolso do capital e o pagamento dos xuros dos préstamos concedidos ou garantidos polo Banco para os investimentos que deban executarse no seu territorio.

Artigo 24
(antigo artigo 26)

Se un Estado membro incumprise as obrigas que como membro lle incumben en virtude dos presentes estatutos, en especial a obriga de desembolsar a súa cota ou de asegurar o servizo dos seus préstamos, o Consello de Gobernadores poderá, mediante decisión tomada por maioría cualificada, suspender a concesión de préstamos ou garantías ao devandito Estado membro ou aos seus nacionais.

Esta decisión non eximirá o Estado nin os seus nacionais do cumprimento das súas obrigas co Banco.

Artigo 25
(antigo artigo 27)

1. Se o Consello de Gobernadores decidise suspender a actividade do Banco, deberán interromperse sen demora todas as actividades, con excepción das operacións necesarias para asegurar a debida utilización, protección e conservación dos seus bens, así como para saldar os seus compromisos.

2. En caso de liquidación, o Consello de Gobernadores nomeará os liquidadores e daralles instrucións para efectuar a devandita liquidación. Velará pola salvagarda dos dereitos dos membros do persoal.

Artigo 26
(antigo artigo 28)

1. O Banco gozará en cada un dos Estados membros da máis ampla capacidade xurídica que as lexislacións nacionais lles recoñecen ás persoas xurídicas; poderá, en particular, adquirir e allear bens mobles ou inmobles e comparecer en xuízo.

2. Os bens do Banco estarán exentos de toda requisa ou expropiación, calquera que sexa a súa forma.

Artigo 27
(antigo artigo 29)

Os litixios entre o Banco, por unha parte, e os seus prestamistas, os seus prestameiros ou terceiros, por outra, serán resoltos polos órganos xurisdicionais nacionais competentes, sen prexuízo das competencias atribuídas ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea. O Banco poderá prever, nun contrato, un procedemento de arbitraje.

O Banco deberá fixar domicilio en cada un dos Estados membros. Non obstante, poderá designar, nun contrato, un domicilio especial.

Os bens e activos do Banco só poderán ser embargados ou sometidos a execución forzosa por decisión xudicial.

Artigo 28
(antigo artigo 30)

1. O Consello de Gobernadores poderá decidir, por unanimidade, crear filiais ou outras entidades, que terán personalidade xurídica e autonomía financeira.

2. O Consello de Gobernadores adoptará por unanimidade os estatutos dos organismos mencionados no punto 1. Neles fixaranse, en especial, os seus obxectivos, estrutura, capital, membros, sede, recursos financeiros, medios de actuación e procedementos de auditoría, así como a súa relación cos órganos reitores do Banco.

3. O Banco estará facultado para participar na xestión dos devanditos organismos e para contribuír ao seu capital subscrito, ata o importe que fixe por unanimidade o Consello de Gobernadores.

4. O Protocolo sobre os privilexios e as inmunidades da Unión Europea aplicarase aos organismos mencionados no punto 1, na medida en que se lles aplique o dereito da Unión, aos membros dos seus órganos no desempeño das súas funcións e ao seu persoal, nos mesmos termos e condicións que ao propio Banco.

Non obstante, os dividendos, plusvalías ou outras formas de renda procedentes dos devanditos organismos a que teñan dereito os membros, distintos da Unión Europea e do Banco, estarán suxeitos ás disposicións fiscais da lexislación que lles sexa aplicable.

5. Dentro dos límites que se expoñen a continuación, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea será competente para coñecer dos litixios relacionados con medidas adoptadas polos órganos dun organismo ao que se lle aplique o dereito da Unión. Calquera membro deste organismo, en calidade de tal, así como os Estados membros, poderán interpoñer recurso contra tales medidas nas condicións fixadas no artigo 263 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

6. O Consello de Gobernadores poderá decidir, por unanimidade, a admisión do persoal dos organismos aos que se lles aplica o dereito de Unión a réximes comúns co Banco, conforme aos respectivos procedementos internos.

PROTOCOLO (n.º 6)

SOBRE A FIXACIÓN DAS SEDES DAS INSTITUCIÓNS E DE DETERMINADOS ÓRGANOS, ORGANISMOS E SERVIZOS DA UNIÓN EUROPEA

OS REPRESENTANTES DOS GOBERNOS DOS ESTADOS MEMBROS,

VISTOS o artigo 341 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea e o artigo 189 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica,

RECORDANDO E CONFIRMANDO a Decisión do 8 de abril de 1965, e sen prexuízo das decisións relativas á sede de futuras institucións, órganos, organismos e servizos,

CONVIÑERON nas seguintes disposicións, que se incorporarán como anexo ao Tratado da Unión Europea, ao Tratado de Funcionamento da Unión Europea e ao Tratado constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica:

Artigo único

a) O Parlamento Europeo terá a súa sede en Estrasburgo, onde se celebrarán os 12 períodos parciais de sesións plenarias mensuais, incluída a sesión orzamentaria. Os períodos parciais de sesións plenarias adicionais celebraranse en Bruxelas. As comisións do Parlamento Europeo reuniranse en Bruxelas. A Secretaría Xeral do Parlamento Europeo e os seus servizos seguirán instalados en Luxemburgo.

b) O Consello terá a súa sede en Bruxelas. Durante os meses de abril, xuño e outubro, o Consello celebrará as súas reunións en Luxemburgo.

c) A Comisión terá a súa sede en Bruxelas. Os servizos que figuran nos artigos 7, 8 e 9 da Decisión do 8 de abril de 1965 estableceranse en Luxemburgo.

d) O Tribunal de Xustiza da Unión Europea terá a súa sede en Luxemburgo.

e) O Tribunal de Contas terá a súa sede en Luxemburgo.

f) O Comité Económico e Social terá a súa sede en Bruxelas.

g) O Comité das Rexións terá a súa sede en Bruxelas.

h) O Banco Europeo de Investimentos terá a súa sede en Luxemburgo.

i) O Banco Central Europeo terá a súa sede en Frankfurt.

j) A Oficina Europea de Policía (Europol) terá a súa sede na Haia.

PROTOCOLO (n.º 7)

**SOBRE OS PRIVILEXIOS E AS
INMUNIDADES DA UNIÓN EUROPEA**

AS ALTAS PARTES CONTRATANTES,

CONSIDERANDO que, conforme ao artigo 343 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea e ao artigo 191 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica (CEEa), a Unión Europea e a CEEa gozarán no territorio dos Estados membros das inmunidades e privilexios necesarios para o cumprimento da súa misión,

CONVINERON nas seguintes disposicións que se incorporarán como anexo ao Tratado da Unión Europea, ao Tratado de Funcionamento da Unión Europea e ao Tratado constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica:

CAPÍTULO I

BENS, FONDOS, ACTIVOS E OPERACIÓNS DA
UNIÓN EUROPEA

Artigo 1

Os locais e edificios da Unión serán inviolables. Así mesmo, estarán exentos de todo rexistro, requisa, confiscación ou expropiación. Os bens e activos da Unión non poderán ser obxecto de ningunha medida de apuro administrativo ou xudicial sen autorización do Tribunal de Xustiza.

Artigo 2

Os arquivos da Unión serán inviolables.

Artigo 3

A Unión, os seus activos, os seus ingresos e demais bens estarán exentos de calquera imposto directo. Os gobernos dos Estados membros adoptarán, sempre que lles sexa posible, as disposicións apropiadas para a remisión ou o reembolso dos dereitos indirectos e dos impostos sobre a venda incluídos nos prezos dos bens móbiles ou inmobles cando a Unión realice, para o seu uso oficial, compras importantes cuxo prezo comprenda dereitos e impostos desta natureza. Non obstante, a aplicación das devanditas disposicións non deberá ter por efecto falsear a competencia dentro da Unión.

Non se concederá ningunha exoneración de impostos, taxas e dereitos que constitúan unha simple remuneración de servizos de utilidade pública.

Artigo 4

A Unión estará exenta de calquera dereito de aduana, prohibicións e restricións á importación e exportación respecto dos obxectos destinados ao seu uso oficial; os obxectos así importados non poderán ser cedidos a título oneroso ou grauíto no territorio do país onde fosen importados, a menos que a devandita cesión se realice nas condicións que determine o Goberno de tal país.

A Unión estará igualmente exenta de calquera dereito de aduana, prohibicións e restricións á importación e exportación respecto das súas publicacións.

CAPÍTULO II

COMUNICACIÓNS E SALVOCONDUTOS

Artigo 5

(antigo artigo 6)

Para as súas comunicacións oficiais e a transmisión de todos os seus documentos, as institucións da Unión recibirán, no territorio de cada un dos Estados membros, o trato que o devandito Estado lles conceda ás misións diplomáticas.

A correspondencia oficial e as demais comunicacións oficiais das institucións da Unión non poderán ser sometidas a censura.

Artigo 6

(antigo artigo 7)

Os presidentes das institucións da Unión poderán expedir a favor dos membros e axentes das devanditas institucións salvocondutos na forma que determine o Consello, por maioría simple; os devanditos salvocondutos serán recoñecidos polas autoridades dos Estados membros como documentos válidos de viaxe. Os salvocondutos a favor dos funcionarios e axentes serán expedidos nas condicións que determinen o estatuto dos funcionarios e o réxime aplicable aos outros axentes da Unión.

A Comisión poderá celebrar acordos para o recoñecemento dos devanditos salvocondutos como documentos válidos de viaxe no territorio de terceiros Estados.

CAPÍTULO III

MEMBROS DO PARLAMENTO EUROPEO

Artigo 7

(antigo artigo 8)

Non se imporá ningunha restrición de orde administrativa ou doutro tipo á liberdade de movemento dos membros do Parlamento Europeo cando se dirixan ao lugar de reunión do Parlamento Europeo ou cando regresen deste.

En materia aduaneira e de control de cambios, os membros do Parlamento Europeo recibirán:

a) do seu propio Goberno, as mesmas facilidades que as concedidas aos altos funcionarios cando se desprazan ao estranxeiro en misión oficial de carácter temporal;

b) dos gobernos dos demais Estados membros, as mesmas facilidades que as concedidas aos representantes de gobernos estranxeiros en misión oficial de carácter temporal.

Artigo 8

(antigo artigo 9)

Os membros do Parlamento Europeo non poderán ser buscados, detidos nin procesados polas opinións ou os votos por eles emitidos no exercicio das súas funcións.

Artigo 9

(antigo artigo 10)

Mentres o Parlamento Europeo estea en período de sesións, os seus membros gozarán:

a) no seu propio territorio nacional, das inmunidades recoñecidas aos membros do Parlamento do seu país;

b) no territorio de calquera outro Estado membro, de inmunidade fronte a toda medida de detención e a toda actuación xudicial.

Gozarán igualmente de inmunidade cando se dirixan ao lugar de reunión do Parlamento Europeo ou cando regresen deste.

Non poderá invocarse a inmunidade en caso de flagrante delito nin poderá esta obstruír o exercicio polo Parlamento Europeo do seu dereito a suspender a inmunidade dun dos seus membros.

CAPÍTULO IV

REPRESENTANTES DOS ESTADOS MEMBROS QUE PARTICIPEN NOS TRABALLOS DAS INSTITUCIÓNS DA UNIÓN EUROPEA

Artigo 10

(antigo artigo 11)

Os representantes dos Estados membros que participen nos traballos das institucións da Unión, así como os seus conselleiros e expertos técnicos, gozarán, no exercicio das súas funcións e durante os seus desprazamentos ao lugar de reunión ou cando regresen deste, dos privilexios, inmunidades e facilidades habituais.

O presente artigo aplicarase igualmente aos membros dos órganos consultivos da Unión.

CAPÍTULO V

FUNCIONARIOS E AXENTES DA UNIÓN EUROPEA

Artigo 11

(antigo artigo 12)

No territorio de cada un dos Estados membros e independentemente da súa nacionalidade, os funcionarios e outros axentes da Unión:

a) gozarán de inmunidade de xurisdición respecto dos actos por eles realizados con carácter oficial, incluídas as súas manifestacións orais e escritas, sen prexuízo das disposicións dos tratados relativas, por unha parte, ás normas sobre a responsabilidade dos funcionarios e axentes ante a Unión e, por outra, á competencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea para coñecer dos litixios entre a Unión e os seus funcionarios e outros axentes. Continuarán beneficiándose da devandita inmunidade despois de cesar nas súas funcións;

b) nin eles nin os seus cónxuxes nin os familiares que deles dependan estarán suxeitos ás disposicións que limitan a inmigración nin ás formalidades de rexistro de estranxeiros;

c) gozarán, respecto das regulacións monetarias ou de cambio, das facilidades habitualmente recoñecidas aos funcionarios das organizacións internacionais;

d) gozarán do dereito de importar en franquía o seu mobiliario e efectos persoais ao asumir por primeira vez as súas funcións no país de que se trate e do dereito de reexportar en franquía, ao concluír as súas funcións no devandito país, o seu mobiliario e efectos persoais, con

suxeición, nun e noutro caso, ás condicións que estime necesarias o Goberno do país onde se exerza o devandito dereito;

e) gozarán do dereito de importar en franquía o automóbil destinado ao seu uso persoal, adquirido no país da súa última residencia, ou no país do que sexan nacionais, nas condicións do mercado interior de tal país e de reexportalo en franquía, con suxeición, nun e noutro caso, ás condicións que considere necesarias o Goberno do país interesado.

Artigo 12
(antigo artigo 13)

Os funcionarios e outros axentes da Unión estarán suxeitos, en beneficio destas últimas, a un imposto sobre os soldos, salarios e emolumentos aboados por elas nas condicións e segundo o procedemento que establezan o Parlamento Europeo e o Consello mediante regulamentos adoptados conforme ao procedemento lexislativo ordinario e logo de consulta ás institucións interesadas.

Os funcionarios e outros axentes da Unión estarán exentos dos impostos nacionais sobre os soldos, salarios e emolumentos aboados pola Unión.

Artigo 13
(antigo artigo 14)

Para os efectos de aplicación dos impostos sobre a renda e o patrimonio, do imposto sobre sucesións, así como dos convenios celebrados entre os Estados membros da Unión, para evitar a dobre imposición, os funcionarios e outros axentes da Unión que, unicamente en razón do exercicio das súas funcións ao servizo da Unión, establezan a súa residencia no territorio dun Estado membro distinto do país do domicilio fiscal que tivesen no momento de entrar ao servizo da Unión serán considerados, tanto no país da súa residencia coma no do domicilio fiscal, como se conservasen o seu domicilio neste último país se este é membro da Unión. Esta disposición aplicarase igualmente ao cónxuxe, na medida en que non exerza actividade profesional propia, así como aos fillos a cargo e baixo a potestade das persoas mencionadas no presente artigo.

Os bens mobles que pertencen ás persoas a que se alude no parágrafo anterior e que estean situados no territorio do Estado de residencia estarán exentos do imposto sobre sucesións en tal Estado; para a aplicación do devandito im-

posto, serán considerados coma se se atopasen no Estado do domicilio fiscal, sen prexuízo dos dereitos de terceiros Estados e da eventual aplicación das disposicións dos convenios internacionais relativos á dobre imposición.

Os domicilios adquiridos unicamente en razón do exercicio de funcións ao servizo doutras organizacións internacionais non se tomarán en consideración para a aplicación das disposicións do presente artigo.

Artigo 14
(antigo artigo 15)

O Parlamento Europeo e o Consello, mediante regulamentos adoptados conforme ao procedemento lexislativo ordinario e logo de consulta a institucións interesadas, determinarán o réxime das prestacións sociais aplicables aos funcionarios e outros axentes da Unión.

Artigo 15
(antigo artigo 16)

O Parlamento Europeo e o Consello, mediante regulamentos adoptados conforme ao procedemento lexislativo ordinario e logo de consulta a demais institucións interesadas, determinarán as categorías de funcionarios e outros axentes da Unión aos que serán aplicables, total ou parcialmente, as disposicións dos artigos 11, 12, parágrafo segundo, e 13.

Periodicamente, comunicaráselles aos gobernos dos Estados membros o nome, función e enderezo dos funcionarios e outros axentes pertencentes a estas categorías.

CAPÍTULO VI

PRIVILEXIOS E INMUNIDADES DAS MISIÓNS
DE TERCEIROS ESTADOS ACREDITADAS
ANTE A UNIÓN EUROPEA

Artigo 16
(antigo artigo 17)

O Estado membro en cuxo territorio estea situada a sede da Unión concederalles ás misións de terceiros Estados acreditadas ante a Unión as inmunidades e privilexios diplomáticos habituais.

CAPÍTULO VII

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 17

(antigo artigo 18)

Os privilexios, inmunidades e facilidades a favor dos funcionarios e doutros axentes da Unión outorgaranse exclusivamente en interese desta última.

Cada institución da Unión estará obrigada a suspender a inmunidade concedida a un funcionario ou a outro axente nos casos en que estime que esta suspensión non é contraria aos intereses da Unión.

Artigo 18

(antigo artigo 19)

Para os efectos de aplicación do presente protocolo, as institucións da Unión cooperarán coas autoridades responsables dos Estados membros interesados.

Artigo 19

(antigo artigo 20)

Os artigos 11 a 14, ambos os dous inclusive, e 17 serán aplicables ao Presidente do Consello Europeo. Serán igualmente aplicables aos membros da Comisión.

Artigo 20

(antigo artigo 21)

Os artigos 11 a 14 e o artigo 17 serán aplicables aos Xuíces, Avogados Xerais, Secretario e relatores adxuntos do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, sen prexuízo das disposicións do artigo 3 do Protocolo sobre o Estatuto do Tribunal de Xustiza da Unión Europea relativas á inmunidade de xurisdición dos Xuíces e Avogados Xerais.

Artigo 21

(antigo artigo 22)

O presente protocolo aplicarase igualmente ao Banco Europeo de Investimentos, aos membros dos seus órganos, ao seu persoal e aos representantes dos Estados membros que participan nos seus traballos, sen prexuízo das disposicións do Protocolo sobre os estatutos do Banco.

O Banco Europeo de Investimentos estará,

por outra parte, exento de toda imposición de carácter fiscal e parafiscal no momento dos aumentos do seu capital, así como das diversas formalidades a que poidan estar suxeitas tales operacións no Estado onde o Banco teña a súa sede. Así mesmo, a súa disolución e liquidación non serán obxecto de ningunha imposición. Por último, a actividade do Banco e dos seus órganos, cando se exerza nas condicións previstas nos seus estatutos, non estará sometida ao imposto sobre o volume de negocios.

Artigo 22

(antigo artigo 23)

Este protocolo será de aplicación, así mesmo, ao Banco Central Europeo, aos membros dos seus órganos e ao seu persoal, sen prexuízo do disposto no Protocolo sobre os Estatutos do Sistema Europeo de Bancos Centrais e do Banco Central Europeo.

O Banco Central Europeo estará exento ademais de todo tipo de impostos ou gravames de similar natureza con motivo de calquera ampliación do seu capital, ao igual que dos diversos trámites con iso relacionados no Estado en que teña a súa sede o Banco. As actividades que desenvolvan o Banco e os seus órganos, conforme aos Estatutos do Sistema Europeo de Bancos Centrais e do Banco Central Europeo, non estarán suxeitas a ningún tipo de imposto sobre o volume de negocios.

PROTOCOLO (n.º 8)

**SOBRE O PUNTO 2 DO ARTIGO 6 DO
TRATADO DA UNIÓN EUROPEA
RELATIVO Á ADHESIÓN DA UNIÓN AO
CONVENIO EUROPEO PARA A
PROTECCIÓN DOS DEREITOS
HUMANOS E DAS LIBERDADES
FUNDAMENTAIS**

AS ALTAS PARTES CONTRATANTES
CONVIÑERON nas seguintes disposicións que se incorporarán como anexo ao Tratado da Unión Europea e ao Tratado de Funcionamento da Unión Europea:

Artigo 1

O acordo relativo á adhesión da Unión ao Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais (denominado a partir deste momento «convenio eu-

ropeo»), contemplada no punto 2 do artigo 6 do Tratado da Unión Europea, estipulará que se preserven as características específicas da Unión e do dereito da Unión, en particular polo que se refire:

a) ás modalidades específicas da posible participación da Unión nas instancias de control do convenio europeo;

b) os mecanismos necesarios para garantir que os recursos interpostos por terceiros Estados e os recursos individuais se presenten correctamente contra os Estados membros, contra a Unión ou contra ambos os dous, segundo o caso.

Artigo 2

O acordo a que se refire o artigo 1 garantirá que a adhesión non afecte as competencias da Unión nin as atribucións das súas institucións. Garantirá que ningunha das súas disposicións afecte a situación particular dos Estados membros respecto do convenio europeo, en particular respecto dos seus protocolos, das medidas que adopten os Estados membros como excepción ao convenio europeo conforme ao seu artigo 15 e das reservas ao convenio europeo formuladas polos Estados membros, conforme ao seu artigo 57.

Artigo 3

Ningunha disposición do acordo mencionado no artigo 1 afectará o artigo 344 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

PROTOCOLO (n.º 9)

SOBRE A DECISIÓN DO CONSELLO RELATIVA Á APLICACION DO PUNTO 4 DO ARTIGO 16 DO TRATADO DA UNIÓN EUROPEA E DO PUNTO 2 DO ARTIGO 238 DO TRATADO DE FUNCIONAMENTO DA UNIÓN EUROPEA ENTRE O 1 DE NOVEMBRO DE 2014 E O 31 DE MARZO DE 2017, POR UNHA PARTE, E A PARTIR DO 1 DE ABRIL DE 2017, POR OUTRA

AS ALTAS PARTES CONTRATANTES,
TENDO EN CONTA que, ao aprobarse o Tratado de Lisboa, era de fundamental importancia obter un acordo sobre a Decisión do Consello relativa á aplicación do punto 4 do artigo 16 do Tratado da Unión Europea e do punto 2 do artigo 238 do Tratado de Funcionamento da Unión Eu-

ropea entre o 1 de novembro de 2014 e o 31 de marzo de 2017, por unha parte, e a partir de o 1 de abril de 2017, por outra (denominada a partir deste momento «a decisión»);

CONVIÑERON nas seguintes disposicións que se incorporarán como anexo ao Tratado da Unión Europea e ao Tratado de Funcionamento da Unión Europea:

Artigo único

Antes de que o Consello estude todo proxecto que estea encamiñado, ben a modificar, ou ben a derrogar a decisión ou calquera das súas disposicións, ou ben a modificar indirectamente o seu ámbito de aplicación ou o seu sentido, mediante a modificación doutro acto xurídico da Unión, o Consello Europeo manterá unha deliberación previa sobre o devandito proxecto e pronunciarase por consenso conforme ao punto 4 do artigo 15 do Tratado da Unión Europea.

PROTOCOLO (n.º 10)

SOBRE A COOPERACIÓN ESTRUTURADA PERMANENTE ESTABLECIDA POLO ARTIGO 42 DO TRATADO DA UNIÓN EUROPEA

AS ALTAS PARTES CONTRATANTES,
VISTOS o punto 6 do artigo 42 e o artigo 46 do Tratado da Unión Europea,

RECORDANDO que a Unión leva a cabo unha política exterior e de seguridade común baseada na realización dunha converxencia cada vez maior das actuacións dos Estados membros;

RECORDANDO que a política común de seguridade e defensa forma parte integrante da política exterior e de seguridade común; que lle garante á Unión unha capacidade operativa avalada por medios civís e militares; que a Unión pode recorrer a ela para as misións consideradas no artigo 43 do Tratado da Unión Europea fóra da Unión co fin de garantir o mantemento da paz, a prevención de conflitos e o reforzo da seguridade internacional, de conformidade cos principios da Carta das Nacións Unidas; que a execución dos devanditos labores está sustentada polas capacidades militares facilitadas polos Estados membros de acordo co principio do «conxunto único de forzas»;

RECORDANDO que a política común de seguridade e defensa da Unión non afecta o carácter específico da política de seguridade e defensa de determinados Estados membros;

RECORDANDO que a política común de seguridade e defensa da Unión respecta as obrigas derivadas do Tratado do Atlántico Norte para os Estados membros que consideran que a súa defensa común se realiza dentro da Organización do Tratado do Atlántico Norte, que segue sendo o fundamento da defensa colectiva dos seus membros e que é compatible coa política común de seguridade e defensa establecida neste marco;

CONVENCIDAS de que unha maior afirmación do papel da Unión en materia de seguridade e defensa contribuirá á vitalidade dunha Alianza Atlántica renovada, en consonancia cos acordos denominados de Berlín plus;

DECIDIDAS a que a Unión sexa capaz de asumir plenamente as responsabilidades que lle incumben dentro da comunidade internacional;

RECOÑECENDO que a Organización das Nacións Unidas pode solicitar a asistencia da Unión para executar con carácter de urxencia misións emprendidas en virtude dos capítulos VI e VII da Carta das Nacións Unidas;

RECOÑECENDO que o fortalecemento da política de seguridade e defensa lles esixirá aos Estados membros esforzos no ámbito das capacidades;

CONSCIENTES de que a superación dunha nova etapa do desenvolvemento da política europea de seguridade e defensa leva consigo un esforzo decidido por parte dos Estados membros dispostos a realizala;

RECORDANDO a importancia de que o Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade estea plenamente asociado aos traballos da cooperación estruturada permanente;

CONVIÑERON nas seguintes disposicións, que se incorporarán como anexo ao Tratado da Unión Europea e ao Tratado de Funcionamento da Unión Europea:

Artigo 1

A cooperación estruturada permanente a que se refire o punto 6 do artigo 42 do Tratado da Unión Europea estará aberta a todos os Estados membros que se comprometan, dende a data de entrada en vigor do Tratado de Lisboa:

a) a acometer de forma máis intensa o desenvolvemento das súas capacidades de defensa, mediante o desenvolvemento das súas contribucións nacionais e a participación, en caso necesario, en forzas multinacionais, nos principais programas europeos de equipos de defensa e na actividade da axencia no ámbito do desenvolvemento das capacidades de defensa, a investigación, a

adquisición e o armamento (denominada a partir deste momento «a Axencia Europea de Defensa»); e

b) a estar, como moito en 2010, en condicións de achegar, ben a título nacional, ben como compoñente de grupos multinacionais de forzas, unidades de combate específicas para as misións previstas, configuradas tacticamente como unha agrupación táctica, con elementos de apoio, incluídos o transporte e a loxística, capaces de emprender misións definidas, tal como se consideran no artigo 43 do Tratado da Unión Europea, nun prazo de 5 a 30 días, en particular para atender as solicitudes da Organización das Nacións Unidas, e sostibles durante un período inicial de 30 días, prorrogable ata polo menos 120 días.

Artigo 2

Os Estados membros que participen na cooperación estruturada permanente comprometeranse para realizar os obxectivos considerados no artigo 1,

a) a cooperar, dende a entrada en vigor do Tratado de Lisboa, de cara á realización de obxectivos acordados relativos ao nivel de gastos de investimento en materia de equipos de defensa e a revisar periodicamente os devanditos obxectivos en función do ámbito de seguridade e das responsabilidades internacionais da Unión;

b) a aproximar na medida do posible os seus instrumentos de defensa, en particular harmonizando a determinación das necesidades militares, poñendo en común e, en caso necesario, especializando os seus medios e capacidades de defensa e propiciando a cooperación nos ámbitos da formación e da loxística;

c) a tomar medidas concretas para reforzar a dispoñibilidade, a interoperabilidade, a flexibilidade e a capacidade de despregamento das súas forzas, en particular mediante a definición dos obxectivos comúns en materia de proxección de forzas, incluída a posible revisión dos seus procedementos decisorios nacionais;

d) a cooperar para garantir que se toman as medidas necesarias para encher, entre outras cousas mediante formulacións multinacionais e sen prexuízo dos compromisos que contraesen no marco da Organización do Tratado do Atlántico Norte, as insuficiencias que se observen no marco do mecanismo de desenvolvemento de capacidades;

e) a participar, en caso necesario, no desenvolvemento de programas comúns ou europeos

de equipos de grande envergadura no marco da Axencia Europea de Defensa.

Artigo 3

A Axencia Europea de Defensa contribuirá á avaliación periódica das contribucións dos Estados membros participantes en materia de capacidades, especialmente as contribucións achegadas segundo os criterios que se establecerán, entre outros, conforme ao artigo 2, e presentará informes ao respecto polo menos unha vez por ano. A avaliación poderá servir de base para as recomendacións e decisións do Consello adoptadas de conformidade co artigo 46 do Tratado da Unión Europea.

PROTOCOLO (n.º 11)

SOBRE O ARTIGO 42 DO TRATADO DA UNIÓN EUROPEA

AS ALTAS PARTES CONTRATANTES,
TENDO EN CONTA a necesidade de aplicar plenamente as disposicións do punto 2 do artigo 42 do Tratado da Unión Europea,

TENDO EN CONTA que a política da Unión, conforme ao artigo 42, non afectará o carácter específico da política de seguridade e de defensa de determinados Estados membros, respectará as obrigas derivadas do Tratado do Atlántico Norte para determinados Estados membros que consideran que a súa defensa común se realiza dentro da OTAN e será compatible coa política común de seguridade e de defensa establecida no devandito marco,

CONVIÑERON na seguinte disposición, que se incorporará como anexo ao Tratado da Unión Europea e ao Tratado de Funcionamento da Unión Europea:

A Unión Europea elaborará, xunto coa Unión Europea Occidental, acordos de cooperación máis intensa entre si.

PROTOCOLO (n.º 12)

SOBRE O PROCEDIMENTO APLICABLE EN CASO DE DÉFICIT EXCESIVO

AS ALTAS PARTES CONTRATANTES,
DESEXANDO establecer as modalidades do procedemento de déficit excesivo a que se refire o artigo 126 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea,

CONVIÑERON nas seguintes disposicións, que se incorporarán como anexo ao Tratado da Unión Europea e ao Tratado de Funcionamento da Unión Europea:

Artigo 1

Os valores de referencia que se mencionan no punto 2 do artigo 126 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea serán:

- 3% no referente á proporción entre o déficit público previsto ou real e o produto interior bruto a prezos de mercado,
- 60% no referente á proporción entre a débeda pública e o produto interior bruto a prezos de mercado.

Artigo 2

Para os efectos do artigo 126 do devandito tratado e do presente protocolo, entenderase por:

- público, o pertencente ás administracións públicas; é dicir, á Administración central, á Administración rexional ou local e aos fondos da seguridade social, con exclusión das operacións de carácter comercial, tal como se definen no Sistema Europeo de Contas Económicas Integradas;
- déficit, o volume de endebedamento neto, conforme á definición do Sistema Europeo de Contas Económicas Integradas;
- investimento, a formación bruta de capital fixo, tal como se define no Sistema Europeo de Contas Económicas Integradas;
- débeda, a débeda bruta total, ao seu valor nominal, que permaneza vivo a final de ano, consolidada dentro dos sectores do Goberno xeral, conforme á definición do primeiro guión.

Artigo 3

Co fin de garantir a eficacia do procedemento aplicable en caso de déficit excesivo, os gobernos dos Estados membros serán responsables, conforme ao devandito procedemento, dos déficits do Goberno xeral conforme á definición do primeiro guión do artigo 2. Os Estados membros garantirán que os procedementos nacionais en materia orzamentaria lles permitan atender, no devandito ámbito, as súas obrigas derivadas dos tratados. Os Estados membros comunicaránlle á Comisión, sen demora e de forma periódica, os seus déficits previstos e reais e o nivel da súa débeda.

Artigo 4

A Comisión subministrará os datos estatísticos utilizados para a aplicación do presente protocolo.

PROTOCOLO (n.º 13)

SOBRE OS CRITERIOS DE CONVERXENCIA

AS ALTAS PARTES CONTRATANTES, DESEXANDO establecer os criterios de converxencia que orientarán a Unión na adopción das decisións para poñer fin ás excepcións dos Estados membros acollidos a unha excepción prevista no artigo 140 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea,

CONVIÑERON nas seguintes disposicións que se incorporarán como anexo ao Tratado da Unión Europea e ao Tratado de Funcionamento da Unión Europea:

Artigo 1

O criterio relativo á estabilidade de prezos contemplado no primeiro guión do punto 1 do artigo 140 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea entenderase no sentido de que os Estados membros deberán ter un comportamento de prezos sostible e unha taxa media de inflación, observada durante un período dun ano antes do exame, que non exceda en máis dun 1,5% a de, como máximo, os tres Estados membros con mellor comportamento en materia de estabilidade de prezos. A inflación medirase utilizando o índice de prezos ao consumo (IPC) sobre unha base comparable, tendo en conta as diferenzas nas definicións nacionais.

Artigo 2

O criterio relativo á situación do orzamento público, contemplado no segundo guión do punto 1 do artigo 140 do devandito tratado, entenderase no sentido de que, no momento do exame, o Estado membro de que se trate non sexa obxecto dunha decisión do Consello conforme ao punto 6 do artigo 126 do devandito tratado, relativa á existencia dun déficit excesivo no devandito Estado membro.

Artigo 3

O criterio relativo á participación no meca-

nismo de tipo de cambio do sistema monetario europeo, contemplado no terceiro guión do punto 1 do artigo 140 do devandito tratado, entenderase no sentido de que os Estados membros observasen, sen tensións graves e durante polo menos os dous anos anteriores ao exame, as marxes normais de flutuación dispostas polo mecanismo de tipo de cambio do sistema monetario europeo. En particular, non desvalorizarían, durante o mesmo período, por iniciativa propia, o tipo central bilateral da súa moeda respecto do euro.

Artigo 4

O criterio relativo á converxencia dos tipos de xuro, contemplado no cuarto guión do punto 1 do artigo 140 do devandito tratado, entenderase no sentido de que, observados durante un período dun ano antes do exame, os Estados membros tivesen un tipo medio de xuro nominal a longo prazo que non exceda en máis dun 2% o de, como máximo, os tres Estados membros con mellor comportamento en materia de estabilidade de prezos. Os tipos de xuro mediranse con referencia aos bonos do Estado a longo prazo ou outros valores comparables, tendo en conta as diferenzas nas definicións nacionais.

Artigo 5

A comisión subministrará os datos estatísticos que deban utilizarse para a aplicación do presente protocolo.

Artigo 6

O Consello, por unanimidade, por proposta da Comisión e logo de consulta ao Parlamento Europeo, ao BCE e ao Comité Económico e Financeiro, adoptará as disposicións axeitadas para estipular os detalles dos criterios de converxencia a que se refire o artigo 140 do devandito tratado, que substituirán entón o presente protocolo.

PROTOCOLO (n.º 14)

SOBRE O EUROGRUPO

AS ALTAS PARTES CONTRATANTES, DESEXANDO propiciar as condicións para un crecemento económico máis intenso na Unión Europea e establecer para iso unha coordinación cada vez máis estreita das políticas económicas na zona do euro;

CONSCIENTES da necesidade de establecer disposicións especiais para o mantemento dun diálogo reforzado entre os Estados membros cuxa moeda é o euro, en espera de que o euro pase a ser a moeda de todos os Estados membros da Unión,

CONVIÑERON nas seguintes disposicións, que se incorporarán como anexo ao Tratado da Unión Europea e ao Tratado de Funcionamento da Unión Europea:

Artigo 1

Os ministros dos Estados membros cuxa moeda é o euro manterán reunións de carácter informal. As devanditas reunións celebraranse, sempre que sexa necesario, para examinar cuestións vinculadas ás responsabilidades específicas que comparten no relativo á moeda única. A comisión participará nas reunións. Invitarase o Banco Central Europeo a participar nas devanditas reunións, de cuxa preparación se encargarán os representantes dos ministros de finanzas dos Estados membros cuxa moeda é o euro e da Comisión.

Artigo 2

Os ministros dos Estados membros cuxa moeda é o euro elixirán un presidente para un período de dous anos e medio, por maioría dos devanditos Estados membros.

PROTOCOLO (n.º 15)

SOBRE DETERMINADAS DISPOSICIÓNS RELATIVAS AO REINO UNIDO DE GRAN BRETAÑA E IRLANDA DO NORTE

AS ALTAS PARTES CONTRATANTES, RECOÑECENDO que o Reino Unido non estará obrigado ou comprometido a adoptar o euro sen unha decisión por separado a este respecto tomada polo seu Goberno e o seu Parlamento,

CONSIDERANDO que o 16 de outubro de 1996 e o 30 de outubro de 1997 o Goberno do Reino Unido lle notificou ao Consello a súa intención de non participar na terceira fase da unión económica e monetaria,

OBSERVANDO a práctica do Goberno do Reino Unido de financiar as súas necesidades de endebedamento mediante a venda de débeda ao sector privado,

CONVIÑERON nas seguintes disposicións, que se incorporarán como anexo ao Tratado da

Unión Europea e ao Tratado de Funcionamento da Unión Europea:

1. A menos que o Reino Unido lle notifique ao Consello a súa intención de adoptar o euro, non estará obrigado a facelo.

2. Os puntos 3 a 8 e 10 aplicaranse ao Reino Unido, tendo en conta a notificación do seu Goberno ao Consello do 16 de outubro de 1996 e do 30 de outubro de 1997.

3. O Reino Unido conservará as súas competencias no ámbito da política monetaria conforme á súa lexislación nacional.

4. O parágrafo segundo do artigo 119, os puntos 1, 9 e 11 do artigo 126, os puntos 1 a 5 do artigo 127, o artigo 128, os artigos 130, 131, 132, 133 e 138, o punto 3 do artigo 140, o artigo 219, o punto 2 do artigo 282, con excepción da súa primeira e da súa última frase, o punto 5 do artigo 282 e o artigo 283 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea non se aplicarán ao Reino Unido. Tampouco se lle aplicará o punto 2 do artigo 121 do devandito tratado no que se refire á adopción das partes das orientacións xerais das políticas económicas que afectan a zona do euro de forma xeral. As referencias que aparezan nas devanditas disposicións á Unión ou aos seus Estados membros non afectarán o Reino Unido e as referencias aos bancos centrais nacionais non afectarán o Banco de Inglaterra.

5. O Reino Unido tratará de evitar un déficit público excesivo.

Os artigos 143 e 144 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea seguirán aplicándose ao Reino Unido. O punto 4 do artigo 134 e o artigo 142 aplicaranse ao Reino Unido como se este estivese acollido a unha excepción.

6. Suspenderase o dereito de voto do Reino Unido respecto dos actos do Consello a que fan referencia os artigos que se enumeran no punto 4 e nos casos mencionados no parágrafo primeiro do punto 4 do artigo 139 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea. Para tal efecto, aplicarase o parágrafo segundo do punto 4 do artigo 139 do devandito tratado.

Da mesma forma, o Reino Unido non terá dereito a participar na designación do Presidente, do Vicepresidente nin dos demais membros do Comité Executivo do BCE, conforme ao disposto no parágrafo segundo do punto 2 do artigo 283 do devandito tratado.

7. Os artigos 3, 4, 6, 7, 9.2, 10.1, 10.3, 11.2, 12.1, 14, 16, 18, 19, 20, 22, 23, 26, 27, 30, 31, 32, 33, 34 e 49 do Protocolo sobre os Estatutos do Sistema Europeo de Bancos Centrais e do Banco Central Europeo («os estatutos») non se aplicarán ao Reino Unido.

Calquera referencia que apareza nos devanditos artigos á Unión ou aos seus Estados membros non afectará o Reino Unido e as referencias aos bancos centrais nacionais ou aos accionistas non afectarán o Banco de Inglaterra.

As referencias aos artigos 10.3 e 30.2 dos estatutos ao «capital subscrito do BCE» non incluírán o capital subscrito polo Banco de Inglaterra.

8. O punto 1 do artigo 141 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea e os artigos 43 a 47 dos estatutos producirán efecto, haxa ou non Estados membros acollidos a excepcións, coas seguintes modificacións:

a) A referencia do artigo 43 ás funcións do BCE e do Ime incluírán as funcións que aínda deban levarse a cabo despois de adoptar o euro, debido á eventual decisión do Reino Unido de non adoptar o euro.

b) Ademais das funcións a que se refire o artigo 46, o BCE tamén prestará asesoramento e participará na elaboración de calquera decisión do Consello relacionada co Reino Unido que se tome conforme ao disposto nas letras a) e c) do punto 9 do presente protocolo.

c) O Banco de Inglaterra desembolsará a súa subscrición de capital do BCE como contribución aos seus gastos de explotación nas mesmas condicións que os bancos centrais nacionais dos Estados membros acollidos a unha excepción.

9. O Reino Unido poderá notificarlle ao Consello en calquera momento a súa intención de adoptar o euro. En tal caso:

a) O Reino Unido terá dereito a adoptar o euro só se cumpre as condicións necesarias. O Consello, a petición do Reino Unido e de conformidade coas condicións e conforme ao procedemento previsto nos puntos 1 e 2 do artigo 140 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, decidirá se reúne as condicións necesarias.

b) O Banco de Inglaterra desembolsará o seu capital subscrito, transferirá activos exteriores de reserva ao BCE e contribuirá ás súas reservas nas mesmas condicións que o banco central nacional dun Estado membro cuxa excepción se suprimise.

c) O Consello, conforme ás condicións e conforme ao procedemento previsto no punto 3 do artigo 140 do devandito tratado, tomará todas as demais decisións necesarias para lle permitir ao Reino Unido adoptar o euro.

En caso de que o Reino Unido adopte o euro conforme ao disposto no presente punto, deixarán de producir efecto os puntos 3 a 8 do presente protocolo.

10. Sen prexuízo do disposto no artigo 123 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea

e no artigo 21.1 dos estatutos, o Goberno do Reino Unido poderá manter a liña de crédito de que dispón co Banco de Inglaterra (Ways and Means Facility), se o Reino Unido non adopta o euro e ata que o faga.

PROTOCOLO (n.º 16)

SOBRE DETERMINADAS DISPOSICIÓNS RELATIVAS A DINAMARCA

AS ALTAS PARTES CONTRATANTES, TENDO EN CONTA que a Constitución danesa contén disposicións que poden supoñer a celebración dun referendo en Dinamarca con anterioridade a que este Estado renuncie á súa excepción,

CONSIDERANDO que o 3 de novembro de 1993 o Goberno de Dinamarca lle notificou ao Consello a súa intención de non participar na terceira fase da unión económica e monetaria,

CONVIÑERON nas seguintes disposicións, que se incorporarán como anexo ao Tratado da Unión Europea e ao Tratado de Funcionamento da Unión Europea:

1. Dinamarca gozará dunha excepción tendo en conta a notificación feita polo Goberno danés ao Consello o 3 de novembro de 1993. En virtude da excepción, todos os artigos e disposicións dos tratados e dos Estatutos do SEBC referentes a unha excepción serán aplicables a Dinamarca.

2. Polo que atinxe á derogación da excepción, o procedemento considerado en artigo 140 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea só se iniciará a petición de Dinamarca.

3. En caso de derogación da situación de excepción, deixarán de ser aplicables as disposicións do presente protocolo.

PROTOCOLO (n.º 17)

SOBRE DINAMARCA

AS ALTAS PARTES CONTRATANTES, DESEXANDO solucionar algúns problemas particulares relativos a Dinamarca,

CONVIÑERON nas seguintes disposicións, que se incorporarán como anexo ao Tratado da Unión Europea e ao Tratado de Funcionamento da Unión Europea:

As disposicións do artigo 14 do Protocolo sobre os Estatutos do Sistema Europeo de Bancos Centrais e do Banco Central Europeo non afec-

tarán o dereito do Banco Nacional de Dinamarca de desempeñar as súas funcións relativas a aquelas partes do Reino de Dinamarca que non forman parte da Unión.

PROTOCOLO (n.º 18)

SOBRE FRANCIA

AS ALTAS PARTES CONTRATANTES,
DESEXANDO tomar en consideración un punto particular relativo a Francia,

CONVIÑERON nas seguintes disposicións, que se incorporarán como anexo ao Tratado da Unión Europea e ao Tratado de Funcionamento da Unión Europea: Francia manterá o privilexio de emitir moeda en Nova Caledonia, na Polinesia francesa e en Wallis e Futuna, conforme ao disposto pola súa lexislación nacional e unicamente ela terá dereito a determinar a paridade do franco CFP.

PROTOCOLO (n.º 19)

SOBRE O ACERVO DE SCHENGEN INTEGRADO NO MARCO DA UNIÓN EUROPEA

AS ALTAS PARTES CONTRATANTES,
TOMANDO NOTA de que os acordos relativos á supresión gradual dos controis nas fronteiras comúns, asinados en Schengen por determinados Estados membros da Unión Europea o 14 de xuño de 1985 e o 19 de xuño de 1990, así como os acordos relacionados e as normas adoptadas en virtude destes, se integraron na Unión Europea mediante o Tratado de Amsterdam do 2 de outubro de 1997,

DESEXANDO preservar o acervo de Schengen, tal como se desenvolveu dende a entrada en vigor do Tratado de Amsterdam, e desenvolver o devandito acervo para contribuír a lograr o obxectivo de lles ofrecer aos cidadáns da Unión un espazo de liberdade, seguridade e xustiza sen fronteiras interiores,

TENDO EN CONTA a posición especial de Dinamarca,

TENDO EN CONTA que Irlanda e o Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte non participan en todas as disposicións do acervo de Schengen; que, non obstante, debería preverse a posibilidade de que os devanditos Estados membros acepten total ou parcialmente outras disposicións do devandito acervo;

RECOÑECENDO que, en consecuencia, é necesario acollerse ao disposto nos tratados no que se refire a unha cooperación reforzada entre determinados Estados membros,

TENDO EN CONTA a necesidade de manter unha relación especial coa República de Islandia e co Reino de Noruega, dado que estes dous Estados, xunto cos Estados nórdicos que son membros da Unión Europea, están vinculados polas disposicións da Unión Nórdica de Pasaportes,

CONVIÑERON nas seguintes disposicións, que se incorporarán como anexo ao Tratado da Unión Europea e ao Tratado de Funcionamento da Unión Europea:

Artigo 1

O Reino de Bélxica, a República de Bulgaria, a República Checa, o Reino de Dinamarca, a República Federal de Alemaña, a República de Estonia, a República Helénica, o Reino de España, a República Francesa, a República Italiana, a República de Chipre, a República de Letonia, a República de Lituania, o Gran Ducado de Luxemburgo, a República de Hungría, a República de Malta, o Reino dos Países Baixos, a República de Austria, a República de Polonia, a República Portuguesa, Romanía, a República de Eslovenia, a República Eslovaca, a República de Finlandia e o Reino de Suecia quedan autorizados a establecer entre si unha cooperación reforzada nos ámbitos referentes ás disposicións definidas polo Consello e que constitúen o acervo de Schengen. Esta cooperación levarase a cabo no marco institucional e xurídico da Unión Europea e respectando as disposicións pertinentes dos tratados.

Artigo 2

O acervo de Schengen aplicarase aos Estados membros a que se refire o artigo 1, sen prexuízo do artigo 3 da Acta de adhesión do 16 de abril de 2003 e do artigo 4 da Acta de adhesión do 25 de abril de 2005. O Consello substituirá o Comité Executivo creado polos acordos de Schengen.

Artigo 3

A participación de Dinamarca na adopción das medidas que constitúen un desenvolvemento do acervo de Schengen, así como a posta en práctica e a aplicación das devanditas medidas en Dinamarca, estarán rexidas polas disposicións pertinentes do Protocolo sobre a posición de Dinamarca.

Artigo 4

Irlanda e o Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte poderán solicitar en calquera momento participar nalgunhas ou en todas as disposicións do acervo de Schengen.

O Consello decidirá sobre tal solicitude por unanimidade dos membros a que se refire o artigo 1 e do representante do Goberno do Estado de que se trate.

Artigo 5

1. As propostas e iniciativas para desenvolver o acervo de Schengen estarán sometidas ás correspondentes disposicións dos tratados.

Neste contexto, en caso de que Irlanda ou o Reino Unido non lle notificasen ao Consello por escrito dentro dun prazo razoable que desexan participar, a autorización considerada no artigo 329 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea considerarase outorgada aos Estados membros contemplados no artigo 1 e a Irlanda ou ao Reino Unido, en caso de que algún deles desexe participar nos ámbitos de cooperación de que se trate.

2. En caso de que se considere, en virtude dunha decisión adoptada conforme ao artigo 4, que Irlanda ou o Reino Unido realizaron a notificación, poderán non obstante notificarlle ao Consello por escrito, nun prazo de tres meses, que non desexan participar na proposta ou iniciativa de que se trate. En tal caso, Irlanda ou o Reino Unido non participarán na súa adopción. A partir desta última notificación, suspenderase o procedemento de adopción da medida para desenvolver o acervo de Schengen ata que conclúa o procedemento establecido nos puntos 3 ou 4 ou ata que se retire a devandita notificación en calquera momento do procedemento.

3. Toda decisión adoptada polo Consello conforme ao artigo 4 deixará de aplicarse ao Estado membro que realízase a notificación contemplada no punto 2 na medida en que o Consello o considere necesario, con efecto a partir da entrada en vigor da medida proposta e conforme ás condicións que se determinen nunha decisión do Consello, adoptada por maioría cualificada por proposta da Comisión. A citada decisión adoptarase de conformidade cos criterios seguintes: o Consello tratará de manter o maior nivel posible de participación do Estado membro de que se trate, evitando que na práctica iso afecte gravemente o funcionamento das diversas partes do acervo de Schengen e respectando a coherencia destas. A Comisión pre-

sentará a súa proposta o antes posible unha vez realizada a notificación contemplada no punto 2. O Consello pronunciarase, se fose necesario, tras convocar dúas reunións sucesivas, nun prazo de catro meses a partir da presentación da proposta da Comisión.

4. Unha vez que transcorra o prazo de catro meses, se o Consello non adoptase unha decisión, un Estado membro poderá solicitar inmediatamente que o asunto se remita ao Consello Europeo, en cuxo caso o Consello Europeo, na súa seguinte reunión, deberá adoptar unha decisión por maioría cualificada, por proposta da Comisión, e de conformidade cos criterios contemplados no punto 3.

5. Ao final do procedemento contemplado nos puntos 3 e 4, se o Consello ou, se é o caso, o Consello Europeo non adoptase unha decisión, porase fin á suspensión do procedemento de adopción da medida para desenvolver o acervo de Schengen. En caso de que a citada medida se adopte posteriormente, a partir da data da súa entrada en vigor deixará de aplicarse ao Estado membro de que se trate toda decisión adoptada polo Consello conforme ao artigo 4, na medida e nas condicións que decida a Comisión, a menos que, antes da adopción da medida, o citado Estado membro retirase a súa notificación contemplada no punto 2. A Comisión pronunciarase como moito na data de adopción da medida. Ao adoptar a súa decisión, a Comisión respectará os criterios contemplados no punto 3.

Artigo 6

A República de Islandia e o Reino de Noruega serán asociados á execución do acervo de Schengen e no seu desenvolvemento futuro. Para tal efecto, adoptaranse procedementos axeitados mediante un acordo que o Consello celebrará cos devanditos Estados, por unanimidade dos membros a que se refire o artigo 1. O devandito acordo conterá disposicións sobre a participación de Islandia e Noruega en calquera repercusión financeira que se derive da aplicación do presente protocolo.

O Consello celebrará, por unanimidade, un acordo independente con Islandia e Noruega para determinar os dereitos e obrigas entre Irlanda e o Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte, por un lado, e Islandia e Noruega por outro, nos ámbitos do acervo de Schengen que se apliquen a estes Estados.

Artigo 7

Para os efectos das negociacións para a admisión de novos Estados membros na Unión Europea, considerarase que o acervo de Schengen e outras medidas adoptadas polas institucións no seu ámbito han de aceptarse na súa totalidade como acervo por todo Estado que sexa candidato á adhesión.

PROTOCOLO (n.º 20)

**SOBRE A APLICACIÓN DE
DETERMINADOS ASPECTOS DO
ARTIGO 26 DO TRATADO DE
FUNCIONAMENTO DA UNIÓN
EUROPEA AO REINO UNIDO E A
IRLANDA**

AS ALTAS PARTES CONTRATANTES,
DESEXANDO solucionar algunhas cuestións relativas ao Reino Unido e a Irlanda,

VISTA a existencia durante moitos anos de acordos especiais de viaxe entre o Reino Unido e Irlanda,

CONVIÑERON nas seguintes disposicións, que se incorporarán como anexo ao Tratado da Unión Europea e ao Tratado de Funcionamento da Unión Europea:

Artigo 1

Malia o disposto nos artigos 26 e 77 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, en calquera outra disposición do devandito tratado ou no Tratado da Unión Europea, en calquera medida adoptada en virtude dos devanditos tratados ou en calquera acordo internacional celebrado pola Unión ou pola Unión e os seus Estados membros cun ou máis terceiros Estados, o Reino Unido terá dereito a exercer nas súas fronteiras con outros Estados membros, respecto de persoas que desexen entrar no Reino Unido, os controis que poida considerar necesarios para os efectos de:

a) verificar o dereito de entrada no territorio do Reino Unido de cidadáns de Estados membros ou das persoas ao seu cargo que se acollan a dereitos outorgados polo dereito da Unión, así como de cidadáns doutros Estados aos que lles outorgue tales dereitos un acordo que vincule o Reino Unido; e

b) decidir se lles concede a outras persoas o permiso de entrar no territorio do Reino Unido.

Nada nos artigos 26 e 77 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ou en calquera outra disposición do devandito tratado ou do Tratado da Unión Europea ou en calquera medida adoptada en virtude destes menoscabará o dereito do Reino Unido a adoptar ou a exercer os devanditos controis. As referencias ao Reino Unido contidas no presente artigo incluírán os territorios cuxas relacións exteriores asuma o Reino Unido.

Artigo 2

O Reino Unido e Irlanda poderán seguir concluíndo entre si acordos relativos á circulación de persoas entre os seus respectivos territorios (a zona de viaxe común ou «the Common Travel Area»), sempre que respecten plenamente os dereitos das persoas contemplados na letra a) do parágrafo primeiro do artigo 1 do presente protocolo. En consecuencia, na medida en que manteñan os ditos acordos, o disposto no artigo 1 do presente protocolo será de aplicación a Irlanda nos mesmos termos e condicións que ao Reino Unido. Nada nos artigos 26 e 77 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, en calquera outra disposición do devandito tratado ou do Tratado da Unión Europea ou en calquera outra medida adoptada en virtude destes afectará os devanditos acordos.

Artigo 3

Os demais Estados membros estarán capacitados para exercer nas súas fronteiras ou en calquera punto de entrada no seu territorio os devanditos controis sobre persoas que desexen entrar no seu territorio procedentes do Reino Unido, ou de calquera territorio cuxas relacións exteriores asuma o Reino Unido, para os mesmos efectos mencionados no artigo 1 do presente protocolo, ou procedentes de Irlanda, na medida en que as disposicións do artigo 1 do presente protocolo se apliquen a Irlanda.

Nada nos artigos 26 e 77 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ou en calquera outra disposición do devandito tratado ou do Tratado da Unión Europea ou en calquera medida adoptada en virtude destes menoscabará o dereito dos demais Estados membros a adoptar ou a exercer os devanditos controis.

PROTOCOLO (n.º 21)

**SOBRE A POSICIÓN DO REINO UNIDO
E DE IRLANDA RESPECTO DO ESPAZO
DE LIBERDADE, SEGURIDADE E
XUSTIZA**

AS ALTAS PARTES CONTRATANTES,
DESEXANDO solucionar algunhas cuestións
relativas ao Reino Unido e a Irlanda,

VISTO o Protocolo sobre a aplicación de de-
terminados aspectos do artigo 26 do Tratado de
Funcionamento da Unión Europea ao Reino Uni-
do e a Irlanda,

CONVIÑERON nas seguintes disposicións, que
se incorporarán como anexo ao Tratado da
Unión Europea e ao Tratado de Funcionamento
da Unión Europea:

Artigo 1

Con suxeición ao disposto no artigo 3, o Reino
Unido e Irlanda non participarán na adopción
polo Consello de medidas propostas en virtude
do título V da terceira parte do Tratado de Fun-
cionamiento da Unión Europea. As decisións do
Consello que deban adoptarse por unanimidade
requirirán a unanimidade dos membros do
Consello, exceptuados os representantes dos go-
bernos do Reino Unido e de Irlanda.

Para os efectos do presente artigo, a maioría
cualificada definirase de conformidade co punto
3 do artigo 238 do Tratado de Funcionamento
da Unión Europea.

Artigo 2

Como consecuencia do artigo 1 e sen prexuzo
dos artigos 3, 4 e 6, ningunha das disposi-
cións do título V da terceira parte do Tratado
de Funcionamento da Unión Europea, ningunha
medida adoptada en virtude do devandito
título, ningunha disposición de acordo interna-
cional ningún celebrado pola Unión en virtude
do devandito título e ningunha resolución do
Tribunal de Xustiza interpretativa de calquera
das devanditas disposicións ou medidas será
vinculante nin aplicable ao Reino Unido nin a
Irlanda; ningunha de tales disposicións, medidas
ou decisións afectará en modo ningún as com-
petencias, dereitos e obrigas dos devanditos Es-
tados e ningunha de tales disposicións, medidas
ou decisións afectará o acervo comunitario, nin
o da Unión, nin formará parte do dereito da
Unión, tal e como estes se aplican ao Reino Uni-
do e a Irlanda.

Artigo 3

1. O Reino Unido ou Irlanda poderán notifi-
carlle por escrito ao Presidente do Consello, nun
prazo de tres meses a partir da presentación ao
Consello dunha proposta ou iniciativa en virtude
do título V da terceira parte do Tratado de Fun-
cionamiento da Unión Europea, o seu desexo de
participar na adopción e aplicación da medida
proposta de que se trate, tras o cal o devandito
Estado terá dereito a facelo.

As decisións do Consello que deban adoptar-
se por unanimidade requirirán a unanimidade
dos membros do Consello, exceptuado o mem-
bro ou os membros que non fixesen tal notifi-
cación. As medidas adoptadas conforme ao
presente punto serán vinculantes para todos os
Estados membros que participasen na súa
adopción.

As medidas adoptadas en aplicación do
artigo 70 do Tratado de Funcionamento da
Unión Europea establecerán as condicións de
participación do Reino Unido e de Irlanda nas
avaliacións relativas aos ámbitos regulados
polo título V da terceira parte do devandito tra-
tado.

Para os efectos do presente artigo, a maioría
cualificada definirase de conformidade co punto
3 do artigo 238 do Tratado de Funcionamento
da Unión Europea.

2. Se, transcorrido un período razoable,
unha medida das mencionadas no punto 1 non
puidese adoptarse coa participación do Reino
Unido ou de Irlanda, o Consello poderá adoptar
a devandita medida, de conformidade co artigo
1, sen a participación do Reino Unido ou de Ir-
landa. En tal caso, será de aplicación o artigo 2.

Artigo 4

O Reino Unido ou Irlanda poderán en calque-
ra momento, tras a adopción dunha medida por
parte do Consello en virtude do título V da ter-
ceira parte do Tratado de Funcionamento da
Unión Europea, notificarlles ao Consello e á Co-
misión o seu propósito e desexo de aceptar a de-
vandita medida. En tal caso, aplicarase *mutatis
mutandis* o procedemento previsto no punto 1
do artigo 331 do Tratado de Funcionamento da
Unión Europea.

Artigo 4 bis

1. As disposicións do presente protocolo
aplicaranse ao Reino Unido e a Irlanda tamén
polo que respecta ás medidas propostas ou

adoptadas en virtude do título V da terceira parte do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, que modifiquen unha medida existente que sexa vinculante para os devanditos Estados.

2. Non obstante, en caso de que o Consello, por proposta da Comisión, determine que a non participación do Reino Unido ou de Irlanda na versión modificada dunha medida existente implica a inviabilidade da devandita medida para outros Estados membros ou para a Unión, poderá instalos para que presenten unha notificación conforme aos artigos 3 ou 4. Para os efectos da aplicación do artigo 3, empezará a correr un novo prazo de dous meses a partir da data en que o Consello tomase a determinación.

Unha vez concluído o prazo de dous meses a partir da determinación do Consello, se o Reino Unido ou Irlanda non realizaron notificación ningunha conforme aos artigos 3 ou 4, a medida existente deixará de ser vinculante para eles e deixará de aplicárselles, a menos que o Estado membro de que se trate realizase unha notificación conforme ao artigo 4 antes da entrada en vigor da medida de modificación. O disposto anteriormente producirá efecto a partir da data de entrada en vigor da medida de modificación ou ao concluír o prazo de dous meses, se esta data é posterior. Para os efectos da aplicación do presente punto, o Consello, tras un amplo debate do asunto, pronunciarase por maioría cualificada dos seus membros que representen os Estados membros que participan ou participaron na adopción da medida de modificación. A maioría cualificada do Consello definirase de conformidade coa letra a) do punto 3 do artigo 238 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

3. O Consello, por maioría cualificada e por proposta da Comisión, poderá determinar que o Reino Unido ou Irlanda soporten as consecuencias financeiras directas que puidesen derivarse, necesaria e inevitablemente, da terminación da súa participación na medida existente.

4. O presente artigo enténdese sen prexuízo do artigo 4.

Artigo 5

Os Estados membros para os cales non sexa vinculante unha medida das adoptadas en virtude do título V da terceira parte do Tratado de Funcionamento da Unión Europea non soporarán consecuencia financeira ningunha da devandita medida, a non ser que sexan gastos administrativos ocasionados ás institucións, salvo que o Consello, por unanimidade de todos os

seus membros e logo de consulta ao Parlamento Europeo, decida outra cousa.

Artigo 6

Cando, nos casos a que se refire o presente protocolo, unha medida adoptada polo Consello en virtude do título V da terceira parte do Tratado de Funcionamento da Unión Europea sexa vinculante para o Reino Unido ou Irlanda, serán aplicables ao devandito Estado en relación con tal medida as correspondentes disposicións dos tratados.

Artigo 6 bis

As normas establecidas baseándose no artigo 16 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea que se refiran ao tratamento de datos de carácter persoal polos Estados membros, no exercicio das actividades comprendidas no ámbito de aplicación dos capítulos 4 ou 5 do título V da terceira parte do devandito tratado, só serán vinculantes para o Reino Unido ou Irlanda na medida en que sexan vinculantes para estes Estados normas da Unión que regulen formas de cooperación xudicial en materia penal e de cooperación policial no marco da cal deban respectarse as disposicións establecidas baseándose no artigo 16.

Artigo 7

Os artigos 3, 4 e 4 bis entenderanse sen prexuízo do Protocolo sobre o acervo de Schengen integrado no marco da Unión Europea.

Artigo 8

Irlanda poderá notificarlle por escrito ao Consello o seu desexo de non se seguir acollendo ás disposicións do presente protocolo. En tal caso, aplicaranse a Irlanda as disposicións normais do tratado.

Artigo 9

Polo que respecta a Irlanda, o presente protocolo non se aplicará ao artigo 75 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

PROTOCOLO (n.º 22)

SOBRE A POSICIÓN DE DINAMARCA

AS ALTAS PARTES CONTRATANTES,

RECORDANDO a Decisión dos xefes de Estado e de Goberno, reunidos no seo do Consello Europeo en Edimburgo o 12 de decembro de 1992, sobre algúns problemas formulados por Dinamarca respecto do Tratado da Unión Europea,

TOMANDO NOTA da posición de Dinamarca con respecto á cidadanía, a unión económica e monetaria, a política de defensa e os asuntos de xustiza e interior, tal como se establece na Decisión de Edimburgo,

CONSCIENTES de que o mantemento no marco dos tratados do réxime xurídico orixinado pola Decisión de Edimburgo limitará de forma significativa a participación de Dinamarca en importantes ámbitos de cooperación da Unión e de que é conveniente para a Unión garantir a integridade do acervo no ámbito da liberdade, a seguridade e a xustiza,

DESEXANDO, por conseguinte, establecer un marco xurídico que lle ofrezca a Dinamarca a posibilidade de participar na adopción das medidas propostas sobre a base do título V da terceira parte do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, e celebrando a intención de Dinamarca de acollerse a esta posibilidade cando sexa posible de conformidade coas súas normas constitucionais,

TOMANDO NOTA de que Dinamarca non impedirá que os demais Estados membros sigan desenvolvendo a súa cooperación en relación con medidas que non vinculen a Dinamarca,

TENDO PRESENTE o artigo 3 do Protocolo sobre o acervo de Schengen integrado no marco da Unión Europea,

CONVIÑERON nas seguintes disposicións, que se incorporarán como anexo ao Tratado da Unión Europea e ao Tratado de Funcionamento da Unión Europea:

PARTE I

Artigo 1

Dinamarca non participará na adopción polo Consello de medidas propostas en virtude do título V da terceira parte do Tratado de Funcionamento da Unión Europea. As decisións do Consello que deban adoptarse por unanimidade requirirán a unanimidade dos membros do Consello, exceptuado o representante do Goberno de Dinamarca.

Para os efectos do presente artigo, a maioría cualificada definirase de conformidade co punto 3 do artigo 238 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

Artigo 2

Ningunha das disposicións do título V da terceira parte do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, ningunha medida adoptada en virtude do devandito título, ningunha disposición de acordo internacional celebrado pola Unión en virtude do devandito título e ningunha decisión do Tribunal de Xustiza da Unión Europea interpretativa de calquera das devanditas disposicións ou medidas, nin ningunha medida modificada ou modificable en virtude do devandito título vinculará a Dinamarca nin lle será aplicable; estas disposicións, medidas ou decisións non afectarán de ningún xeito as competencias, dereitos e obrigas de Dinamarca; as devanditas disposicións, medidas ou decisións non afectarán de ningún xeito o acervo comunitario ou da Unión, nin formarán parte do dereito da Unión, tal e como estes se aplican a Dinamarca. En particular, os actos da Unión no ámbito da cooperación policial e xudicial en materia penal adoptados antes da entrada en vigor do Tratado de Lisboa que sexan modificados seguirán sendo vinculantes e aplicables a Dinamarca sen cambios.

Artigo 2 bis

O artigo 2 do presente protocolo aplicarase igualmente ás normas establecidas sobre a base do artigo 16 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea que se refiran ao tratamento de datos de carácter persoal polos Estados membros, no exercicio das actividades comprendidas no ámbito de aplicación dos capítulos 4 ou 5 do título V da terceira parte do devandito tratado.

Artigo 3

Dinamarca non soportará consecuencia financeira ningunha das medidas mencionadas no artigo 1, a non ser que sexan gastos administrativos ocasionados ás institucións.

Artigo 4

1. Dentro dun período de seis meses a partir de que o Consello tomase unha medida sobre unha proposta ou iniciativa de desenvolver o acervo de Schengen nos ámbitos cubertos pola presente parte, Dinamarca decidirá se incorpora esta medida á súa lexislación nacional. Se así o fixese, esta medida creará unha obriga, de dereito internacional, entre Dinamarca e os restantes Estados membros vinculados pola medida.

2. Se Dinamarca decide non aplicar unha medida do Consello, no sentido do punto 1, os Estados membros vinculados por esta medida e Dinamarca considerarán as medidas apropiadas que deban tomar.

PARTE II

Artigo 5

Polo que se refire ás medidas adoptadas polo Consello dentro do ámbito de aplicación do punto 1 do artigo 26, do artigo 42 e dos artigos 43 a 46 do Tratado da Unión Europea, Dinamarca non participará na elaboración e aplicación de decisións e accións da Unión con implicacións no ámbito da defensa. Polo tanto, Dinamarca non participará na súa adopción. Dinamarca non impedirá que os demais Estados membros sigan desenvolvendo a súa cooperación neste ámbito. Dinamarca non estará obrigada a contribuír ao financiamento dos gastos operativos derivados de tales medidas nin a poñer á disposición da Unión capacidades militares.

Os actos do Consello que deban adoptarse por unanimidade requirirán a unanimidade dos membros do Consello, exceptuado o representante do Goberno danés.

Para os efectos do presente artigo, a maioría cualificada definirase de conformidade co punto 3 do artigo 238 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

PARTE III

Artigo 6

Os artigos 1, 2 e 3 non se aplicarán ás medidas que determinen os terceiros países cuxos nacionais deban estar provistos dun visado ao cruzar as fronteiras exteriores dos Estados membros, nin ás medidas relativas a un modelo uniforme de visado.

PARTE IV

Artigo 7

En calquera momento, Dinamarca poderá, de acordo coas súas normas constitucionais, informar os demais Estados membros de que xa non desexa facer uso do presente protocolo na súa totalidade ou en parte. Nese caso, Dinamarca aplicará plenamente todas as medidas pertinentes entón vixentes tomadas dentro do marco da Unión Europea.

Artigo 8

1. En todo momento e sen prexuízo do artigo 7, Dinamarca, de conformidade coas súas normas constitucionais, poderá notificarlles aos demais Estados membros que, con efecto a partir do primeiro día do mes seguinte ao da notificación, a parte I consistirá nas disposicións que figuran no anexo. Neste caso, a numeración dos artigos 5 a 8 modificarase en consecuencia.

2. Seis meses despois da data en que produza efecto a notificación prevista no punto 1, a totalidade do acervo de Schengen e as medidas adoptadas para desenvolver o devandito acervo que ata ese momento vinculasen a Dinamarca en calidade de obrigas de dereito internacional serán vinculantes para Dinamarca en calidade de dereito da Unión.

ANEXO

Artigo 1

A reserva do disposto no artigo 3, Dinamarca non participará na adopción polo Consello de medidas propostas en virtude do título V da terceira parte do Tratado de Funcionamento da Unión Europea. Os actos do Consello que deban adoptarse por unanimidade requirirán a unanimidade dos membros do Consello, exceptuado o representante do Goberno danés.

Para os efectos do presente artigo, a maioría cualificada definirase de conformidade co punto 3 do artigo 238 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

Artigo 2

En virtude do artigo 1 e a reserva dos artigos 3, 4 e 8, ningunha das disposicións do título V da terceira parte do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, ningunha medida adoptada en virtude do devandito título, ningunha disposición de acordo internacional celebrado pola Unión en virtude do devandito título e ningunha decisión do Tribunal de Xustiza da Unión Europea interpretativa de calquera das devanditas disposicións ou medidas vinculará a Dinamarca nin lle será aplicable; estas disposicións, medidas ou decisións non afectarán de ningún xeito as competencias, dereitos e obrigas de Dinamarca; as devanditas disposicións, medidas ou decisións non afectarán de ningún xeito o acervo comunitario ou o da Unión nin formarán parte do dereito da Unión, tal e como estes se aplican a Dinamarca.

Artigo 3

1. Dinamarca poderá notificarlle por escrito ao Presidente do Consello, no prazo de tres meses a partir da presentación ao Consello dunha proposta ou iniciativa en virtude do título V da terceira parte do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, o seu desexo de participar na adopción e aplicación da medida proposta de que se trate, tras o cal Dinamarca terá dereito a facelo.

2. Se, transcorrido un prazo razoable, unha medida das mencionadas no punto 1 non pode adoptarse coa participación de Dinamarca, o Consello poderá adoptar a medida prevista no punto 1, de conformidade co artigo 1, sen a participación de Dinamarca. En tal caso, será de aplicación o artigo 2.

Artigo 4

Dinamarca, tras a adopción dunha medida en aplicación do título V da terceira parte do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, poderá en todo momento notificarlles ao Consello e á Comisión a súa intención de aceptar a devandita medida. En tal caso, aplicarase *mutatis mutandis* o procedemento previsto no punto 1 do artigo 331 do devandito tratado.

Artigo 5

1. As disposicións do presente protocolo aplicaranse a Dinamarca tamén polo que respecta ás medidas propostas ou adoptadas en virtude do título V da terceira parte do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, que modifiquen unha medida existente que sexa vinculante para o devandito Estado.

2. Non obstante, en caso de que o Consello, por proposta da Comisión, determine que a non participación de Dinamarca na versión modificada dunha medida existente implica a inviabilidade da devandita medida para outros Estados membros ou para a Unión, poderá instar o devandito Estado para que presente unha notificación conforme aos artigos 3 ou 4. Para os efectos da aplicación do artigo 3, empezará a correr un novo prazo de dous meses a partir da data en que o Consello tomase a determinación.

Unha vez concluído o prazo de dous meses a partir da determinación do Consello, se Dinamarca non realizou notificación ningunha conforme aos artigos 3 ou 4, a medida existente deixará de ser vinculante para o devandito Estado e deixará de aplicárselle, a menos que realizase

unha notificación conforme ao artigo 4, antes da entrada en vigor da medida de modificación. O disposto anteriormente producirá efecto a partir da data de entrada en vigor da medida de modificación ou ao concluír o prazo de dous meses, se esta data é posterior.

Para os efectos da aplicación do presente punto, o Consello, tras o amplo debate do asunto, pronunciarase por maioría cualificada dos seus membros que representen os Estados membros que participan ou participaron na adopción da medida de modificación. A maioría cualificada do Consello definirase de conformidade coa letra a) do punto 3 do artigo 238 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

3. O Consello, por maioría cualificada e por proposta da Comisión, poderá determinar que Dinamarca soporte as consecuencias financeiras directas que puidesen derivarse, necesaria e inevitablemente, da terminación da súa participación na medida existente.

4. O presente artigo enténdese sen prexuízo do artigo 4.

Artigo 6

1. A notificación a que se refire o punto 4 deberá presentarse non máis de seis meses despois da adopción definitiva dunha medida que desenvolva o acervo de Schengen.

En caso de que Dinamarca non presente unha notificación conforme aos artigos 3 ou 4 relativa a unha medida que desenvolva o acervo de Schengen, os Estados membros vinculados polas devanditas medidas e Dinamarca estudarán a adopción de medidas apropiadas.

2. Entenderase que toda notificación en aplicación do artigo 3 relativa a unha medida que desenvolva o acervo de Schengen constitúe irrevogablemente unha notificación conforme ao artigo 3 respecto de toda proposta ou iniciativa ulterior destinada a desenvolver esa medida, sempre que a devandita proposta ou iniciativa desenvolva o acervo de Schengen.

Artigo 7

As normas establecidas baseándose no artigo 16 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea que se refiran ao tratamento de datos de carácter persoal polos Estados membros no exercicio das actividades comprendidas no ámbito de aplicación dos capítulos 4 ou 5 do título V da terceira parte do devandito tratado só serán vinculantes para Dinamarca na medida en que sexan vinculantes para ela normas da Unión que

regulen formas de cooperación xudicial en materia penal e de cooperación policial en cuxo marco deban respectarse as disposicións establecidas baseándose no artigo 16.

Artigo 8

Cando, nos casos a que se refire a presente parte, unha medida adoptada polo Consello en virtude do título V da terceira parte do Tratado de Funcionamento da Unión Europea sexa vinculante para Dinamarca, serán aplicables a Dinamarca en relación con tal medida as correspondentes disposicións dos tratados.

Artigo 9

Salvo decisión contraria do Consello adoptada por unanimidade de todos os seus membros, logo de consulta ao Parlamento Europeo, cando unha medida adoptada polo Consello en virtude do título V da terceira parte do Tratado de Funcionamento de Unión Europea non sexa vinculante para Dinamarca, Dinamarca non soportará consecuencia financeira ningunha da devandita medida, exceptuados os custos administrativos ocasionados ás institucións.

PROTOCOLO (n.º 23)

SOBRE AS RELACIÓNS EXTERIORES DOS ESTADOS MEMBROS CON RESPECTO AO CRUZAMENTO DE FRONTEIRAS EXTERIORES

AS ALTAS PARTES CONTRATANTES,

TENDO EN CONTA a necesidade dos Estados membros de garantir controis efectivos nas súas fronteiras exteriores, en cooperación, se é o caso, con terceiros países,

CONVIÑERON nas seguintes disposicións, que se incorporarán como anexo ao Tratado da Unión Europea e ao Tratado de Funcionamento da Unión Europea: as disposicións relativas ás medidas sobre o cruzamento de fronteiras exteriores incluídas na letra b) do punto 2 do artigo 77 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea entenderanse sen prexuízo da competencia dos Estados membros para negociar ou celebrar acordos con terceiros países, sempre que observen o dereito da Unión e os demais acordos internacionais pertinentes.

PROTOCOLO (n.º 24)

SOBRE ASILO A NACIONAIS DOS ESTADOS MEMBROS DA UNIÓN EUROPEA

AS ALTAS PARTES CONTRATANTES,

CONSIDERANDO que, de conformidade co punto 1 do artigo 6 do Tratado da Unión Europea, a Unión recoñece os dereitos, as liberdades e os principios enunciados na Carta dos Dereitos Fundamentais,

CONSIDERANDO que, de conformidade co punto 3 do artigo 6 do Tratado da Unión Europea, os dereitos fundamentais que garante o Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais forman parte do dereito da Unión como principios xerais,

CONSIDERANDO que o Tribunal de Xustiza da Unión Europea é competente para garantir que a Unión respecta o dereito ao interpretar e aplicar os puntos 1 e 3 do artigo 6 do Tratado da Unión Europea,

CONSIDERANDO que, de conformidade co artigo 49 do Tratado da Unión Europea, calquera Estado europeo ao solicitar o ingreso como membro na Unión debe respectar os valores do artigo 2 do Tratado da Unión Europea,

TENDO PRESENTE que o artigo 7 do Tratado da Unión Europea establece un mecanismo para suspender determinados dereitos en caso de violación grave e persistente por parte dun Estado membro dos devanditos valores,

RECORDANDO que todo nacional dun Estado membro, como cidadán da Unión, goza dun estatuto e dunha protección especiais que os Estados membros garantirán conforme ás disposicións da segunda parte do Tratado de Funcionamento da Unión Europea,

TENDO PRESENTE que os tratados establecen un espazo sen fronteiras interiores e que lles conceden a todos os cidadáns da Unión o dereito a circular e a residir libremente dentro do territorio dos Estados membros,

DESEXANDO evitar que se recorra ao procedemento do asilo para fins alleos a aqueles para os que está previsto,

CONSIDERANDO que o presente protocolo respecta a finalidade e os obxectivos da Convención de Xenebra do 28 de xullo de 1951 sobre o estatuto dos refuxiados,

CONVIÑERON nas seguintes disposicións, que se incorporarán como anexo ao Tratado da Unión Europea e ao Tratado de Funcionamento da Unión Europea:

Artigo único

Dado o grao de protección dos dereitos e liberdades fundamentais por parte dos Estados membros da Unión Europea, considerarase que os Estados membros constitúen recíprocamente países de orixe seguros para todos os efectos xurídicos e prácticos en relación con asuntos de asilo. En consecuencia, a solicitude de asilo efectuada por un nacional dun Estado membro só poderá tomarse en consideración ou ser declarada admisible para o seu exame por outro Estado membro nos seguintes casos:

a) se o Estado membro do que o solicitante é nacional procede, despois da entrada en vigor do Tratado de Amsterdam, amparándose nas disposicións do artigo 15 do Convenio para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais, a adoptar medidas que establezan no seu territorio excepcións ás súas obrigas conforme ao devandito convenio;

b) se se iniciou o procedemento mencionado no artigo 7, punto 1, do Tratado da Unión Europea e ata que o Consello ou, se é o caso, o Consello Europeo adopte unha decisión ao respecto en relación co Estado membro do que é nacional o solicitante;

c) se o Consello adoptou unha decisión de conformidade co punto 1 do artigo 7 do Tratado da Unión Europea respecto ao Estado membro do que é nacional o solicitante, ou se o Consello Europeo, de conformidade co punto 2 do artigo 7 do devandito tratado, adoptou unha decisión respecto do Estado membro do que é nacional o solicitante;

d) se un Estado membro así o decidise unilateralmente respecto da solicitude dun nacional doutro Estado membro; neste caso, informárase inmediatamente o Consello. A solicitude aténdese baseándose na presunción de que é manifestamente infundada sen que afecte de ningún xeito, calquera que poidan ser os casos, a facultade de toma de decisións do Estado membro.

PROTOCOLO (n.º 25)

SOBRE O EXERCICIO DAS COMPETENCIAS COMPARTIDAS

AS ALTAS PARTES CONTRATANTES, CONVIÑERON nas seguintes disposicións, que se incorporarán como anexo ao Tratado da Unión Europea e ao Tratado de Funcionamento da Unión Europea:

Artigo único

Con referencia ao punto 2 do artigo 2 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, relativo ás competencias compartidas, cando a Unión tome medidas nun ámbito determinado, o alcance deste exercicio de competencia só abranguerá os elementos rexidos polo acto da Unión de que se trate e, polo tanto, non incluírá todo o ámbito en cuestión.

PROTOCOLO (n.º 26)

SOBRE OS SERVIZOS DE INTERESE XERAL

AS ALTAS PARTES CONTRATANTES, DESEXANDO resaltar a importancia dos servizos de interese xeral,

CONVIÑERON nas seguintes disposicións interpretativas, que se incorporarán como anexo ao Tratado da Unión Europea e ao Tratado de Funcionamento da Unión Europea:

Artigo 1

Os valores comúns da Unión con respecto aos servizos de interese económico xeral conforme ao artigo 14 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea inclúen en particular:

- o papel esencial e a ampla capacidade de discreción das autoridades nacionais, rexionais e locais para prestar, encargar e organizar os servizos de interese económico xeral o máis próximos posible ás necesidades dos usuarios;
- a diversidade dos servizos de interese económico xeral e a disparidade das necesidades e preferencias dos usuarios que poden resultar das diferentes situacións xeográficas, sociais e culturais;
- un alto nivel de calidade, seguridade e accesibilidade económica, a igualdade de trato e a promoción do acceso universal e dos dereitos dos usuarios.

Artigo 2

As disposicións dos tratados non afectarán de ningún xeito a competencia dos Estados membros para prestar, encargar e organizar servizos de interese xeral que non teñan carácter económico.

PROTOCOLO (n.º 27)

SOBRE MERCADO INTERIOR E COMPETENCIA

AS ALTAS PARTES CONTRATANTES,

CONSIDERANDO que o mercado interior tal como se define no artigo 3 do Tratado da Unión Europea inclúe un sistema que garante que non se falsea a competencia,

CONVIÑERON no seguinte:

Para estes efectos, a Unión tomará, en caso necesario, medidas no marco das disposicións dos tratados, incluídos o artigo 352 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

O presente protocolo incorporárase como anexo ao Tratado da Unión Europea e ao Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

PROTOCOLO (n.º 28)

SOBRE A COHESIÓN ECONÓMICA, SOCIAL E TERRITORIAL

AS ALTAS PARTES CONTRATANTES,

RECORDANDO que o artigo 3 do Tratado da Unión Europea fai referencia, entre outros obxectivos, ao fomento da cohesión económica, social e territorial e da solidariedade entre os Estados membros e que a devandita cohesión figura entre os ámbitos de competencia compartida da Unión enumerados na letra c) do punto 2 do artigo 4 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea,

RECORDANDO que as disposicións do título XVIII da terceira parte sobre a cohesión económica, social e territorial, no seu conxunto, proporcionan a base xurídica para consolidar e desenvolver máis a acción da Unión no ámbito da cohesión económica, social e territorial, incluída a posibilidade de crear un novo fondo,

RECORDANDO que as disposicións do artigo 177 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea contemplan a creación dun fondo de cohesión,

COMPROBANDO que o BEI está a prestar grandes e crecentes cantidades en favor das rexións menos favorecidas,

COMPROBANDO que existe o desexo dunha maior flexibilidade nas modalidades de asignación dos fondos estruturais,

COMPROBANDO que existe o desexo de modular os niveis de participación da Unión en programas e proxectos en determinados países,

COMPROBANDO que existe a proposta de ter

máis en conta no sistema de recursos propios a prosperidade relativa dos Estados membros,

REAFIRMAN que o fomento da cohesión económica, social e territorial é vital para o pleno desenvolvemento e o éxito continuado da Unión,

REAFIRMAN a súa convicción de que os fondos estruturais deben seguir desempeñando un papel considerable na realización dos obxectivos da Unión no ámbito da cohesión,

REAFIRMAN a súa convicción de que o BEI debe continuar dedicando a maior parte dos seus recursos ao fomento da cohesión económica, social e territorial e declaran a súa disposición a reconsiderar as necesidades de capital do BEI en canto o devandito capital sexa necesario para tal fin,

ACORDAN que o fondo de cohesión achegue contribucións financeiras da Unión a proxectos nos ámbitos do medio ambiente e das redes transeuropeas nos Estados membros que teñan un PNB per cápita inferior ao 90% da media da Unión e que contén un programa que conduza ao cumprimento das condicións de converxencia económica, segundo o disposto no artigo 126 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea,

MANIFESTAN o seu propósito de conceder unha maior marxe de flexibilidade ao asignar medios financeiros procedentes dos fondos estruturais, co obxecto de ter en conta necesidades específicas non satisfeitas no marco da regulamentación actual dos fondos estruturais,

DECLARAN a súa disposición a modular os niveis de participación da Unión no marco de programas e proxectos dos fondos estruturais, co obxecto de previr incrementos excesivos nos gastos orzamentarios nos Estados membros menos prósperos,

RECOÑECEN a necesidade de vixiar con regularidade o progreso realizado no camiño cara ao logro da cohesión económica, social e territorial e a súa disposición a estudar todas as medidas que sexan necesarias ao respecto,

DECLARAN a súa intención de ter máis en conta a capacidade contributiva dos distintos Estados membros no sistema de recursos propios, así como de estudar medios de corrixir para os Estados membros menos prósperos os elementos regresivos que existen no sistema actual de recursos propios,

CONVEÑEN en incorporar o presente protocolo como anexo ao Tratado da Unión Europea e ao Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

PROTOS (n.º 29)

**SOBRE O SISTEMA DE
RADIODIFUSIÓN PÚBLICA DOS
ESTADOS MEMBROS**

AS ALTAS PARTES CONTRATANTES,
CONSIDERANDO que o sistema de radiodifusión pública dos Estados membros está directamente relacionado coas necesidades democráticas, sociais e culturais de cada sociedade e coa necesidade de preservar o pluralismo dos medios de comunicación,

CONVIÑERON nas seguintes disposicións, que se incorporarán como anexo ao Tratado da Unión Europea e ao Tratado de Funcionamento da Unión Europea:

As disposicións dos tratados entenderanse sen prexuízo da facultade dos Estados membros de financiar o servizo público de radiodifusión, na medida en que o financiamento se lles conceda aos organismos de radiodifusión para levar a cabo a función de servizo público tal como fose atribuída, definida e organizada por cada Estado membro, e na medida en que o devandito financiamento non afecte as condicións do comercio e da competencia na Unión nun grao que sexa contrario ao interese común, debendo terse en conta a realización da función do devandito servizo público.

PROTOS (n.º 30)

**SOBRE A APLICACIÓN DA CARTA DOS
DEREITOS FUNDAMENTAIS DA UNIÓN
EUROPEA A POLONIA E AO REINO
UNIDO**

AS ALTAS PARTES CONTRATANTES,
CONSIDERANDO que no artigo 6 do Tratado da Unión Europea, a Unión reconece os dereitos, liberdades e principios establecidos na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea;

CONSIDERANDO que a Carta ha de aplicarse de estrita conformidade coas disposicións do mencionado artigo 6 e do título VII da Carta mesma;

CONSIDERANDO que o citado artigo 6 dispón que a Carta sexa aplicada e interpretada polos órganos xurisdiccionais de Polonia e do Reino Unido de estrita conformidade coas explicacións a que se fai referencia no devandito artigo;

CONSIDERANDO que a Carta contén tanto dereitos coma principios;

CONSIDERANDO que a Carta contén tanto

disposicións de carácter civil e político coma de carácter económico e social;

CONSIDERANDO que a Carta reafirma os dereitos, liberdades e principios recoñecidos na Unión e fai que os devanditos dereitos sexan máis visibles, pero non crea novos dereitos nin principios;

RECORDANDO as obrigas de Polonia e do Reino Unido en virtude do Tratado da Unión Europea, do Tratado de Funcionamento da Unión Europea e do dereito da Unión en xeral;

TOMANDO NOTA do desexo de Polonia e do Reino Unido de que se precisen determinados aspectos da aplicación da Carta;

DESEXANDO, por conseguinte, precisar a aplicación da Carta en relación coa lexislación e a acción administrativa de Polonia e do Reino Unido e a posibilidade de acollerse a ela ante os tribunais de Polonia e do Reino Unido;

REAFIRMANDO que as referencias que no presente protocolo se fan á aplicación de disposicións específicas da Carta se entenden estritamente, sen prexuízo da aplicación das demais disposicións da Carta;

REAFIRMANDO que o presente protocolo non afecta a aplicación da Carta aos demais Estados membros;

REAFIRMANDO que o presente protocolo se entende sen prexuízo das demais obrigas que incumben a Polonia e ao Reino Unido en virtude do Tratado da Unión Europea, do Tratado de Funcionamento da Unión Europea e do dereito da Unión en xeral,

CONVIÑERON nas seguintes disposicións, que se incorporarán como anexo ao Tratado da Unión Europea e ao Tratado de Funcionamento da Unión Europea:

Artigo 1

1. A Carta non amplía a competencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea nin de ningún outro órgano xurisdiccional de Polonia ou do Reino Unido para apreciar que as disposicións legais ou regulamentarias ou as disposicións, prácticas ou accións administrativas de Polonia ou do Reino Unido sexan incompatibles cos dereitos, liberdades e principios fundamentais que reafirma.

2. En particular, e co fin de non deixar lugar a dúbidas, nada do disposto no título IV da Carta crea dereitos que se poidan defender ante os órganos xurisdiccionais de Polonia ou do Reino Unido, salvo na medida en que Polonia ou o Reino Unido contemplasen os devanditos dereitos na súa lexislación nacional.

Artigo 2

Cando unha disposición da Carta se refira a lexislacións e prácticas nacionais, só se aplicará en Polonia ou no Reino Unido, na medida en que os dereitos e principios que contén se recoñezan na lexislación ou prácticas de Polonia ou do Reino Unido.

PROTOCOLO (n.º 31)

SOBRE AS IMPORTACIÓNS NA UNIÓN EUROPEA DE PRODUTOS PETROLÍFEROS REFINADOS NAS ANTILLAS NEERLANDESAS

AS ALTAS PARTES CONTRATANTES, DESEXANDO achegar algunhas precisións sobre o réxime de intercambios aplicable ás importacións na Comunidade Económica Europea de produtos petrolíferos refinados nas Antillas Neerlandesas,

CONVIÑERON nas seguintes disposicións, que se incorporarán como anexo ao Tratado da Unión Europea e ao Tratado de Funcionamento da Unión Europea:

Artigo 1

O presente protocolo será aplicable aos produtos petrolíferos das partidas 27.10, 27.11, 27.12, ex 27.13 (parafina, ceras de petróleo ou de lousas e residuos parafínicos) e 27.14 da Nomenclatura de Bruxelas, importados para o seu consumo nos Estados membros.

Artigo 2

Os Estados membros comprométense a lles conceder aos produtos petrolíferos refinados nas Antillas Neerlandesas as vantaxes arancelarias que resulten da asociación destes últimos á Unión, nas condicións previstas no presente protocolo. Estas disposicións serán válidas calquera que sexan as normas de orixe aplicadas polos Estados membros.

Artigo 3

1. Cando a Comisión, a instancia dun Estado membro ou por propia iniciativa, comprobe que as importacións na Unión de produtos petrolíferos refinados nas Antillas Neerlandesas conforme ao réxime previsto no artigo 2 *supra* provocan dificultades reais no mercado dun ou varios Estados

membros, decidirá que os Estados membros interesados introduzan, aumenten ou reintroduzan os dereitos de aduana aplicables ás devanditas importacións, na medida e para o período necesario para lle facer fronte a esta situación. Os tipos de dereitos de aduana así introducidos, aumentados ou reintroducidos non poderán superar os dos dereitos de aduana aplicables a terceiros países para estes mesmos produtos.

2. As disposicións previstas no punto precedente poderán aplicarse en calquera caso cando as importacións na Unión de produtos petrolíferos refinados nas Antillas Neerlandesas alcancen a cifra de 2 millóns de toneladas anuais.

3. As decisións tomadas pola Comisión en virtude dos puntos precedentes, incluídas aquelas encamiñadas a rexeitar a petición dun Estado membro, seranlle comunicadas ao Consello. Este poderá, a instancia de calquera Estado membro, ocuparse delas e poderá, en todo momento, modificalas ou anulalas.

Artigo 4

1. Se un Estado membro estimase que as importacións de produtos petrolíferos refinados nas Antillas Neerlandesas, efectuadas directamente ou por medio doutro Estado membro conforme ao réxime previsto no artigo 2 *supra*, provocan dificultades reais no seu mercado e que é necesaria unha acción inmediata para lles facer fronte a estas, poderá decidir por propia iniciativa aplicar a estas importacións dereitos de aduana cuxos tipos non poderán superar os dos dereitos de aduana aplicables a terceiros países para os mesmos produtos. Notificaralle esta decisión á Comisión, que decidirá, nun prazo dun mes, se as medidas adoptadas polo Estado poden manterse ou deben modificarse ou suprimirse. As disposicións do punto 3 do artigo 3 serán aplicables a esta decisión da Comisión.

2. Cando as importacións de produtos petrolíferos refinados nas Antillas Neerlandesas, efectuadas directamente ou por medio doutro Estado membro conforme ao réxime previsto no artigo 2 *supra*, nun ou varios Estados membros da CEE superen durante un ano natural as toneladas indicadas no anexo do presente protocolo, as medidas eventualmente adoptadas en virtude do punto 1 por este ou por estes Estados membros para o ano en curso serán consideradas como lexítimas. A Comisión, despois de asegurarse de que se alcanzaron as toneladas fixadas, tomará nota das medidas adoptadas. En tal caso, os demais Estados membros absteranse de recorrer ao Consello.

Artigo 5

Se a Unión decidise aplicar restricións cuantitativas ás importacións de produtos petrolíferos de calquera procedencia, estas restricións poderán aplicarse tamén ás importacións destes produtos procedentes das Antillas Neerlandesas. En tal caso, concederáselles un trato preferencial ás Antillas Neerlandesas fronte a terceiros países.

Artigo 6

1. As disposicións previstas nos artigos 2 a 5 serán revisadas polo Consello, que decidirá por unanimidade, logo de consulta ao Parlamento Europeo e á Comisión, no momento da adopción da definición común de orixe de produtos petrolíferos procedentes de terceiros países e de países asociados ou no momento de tomar decisións no marco de política comercial común para os produtos de que se trate ou no momento de establecer unha política enerxética común.

2. Non obstante, no momento de efectuar a revisión, deberán manterse en todo caso a favor das Antillas Neerlandesas vantaxes equivalentes en forma apropiada e para unha cantidade mínima de 2 millóns e medio de toneladas de produtos petrolíferos.

3. Os compromisos da Unión con respecto ás vantaxes equivalentes mencionadas no punto 2 do presente artigo poderán ser, en caso necesario, distribuídos por países tendo en conta as toneladas indicadas no anexo do presente protocolo.

Artigo 7

Para a execución do presente protocolo, a Comisión encargárase de seguir o desenvolvemento das importacións nos Estados membros de produtos petrolíferos refinados nas Antillas Neerlandesas. Os Estados membros comunicaránlle á Comisión, que procurará a súa difusión, toda información útil ao respecto, de conformidade coas modalidades administrativas que ela recomende.

ANEXO DO PROTOCOLO

Para a aplicación do punto 2 do artigo 4 do Protocolo sobre as importacións na Unión Europea de produtos petrolíferos refinados nas Antillas Neerlandesas, as Altas Partes contratantes decidiron que a cantidade de 2 millóns de toneladas de produtos petrolíferos das Antillas se re-

parta entre os Estados membros como segue:

Alemaña ...	625 000 toneladas
Unión Económica	
Belgo-	
Luxemburguesa ...	200 000 toneladas
Francia ...	75 000 toneladas
Italia ...	100 000 toneladas
Países Baixos ...	1 000 000 toneladas

PROTOCOLO (n.º 32)

RELATIVO A DETERMINADAS DISPOSICIÓN SOBRE ADQUISICIÓN DE BENS INMOBLES EN DINAMARCA

AS ALTAS PARTES CONTRATANTES,
DESEXANDO resolver certos problemas importantes que lle interesan a Dinamarca,
CONVIÑERON na seguinte disposición que se incorporará como anexo ao Tratado da Unión Europea e ao Tratado de Funcionamento da Unión Europea:

Malia o disposto nos tratados, Dinamarca poderá manter a lexislación vixente sobre a adquisición de bens inmobles distintos das vivendas de residencia permanente.

PROTOCOLO (n.º 33)

SOBRE O ARTIGO 157 DO TRATADO DE FUNCIONAMENTO DA UNIÓN EUROPEA

AS ALTAS PARTES CONTRATANTES,
CONVIÑERON na seguinte disposición, que se incorporará como anexo ao Tratado da Unión Europea e ao Tratado de Funcionamento da Unión Europea:

Para os fins de aplicación do artigo 157 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, as prestacións en virtude dun réxime profesional de seguridade social non se considerarán retribución no caso e na medida en que poidan asignarse aos períodos de emprego anteriores ao 17 de maio de 1990, agás no caso dos traballadores ou os seus dereito habentes que, antes desa data, incoasen unha acción ante os tribunais ou presentasen unha reclamación equivalente segundo o dereito nacional de aplicación.

PROTOCOLO (n.º 34)

**SOBRE O RÉXIME ESPECIAL
APLICABLE A GRENLANDIA**

Artigo único

1. Os produtos sometidos á organización común de mercados no sector da pesca, orixinarios de Grenlandia e importados na Unión, estarán, dentro do respecto aos mecanismos da organización común de mercados, exentos de dereitos de aduana e de exaccións de efecto equivalente, así como de restricións cuantitativas e de medidas de efecto equivalente, sempre que as posibilidades de acceso ás zonas de pesca grenlandesas ofrecidas á Unión, en virtude dun acordo entre a Unión e a autoridade competente sobre Grenlandia, sexan satisfactorias para a Unión.

2. Todas as medidas relativas ao réxime de importación de tales produtos, incluídas as relativas á adopción das devanditas medidas, adoptaranse segundo o procedemento previsto no artigo 43 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

PROTOCOLO (n.º 35)

**SOBRE O ARTIGO 40.3.3 DA
CONSTITUCIÓN IRLANDESA**

AS ALTAS PARTES CONTRATANTES

CONVIÑERON na seguinte disposición, que se incorporará como anexo ao Tratado da Unión Europea, ao Tratado de Funcionamento da Unión Europea e ao Tratado Constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica:

Ningunha disposición dos tratados, do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica nin dos tratados e actos polos que se modifican ou completan os devanditos tratados afectará a aplicación en Irlanda do artigo 40.3.3 da Constitución irlandesa.

PROTOCOLO (n.º 36)

**SOBRE AS DISPOSICIÓNS
TRANSITORIAS**

AS ALTAS PARTES CONTRATANTES,

CONSIDERANDO que, para organizar a transición entre as disposicións institucionais dos tratados aplicables antes da entrada en vigor do Tratado de Lisboa e as disposicións do devandito

tratado, é preciso prever disposicións transitorias,

CONVIÑERON nas seguintes disposicións, que se incorporarán como anexo ao Tratado da Unión Europea, ao Tratado de Funcionamento da Unión Europea e ao Tratado constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica:

Artigo 1

No presente protocolo, a expresión «os tratados» designa o Tratado da Unión Europea, o Tratado de Funcionamento da Unión Europea e o Tratado Constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica.

TÍTULO I

**DISPOSICIÓNS RELATIVAS AO
PARLAMENTO EUROPEO**

Artigo 2

Con tempo suficiente antes das eleccións parlamentarias europeas de 2009, o Consello Europeo adoptará, de conformidade co parágrafo segundo do punto 2 do artigo 14 do Tratado da Unión Europea, unha decisión pola que se fixe a composición do Parlamento Europeo.

Ata que finalice a lexislatura 2004–2009, a composición e o número de membros do Parlamento Europeo seguirán sendo os existentes no momento da entrada en vigor do Tratado de Lisboa.

TÍTULO II

**DISPOSICIÓNS RELATIVAS Á MAIORÍA
CUALIFICADA**

Artigo 3

1. De conformidade co punto 4 do artigo 16 do Tratado da Unión Europea, as disposicións do devandito punto e as disposicións do punto 2 do artigo 238 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, relativas á definición da maioría cualificada no Consello Europeo e no Consello, producirán efecto o 1 de novembro de 2014.

2. Entre o 1 de novembro de 2014 e o 31 de marzo de 2017, cando un acordo se deba adoptar por maioría cualificada, calquera membro do Consello poderá solicitar que o acordo se adopte pola maioría cualificada que se define no punto 3. Neste caso, aplicaranse os puntos 3 e 4.

3. Ata o 31 de outubro de 2014, estarán en vigor as disposicións seguintes, sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do punto 1 do artigo 235 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

Cando o Consello Europeo ou o Consello deban adoptar un acordo por maioría cualificada, os votos dos membros ponderaranse do modo seguinte:

Bélxica	12	Luxemburgo	4
Bulgaria	10	Hungría	12
República Checa	12	Malta	3
Dinamarca	7	Países Baixos	13
Alemaña	29	Austria	10
Estonia	4	Polonia	27
Irlanda	7	Portugal	12
Grecia	12	Romanía	14
España	27	Eslovenia	4
Francia	29	Eslovaquia	7
Italia	29	Finlandia	7
Chipre	4	Suecia	10
Letonia	4	Reino Unido	29
Lituania	7		

Para a súa adopción, os acordos requirirán polo menos 255 votos que representen a votación favorable da maioría dos membros, cando en virtude dos tratados deban ser adoptados por proposta da Comisión. Nos demais casos, requirirán polo menos 255 votos que representen a votación favorable de dous terzos dos membros, como mínimo.

Cando o Consello Europeo ou o Consello adopten un acto por maioría cualificada, calquera membro do Consello Europeo ou do Consello poderá solicitar que se comprobe que os Estados membros que constitúen a maioría cualificada representan como mínimo o 62% da poboación total da Unión. Se se puxese de manifesto que esta condición non se cumpre, non se adaptará o acto en cuestión.

4. Ata o 31 de outubro de 2014, cando, en aplicación dos tratados, non participen na votación todos os membros do Consello, é dicir, nos casos en que se remita á maioría cualificada definida conforme ao punto 3 do artigo 238 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, a maioría cualificada definirase como a mesma proporción de votos ponderados e a mesma proporción do número de membros do Consello e, se é o caso, a mesma porcentaxe de poboación dos Estados membros de que se trate, que os establecidos no punto 3 do presente artigo.

TÍTULO III

DISPOSICIÓNS RELATIVAS ÁS FORMACIÓNS DO CONSELLO

Artigo 4

Ata a entrada en vigor da decisión considerada no parágrafo primeiro do punto 6 do artigo 16 do Tratado da Unión Europea, o Consello poderá reunirse nas formacións previstas nos parágrafos segundo e terceiro do devandito punto, así como nas demais formacións cuxa lista se estableza mediante unha decisión do Consello de Asuntos Xerais adoptada por maioría simple.

TÍTULO IV

DISPOSICIÓNS RELATIVAS Á COMISIÓN, INCLUÍDOS O ALTO REPRESENTANTE DA UNIÓN PARA ASUNTOS EXTERIORES E POLÍTICA DE SEGURIDADE

Artigo 5

Os membros da Comisión que estean en funcións na data de entrada en vigor do Tratado de Lisboa seguirán exercéndoas ata a fin do seu mandato. Non obstante, o día do nomeamento do Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade tocará á súa fin o mandato do membro que teña a mesma nacionalidade que o Alto Representante.

TÍTULO V

DISPOSICIÓNS RELATIVAS AO SECRETARIO XERAL DO CONSELLO, AO ALTO REPRESENTANTE DA POLÍTICA EXTERIOR E DE SEGURIDADE COMÚN E AO SECRETARIO XERAL ADXUNTO DO CONSELLO

Artigo 6

Os mandatos do Secretario Xeral do Consello, do Alto Representante da Política Exterior e de Seguridade Común e do Secretario Xeral Adxunto do Consello tocarán á súa fin na data de entrada en vigor do Tratado de Lisboa. O Consello nomeará un Secretario Xeral, de conformidade co punto 2 do artigo 240 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

TÍTULO VI

DISPOSICIÓN RELATIVA AOS ÓRGANOS CONSULTIVOS

Artigo 7

Ata a entrada en vigor da decisión considerada no artigo 301 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, a repartición dos membros do Comité Económico e Social será a seguinte:

Bélxica	12	Luxemburgo	6
Bulgaria	12	Hungría	12
República Checa	12	Malta	5
Dinamarca	9	Países Baixos	12
Alemaña	24	Austria	12
Estonia	7	Polonia	21
Irlanda	9	Portugal	12
Grecia	12	Romanía	15
España	21	Eslovenia	7
Francia	24	Eslovaquia	9
Italia	24	Finlandia	9
Chipre	6	Suecia	12
Letonia	7	Reino Unido	24
Lituania	9		

Artigo 8

Ata a entrada en vigor da decisión considerada no artigo 305 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, a repartición dos membros do Comité das Rexións será a seguinte:

Bélxica	12	Luxemburgo	6
Bulgaria	12	Hungría	12
República Checa	12	Malta	5
Dinamarca	9	Países Baixos	12
Alemaña	24	Austria	12
Estonia	7	Polonia	21
Irlanda	9	Portugal	12
Grecia	12	Romanía	15
España	21	Eslovenia	7
Francia	24	Eslovaquia	9
Italia	24	Finlandia	9
Chipre	6	Suecia	12
Letonia	7	Reino Unido	24
Lituania	9		

TÍTULO VII

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS RELATIVAS AOS ACTOS ADOPTADOS EN VIRTUDE DOS TÍTULOS V E VI DO TRATADO DA UNIÓN EUROPEA ANTES DA ENTRADA EN VIGOR DO TRATADO DE LISBOA

Artigo 9

Os efectos xurídicos dos actos das institucións, órganos e organismos da Unión adoptados en virtude do Tratado da Unión Europea antes da entrada en vigor do Tratado de Lisboa mantéñense en tanto os devanditos actos non fosen derogados, anulados ou modificados en aplicación dos tratados. O mesmo acontece cos convenios celebrados entre os Estados membros sobre a base do Tratado da Unión Europea.

Artigo 10

1. Con carácter transitorio e con respecto aos actos da Unión no ámbito da cooperación policial e xudicial en materia penal que fosen adoptados antes da entrada en vigor do Tratado de Lisboa, as atribucións das institucións na data de entrada en vigor do devandito tratado serán as seguintes: as atribucións da Comisión en virtude do artigo 258 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea non serán aplicables e as atribucións do Tribunal de Xustiza da Unión Europea en virtude do título VI do Tratado da Unión Europea, na súa versión vixente antes da entrada en vigor do Tratado de Lisboa, seguirán sendo as mesmas, aínda cando fosen aceptadas conforme ao punto 2 do artigo 35 do mencionado Tratado da Unión Europea.

2. A modificación dun acto contemplado no punto 1 levará consigo que se apliquen, respecto do acto modificado e en relación cos Estados membros aos que se vaia aplicar este, as atribucións de institucións mencionadas no devandito punto que establecen os tratados.

3. En calquera caso, a medida transitoria mencionada no punto 1 deixará de ter efectos cinco anos despois da entrada en vigor do Tratado de Lisboa.

4. Como moito seis meses antes da conclusión do período transitorio contemplado no punto 3, o Reino Unido poderá notificarlle ao Consello que non acepta, con respecto aos actos contemplados no punto 1, as atribucións das institucións mencionadas no punto 1 que establecen os tratados. En caso de que o Reino Unido realizase a devandita notificación, deixarán de aplicárselle

todos os actos contemplados no punto 1 a partir da data de expiración do período transitorio contemplado no punto 3. O presente parágrafo non se aplicará aos actos modificados que sexan aplicables ao Reino Unido, de conformidade co indicado no punto 2.

O Consello, que se pronunciará por maioría cualificada por proposta da Comisión, determinará as medidas necesarias, ben transitorias ou que deriven do anterior: O Reino Unido non participará na adopción desta decisión. A maioría cualificada do Consello definirase de conformidade coa letra a) do punto 3 do artigo 238 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

O Consello, que se pronunciará por maioría cualificada por proposta da Comisión, tamén poderá adoptar unha decisión mediante a cal determine que o Reino Unido soportará as consecuencias financeiras directas que puidesen derivarse, necesaria e inevitablemente, da súa decisión de deixar de participar nos devanditos actos.

5. O Reino Unido poderá notificarlle ulteriormente ao Consello, en calquera momento, o seu desexo de participar en actos que deixasen de aplicárselle conforme ao parágrafo primeiro do punto 4. Neste caso aplicaranse, segundo proceda, as disposicións pertinentes do Protocolo sobre o acervo de Schengen integrado no marco da Unión Europea ou do Protocolo sobre a posición do Reino Unido e Irlanda respecto do espazo de liberdade, seguridade e xustiza. As atribucións das institucións con respecto aos devanditos actos serán as establecidas polos tratados. Ao aplicar os protocolos pertinentes, as institucións da Unión e do Reino Unido tratarán de restablecer o maior nivel posible de participación do Reino Unido no acervo da Unión no ámbito do espazo de liberdade, seguridade e xustiza, evitando que na práctica iso afecte gravemente o funcionamento dos seus diversos compoñentes e respectando a coherencia destes.

PROTOCOLO (n.º 37)

SOBRE AS CONSECUCIAS FINANCEIRAS DA EXPIRACIÓN DO TRATADO CEEA E O FONDO DE INVESTIGACIÓN DO CARBÓN E DO ACEIRO

AS ALTAS PARTES CONTRATANTES,
RECORDANDO que todos os elementos do patrimonio activo e pasivo da Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro, tal como existían o 23 de

xullo de 2002, foron transferidos á Comunidade Europea a partir do 24 de xullo de 2002,

TOMANDO EN CONSIDERACIÓN que é desexable utilizar os devanditos fondos para a investigación nos sectores vinculados á industria do carbón e do aceiro e a conseqüente necesidade de establecer algunhas regras particulares para o efecto,

CONVIÑERON nas seguintes disposicións, que se incorporarán como anexo ao Tratado da Unión Europea e ao Tratado de Funcionamento da Unión Europea:

Artigo 1

1. Sen prexuízo de todo incremento ou diminución que puidese producirse por mor das operacións de liquidación, o valor neto dos devanditos elementos, tal como figuren no balance da CEEA o 23 de xullo de 2002, considerarase como un patrimonio destinado á investigación nos sectores relacionados coa industria do carbón e do aceiro, designado como «CEEA en liquidación». Tras o peche da liquidación, o patrimonio denominarase “Activos do Fondo de Investigación do Carbón e do Aceiro”.

2. Os ingresos que xere este patrimonio, denominados «Fondo de Investigación do Carbón e do Aceiro» utilizaranse exclusivamente con fins de investigación nos sectores vinculados á industria do carbón e do aceiro á marxe do programa marco de investigación, de conformidade co disposto no presente protocolo e nos actos adoptados en virtude deste.

Artigo 2

O Consello, conforme a un procedemento lexislativo especial e logo de aprobación do Parlamento Europeo, adoptará todas as disposicións necesarias para a aplicación do presente protocolo, incluídos os principios esenciais.

O Consello adoptará, a proposta da Comisión e logo de consulta ao Parlamento Europeo, as medidas que establezan as directrices financeiras plurianuais para a xestión do patrimonio do Fondo de Investigación do Carbón e do Aceiro, así como as directrices técnicas para o programa de investigación do devandito fondo.

Artigo 3

Salvo disposición en contrario do presente protocolo e dos actos adoptados en virtude deste, serán de aplicación as disposicións dos tratados.

4. ANEXOS

ANEXO I

LISTA PREVISTA NO ARTIGO 38 DO TRATADO DE FUNCIONAMENTO DA UNIÃO EUROPEA

(1) Partidas da nomenclatura de Bruxelas	(2) Denominación dos produtos
CAPÍTULO 1	Animais vivos
CAPÍTULO 2	Carnes e desperdicios comestibles
CAPÍTULO 3	Peixes, crustáceos e moluscos
CAPÍTULO 4	Leite e produtos lácteos; ovos de ave; mel natural
CAPÍTULO 5	
05.04	Tripas, vexigas e estómagos de animais (distintos dos de peixe), enteiros ou en anacos
05.15	Produtos de orixe animal non expresados nin comprendidos noutras partidas; animais mortos dos capítulos 1 ou 3, impropios para o consumo humano
CAPÍTULO 6	Plantas vivas e produtos da floricultura
CAPÍTULO 7	Legumes, plantas, raíces e tubérculos alimenticios
CAPÍTULO 8	Froitos comestibles; codias de agres e de melóns
CAPÍTULO 9	Café, té e especias, con exclusión da herba mate (partida 09.03)
CAPÍTULO 10	Cereais
CAPÍTULO 11	Produtos de moenda; malte; amidóns e féculas; glute; inulina
CAPÍTULO 12	Sementes e froitos oleaxinosos; sementes e froitos diversos; plantas industriais e medicinais; pallas e forraxes
CAPÍTULO 13	
ex 13.03	Pectina
CAPÍTULO 15	
15.01	Manteiga, outras graxas de porco e graxas de aves de curral, prensadas ou fundidas
15.02	Sebos (das especies bovina, ovina e caprina) en bruto ou fundidos, incluídos os sebos chamados «primeiros zumes»
15.03	Estearina solar; oleoestearina; aceite de manteiga de porco e oleomargarina non emulsionada, sen mestura nin preparación ningunha

(1) Partidas da nomenclatura de Bruxelas	(2) Denominación dos produtos
15.04	Graxas e aceites de peixe e de mamíferos mariños, mesmo refinados
15.07	Aceites vexetais fixos, fluídos ou concretos, brutos, purificados ou refinados
15.12	Graxas e aceites animais ou vexetais hidroxenados, mesmo refinados, pero sen preparación ulterior
15.13	Margarina, sucedáneos da manteiga de porco e outras graxas alimenticias preparadas
15.17	Residuos procedentes do tratamento dos corpos graxos ou das ceras animais ou vexetais
CAPÍTULO 16	Preparados de carnes, de peixes, de crustáceos e de moluscos
CAPÍTULO 17	
17.01	
17.02	Outros azucres; xaropes; sucedáneos do mel, mesmo mesturados con mel natural; azucres e melazas acarameladas
17.03	Melazas, mesmo descoloradas
17.05 ^(*)	Azucres, xaropes e melazas aromatizados ou con adición de colorantes (incluídos o azucre con vainilla ou vanilina), con excepción dos zumes de froitas con adición de azucre en calquera porcentaxe
CAPÍTULO 18	
18.01	Cacao en gran, enteiro ou partido, cru ou tostado
18.02	Casca, cascarilla, películas e residuos de cacao
CAPÍTULO 20	Preparados de legumes, de hortalizas, de froitas e doutras plantas ou partes de plantas
CAPÍTULO 22	
22.04	Mosto de uva parcialmente fermentado, mesmo «apagado» sen utilización de alcohol
22.05	Viños de uva; mosto de uva apagado con alcohol (incluídas as mistelas)
22.07	Sidra, perada, hidromel e outras bebidas fermentadas

^(*) Partida engadida polo artigo 1 do Regulamento n.º 7 bis do Consello da Comunidade Económica Europea, do 18 de decembro de 1959 (DO n.º 7 do 30.1.1961, p. 71/61).

(1) Partidas da nomenclatura de Bruxelas	(2) Denominación dos produtos
ex 22.08 ^(*) ex 22.09 ^(*)	Alcohol etílico desnaturalizado ou sen desnaturalizar; de calquera graduación, obtido cos produtos agrícolas que se enumeran no anexo I, con exclusión das augardentes, anexo I, con exclusión das augardentes, licores e demais bebidas espirituosas; preparados alcohólicos compostos (chamados «extractos concentrados») para a fabricación de bebidas
ex 22.10 ^(*)	Vinagre e os seus sucedáneos comestibles
CAPÍTULO 23	Residuos e desperdicios das industrias alimentarias; alimentos preparados para animais
CAPÍTULO 24	
ex 24.01	Tabaco en rama ou sen elaborar; desperdicios de tabaco
CAPÍTULO 45	
ex 45.01	Cortiza natural en bruto e desperdicios de cortiza; cortiza triturada, granulada ou pulverizada
CAPÍTULO 54	
ex 54.01	Liño en bruto (pabea de liño), enriado, espadado, angazado (peiteado) ou traballado doutra forma, pero sen fiar; estopas e desperdicios de liño (incluídos os fiaños)
CAPÍTULO 57	
57.01	Cánabo (<i>Cannabis sativa</i>) en rama, enriado, espadado, angazado (peiteado) ou traballado doutra forma, pero sen fiar; estopas e desperdicios de cánabo (incluídos os fiaños)

^(*) Partida engadida polo artigo 1 do Regulamento n.º 7 bis do Consello da Comunidade Económica Europea, do 18 de decembro de 1959 (DO n.º 7 do 30.1.1961, p. 71/61).

ANEXO II

PAÍSES E TERRITORIOS DE ULTRAMAR AOS QUE SE LLES APLICARÁN AS DISPOSICIÓNS DA CUARTA PARTE DO TRATADO DE FUNCIONAMENTO DA UNIÓN EUROPEA

- Grenlandia,
- Nova Caledonia e as súas dependencias,
- Polinesia francesa,
- Terras austrais e antárticas francesas,
- Illas Wallis e Futuna,
- Mayotte,
- San Pedro e Miquelón,
- Aruba,
- Antillas neerlandesas:
 - Bonaire,
 - Curaçao,
 - Saba,
 - Santo Eustaquio,
 - San Martín,
- Anguila,
- Illas Caimán,
- Illas Malvinas (Falkland),
- Xeorxia do Sur e Illas Sandwich do Sur,
- Montserrat,
- Pitcairn,
- Santa Elena e as súas dependencias,
- Territorio antártico británico,
- Territorios británicos do Océano Índico,
- Illas Turcas e Caicos,
- Illas Virxes británicas,
- Bermudas.

5. DECLARACIÓNS
ANEXAS Á ACTA FINAL DA CONFERENCIA
INTERGOVERNAMENTAL
QUE ADOPTOU O TRATADO DE LISBOA

asinado o 13 de decembro de 2007

A. DECLARACIÓNS RELATIVAS A DISPOSICIÓNS DOS TRATADOS

1. Declaración relativa á Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea

A Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, que ten carácter xuridicamente vinculante, confirma os dereitos fundamentais garantidos polo Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais e tal como resultan das tradicións constitucionais comúns aos Estados membros.

A Carta non amplía o ámbito de aplicación do dereito da Unión máis alá das competencias da Unión nin crea ningunha nova competencia nin ningún novo labor para a Unión e non modifica as competencias e os labores definidos polos tratados.

2. Declaración relativa ao punto 2 do artigo 6 do Tratado da Unión Europea

A Conferencia convén en que a adhesión da Unión ao Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais debería realizarse de maneira que se preserven as especificidades do ordenamento xurídico da Unión. Neste contexto, a Conferencia toma nota de que existe un diálogo regular entre o Tribunal de Xustiza da Unión Europea e o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, diálogo que poderá fortalecerse cando a Unión se adhira ao citado convenio.

3. Declaración relativa ao artigo 8 do Tratado da Unión Europea

A Unión terá en conta a situación particular dos países de pequena dimensión territorial que manteñen con ela relacións específicas de proximidade.

4. Declaración relativa á composición do Parlamento Europeo

O escano adicional do Parlamento Europeo asignaráselle a Italia.

5. Declaración relativa ao acordo político do Consello Europeo sobre o proxecto de decisión relativa á composición do Parlamento Europeo

O Consello Europeo dará a súa aprobación política ao proxecto revisado de decisión relativa

á composición do Parlamento Europeo para a lexislatura 2009–2014, baseándose na proposta do Parlamento Europeo.

6. Declaración relativa aos puntos 5 e 6 do artigo 15, aos puntos 6 e 7 do artigo 17 e ao artigo 18 do Tratado da Unión Europea

Na elección das persoas que haberán de desempeñar os cargos de Presidente do Consello Europeo, Presidente da Comisión e Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade deberá terse debidamente en conta a necesidade de respectar a diversidade xeográfica e demográfica da Unión e dos seus Estados membros.

7. Declaración relativa ao punto 4 do artigo 16 do Tratado da Unión Europea e ao punto 2 do artigo 238 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea

A Conferencia declara que a decisión relativa á aplicación do punto 4 do artigo 16 do Tratado da Unión Europea e do punto 2 do artigo 238 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea será adoptada polo Consello na data da sinatura do Tratado de Lisboa e entrará en vigor o día en que entre en vigor o devandito tratado. O proxecto de decisión figura a continuación:

Proxecto de decisión do Consello relativa á aplicación do punto 4 do artigo 16 do Tratado da Unión Europea e do punto 2 do artigo 238 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea entre o 1 de novembro de 2014 e o 31 de marzo de 2017, por unha parte, e a partir do 1 de abril de 2017, por outra.

O CONSELLO DA UNIÓN EUROPEA,
Considerando o seguinte:

- (1) Convén adoptar unhas disposicións que permitan unha transición fluída do sistema de toma de decisións por maioría cualificada no Consello –definido no punto 3 do artigo 3 do Protocolo sobre as disposicións transitorias, que seguirá aplicándose ata o 31 de outubro de 2014– ao sistema de votación previsto no punto 4 do artigo 16 do Tratado da Unión Europea e no punto 2 do artigo 238 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, que se aplicará a partir do 1 de novembro de 2014, incluídas, durante un período transitorio que concluirá o 31 de marzo de 2017, algunhas dis-

posicións específicas previstas no punto 2 do artigo 3 do devandito protocolo.

- (2) Recórdase que é práctica do Consello facer todo o posible por reforzar a lexitimidade democrática dos actos adoptados por maioría cualificada.

DECIDE:

Sección 1

Disposicións aplicables entre o 1 de novembro de 2014 e o 31 de marzo de 2017

Artigo 1

Entre o 1 de novembro de 2014 e o 31 de marzo de 2017, se un número de membros do Consello que represente:

a) polo menos as tres cuartas partes da poboación, ou

b) polo menos as tres cuartas partes do número de Estados membros,

necesario para constituír unha minoría de bloqueo en aplicación do parágrafo primeiro do punto 4 do artigo 16 do Tratado da Unión Europea ou do punto 2 do artigo 238 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, manifesta a súa oposición a que o Consello adopte un acto por maioría cualificada, o Consello debaterá o asunto.

Artigo 2

No transcurso dos devanditos debates, o Consello fará canto estea na súa man para lograr, dentro dun prazo razoable e sen afectar os prazos obrigatorios establecidos no dereito da Unión, unha solución satisfactoria para responder ás preocupacións expostas polos membros do Consello aos que se refire o artigo 1.

Artigo 3

Para tal fin, o Presidente do Consello, asistido pola Comisión e dentro do respecto do regulamento interno do Consello, tomará todas as iniciativas necesarias para facilitar a consecución dunha base de acordo máis ampla no Consello. Os membros do Consello prestaranlle a súa axuda.

Sección 2

Disposicións aplicables a partir do 1 de abril de 2017

Artigo 4

A partir do 1 de abril de 2017, se un número de membros do Consello que represente:

a) polo menos o 55% da poboación, ou

b) polo menos o 55% do número de Estados membros,

necesario para constituír unha minoría de bloqueo en aplicación do parágrafo primeiro do punto 4 do artigo 16 do Tratado da Unión Europea ou do punto 2 do artigo 238 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, manifesta a súa oposición a que o Consello adopte un acto por maioría cualificada, o Consello debaterá o asunto.

Artigo 5

No transcurso dos devanditos debates, o Consello fará canto estea na súa man para lograr, dentro dun prazo razoable e sen afectar os prazos obrigatorios establecidos no dereito da Unión, unha solución satisfactoria para responder ás preocupacións expostas polos membros do Consello aos que se refire o artigo 4.

Artigo 6

Para tal fin, o Presidente do Consello, asistido pola Comisión e dentro do respecto do regulamento interno do Consello, tomará todas as iniciativas necesarias para facilitar a consecución dunha base de acordo máis ampla no Consello. Os membros do Consello prestaranlle a súa axuda.

Sección 3

Entrada en vigor

Artigo 7

A presente decisión entrará en vigor o día da entrada en vigor do Tratado de Lisboa.

8. Declaración relativa ás medidas prácticas que deberán adoptarse ao entrar en vigor o Tratado de Lisboa polo que respecta á presidencia do Consello Europeo e do Consello de Asuntos Exteriores

En caso de que o Tratado de Lisboa entre en vigor despois do 1 de xaneiro de 2009, a Conferencia invita as autoridades competentes do Estado membro que exerza a presidencia semes-

tral do Consello nese momento, por unha parte, e a personalidade que será elixida Presidente do Consello Europeo e a personalidade que será nomeada Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade, por outra, a adoptar as medidas concretas necesarias, consultando a presidencia semestral seguinte, que permitan unha transición eficaz polo que respecta aos aspectos materiais e organizativos do exercicio da presidencia do Consello Europeo e do Consello de Asuntos Exteriores.

9. Declaración relativa ao punto 9 do artigo 16 do Tratado da Unión Europea sobre a Decisión do Consello Europeo relativa ao exercicio da presidencia do Consello

A Conferencia declara que o Consello debería empezar a preparar a decisión pola que se fixen os procedementos de aplicación da decisión relativa ao exercicio da presidencia do Consello en canto se asine o Tratado de Lisboa e a aprobala politicamente nun prazo de seis meses. A continuación, recóllese un proxecto de decisión do Consello Europeo, que se adoptará o día da entrada en vigor do devandito tratado:

Proxecto de decisión do Consello Europeo relativa ao exercicio da presidencia do Consello

Artigo 1

1. A presidencia do Consello, con excepción da formación de Asuntos Exteriores, será desempeñada por grupos predeterminados de tres Estados membros durante un período de dezoito meses. Estes grupos formaranse por rotación igual dos Estados membros, atendendo á súa diversidade e aos equilibrios xeográficos na Unión.

2. Cada membro do grupo exercerá por rotación, durante un período de seis meses, a presidencia de todas as formacións do Consello, con excepción da formación de Asuntos Exteriores. Os demais membros do grupo asistirán a presidencia en todas as súas responsabilidades conforme a un programa común. Os membros do grupo poderán convir entre si outros acordos.

Artigo 2

A presidencia do Comité de Representantes Permanentes dos gobernos dos Estados mem-

bro será exercida por un representante do Estado membro que presida o Consello de Asuntos Xerais.

A presidencia do Comité Político e de Seguridade será desempeñada por un representante do Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade.

A presidencia dos órganos preparatorios das diversas formacións do Consello, con excepción da formación de Asuntos Exteriores, corresponderalle ao membro do grupo que presida a formación correspondente, salvo decisión contraria de conformidade co artigo 4.

Artigo 3

O Consello de Asuntos Xerais velará, en cooperación coa Comisión, pola coherencia e a continuidade dos traballos das diferentes formacións do Consello no marco dunha programación plurianual. Os Estados membros que exerzan a presidencia adoptarán, coa axuda da Secretaría Xeral do Consello, todas as disposicións necesarias para a organización e a boa marcha dos traballos do Consello.

Artigo 4

O Consello adoptará unha decisión pola que se establezan as medidas de aplicación da presente decisión.

10. Declaración relativa ao artigo 17 do Tratado da Unión Europea

A Conferencia estima que a Comisión, cando xa non conte con nacionais de todos os Estados membros, debería prestarlle especial atención á necesidade de garantir unha total transparencia nas relacións con todos os Estados membros. En consecuencia, a Comisión debería manter un estreito contacto con todos os Estados membros, independentemente de que estes teñan ou non un nacional como membro da Comisión e, neste contexto, debería prestarlle especial atención á necesidade de compartir a información con todos os Estados membros e consultalos.

Ademais, a Conferencia considera que a Comisión debería tomar todas as medidas necesarias para garantir que se teñan plenamente en conta as realidades políticas, sociais e económicas de todos os Estados membros, mesmo as daqueles que non conten con ningún nacional entre os membros da Comisión. As devanditas medidas deberían incluír a garantía de que a posición deses Estados membros se teña en conta me-

dianxe a adopción de disposicións de organización axeitadas.

11. Declaración relativa aos puntos 6 e 7 do artigo 17 do Tratado da Unión Europea

A Conferencia entende que, en virtude do disposto nos tratados, o Parlamento Europeo e o Consello Europeo son responsables conxuntamente da boa marcha do proceso que conduce á elección do Presidente da Comisión Europea. Por conseguinte, antes da decisión do Consello Europeo, manteranse as necesarias consultas entre representantes do Parlamento Europeo e do Consello Europeo, no marco que se considere máis oportuno. As devanditas consultas, conforme ao disposto no parágrafo primeiro do punto 7 do artigo 17, versarán sobre o perfil dos candidatos ao cargo de Presidente da Comisión, tendo en conta as eleccións ao Parlamento Europeo. As condicións de celebración das devanditas consultas poderán precisarse no momento oportuno, de común acordo entre o Parlamento Europeo e o Consello Europeo.

12. Declaración relativa ao artigo 18 do Tratado da Unión Europea

1. A Conferencia declara que se manterán os contactos oportunos co Parlamento Europeo durante os traballos preparatorios que precedan o nomeamento do Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade, que debe producirse na data de entrada en vigor do Tratado de Lisboa, conforme ao artigo 18 do Tratado da Unión Europea e ao artigo 5 do Protocolo sobre as disposicións transitorias, cuxo mandato durará dende a citada data ata o final do mandato da Comisión que estea en funcións nese momento.

2. Así mesmo, respecto do Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade cuxo mandato comezará en novembro de 2009, ao mesmo tempo e coa mesma duración que o da próxima Comisión, a Conferencia recorda que será nomeado conforme ao disposto nos artigos 17 e 18 do Tratado da Unión Europea.

13. Declaración relativa á política exterior e de seguridade común

A Conferencia destaca que as disposicións do Tratado da Unión Europea relativas á política exterior e de seguridade común, como a creación do cargo de Alto Representante da Unión para

Asuntos Exteriores e Política de Seguridade e a creación dun servizo europeo de acción exterior; entenderanse sen prexuízo das responsabilidades dos Estados membros, no seu estado actual, para a formulación e dirección da súa política exterior e sen prexuízo da súa representación nacional en terceiros países e organizacións internacionais.

A Conferencia recorda, así mesmo, que as disposicións polas que se rexe a política común de seguridade e defensa se entenden sen menoscabo do carácter específico da política de seguridade e defensa dos Estados membros.

Pon de relevo que a Unión Europea e os seus Estados membros seguirán vinculados polas disposicións da Carta das Nacións Unidas e, en particular, pola responsabilidade primordial do Consello de Seguridade e dos seus Estados membros de manter a paz e a seguridade internacionais.

14. Declaración relativa á política exterior e de seguridade común

Ademais das normas e procedementos específicos a que se fai referencia no punto 1 do artigo 24 do Tratado da Unión Europea, a Conferencia subliña que as disposicións referentes á política exterior e de seguridade común, incluído o relativo ao Alto Representante da Unión para Asuntos Exteriores e Política de Seguridade e ao servizo europeo de acción exterior, non afectarán as bases xurídicas, responsabilidades e competencias existentes de cada Estado membro en relación coa formulación e condución da súa política exterior, o seu servizo diplomático nacional, as súas relacións con terceiros países e a súa participación en organizacións internacionais, incluída a pertenza dun Estado membro ao Consello de Seguridade das Nacións Unidas.

A Conferencia observa, por outro lado, que as disposicións correspondentes á política exterior e de seguridade común non lle confiren novos poderes de iniciativa de decisións á Comisión nin amplían a función do Parlamento Europeo.

A Conferencia tamén recorda que as disposicións polas que se rexe a política común de seguridade e defensa se entenden sen menoscabo do carácter específico da política de seguridade e defensa dos Estados membros.

15. Declaración relativa ao artigo 27 do Tratado da Unión Europea

A Conferencia declara que, en canto se asine o Tratado de Lisboa, o Secretario Xeral do Con-

sello, o Alto Representante da Política Exterior e de Seguridade Común, a Comisión e os Estados membros deberían comezar os traballos preparatorios relativos ao servizo europeo de acción exterior.

16. Declaración relativa ao punto 2 do artigo 55 do Tratado da Unión Europea

A Conferencia considera que a posibilidade de traducir os tratados nas linguas a que se refire o punto 2 do artigo 55 contribúe a cumprir o obxectivo de respectar a riqueza da diversidade cultural e lingüística da Unión enunciado no parágrafo cuarto do punto 3 do artigo 3. Neste contexto, a Conferencia confirma o compromiso da Unión coa diversidade cultural de Europa e a especial atención que lles seguirá prestando a estas e a outras linguas.

A Conferencia recomenda que os Estados membros que desexen acollerse á posibilidade recoñecida no punto 2 do artigo 55 lle comuniquen ao Consello, nun prazo de seis meses a partir da data da sinatura do Tratado de Lisboa, a lingua ou linguas ás que se farán traducións dos tratados.

17. Declaración relativa á primacía

A Conferencia recorda que, conforme a unha xurisprudencia reiterada do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, os tratados e o dereito adoptado pola Unión sobre a súa base priman sobre o dereito dos Estados membros, nas condicións establecidas pola citada xurisprudencia.

Ademais, a conferencia decidiu incorporar á presente acta final o ditame do Servizo Xurídico do Consello sobre a primacía, tal como figura no documento 11197/07 (JUR 260):

«Ditame do Servizo Xurídico do Consello do 22 de xuño de 2007

Resulta da xurisprudencia do Tribunal de Xustiza que a primacía do dereito comunitario é un principio fundamental do dereito comunitario. Segundo o Tribunal de Xustiza, este principio é inherente á natureza específica da Comunidade Europea. No momento da primeira sentenza desta xurisprudencia constante (Costa/ENEL, 15 de xullo de 1964, asunto 6/64⁽¹⁾, o tratado non contiña

mención ningunha á primacía, e aínda hoxe segue sen contela. O feito de que o principio de primacía non estea incluído no futuro tratado non cambiará en modo ningún a existencia deste principio nin a xurisprudencia existente do Tribunal de Xustiza.»

18. Declaración relativa á delimitación das competencias

A Conferencia subliña que, de conformidade co sistema de repartición de competencias entre a Unión e os Estados membros previsto no Tratado da Unión Europea e no Tratado de Funcionamento da Unión Europea, as competencias que os tratados non lle atribúan á Unión serán dos Estados membros.

Cando os tratados lle atribúan á Unión unha competencia compartida cos Estados membros nun ámbito determinado, os Estados membros exercerán a súa competencia na medida en que a Unión non exerza a súa ou decida deixar de exercela. Esta última situación fórmulase cando as institucións competentes da Unión deciden derogar un acto lexislativo, en particular para garantir mellor o respecto constante dos principios de subsidiariedade e proporcionalidade. O Consello, a iniciativa dun ou varios dos seus membros (representantes dos Estados membros) e de conformidade co artigo 241 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, poderá pedirlle á Comisión que presente propostas de derogación dun acto lexislativo. A Conferencia congratúlase de que a Comisión declare que lles concederá unha atención especial ás devanditas solicitudes.

De igual modo, os representantes dos gobernos dos Estados membros, reunidos nunha conferencia intergubernamental, poderán decidir, conforme ao procedemento de revisión ordinario previsto nos puntos 2 a 5 do artigo 48 do Tratado da Unión Europea, modificar os tratados nos que se fundamenta a Unión, mesmo para aumentar ou reducir as competencias atribuídas á Unión nos devanditos tratados.

⁽¹⁾ "(...) despréndese que ao dereito creado polo tratado, nacido dunha fonte autónoma, non se pode opoñer, en razón da súa específica natureza orixinal, unha norma interna, calquera que sexa esta, ante os órganos xurisdiccionais, sen que ao mesmo tempo aquel perda o seu carácter comunitario e poña en dúbida a base xurídica mesma da Comunidade".

19. Declaración relativa ao artigo 8 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea

A Conferencia convén en que, no seu empeño xeral por eliminar as desigualdades entre a muller e o home, a Unión tratará nas súas distintas políticas de combater a violencia doméstica en todas as súas formas. É preciso que os Estados membros adopten todas as medidas necesarias para previr e castigar estes actos delituosos e para lles prestar apoio e protección ás vítimas.

20. Declaración relativa ao artigo 16 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea

A Conferencia declara que, sempre que as normas sobre protección de datos de carácter persoal que haxan de adoptarse conforme ao artigo 16 poidan ter unha repercusión directa na seguridade nacional, haberán de terse debidamente en conta as características específicas da cuestión. Recorda que a lexislación actualmente aplicable (véxase, en particular, a Directiva 95/46/CE) contén excepcións específicas a este respecto.

21. Declaración relativa á protección de datos de carácter persoal no ámbito da cooperación xudicial en materia penal e da cooperación policial

A Conferencia reconece que poderían requirirse normas específicas para a protección de datos de carácter persoal e a libre circulación dos devanditos datos nos ámbitos da cooperación xudicial en materia penal e da cooperación policial que se baseen no artigo 16 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, en razón da natureza específica dos devanditos ámbitos.

22. Declaración relativa aos artigos 48 e 79 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea

A Conferencia considera que, en caso de que un proxecto de acto lexislativo baseado no punto 2 do artigo 79 prexudique aspectos fundamentais do sistema de seguridade social dun Estado membro, como o seu ámbito de aplicación, custo ou estrutura financeira, ou afecte o equilibrio financeiro dese sistema, segundo se recolle no parágrafo segundo do artigo 48, teñanse debidamente en conta os intereses do devandito Estado membro.

23. Declaración relativa ao parágrafo segundo do artigo 48 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea

A Conferencia recorda que, neste caso, de conformidade co disposto no punto 4 do artigo 15 do Tratado da Unión Europea, o Consello Europeo se pronunciará por consenso.

24. Declaración relativa á personalidade xurídica da Unión Europea

A Conferencia confirma que o feito de que a Unión Europea teña personalidade xurídica non autorizará en modo ningún a Unión a legislar ou actuar máis alá das competencias que os Estados membros lle atribuíron nos Tratados.

25. Declaración relativa aos artigos 75 e 215 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea

A Conferencia recorda que o respecto dos dereitos e liberdades fundamentais implica, en particular, que se lle preste a debida atención á protección e ao respecto do dereito das persoas físicas ou das entidades de que se trate a gozar das garantías previstas na lei. Para iso, e co obxecto de garantir un control xurisdiccional estrito das decisións polas que se impoñan medidas restritivas a unha persoa física ou a unha entidade, as ditas decisións deberán basearse nuns criterios claros e precisos. Estes criterios deberían axustarse á especificidade de cada unha das medidas restritivas.

26. Declaración relativa á non participación dun Estado membro nunha medida baseada no título V da terceira parte do Tratado de Funcionamento da Unión Europea

A Conferencia declara que cando un Estado membro opte por non participar nunha medida baseada no título V da terceira parte do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, o Consello manterá un amplo debate sobre as repercusións e posibles efectos da non participación do devandito Estado membro na medida.

Ademais, calquera Estado membro poderá invitar a Comisión a examinar a situación sobre a base do artigo 116 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

Os anteriores parágrafos enténdense sen prexuízo da posibilidade de que un Estado membro eleve ao Consello Europeo esta cuestión.

27. Declaración relativa ao parágrafo segundo do punto 1 do artigo 85 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea

A Conferencia considera que os regulamentos a que se refire o parágrafo segundo do punto 1 do artigo 85 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea deberían ter en conta as normas e prácticas nacionais relativas ao inicio de investigacións penais.

28. Declaración relativa ao artigo 98 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea

A Conferencia toma nota de que as disposicións do artigo 98 se aplicarán conforme á práctica actual. A frase «as medidas (...) necesarias para compensar as desvantaxes económicas que a división de Alemaña lle ocasiona á economía de determinadas rexións da República Federal, afectadas por esta división» debe interpretarse de acordo coa xurisprudencia existente do Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

29. Declaración relativa á letra c) do punto 2 do artigo 107 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea

A Conferencia toma nota de que a letra c) do punto 2 do artigo 107 debe interpretarse de acordo coa xurisprudencia existente do Tribunal de Xustiza da Unión Europea en materia de aplicabilidade destas disposicións ás axudas concedidas a determinadas rexións da República Federal de Alemaña afectadas pola antiga división de Alemaña.

30. Declaración relativa ao artigo 126 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea

Polo que respecta ao artigo 126, a Conferencia confirma que os dous piares da política económica e orzamentaria da Unión e dos Estados membros consisten en fortalecer o potencial de crecemento e garantir unhas situacións orzamentarias saneadas. O Pacto de Estabilidade e Crecemento é un instrumento importante para lograr estes obxectivos.

A Conferencia reitera a súa adhesión ás disposicións relativas ao Pacto de Estabilidade e Crecemento, que constitúen o marco no que se debe efectuar a coordinación das políticas orzamentarias dos Estados membros.

A Conferencia confirma que un sistema baseado en normas é a mellor garantía de que os compromisos se cumpran e de que todos os Estados membros sexan tratados en condicións de igualdade.

Dentro deste marco, a Conferencia reitera así mesmo a súa adhesión aos obxectivos da estratexia de Lisboa: creación de emprego, reformas estruturais e cohesión social.

A Unión ten por obxecto lograr un crecemento económico equilibrado e a estabilidade dos prezos. As políticas económicas e orzamentarias deben, por conseguinte, establecer as prioridades adecuadas en materia de reformas económicas, innovación, competitividade e fortalecemento do investimento privado e do consumo nas fases de débil crecemento económico. Isto debería reflectirse nas orientacións das decisións orzamentarias, tanto a escala nacional coma da Unión, en particular mediante a reestruturación dos ingresos e gastos públicos, dentro do respecto da disciplina orzamentaria, de conformidade cos tratados e co Pacto de Estabilidade e Crecemento.

Os desafíos orzamentarios e económicos a que fan fronte os Estados membros poñen de relevo a importancia dunha política orzamentaria saneada ao longo de todo ciclo económico.

A Conferencia convén en que os Estados membros deberían aproveitar activamente os períodos de recuperación económica para consolidar as súas finanzas públicas e mellorar a súa situación orzamentaria. O obxectivo é lograr de forma gradual un superávit orzamentario en períodos favorables, creando a marxe necesaria para lles facer fronte ás fases de recesión e contribuíndo así á viabilidade a longo prazo das finanzas públicas.

Os Estados membros agardan con interese as posibles propostas da Comisión, así como novas contribucións dos Estados membros encamiñadas a reforzar e a aclarar a aplicación do Pacto de Estabilidade e Crecemento. Os Estados membros tomarán todas as medidas necesarias para aumentar o potencial de crecemento das súas economías. A mellora da coordinación da política económica podería favorecer este obxectivo. A presente declaración non prexulga o futuro debate sobre o Pacto de Estabilidade e Crecemento.

31. Declaración relativa ao artigo 156 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea

A Conferencia confirma que as políticas descritas no artigo 156 son no esencial competencia

dos Estados membros. As medidas de fomento e de coordinación que haxan de tomarse a escala da Unión de conformidade co disposto nese artigo revisten un carácter complementario. Pretenden reforzar a cooperación entre Estados membros e non harmonizar os sistemas nacionais. As garantías e os usos vixentes en cada Estado membro no referente á responsabilidade dos interlocutores sociais non se verán afectadas.

A presente declaración enténdese sen prexuízo das disposicións dos tratados que lle atribúen competencias á Unión, incluído no ámbito social.

32. Declaración relativa á letra c) do punto 4 do artigo 168 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea

A Conferencia declara que as medidas que se adopten en aplicación da letra c) do punto 4 do artigo 168 deben respectar os aspectos comúns de seguridade e ter como obxectivo establecer normas elevadas de calidade e seguridade cando; de non ser así, as normas nacionais que afectan o mercado interior representen un obstáculo para alcanzar un nivel elevado de protección da saúde humana.

33. Declaración relativa ao artigo 174 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea

A Conferencia considera que a expresión «rexións insulares» a que se fai referencia no artigo 174 pode designar así mesmo Estados insulares na súa totalidade, sempre que se reúnan as condicións necesarias.

34. Declaración relativa ao artigo 179 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea

A Conferencia convén en que a acción da Unión no ámbito da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico terá debidamente en conta as orientacións e opcións fundamentais contidas nas políticas de investigación dos Estados membros.

35. Declaración relativa ao artigo 194 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea

A Conferencia estima que o artigo 194 non afecta o dereito dos Estados membros a adoptar as disposicións necesarias para garantir o seu abastecemento enerxético nas condicións esta-

blecidas no artigo 347.

36. Declaración relativa ao artigo 218 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea sobre a negociación e celebración de acordos internacionais polos Estados membros en relación co espazo de liberdade, seguridade e xustiza

A Conferencia confirma que os Estados membros poderán negociar e celebrar acordos con terceiros países ou organizacións internacionais nos ámbitos a que fan referencia os capítulos 3, 4 e 5 do título V da terceira parte, sempre e cando os devanditos acordos se axusten ao dereito da Unión.

37. Declaración relativa ao artigo 222 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea

Sen prexuízo das medidas adoptadas pola Unión para cumprir coa súa obriga de solidariedade respecto dun Estado membro que sexa obxecto dun ataque terrorista ou vítima dunha catástrofe natural ou de orixe humana, ningunha das disposicións do artigo 222 pretende afectar o dereito doutro Estado membro de escoller os medios máis apropiados para cumprir coa súa obriga de solidariedade respecto dese Estado membro.

38. Declaración relativa ao artigo 252 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea sobre o número de Avogados Xerais do Tribunal de Xustiza

A Conferencia declara que se, en virtude do parágrafo primeiro do artigo 252 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, o Tribunal de Xustiza solicita aumentar o número de Avogados Xerais en tres persoas (é dicir, once en vez de oito), o Consello, por unanimidade, dará o seu acordo sobre o devandito aumento.

Nese caso, a Conferencia acorda que Polonia, como xa acontece con Alemaña, Francia, Italia, España e o Reino Unido, terá un Avogado Xeral permanente e non participará xa no sistema rotatorio. Por outra banda, o actual sistema de rotación afectaralles a cinco Avogados Xerais en vez de a tres.

39. Declaración relativa ao artigo 290 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea

A Conferencia toma nota da intención da Comisión de seguir consultando expertos nomeados polos Estados membros para a elaboración dos seus proxectos de actos delegados no ámbito dos servizos financeiros, conforme á súa práctica establecida.

40. Declaración relativa ao artigo 329 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea

A Conferencia declara que, ao solicitar o establecemento dunha cooperación reforzada, os Estados membros poderán indicar se xa nese momento teñen intención de que se aplique o artigo 333, que dispón a ampliación da votación por maioría cualificada ou de recorrer ao procedemento lexislativo ordinario.

41. Declaración relativa ao artigo 352 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea

A Conferencia declara que a referencia que fai o punto 1 do artigo 352 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea aos obxectivos da Unión remite aos obxectivos enunciados nos puntos 2 e 3 do artigo 3 do Tratado da Unión Europea e aos obxectivos enunciados no punto 5 do artigo 3 do devandito tratado, relativo á acción exterior, en virtude da quinta parte do Tratado de Funcionamento da Unión Europea. Por conseguinte, unha acción baseada no artigo 352 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea non poderá perseguir unicamente os obxectivos contemplados no punto 1 do artigo 3 do Tratado da Unión Europea. A este respecto, a Conferencia sinala que, de conformidade co punto 1 do artigo 31 do Tratado da Unión Europea, non poderán adoptarse actos lexislativos no ámbito da política exterior e de seguridade común.

42. Declaración relativa ao artigo 352 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea

A Conferencia subliña que, de conformidade coa xurisprudencia reiterada do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, o artigo 352 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, que forma parte integrante dun ordenamento institucional baseado no principio das competencias de atribución, non pode servir de base para ampliar o ámbito das competencias da Unión máis alá do marco xeral que establecen as disposicións dos Tratados no seu conxunto, en particu-

lar aquelas polas que se definen as funcións e accións da Unión. Este artigo non poderá en ningún caso servir de base para adoptar disposicións que teñan por efecto, en esencia, polas súas consecuencias, modificar os tratados sen seguir o procedemento que estes fixan para tal efecto.

43. Declaración relativa ao punto 6 do artigo 355 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea

As Altas Partes contratantes conveñen en que o Consello Europeo, en aplicación do punto 6 do artigo 355, adoptará unha decisión que dará lugar á modificación do estatuto de Mayotte respecto da Unión, co obxecto de que o devandito territorio pase a ser rexión ultraperiférica no sentido do punto 1 do artigo 355 e do artigo 349, cando as autoridades francesas lle notifiquen ao Consello Europeo e á Comisión que así o permite a evolución en curso do estatuto interno da illa.

B. DECLARACIÓNS RELATIVAS A PROTOCOLOS ANEXOS AOS TRATADOS

44. Declaración relativa ao artigo 5 do Protocolo sobre o acervo de Schengen integrado no marco da Unión Europea

A Conferencia toma nota de que o Estado membro que notificase, conforme ao punto 2 do artigo 5 do Protocolo sobre o acervo de Schengen integrado no marco da Unión Europea, o seu desexo de non participar nunha proposta ou iniciativa, poderá retirar a devandita notificación en calquera momento antes de que se adopte a medida para desenvolver o acervo de Schengen.

45. Declaración relativa ao punto 2 do artigo 5 do Protocolo sobre o acervo de Schengen integrado no marco da Unión Europea

A Conferencia declara que, sempre que o Reino Unido ou Irlanda lle indique ao Consello a súa intención de non participar nunha medida para desenvolver unha parte do acervo de Schengen na que un ou outro participe, o Consello terá un amplo debate sobre as posibles repercusións da non participación do devandito Estado membro na medida. O debate no seo do Consello celebrárase á luz das indicacións facilitadas pola Comisión acerca da relación entre a proposta e o acervo de Schengen.

46. Declaración relativa ao punto 3 do artigo 5 do Protocolo sobre o acervo de Schengen integrado no marco da Unión Europea

A Conferencia recorda que, se o Consello non toma unha decisión tras un primeiro debate sobre o fondo da cuestión, a Comisión pode presentar unha proposta modificada para que o Consello realice un novo exame adicional de fondo no prazo de catro meses.

47. Declaración relativa aos puntos 3, 4 e 5 do artigo 5 do Protocolo sobre o acervo de Schengen integrado no marco da Unión Europea

A Conferencia toma nota de que as condicións que se determinen na decisión a que se refiren os puntos 3, 4 e 5 do artigo 5 do Protocolo sobre o acervo de Schengen integrado no marco da Unión Europea poderán supoñer que o Estado membro de que se trate soporte as consecuencias financeiras directas que puidesen derivarse, necesaria e inevitablemente, da súa decisión de deixar de participar na totalidade ou nunha parte do acervo contemplado en calquera decisión adoptada polo Consello conforme ao artigo 4 do devandito protocolo.

48. Declaración relativa ao Protocolo sobre a posición de Dinamarca

A Conferencia toma nota de que Dinamarca declara, en relación cos actos xurídicos que o Consello adopte por si só ou conxuntamente co Parlamento Europeo e que conteñan disposicións aplicables a Dinamarca, así como disposicións que non lle sexan aplicables por ter unha base xurídica á que se lle aplique a parte I do Protocolo sobre a posición de Dinamarca, que non utilizará o seu dereito de voto para impedir a adopción das disposicións que non lle sexan aplicables.

A Conferencia toma nota así mesmo de que Dinamarca, baseándose na declaración da Conferencia relativa ao artigo 222, declara que a súa participación en accións ou actos xurídicos en aplicación do artigo 222 se levará a cabo de conformidade coas partes I e II do Protocolo sobre a posición de Dinamarca.

49. Declaración relativa a Italia

A Conferencia toma nota de que o Protocolo relativo a Italia, anexo ao Tratado Constitutivo da Comunidade Económica Europea de 1957,

modificado con ocasión da adopción do Tratado da Unión Europea, estipulaba que:

«AS ALTAS PARTES CONTRATANTES, DESEXANDO resolver determinados problemas particulares que afectan a Italia, CONVIÑERON nas seguintes disposicións, que se incorporarán como anexo ao tratado: OS ESTADOS MEMBROS DA COMUNIDADE TOMAN NOTA de que o Goberno italiano emprendeu a execución dun programa decenal de expansión económica, que ten por obxecto corrixir os desequilibrios estruturais da economía italiana, en particular equipando as zonas menos desenvolvidas do sur e das illas e creando novos postos de traballo co fin de eliminar o desemprego,

RECORDAN que este programa do Goberno italiano foi tomado en consideración e aprobado nos seus principios e obxectivos por organizacións de cooperación internacional das que eles son membros,

RECOÑECEN que, en interese común, deben alcanzarse os obxectivos do programa italiano,

CONVEÑEN, co obxecto de lle facilitar ao Goberno italiano a realización desta tarefa, en lles recomendar ás institucións da Comunidade que apliquen todos os mecanismos e procedementos previstos no tratado, procedendo, en especial, ao emprego axeitado dos recursos do Banco Europeo de Investimentos e do Fondo Social Europeo,

SON DO PARECER que as institucións da Comunidade deben ter en conta, ao aplicar o tratado, o esforzo que a economía italiana haberá de soportar nos próximos anos e a conveniencia de evitar que se produzan tensións perigosas, de xeito especial na balanza de pagamentos ou no nivel de emprego, que poderían comprometer a aplicación deste tratado en Italia,

RECOÑECEN en particular que, en caso de aplicación dos artigos 109 H e 109 I, haberá que procurar que as medidas solicitadas ao Goberno italiano garantan o cumprimento do seu programa de expansión económica e de elevación do nivel de vida da poboación».

50. Declaración relativa ao artigo 10 do Protocolo sobre as disposicións transitorias

A Conferencia invita o Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión a que, no marco das súas respectivas atribucións, se esforcen por adoptar, nos casos pertinentes e, na medida do posible, no prazo de cinco anos mencionado no punto 3 do artigo 10 do Protocolo sobre as disposicións

transitorias, actos xurídicos que modifiquen ou substitúan os actos contemplados no punto 1 do artigo 10 do devandito protocolo.

C. DECLARACIÓNS DE ESTADOS MEMBROS

51. Declaración do Reino de Bélxica relativa aos parlamentos nacionais

Bélxica precisa que, en virtude do seu dereito constitucional, tanto a Cámara de Representantes e o Senado do Parlamento Federal como as asembleas parlamentarias das comunidades e rexións actúan, en función das competencias exercidas pola Unión, como compoñentes do sistema parlamentario nacional ou cámaras do Parlamento nacional.

52. Declaración do Reino de Bélxica, da República de Bulgaria, da República Federal de Alemaña, da República Helénica, do Reino de España, da República Italiana, da República de Chipre, da República de Lituania, do Gran Ducado de Luxemburgo, da República de Hungría, da República de Malta, da República de Austria, da República Portuguesa, de Romanía, da República de Eslovenia e da República Eslovaca relativa aos símbolos da Unión Europea

Bélxica, Bulgaria, Alemaña, Grecia, España, Italia, Chipre, Lituania, Luxemburgo, Hungría, Malta, Austria, Portugal, Romanía, Eslovenia e Eslovaquia declaran que a bandeira que representa un círculo de doce estrelas douradas sobre fondo azul, o himno tomado do «Himno á alegría» da Novena Sinfonía de Ludwig van Beethoven, a divisa «Unida na diversidade», o euro en tanto que moeda da Unión Europea e o Día de Europa o 9 de maio seguirán sendo, para eles, os símbolos da pertenza común dos cidadáns á Unión Europea e da súa relación con esta.

53. Declaración da República Checa relativa á Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea

1. A República Checa recorda que as disposicións da Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea están dirixidas ás institucións e órganos da Unión Europea dentro do respecto do principio de subsidiariedade e da repartición de competencias entre a Unión Europea e os seus Estados membros, tal como foi reafirmado na

Declaración (n.º 18) relativa á delimitación das competencias. A República Checa subliña que as disposicións da Carta están dirixidas aos Estados membros unicamente cando apliquen o dereito da Unión e non cando adopten e apliquen o dereito nacional independentemente do dereito da Unión.

2. A República Checa subliña igualmente que a Carta non amplía o ámbito de aplicación do dereito da Unión e non crea ningunha competencia nova para a Unión. A Carta non reduce o ámbito de aplicación do dereito nacional e non limita ningunha competencia actual das autoridades nacionais neste ámbito.

3. A República Checa destaca que, na medida en que a Carta recoñeza dereitos e principios fundamentais resultantes das tradicións constitucionais comúns aos Estados membros, os ditos dereitos e principios interpretaranse en harmonía coas citadas tradicións.

4. A República Checa subliña ademais que ningunha das disposicións da Carta poderá interpretarse como limitativa ou lesiva dos dereitos humanos e liberdades fundamentais recoñecidos, no seu respectivo ámbito de aplicación, polo dereito da Unión e os convenios internacionais dos que son parte a Unión ou todos os Estados membros e, en particular, o Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais, así como polas constitucións dos Estados membros.

54. Declaración da República Federal de Alemaña, de Irlanda, da República de Hungría, da República de Austria e do Reino de Suecia

Alemaña, Irlanda, Hungría, Austria e Suecia sinalan que as disposicións esenciais do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica non se modificaron substancialmente dende a súa entrada en vigor e deben actualizarse. Polo tanto, secundan a idea de celebrar unha conferencia de representantes dos gobernos dos Estados membros, que debería convocarse canto antes.

55. Declaración do Reino de España e do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte

Os tratados aplicaranse a Xibraltar como territorio europeo cuxas relacións exteriores asume un Estado membro. Iso non supón modificación ningunha das respectivas posicións dos Estados membros de que se trata.

56. Declaración de Irlanda relativa ao artigo 3 do Protocolo sobre a posición do Reino Unido e de Irlanda respecto do espazo de liberdade, seguridade e xustiza

Irlanda afirma o seu compromiso coa Unión como espazo de liberdade, seguridade e xustiza dentro do respecto aos dereitos fundamentais e aos distintos sistemas e tradicións xurídicas dos Estados membros, no marco dos cales se lles ofrece aos cidadáns un alto grao de seguridade.

En consecuencia, Irlanda declara a súa firme intención de exercer o dereito que a asiste, en virtude do artigo 3 do Protocolo sobre a posición do Reino Unido e de Irlanda respecto do espazo de liberdade, seguridade e xustiza, para participar, sempre que sexa posible, na adopción de medidas que entran no ámbito do título V da terceira parte do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

En particular, Irlanda participará sempre que sexa posible en medidas do ámbito da cooperación policial.

Ademais, Irlanda recorda que, de conformidade co artigo 8 do protocolo, lle poderá notificar por escrito ao Consello o seu desexo de non se seguir acollendo ás disposicións do protocolo. Irlanda ten intención de revisar o funcionamento destas disposicións nun prazo de tres anos dende a entrada en vigor do Tratado de Lisboa.

57. Declaración da República Italiana relativa á composición do Parlamento Europeo

Italia fai constar que, de conformidade cos artigos 10 e 14 do Tratado da Unión Europea, o Parlamento Europeo está composto por representantes dos cidadáns da Unión, cuxa representación está asegurada de forma decrecentemente proporcional.

Italia fai constar igualmente que, en virtude do artigo 9 do Tratado da Unión Europea e do artigo 20 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea, é cidadá da Unión toda persoa que teña a nacionalidade dun Estado membro.

Por conseguinte, Italia considera que, sen prexuízo da decisión relativa á lexislatura 2009–2014, calquera decisión adoptada polo Consello Europeo, a iniciativa do Parlamento Europeo e coa súa aprobación, pola que se fixe a composición do Parlamento Europeo, debe respectar os principios considerados no parágrafo primeiro do punto 2 do artigo 14 do Tratado da Unión Europea.

58. Declaración da República de Letonia, da República de Hungría e da República de Malta relativa á ortografía do nome da moeda única nos tratados

Sen prexuízo da ortografía unificada do nome da moeda única da Unión Europea a que se fai referencia nos tratados, tal como figura nos billetes e nas moedas, Letonia, Hungría e Malta declaran que a ortografía do nome da moeda única, incluídos os seus derivados, empregada no texto en letón, en húngaro e en maltés dos tratados, non ten efecto nas normas vixentes das linguas letoa, húngara e maltesa.

59. Declaración do Reino dos Países Baixos relativa ao artigo 312 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea

O Reino dos Países Baixos aprobará unha decisión a que se refire o parágrafo segundo do punto 2 do artigo 312 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea un vez que, mediante unha revisión da decisión contemplada no parágrafo terceiro do artigo 311 do devandito tratado, se lles ofrecerá aos Países Baixos unha solución satisfactoria da súa situación de pagamentos neta negativa, excesiva con respecto ao orzamento da Unión.

60. Declaración do Reino dos Países Baixos relativa ao artigo 355 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea

O Reino dos Países Baixos declara que só se presentarán iniciativas para unha decisión como a que se contempla no punto 6 do artigo 355, encamiñada a modificar o estatuto das Antillas Neerlandesas ou de Aruba respecto da Unión, sobre a base dunha decisión adoptada de conformidade co estatuto do Reino dos Países Baixos.

61. Declaración da República de Polonia relativa á Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea

A Carta non afecta en modo ningún o dereito dos Estados membros a legislar no ámbito da moral pública, do dereito de familia, así como da protección da dignidade humana e do respecto da integridade humana física e moral.

62. Declaración da República de Polonia relativa ao Protocolo sobre a aplicación da Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea a Polonia e ao Reino Unido

Polonia, tendo presente a tradición do movemento social «solidariedade» e a súa notable contribución á loita polos dereitos sociais e do traballo, declara que respecta plenamente eses dereitos, segundo se establece no dereito da Unión e, en particular, os que se reafirman no título IV da Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea.

63. Declaración do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte relativa á definición do termo «nacionais»

Con respecto aos tratados e ao Tratado Constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica e a calquera acto derivado dos devanditos tratados ou que os devanditos tratados manteñan en vigor, o Reino Unido reitera a súa declaración do 31 de decembro de 1982 sobre a definición do termo «nacionais», coa excepción de que a referencia aos «cidadáns dos territorios dependentes británicos» se entenderá no sentido de «cidadáns dos territorios de ultramar británicos».

64. Declaración do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte relativa ao dereito de voto nas eleccións ao Parlamento Europeo

O Reino Unido observa que nin o artigo 14 do Tratado da Unión Europea nin outras disposicións dos tratados teñen por finalidade modificar a base do dereito de voto para as eleccións ao Parlamento Europeo.

65. Declaración do Reino Unido de Gran Bretaña e Irlanda do Norte relativa ao artigo 75 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea

O Reino Unido apoia plenamente unha actuación enérxica no que respecta á adopción de sancións financeiras encamiñadas a previr e a combater o terrorismo e as actividades conexas. En consecuencia, declara que ten intención de acollerse ao dereito que o asiste en virtude do artigo 3 do Protocolo sobre a posición do Reino Unido e de Irlanda respecto do espazo de liberdade, seguridade e xustiza, para participar na adopción de cantas propostas se presenten en virtude do artigo 75 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

TÁBOAS DE CORRESPONDENCIAS (*)

Tratado da Unión Europea

Numeración anterior do Tratado da Unión Europea	Nova numeración do Tratado da Unión Europea
TÍTULO I — DISPOSICIÓN COMÚNS	TÍTULO I — DISPOSICIÓN COMÚNS
Artigo 1	Artigo 1
	Artigo 2
Artigo 2	Artigo 3
Artigo 3 (derogado) ⁽¹⁾	
	Artigo 4
	Artigo 5 ⁽²⁾
Artigo 4 (derogado) ⁽³⁾	
Artigo 5 (derogado) ⁽⁴⁾	
Artigo 6	Artigo 6
Artigo 7	Artigo 7
	Artigo 8
TÍTULO II — DISPOSICIÓN POLAS QUE SE MODIFICA O TRATADO CONSTITUTIVO DA COMUNIDADE ECONÓMICA EUROPEA, CO FIN DE CONSTITUÍR A COMUNIDADE EUROPEA	TÍTULO II — DISPOSICIÓN SOBRE OS PRINCIPIOS DEMOCRÁTICOS
Artigo 8 (derogado) ⁽⁵⁾	Artigo 9
	Artigo 10 ⁽⁶⁾
	Artigo 11
	Artigo 12
TÍTULO III — DISPOSICIÓN POLAS QUE SE MODIFICA O TRATADO CONSTITUTIVO DA COMUNIDADE EUROPEA DO CARBÓN E DO ACEIRO	TÍTULO III — DISPOSICIÓN SOBRE AS INSTITUCIÓN
Artigo 9 (derogado) ⁽⁷⁾	Artigo 13
	Artigo 14 ⁽⁸⁾

⁽¹⁾ Estas dúas táboas proceden das táboas que figuran no artigo 5 do Tratado de Lisboa, sen a columna central que recollía a numeración intermedia contida no Tratado de Lisboa.

⁽²⁾ Substituída, en esencia, polo artigo 7 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (a partir deste momento TFUE) e polos artigos 13, punto 1 e 21, punto 3, parágrafo segundo, do Tratado da Unión Europea (a partir deste momento, Tratado UE).

⁽³⁾ Substitúe o artigo 5 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea (a partir deste momento, Tratado CE).

⁽⁴⁾ Substituído, en esencia, polo artigo 15.

⁽⁵⁾ Substituído, en esencia, polo artigo 13, punto 2.

⁽⁶⁾ O artigo 8 do Tratado UE vixente antes da entrada en vigor do Tratado de Lisboa (a partir deste momento, o actual Tratado UE) modificaba o Tratado CE. Estas modificacións incorporáronse neste último tratado e derrógase o artigo 8. O seu número utilízase para inserir unha nova disposición.

⁽⁷⁾ O punto 4 substitúe, en esencia, o artigo 191, parágrafo primeiro, do Tratado CE.

⁽⁸⁾ O artigo 9 do actual Tratado UE modificaba o Tratado Constitutivo da Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro. Este último tratado expirou o 23 de xullo de 2002. Derrógase o artigo 9 e o seu número utilízase para inserir outra disposición.

⁽⁹⁾ Os puntos 1 e 2 substitúen, en esencia, o artigo 189 do Tratado CE;

– os puntos 1 a 3 substitúen, en esencia, o artigo 190, puntos 1 a 3 do Tratado CE;

– o punto 1 substitúe, en esencia, o artigo 192, parágrafo primeiro, do Tratado CE;

– o punto 4 substitúe, en esencia, o artigo 197, parágrafo primeiro, do Tratado CE

TÁBOAS DE CORRESPONDENCIAS

Numeración anterior do Tratado da Unión Europea	Nova numeración do Tratado da Unión Europea
	Artigo 15 ⁽⁹⁾
	Artigo 16 ⁽¹⁰⁾
	Artigo 17 ⁽¹¹⁾
	Artigo 18
	Artigo 19 ⁽¹²⁾
TÍTULO IV — DISPOSICIÓNS POLAS QUE SE MODIFICA O TRATADO CONSTITUTIVO DA COMUNIDADE EUROPEA DA ENERXÍA ATÓMICA	TÍTULO IV — DISPOSICIÓNS SOBRE AS COOPERACIÓNS REFORZADAS
Artigo 10 (derogado) ⁽¹³⁾ <i>Artigos 27 A a 27 E (substituídos)</i> <i>Artigos 40 a 40 B (substituídos)</i> <i>Artigos 43 a 45 (substituídos)</i>	Artigo 20 ⁽¹⁴⁾
TÍTULO V — DISPOSICIÓNS RELATIVAS Á POLÍTICA EXTERIOR E DE SEGURIDADE COMÚN	TÍTULO V — DISPOSICIÓNS XERAIS RELATIVAS Á ACCIÓN EXTERIOR DA UNIÓN E DISPOSICIÓNS ESPECÍFICAS RELATIVAS Á POLÍTICA EXTERIOR E DE SEGURIDADE COMÚN
	Capítulo 1 — Disposicións xerais relativas á acción exterior da Unión
	Artigo 21
	Artigo 22
	Capítulo 2 — Disposicións específicas sobre a política exterior e de seguridade común
	Sección 1 — Disposicións comúns
	Artigo 23
Artigo 11	Artigo 24
Artigo 12	Artigo 25
Artigo 13	Artigo 26
	Artigo 27
Artigo 14	Artigo 28
Artigo 15	Artigo 29
<i>Artigo 22 (desprazado)</i>	Artigo 30
<i>Artigo 23 (desprazado)</i>	Artigo 31
Artigo 16	Artigo 32

⁽⁹⁾Substitúe, en esencia, o artigo 4.

⁽¹⁰⁾– O punto 1 substitúe, en esencia, o artigo 202, primeiro e segundo guións, do Tratado CE;
– os puntos 2 e 9 substitúen, en esencia, o artigo 203 do Tratado CE;
– os puntos 4 e 5 substitúen, en esencia, o artigo 205, puntos 2 e 4, do Tratado CE.

⁽¹¹⁾– O punto 1 substitúe, en esencia, o artigo 211 do Tratado CE;
– os puntos 3 e 7 substitúen, en esencia, o artigo 214 do Tratado CE;
– o punto 6 substitúe, en esencia, o artigo 217, puntos 1, 3 e 4, do Tratado CE.

⁽¹²⁾– Substitúe, en esencia, o artigo 220 do Tratado CE;
– o punto 2, parágrafo primeiro, substitúe, en esencia, o artigo 221, parágrafo primeiro, do Tratado CE.

⁽¹³⁾O artigo 10 do actual Tratado UE modificaba o Tratado Constitutivo da Comunidade Europea da Enerxía Atómica. Estas modificacións incorporáronse neste último tratado e derrégase o artigo 10. O seu número utilízase para inserir outra disposición.

⁽¹⁴⁾Substitúe tamén os artigos 11 e 11 A do Tratado CE.

TÁBOAS DE CORRESPONDENCIAS

Numeración anterior do Tratado da Unión Europea	Nova numeración do Tratado da Unión Europea
Artigo 17 (desprazado)	<i>Artigo 42</i>
Artigo 18	Artigo 33
Artigo 19	Artigo 34
Artigo 20	Artigo 35
Artigo 21	Artigo 36
Artigo 22 (desprazado)	<i>Artigo 30</i>
Artigo 23 (desprazado)	<i>Artigo 31</i>
Artigo 24	Artigo 37
Artigo 25	Artigo 38
	Artigo 39
<i>Artigo 47 (desprazado)</i>	Artigo 40
Artigo 26 (derrogado)	
Artigo 27 (derrogado)	
Artigo 27 A (substituído) ⁽¹⁵⁾	<i>Artigo 20</i>
Artigo 27 B (substituído) ⁽¹⁵⁾	<i>Artigo 20</i>
Artigo 27 C (substituído) ⁽¹⁵⁾	<i>Artigo 20</i>
Artigo 27 D (substituído) ⁽¹⁵⁾	<i>Artigo 20</i>
Artigo 27 E (substituído) ⁽¹⁵⁾	<i>Artigo 20</i>
Artigo 28	Artigo 41
	Sección 2 — Disposicións sobre a política común de seguridade e defensa
<i>Artigo 17 (desprazado)</i>	Artigo 42
	Artigo 43
	Artigo 44
	Artigo 45
	Artigo 46
TÍTULO VI — DISPOSICIÓN RELATIVAS Á COOPERACIÓN POLICIAL E XUDICIAL EN MATERIA PENAL (derrogado) ⁽¹⁶⁾	
Artigo 29 (substituído) ⁽¹⁷⁾	
Artigo 30 (substituído) ⁽¹⁸⁾	
Artigo 31 (substituído) ⁽¹⁹⁾	
Artigo 32 (substituído) ⁽²⁰⁾	
Artigo 33 (substituído) ⁽²¹⁾	
Artigo 34 (derrogado)	
Artigo 35 (derrogado)	

⁽¹⁵⁾ Os artigos 27 A a 27 E do actual Tratado UE, relativos á cooperación reforzada, substitúense tamén polos artigos 326 a 334 do TFUE.

⁽¹⁶⁾ As disposicións do título VI do actual Tratado UE, relativas á cooperación policial e xudicial en materia penal, substitúense polas disposicións dos capítulos 1, 4 e 5 do título V da terceira parte do TFUE.

⁽¹⁷⁾ Substituído polo artigo 67 do TFUE.

⁽¹⁸⁾ Substituído polos artigos 87 e 88 do TFUE.

⁽¹⁹⁾ Substituído polos artigos 82, 83 e 85 do TFUE.

⁽²⁰⁾ Substituído polo artigo 89 do TFUE.

⁽²¹⁾ Substituído polo artigo 72 do TFUE.

TÁBOAS DE CORRESPONDENCIAS

Numeración anterior do Tratado da Unión Europea	Nova numeración do Tratado da Unión Europea
Artigo 36 (substituído) ⁽²²⁾	
Artigo 37 (derogado)	
Artigo 38 (derogado)	
Artigo 39 (derogado)	
Artigo 40 (substituído) ⁽²³⁾	<i>Artigo 20</i>
Artigo 40 A (substituído) ⁽²³⁾	<i>Artigo 20</i>
Artigo 40 B (substituído) ⁽²³⁾	<i>Artigo 20</i>
Artigo 41 (derogado)	
Artigo 42 (derogado)	
TÍTULO VII — DISPOSICIÓNS SOBRE UNHA COOPERACIÓN REFORZADA (substituído) ⁽²⁴⁾	TÍTULO IV — DISPOSICIÓNS SOBRE AS COOPERA- CIÓNS REFORZADAS
Artigo 43 (substituído) ⁽²⁴⁾	<i>Artigo 20</i>
Artigo 43 A (substituído) ⁽²⁴⁾	<i>Artigo 20</i>
Artigo 43 B (substituído) ⁽²⁴⁾	<i>Artigo 20</i>
Artigo 44 (substituído) ⁽²⁴⁾	<i>Artigo 20</i>
Artigo 44 A (substituído) ⁽²⁴⁾	<i>Artigo 20</i>
Artigo 45 (substituído) ⁽²⁴⁾	<i>Artigo 20</i>
TÍTULO VIII — DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS	TÍTULO VI — DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS
Artigo 46 (derogado)	
	<i>Artigo 47</i>
Artigo 47 (substituído)	<i>Artigo 40</i>
Artigo 48	<i>Artigo 48</i>
Artigo 49	<i>Artigo 49</i>
	<i>Artigo 50</i>
	<i>Artigo 51</i>
	<i>Artigo 52</i>
Artigo 50 (derogado)	
Artigo 51	<i>Artigo 53</i>
Artigo 52	<i>Artigo 54</i>
Artigo 53	<i>Artigo 55</i>

⁽²²⁾ Substituído polo artigo 71 do TFUE.

⁽²³⁾ Os artigos 40 a 40 B do actual Tratado UE, relativos á cooperación reforzada, substitúense tamén polos artigos 326 a 334 do TFUE.

⁽²⁴⁾ Os artigos 43 a 45 e o título VII do actual Tratado UE, relativos á cooperación reforzada, substitúense tamén polos artigos 326 a 334 do TFUE (que pasan a ser 326 a 334).

Tratado de Funcionamento da Unión Europea

Numeración anterior do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea	Nova numeración do Tratado de Funcionamento da Unión Europea
PRIMEIRA PARTE — PRINCIPIOS	PRIMEIRA PARTE — PRINCIPIOS
Artigo 1 (derogado)	
	Artigo 1
Artigo 2 (derogado) ⁽²⁵⁾	
	Título I — Categorías e ámbitos de competen- cias da Unión
	Artigo 2
	Artigo 3
	Artigo 4
	Artigo 5
	Artigo 6
	Título II — Disposicións de aplicación xeral
	Artigo 7
Artigo 3, punto 1 (derogado) ⁽²⁶⁾	
Artigo 3, punto 2	Artigo 8
Artigo 4 (desprazado)	<i>Artigo 119</i>
Artigo 5 (substituído) ⁽²⁷⁾	
	Artigo 9
	Artigo 10
Artigo 6	Artigo 11
<i>Artigo 153, punto 2 (desprazado)</i>	Artigo 12
	Artigo 13 ⁽²⁸⁾
Artigo 7 (derogado) ⁽²⁹⁾	
Artigo 8 (derogado) ⁽³⁰⁾	
Artigo 9 (derogado)	
Artigo 10 (derogado) ⁽³¹⁾	
Artigo 11 (substituído) ⁽³²⁾	<i>Artigos 326 a 334</i>
Artigo 11 A (substituído) ⁽³²⁾	<i>Artigos 326 a 334</i>
Artigo 12 (desprazado)	<i>Artigo 18</i>
Artigo 13 (desprazado)	<i>Artigo 19</i>
Artigo 14 (desprazado)	<i>Artigo 26</i>
Artigo 15 (desprazado)	<i>Artigo 27</i>
Artigo 16	Artigo 14
<i>Artigo 255 (desprazado)</i>	Artigo 15
<i>Artigo 286 (substituído)</i>	Artigo 16

⁽²⁵⁾ Substituído, en esencia, polo artigo 3 do Tratado UE.

⁽²⁶⁾ Substituído, en esencia, polos artigos 3 a 6 do TFUE.

⁽²⁷⁾ Substituído polo artigo 5 do Tratado UE.

⁽²⁸⁾ Insírese o dispositivo do Protocolo sobre a protección e o benestar dos animais.

⁽²⁹⁾ Substituído, en esencia, polo artigo 13 do Tratado UE.

⁽³⁰⁾ Substituído, en esencia, polo artigo 13 do Tratado UE e polo artigo 282, punto 1, do TFUE.

⁽³¹⁾ Substituído, en esencia, polo artigo 4, punto 3, do Tratado UE.

⁽³²⁾ Substituído tamén polo artigo 20 do Tratado UE.

TÁBOAS DE CORRESPONDENCIAS

Numeración anterior do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea	Nova numeración do Tratado de Funcionamento da Unión Europea
SEGUNDA PARTE — CIDADANÍA DA UNIÓN	Artigo 17
<i>Artigo 12 (desprazado)</i>	SEGUNDA PARTE — NON DISCRIMINACIÓN E CIDADANÍA DA UNIÓN
<i>Artigo 13 (desprazado)</i>	Artigo 18
Artigo 17	Artigo 19
Artigo 18	Artigo 20
Artigo 19	Artigo 21
Artigo 20	Artigo 22
Artigo 21	Artigo 23
Artigo 22	Artigo 24
TERCEIRA PARTE — POLÍTICAS DA COMUNIDADE	Artigo 25
<i>Artigo 14 (desprazado)</i>	TERCEIRA PARTE — POLÍTICAS E ACCIÓNS INTERNAS DA UNIÓN
<i>Artigo 15 (desprazado)</i>	Título I — Mercado interior
Título I — Libre circulación de mercadorías	Artigo 26
Artigo 23	Artigo 27
Artigo 24	Título II — Libre circulación de mercadorías
Capítulo 1 — Unión aduanira	Artigo 28
Artigo 25	Artigo 29
Artigo 26	Capítulo 1 — Unión aduanira
Artigo 27	Artigo 30
<i>Terceira parte, título X, Cooperación aduaneira (desprazado)</i>	Artigo 31
<i>Artigo 135 (desprazado)</i>	Artigo 32
Capítulo 2 — Prohibición das restricións cuantitativas entre os Estados membros	Capítulo 2 - Cooperación aduaneira
Artigo 28	Artigo 33
Artigo 29	Capítulo 3 — Prohibición das restricións cuantitativas entre os Estados membros
Artigo 30	Artigo 34
Artigo 31	Artigo 35
Título II — Agricultura	Artigo 36
Artigo 32	Artigo 37
Artigo 33	Título III — Agricultura e pesca
Artigo 34	Artigo 38
Artigo 35	Artigo 39
Artigo 36	Artigo 40
Artigo 37	Artigo 41
Artigo 38	Artigo 42
Título III — Libre circulación de persoas, servizos e capitais	Artigo 43
Capítulo 1 — Traballadores	Título IV — Libre circulación de persoas, servizos e capitais
Artigo 39	Capítulo 1 — Traballadores
	Artigo 45

TÁBOAS DE CORRESPONDENCIAS

Numeración anterior do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea	Nova numeración do Tratado de Funcionamento da Unión Europea
Artigo 40	Artigo 46
Artigo 41	Artigo 47
Artigo 42	Artigo 48
Capítulo 2 — Dereito de establecemento	Capítulo 2 — Dereito de establecemento
Artigo 43	Artigo 49
Artigo 44	Artigo 50
Artigo 45	Artigo 51
Artigo 46	Artigo 52
Artigo 47	Artigo 53
Artigo 48	Artigo 54
<i>Artigo 294 (desprazado)</i>	Artigo 55
Capítulo 3 — Servizos	Capítulo 3 — Servizos
Artigo 49	Artigo 56
Artigo 50	Artigo 57
Artigo 51	Artigo 58
Artigo 52	Artigo 59
Artigo 53	Artigo 60
Artigo 54	Artigo 61
Artigo 55	Artigo 62
Capítulo 4 — Capital e pagamentos	Capítulo 4 — Capital e pagamentos
Artigo 56	Artigo 63
Artigo 57	Artigo 64
Artigo 58	Artigo 65
Artigo 59	Artigo 66
Artigo 60 (desprazado)	<i>Artigo 75</i>
Título IV — Visados, asilo, inmigración e outras políticas relacionadas coa libre circulación de persoas	Título V — Espazo de liberdade, seguridade e xustiza
	Capítulo 1 — Disposicións xerais
Artigo 61	Artigo 67 ⁽³³⁾
	Artigo 68
	Artigo 69
	Artigo 70
	Artigo 71 ⁽³⁴⁾
<i>Artigo 64, punto 1 (substituído)</i>	Artigo 72 ⁽³⁵⁾
	Artigo 73
<i>Artigo 66 (substituído)</i>	Artigo 74
<i>Artigo 60 (desprazado)</i>	Artigo 75
	Artigo 76
	Capítulo 2 — Políticas sobre controis nas fronteiras, asilo e inmigración

⁽³³⁾ Substitúe tamén o artigo 29 do actual Tratado UE.

⁽³⁴⁾ Substitúe o artigo 36 do actual Tratado UE.

⁽³⁵⁾ Substitúe tamén o artigo 33 do actual Tratado UE.

TÁBOAS DE CORRESPONDENCIAS

Numeración anterior do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea	Nova numeración do Tratado de Funcionamento da Unión Europea
Artigo 62	Artigo 77
Artigo 63, puntos 1 e 2 e artigo 64, punto 2 ⁽³⁶⁾	Artigo 78
Artigo 63, puntos 3 e 4	Artigo 79
	Artigo 80
Artigo 64, punto 1 (substituído)	Artigo 72
	Capítulo 3 — Cooperación xudicial en materia civil
Artigo 65	Artigo 81
Artigo 66 (substituído)	Artigo 74
Artigo 67 (derrogado)	
Artigo 68 (derrogado)	
Artigo 69 (derrogado)	
	Capítulo 4 — Cooperación xudicial en materia penal
	Artigo 82 ⁽³⁷⁾
	Artigo 83 ⁽³⁷⁾
	Artigo 84
	Artigo 85 ⁽³⁷⁾
	Artigo 86
	Capítulo 5 — Cooperación policial
	Artigo 87 ⁽³⁸⁾
	Artigo 88 ⁽³⁸⁾
	Artigo 89 ⁽³⁹⁾
Título V — Transportes	Título VI — Transportes
Artigo 70	Artigo 90
Artigo 71	Artigo 91
Artigo 72	Artigo 92
Artigo 73	Artigo 93
Artigo 74	Artigo 94
Artigo 75	Artigo 95
Artigo 76	Artigo 96
Artigo 77	Artigo 97
Artigo 78	Artigo 98
Artigo 79	Artigo 99
Artigo 80	Artigo 100
Título VI — Normas comúns sobre competencia, fiscalidade e aproximación de lexislacións	Título VI — Normas comúns sobre competencia, fiscalidade e aproximación de lexislacións

⁽³⁶⁾ O artigo 63, puntos 1 e 2, do Tratado CE substitúese polo artigo 78, puntos 1 e 2, do TFUE e o artigo 64, punto 2, substitúese polo artigo 78, punto 3, do TFUE.

⁽³⁷⁾ Substitúe o artigo 31 do actual Tratado UE.

⁽³⁸⁾ Substitúe o artigo 30 do actual Tratado UE.

⁽³⁹⁾ Substitúe o artigo 32 do actual Tratado UE.

TÁBOAS DE CORRESPONDENCIAS

Numeración anterior do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea	Nova numeración do Tratado de Funcionamento da Unión Europea
Capítulo 1 — Normas sobre competencia	Capítulo 1 — Normas sobre competencia
Sección primeira — Disposicións aplicables ás empresas	Sección primeira — Disposicións aplicables ás empresas
Artigo 81	Artigo 101
Artigo 82	Artigo 102
Artigo 83	Artigo 103
Artigo 84	Artigo 104
Artigo 85	Artigo 105
Artigo 86	Artigo 106
Sección segunda — Axudas outorgadas polos Estados	Sección segunda — Axudas outorgadas polos Estados
Artigo 87	Artigo 107
Artigo 88	Artigo 108
Artigo 89	Artigo 109
Capítulo 2 — Disposicións fiscais	Capítulo 2 — Disposicións fiscais
Artigo 90	Artigo 110
Artigo 91	Artigo 111
Artigo 92	Artigo 112
Artigo 93	Artigo 113
Capítulo 3 — Aproximación das lexislacións	Capítulo 3 — Aproximación das lexislacións
<i>Artigo 95 (desprazado)</i>	Artigo 114
<i>Artigo 94 (desprazado)</i>	Artigo 115
Artigo 96	Artigo 116
Artigo 97	Artigo 117
	Artigo 118
Título VII — Política económica e monetaria	Título VIII — Política económica e monetaria
<i>Artigo 4 (desprazado)</i>	Artigo 119
Capítulo 1 — Política económica	Capítulo 1 — Política económica
Artigo 98	Artigo 120
Artigo 99	Artigo 121
Artigo 100	Artigo 122
Artigo 101	Artigo 123
Artigo 102	Artigo 124
Artigo 103	Artigo 125
Artigo 104	Artigo 126
Capítulo 2 — Política monetaria	Capítulo 2 — Política monetaria
Artigo 105	Artigo 127
Artigo 106	Artigo 128
Artigo 107	Artigo 129
Artigo 108	Artigo 130
Artigo 109	Artigo 131
Artigo 110	Artigo 132
Artigo 111, puntos 1 a 3 e 5 (desprazados)	<i>Artigo 219</i>
Artigo 111, punto 4 (desprazado)	<i>Artigo 138</i>

TÁBOAS DE CORRESPONDENCIAS

Numeración anterior do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea	Nova numeración do Tratado de Funcionamento da Unión Europea
	Artigo 133
Capítulo 3 — Disposicións institucionais	Capítulo 3 — Disposicións institucionais
Artigo 112 (desprazado)	<i>Artigo 283</i>
Artigo 113 (desprazado)	<i>Artigo 284</i>
Artigo 114	Artigo 134
Artigo 115	Artigo 135
	Capítulo 4 — Disposicións específicas para os Estados membros cuxa moeda é o euro
	Artigo 136
	Artigo 137
<i>Artigo 111, punto 4 (desprazado)</i>	Artigo 138
Capítulo 4 — Disposicións transitorias	Capítulo 5 — Disposicións transitorias
Artigo 116 (derogado)	
	Artigo 139
Artigo 117, puntos 1, 2, sexto guión, e 3 a 9 (derogados)	
Artigo 117, punto 2, cinco primeiros guións (desprazados)	<i>Artigo 141, punto 2</i>
<i>Artigo 121, punto 1 (desprazado)</i>	Artigo 140 ⁽⁴⁰⁾
<i>Artigo 122, punto 2, segunda frase (desprazado)</i>	
<i>Artigo 123, punto 5 (desprazado)</i>	
Artigo 118 (derogado)	
<i>Artigo 123, punto 3 (desprazado)</i>	Artigo 141 ⁽⁴¹⁾
<i>Artigo 117, punto 2, cinco primeiros guións (desprazado)</i>	
<i>Artigo 124, punto 1 (desprazado)</i>	Artigo 142
Artigo 119	Artigo 143
Artigo 120	Artigo 144
Artigo 121, punto 1 (desprazado)	<i>Artigo 140, punto 1</i>
Artigo 121, puntos 2 a 4 (derogados)	
Artigo 122, puntos 1, 2, primeira frase, 3, 4, 5 e 6 (derogados)	
Artigo 122, punto 2, segunda frase (desprazado)	<i>Artigo 140, punto 2, parágrafo primeiro</i>
Artigo 123, puntos 1, 2 e 4 (derogados)	
Artigo 123, punto 3 (desprazado)	<i>Artigo 141, punto 1</i>
Artigo 123, punto 5 (desprazado)	<i>Artigo 140, punto 3</i>
Artigo 124, punto 1 (desprazado)	<i>Artigo 142</i>
Artigo 124, punto 2 (derogado)	

⁽⁴⁰⁾ – O artigo 140, punto 1, recolle o punto 1 do artigo 121;
– o artigo 140, punto 2, recolle a segunda frase do punto 2 do artigo 122;
– o artigo 140, punto 3, recolle o punto 5 do artigo 123.

⁽⁴¹⁾ – O artigo 141, punto 1, recolle o punto 3 do artigo 123;
– o artigo 141, punto 2, recolle os cinco primeiros guións do punto 2 do artigo 117

TÁBOAS DE CORRESPONDENCIAS

Numeración anterior do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea	Nova numeración do Tratado de Funcionamento da Unión Europea
Título VIII — Emprego	Título IX — Emprego
Artigo 125	Artigo 145
Artigo 126	Artigo 146
Artigo 127	Artigo 147
Artigo 128	Artigo 148
Artigo 129	Artigo 149
Artigo 130	Artigo 150
Título IX — Política comercial común (desprazado)	<i>Quinta parte, Título II, Política comercial común</i>
Artigo 131 (desprazado)	<i>Artigo 206</i>
Artigo 132 (derrogado)	
Artigo 133 (desprazado)	<i>Artigo 207</i>
Artigo 134 (derrogado)	
Título X — Cooperación aduaneira (desprazado)	<i>Terceira parte, título II, capítulo 2, cooperación aduaneira</i>
Artigo 135 (desprazado)	<i>Artigo 33</i>
Título XI — Política social, de educación, de formación profesional e de xuventude	Título X — Política social
Capítulo 1 — Disposicións sociais (derrogado)	
Artigo 136	Artigo 151
	Artigo 152
Artigo 137	Artigo 153
Artigo 138	Artigo 154
Artigo 139	Artigo 155
Artigo 140	Artigo 156
Artigo 141	Artigo 157
Artigo 142	Artigo 158
Artigo 143	Artigo 159
Artigo 144	Artigo 160
Artigo 145	Artigo 161
Capítulo 2 — O Fondo Social Europeo	Título XI — O Fondo Social Europeo
Artigo 146	Artigo 162
Artigo 147	Artigo 163
Artigo 148	Artigo 164
Capítulo 3 — Educación, formación profesional e xuventude	Título XII — Educación, formación profesional, xuventude e deporte
Artigo 149	Artigo 165
Artigo 150	Artigo 166
Título XII — Cultura	Título XIII — Cultura
Artigo 151	Artigo 167
Título XIII — Saúde pública	Título XIV — Saúde pública
Artigo 152	Artigo 168
Título XIV — Protección dos consumidores	Título XV — Protección dos consumidores

TÁBOAS DE CORRESPONDENCIAS

Numeración anterior do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea	Nova numeración do Tratado de Funcionamento da Unión Europea
Artigo 153, puntos 1, 3, 4 e 5	Artigo 169
Artigo 153, punto 2 (desprazado)	<i>Artigo 12</i>
Título XV — Redes transeuropeas	Título XVI — Redes transeuropeas
Artigo 154	Artigo 170
Artigo 155	Artigo 171
Artigo 156	Artigo 172
Título XVI — Industria	Título XVII — Industria
Artigo 157	Artigo 173
Título XVII — Cohesión económica e social	Título XVIII — Cohesión económica, social e territorial
Artigo 158	Artigo 174
Artigo 159	Artigo 175
Artigo 160	Artigo 176
Artigo 161	Artigo 177
Artigo 162	Artigo 178
Título XVIII — Investigación e desenvolvemento tecnolóxico	Título XIX — Investigación e desenvolvemento tecnolóxico e espazo
Artigo 163	Artigo 179
Artigo 164	Artigo 180
Artigo 165	Artigo 181
Artigo 166	Artigo 182
Artigo 167	Artigo 183
Artigo 168	Artigo 184
Artigo 169	Artigo 185
Artigo 170	Artigo 186
Artigo 171	Artigo 187
Artigo 172	Artigo 188
	Artigo 189
Artigo 173	Artigo 190
Título XIX — Medio ambiente	Título XX — Medio ambiente
Artigo 174	Artigo 191
Artigo 175	Artigo 192
Artigo 176	Artigo 193
	Título XXI — Enerxía
	Artigo 194
	Título XXII — Turismo
	Artigo 195
	Título XXIII — Protección civil
	Artigo 196
	Título XXIV — Cooperación administrativa
	Artigo 197
Título XX — Cooperación ao desenvolvemento (desprazado)	<i>Quinta parte, título III, capítulo 1, cooperación para o desenvolvemento</i>
Artigo 177 (desprazado)	<i>Artigo 208</i>

TÁBOAS DE CORRESPONDENCIAS

Numeración anterior do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea	Nova numeración do Tratado de Funcionamento da Unión Europea
Artigo 178 (derrogado) ⁽⁴²⁾	
Artigo 179 (desprazado)	<i>Artigo 209</i>
Artigo 180 (desprazado)	<i>Artigo 210</i>
Artigo 181 (desprazado)	<i>Artigo 211</i>
Título XXI — Cooperación económica, financeira e técnica con terceiros países (desprazado)	<i>Quinta parte, título III, capítulo 2, cooperación económica, financeira e técnica con terceiros países</i>
Artigo 181 A (desprazado)	<i>Artigo 212</i>
CUARTA PARTE — ASOCIACIÓN DOS PAÍSES E TERRITORIOS DE ULTRAMAR	CUARTA PARTE — ASOCIACIÓN DOS PAÍSES E TERRITORIOS DE ULTRAMAR
Artigo 182	Artigo 198
Artigo 183	Artigo 199
Artigo 184	Artigo 200
Artigo 185	Artigo 201
Artigo 186	Artigo 202
Artigo 187	Artigo 203
Artigo 188	Artigo 204
	QUINTA PARTE — ACCIÓN EXTERIOR DA UNIÓN
	Título I — Disposicións xerais relativas á acción exterior da Unión
	Artigo 205
<i>Terceira parte, título IX, política comercial común (desprazado)</i>	Título II — Política comercial común
<i>Artigo 131 (desprazado)</i>	Artigo 206
<i>Artigo 133 (desprazado)</i>	Artigo 207
	Título III — Cooperación con terceiros países e axuda humanitaria
<i>Terceira parte, título XX, cooperación ao desenvolvemento (desprazado)</i>	Capítulo 1 — Cooperación para o desenvolvemento
<i>Artigo 177 (desprazado)</i>	Artigo 208 ⁽⁴³⁾
<i>Artigo 179 (desprazado)</i>	Artigo 209
<i>Artigo 180 (desprazado)</i>	Artigo 210
<i>Artigo 181 (desprazado)</i>	Artigo 211
<i>Terceira parte, título XXI, cooperación económica, financeira e técnica con terceiros países (desprazado)</i>	Capítulo 2 — Cooperación económica, financeira e técnica con terceiros países
<i>Artigo 181 A (desprazado)</i>	Artigo 212
	Artigo 213
	Capítulo 3 — Axuda humanitaria
	Artigo 214
	Título IV — Medidas restritivas
<i>Artigo 301 (substituído)</i>	Artigo 215

⁽⁴²⁾ Substituído, en esencia, polo artigo 208, punto 1, parágrafo segundo, segunda frase, do TFUE.

⁽⁴³⁾ O punto 1, parágrafo segundo, segunda frase, substitúe, en esencia, o artigo 178 do Tratado CE.

TÁBOAS DE CORRESPONDENCIAS

Numeración anterior do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea	Nova numeración do Tratado de Funcionamento da Unión Europea
	Título V — Acordos internacionais
	Artigo 216
<i>Artigo 310 (desprazado)</i>	Artigo 217
<i>Artigo 300 (substituído)</i>	Artigo 218
<i>Artigo 111, puntos 1 a 3 e 5 (desprazados)</i>	Artigo 219
	Título VI — Relacións da Unión coas organizacións internacionais e con terceiros países e delegacións da Unión
<i>Artigos 302 a 304 (substituídos)</i>	Artigo 220
	Artigo 221
	Título VII — Cláusula de solidariedade
	Artigo 222
QUINTA PARTE — INSTITUCIÓN DA COMUNIDADE	SEXTA PARTE — DISPOSICIÓN INSTITUCIONAIS E FINANCEIRAS
Título I — Disposicións institucionais	Título I — Disposicións institucionais
Capítulo 1 — Institucións	Capítulo 1 — Institucións
Sección primeira — O Parlamento Europeo	Sección primeira — O Parlamento Europeo
Artigo 189 (derrogado) ⁽⁴⁴⁾	
Artigo 190, puntos 1 a 3 (derrogados) ⁽⁴⁵⁾	
Artigo 190, puntos 4 e 5	Artigo 223
Artigo 191, parágrafo primeiro (derrogado) ⁽⁴⁶⁾	
Artigo 191, parágrafo segundo	Artigo 224
Artigo 192, parágrafo primeiro (derrogado) ⁽⁴⁷⁾	
Artigo 192, parágrafo segundo	Artigo 225
Artigo 193	Artigo 226
Artigo 194	Artigo 227
Artigo 195	Artigo 228
Artigo 196	Artigo 229
Artigo 197, parágrafo primeiro (derrogado) ⁽⁴⁸⁾	
Artigo 197, parágrafos segundo, terceiro e cuarto	Artigo 230
Artigo 198	Artigo 231
Artigo 199	Artigo 232
Artigo 200	Artigo 233
Artigo 201	Artigo 234
	Sección segunda — O Consello Europeo
	Artigo 235
	Artigo 236
Sección segunda — O Consello	Sección terceira — O Consello

⁽⁴⁴⁾ Substituído, en esencia, polo artigo 14, puntos 1 e 2, do Tratado UE.

⁽⁴⁵⁾ Substituído, en esencia, polo artigo 14, puntos 1 a 3, do Tratado UE.

⁽⁴⁶⁾ Substituído, en esencia, polo artigo 11, punto 4, do Tratado UE.

⁽⁴⁷⁾ Substituído, en esencia, polo artigo 14, punto 1, do Tratado UE.

⁽⁴⁸⁾ Substituído, en esencia, polo artigo 14, punto 4, do Tratado UE.

Numeración anterior do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea	Nova numeración do Tratado de Funcionamento da Unión Europea
Artigo 202 (derrogado) ⁽⁴⁹⁾	
Artigo 203 (derrogado) ⁽⁵⁰⁾	
Artigo 204	Artigo 237
Artigo 205, puntos 2 e 4 (derrogados) ⁽⁵¹⁾	
Artigo 205, puntos 1 e 3	Artigo 238
Artigo 206	Artigo 239
Artigo 207	Artigo 240
Artigo 208	Artigo 241
Artigo 209	Artigo 242
Artigo 210	Artigo 243
Sección terceira — A Comisión	Sección cuarta — A Comisión
Artigo 211 (derrogado) ⁽⁵²⁾	
	Artigo 244
Artigo 212 (desprazado)	<i>Artigo 249, punto 2</i>
Artigo 213	Artigo 245
Artigo 214 (derrogado) ⁽⁵³⁾	
Artigo 215	Artigo 246
Artigo 216	Artigo 247
Artigo 217, puntos 1, 3 e 4 (derrogados) ⁽⁵⁴⁾	
Artigo 217, punto 2	Artigo 248
Artigo 218, punto 1 (derrogado) ⁽⁵⁵⁾	
Artigo 218, punto 2	Artigo 249
Artigo 219	Artigo 250
Sección cuarta — O Tribunal de Xustiza	Sección quinta — O Tribunal de Xustiza da Unión Europea
Artigo 220 (derrogado) ⁽⁵⁶⁾	
Artigo 221, parágrafo primeiro (derrogado) ⁽⁵⁷⁾	
Artigo 221, parágrafos segundo e terceiro	Artigo 251
Artigo 222	Artigo 252
Artigo 223	Artigo 253
Artigo 224 ⁽⁵⁸⁾	Artigo 254
	Artigo 255
Artigo 225	Artigo 256
Artigo 225 A	Artigo 257
Artigo 226	Artigo 258

⁽⁴⁹⁾ Substituído, en esencia, polo artigo 16, punto 1, do Tratado UE e polos artigos 290 e 291 do TFUE.

⁽⁵⁰⁾ Substituído, en esencia, polo artigo 16, puntos 2 e 9, do Tratado UE.

⁽⁵¹⁾ Substituído, en esencia, polo artigo 16, puntos 4 e 5, do Tratado UE.

⁽⁵²⁾ Substituído, en esencia, polo artigo 17, punto 1, do Tratado UE.

⁽⁵³⁾ Substituído, en esencia, polo artigo 17, puntos 3 e 7, do Tratado UE.

⁽⁵⁴⁾ Substituído, en esencia, polo artigo 17, punto 6, do Tratado UE.

⁽⁵⁵⁾ Substituído, en esencia, polo artigo 295 do TFUE.

⁽⁵⁶⁾ Substituído, en esencia, polo artigo 19 do Tratado UE.

⁽⁵⁷⁾ Substituído, en esencia, polo artigo 19, punto 2, parágrafo primeiro, do Tratado UE.

⁽⁵⁸⁾ A primeira frase do parágrafo primeiro substitúese, en esencia, polo artigo 19, punto 2, parágrafo segundo, do Tratado UE.

TABLA DE CORRESPONDENCIAS

Numeración anterior do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea	Nova numeración do Tratado de Funcionamento da Unión Europea
Artigo 227	Artigo 259
Artigo 228	Artigo 260
Artigo 229	Artigo 261
Artigo 229 A	Artigo 262
Artigo 230	Artigo 263
Artigo 231	Artigo 264
Artigo 232	Artigo 265
Artigo 233	Artigo 266
Artigo 234	Artigo 267
Artigo 235	Artigo 268
	Artigo 269
Artigo 236	Artigo 270
Artigo 237	Artigo 271
Artigo 238	Artigo 272
Artigo 239	Artigo 273
Artigo 240	Artigo 274
	Artigo 275
	Artigo 276
Artigo 241	Artigo 277
Artigo 242	Artigo 278
Artigo 243	Artigo 279
Artigo 244	Artigo 280
Artigo 245	Artigo 281
	Sección sexta — O Banco Central Europeo
	Artigo 282
<i>Artigo 112 (desprazado)</i>	Artigo 283
<i>Artigo 113 (desprazado)</i>	Artigo 284
Sección quinta — O Tribunal de Contas	Sección sétima — O Tribunal de Contas
Artigo 246	Artigo 285
Artigo 247	Artigo 286
Artigo 248	Artigo 287
Capítulo 2 — Disposicións comúns a varias institucións	Capítulo 2 — Actos xurídicos da Unión, procedementos de adopción e outras disposicións
	Sección primeira — Actos xurídicos da Unión
Artigo 249	Artigo 288
	Artigo 289
	Artigo 290 ⁽⁵⁹⁾
	Artigo 291 ⁽⁵⁹⁾
	Artigo 292
	Sección segunda — Procedementos de adopción dos actos e outras disposicións
Artigo 250	Artigo 293

⁽⁵⁹⁾ Substitúe, en esencia, o artigo 202, terceiro guión, do Tratado CE.

TÁBOAS DE CORRESPONDENCIAS

Numeración anterior do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea	Nova numeración do Tratado de Funcionamento da Unión Europea
Artigo 251	Artigo 294
Artigo 252 (derrogado)	
	Artigo 295
Artigo 253	Artigo 296
Artigo 254	Artigo 297
	Artigo 298
Artigo 255 (desprazado)	<i>Artigo 15</i>
Artigo 256	Artigo 299
	Capítulo 3 — Órganos consultivos da Unión
	Artigo 300
Capítulo 3 — O Comité Económico e Social	Sección primeira — O Comité Económico e Social
Artigo 257 (derrogado) ⁽⁶⁰⁾	
Artigo 258, parágrafos primeiro, segundo e cuarto	Artigo 301
Artigo 258, parágrafo terceiro (derrogado) ⁽⁶¹⁾	
Artigo 259	Artigo 302
Artigo 260	Artigo 303
Artigo 261 (derrogado)	
Artigo 262	Artigo 304
Capítulo 4 — O Comité das Rexións	Sección segunda — O Comité das Rexións
Artigo 263, parágrafos primeiro e quinto (derrogado) ⁽⁶²⁾	
Artigo 263, parágrafos segundo a cuarto	Artigo 305
Artigo 264	Artigo 306
Artigo 265	Artigo 307
Capítulo 5 — O Banco Europeo de Inversións	Capítulo 4 — O Banco Europeo de Inversións
Artigo 266	Artigo 308
Artigo 267	Artigo 309
Título II — Disposicións financeiras	Título II — Disposicións financeiras
Artigo 268	Artigo 310
	Capítulo 1 — Recursos propios da Unión
Artigo 269	Artigo 311
Artigo 270 (derrogado) ⁽⁶³⁾	
	Capítulo 2 — Marco financeiro plurianual
	Artigo 312
	Capítulo 3 — Orzamento anual da Unión
<i>Artigo 272, punto 1 (desprazado)</i>	Artigo 313
Artigo 271 (desprazado)	<i>Artigo 316</i>
Artigo 272, punto 1 (desprazado)	<i>Artigo 313</i>

⁽⁶⁰⁾ Substituído, en esencia, polo artigo 300, punto 2, do TFUE.

⁽⁶¹⁾ Substituído, en esencia, polo artigo 300, punto 4, do TFUE.

⁽⁶²⁾ Substituído, en esencia, polo artigo 300, puntos 3 e 4, do TFUE.

⁽⁶³⁾ Substituído, en esencia, polo artigo 310, punto 4, do TFUE.

TABLA DE CORRESPONDENCIAS

Numeración anterior do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea	Nova numeración do Tratado de Funcionamento da Unión Europea
Artigo 272, puntos 2 a 10	Artigo 314
Artigo 273	Artigo 315
<i>Artigo 271 (desprazado)</i>	Artigo 316
	Capítulo 4 — Execución do orzamento e aprobación da xestión
Artigo 274	Artigo 317
Artigo 275	Artigo 318
Artigo 276	Artigo 319
	Capítulo 5 — Disposicións comúns
Artigo 277	Artigo 320
Artigo 278	Artigo 321
Artigo 279	Artigo 322
	Artigo 323
	Artigo 324
	Capítulo 6 — Loita contra a fraude
Artigo 280	Artigo 325
	Título III — Cooperacións reforzadas
<i>Artigos 11 e 11 A (substituído)</i>	Artigo 326 ⁽⁶⁴⁾
<i>Artigos 11 e 11 A (substituído)</i>	Artigo 327 ⁽⁶⁴⁾
<i>Artigos 11 e 11 A (substituído)</i>	Artigo 328 ⁽⁶⁴⁾
<i>Artigos 11 e 11 A (substituído)</i>	Artigo 329 ⁽⁶⁴⁾
<i>Artigos 11 e 11 A (substituído)</i>	Artigo 330 ⁽⁶⁴⁾
<i>Artigos 11 e 11 A (substituído)</i>	Artigo 331 ⁽⁶⁴⁾
<i>Artigos 11 e 11 A (substituído)</i>	Artigo 332 ⁽⁶⁴⁾
<i>Artigos 11 e 11 A (substituído)</i>	Artigo 333 ⁽⁶⁴⁾
<i>Artigos 11 e 11 A (substituído)</i>	Artigo 334 ⁽⁶⁴⁾
SEXTA PARTE — DISPOSICIÓN XERAIS E DE- RRADEIRAS	SÉTIMA PARTE — DISPOSICIÓN XERAIS E DE- RRADEIRAS
Artigo 281 (derrogado) ⁽⁶⁵⁾	
Artigo 282	Artigo 335
Artigo 283	Artigo 336
Artigo 284	Artigo 337
Artigo 285	Artigo 338
Artigo 286 (substituído)	<i>Artigo 16</i>
Artigo 287	Artigo 339
Artigo 288	Artigo 340
Artigo 289	Artigo 341
Artigo 290	Artigo 342
Artigo 291	Artigo 343
Artigo 292	Artigo 344
Artigo 293 (derrogado)	

⁽⁶⁴⁾ Substitúe tamén os artigos 27 A a 27 E, 40 a 40 B e 43 a 45 do actual Tratado UE.

⁽⁶⁵⁾ Substituído, en esencia, polo artigo 47 do Tratado UE.

TÁBOAS DE CORRESPONDENCIAS

Numeración anterior do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea	Nova numeración do Tratado de Funcionamento da Unión Europea
Artigo 294 (desprazado)	<i>Artigo 55</i>
Artigo 295	Artigo 345
Artigo 296	Artigo 346
Artigo 297	Artigo 347
Artigo 298	Artigo 348
Artigo 299, punto 1 (derrogado) ⁽⁶⁶⁾	
Artigo 299, punto 2, parágrafos segundo, terceiro e cuarto	Artigo 349
Artigo 299, punto 2, parágrafo primeiro e puntos 3 a 6 (desprazado)	<i>Artigo 355</i>
Artigo 300 (substituído)	<i>Artigo 218</i>
Artigo 301 (substituído)	<i>Artigo 215</i>
Artigo 302 (substituído)	<i>Artigo 220</i>
Artigo 303 (substituído)	<i>Artigo 220</i>
Artigo 304 (substituído)	<i>Artigo 220</i>
Artigo 305 (derrogado)	
Artigo 306	Artigo 350
Artigo 307	Artigo 351
Artigo 308	Artigo 352
	Artigo 353
Artigo 309	Artigo 354
Artigo 310 (desprazado)	<i>Artigo 217</i>
Artigo 311 (derrogado) ⁽⁶⁷⁾	
<i>Artigo 299, punto 2, parágrafo primeiro e puntos 3 a 6 (desprazado)</i>	Artigo 355
Artigo 312	Artigo 356
Disposicións derradeiras	
Artigo 313	Artigo 357
	Artigo 358
Artigo 314 (derrogado) ⁽⁶⁸⁾	

⁽⁶⁶⁾ Substituído, en esencia, polo artigo 52 do Tratado UE.

⁽⁶⁷⁾ Substituído, en esencia, polo artigo 51 do Tratado UE.

⁽⁶⁸⁾ Substituído, en esencia, polo artigo 55 do Tratado UE.

II: CARTA DOS DEREITOS FUNDAMENTAIS DA UNIÓN EUROPEA

(DOUE, C 83/02, do 30 de marzo de 2010)

O Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión proclaman solemnemente como Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea o texto que figura a continuación.

CARTA DOS DEREITOS FUNDAMENTAIS DA UNIÓN EUROPEA

Preámbulo

Os pobos de Europa, ao crear entre si unha unión cada vez máis estreita, decidiron compartir un porvir pacífico baseado en valores comúns.

Consciente do seu patrimonio espiritual e moral, a Unión está fundada sobre os valores indivisibles e universais da dignidade humana, a liberdade, a igualdade e a solidariedade, e baséase nos principios da democracia e do Estado de Dereito. Ao instituír a cidadanía da Unión e crear un espazo de liberdade, seguridade e xustiza, sitúa a persoa no centro da súa actuación.

A Unión contribúe á preservación e ao fomento destes valores comúns dentro do respecto da diversidade de culturas e tradicións dos pobos de Europa, así como da identidade nacional dos Estados membros e da organización dos seus poderes públicos no plano nacional, rexional e local; trata de fomentar un desenvolvemento equilibrado e sustentable e garante a libre circulación de persoas, servizos, mercadorías e capitais, así como a liberdade de establecemento.

Para iso é necesario, dotándoos de maior presenza nunha Carta, reforzar a protección dos dereitos fundamentais a teor da evolución da sociedade, do progreso social e dos avances científicos e tecnolóxicos.

A presente Carta reafirma, respectando as competencias e as misións da Unión, así como o principio de subsidiariedade, os dereitos recoñecidos especialmente polas tradicións constitucionais e as obrigas internacionais comúns dos Estados membros, do Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais, as cartas sociais adoptadas pola Unión e polo Consello de Europa, así como pola xurisprudencia do Tribunal de Xustiza da Unión Europea e do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos. Neste contexto, os órganos xurisdiccionais da Unión e dos Estados membros interpretarán a Carta atendendo debidamente ás explicacións elaboradas baixo a autoridade do Praesidium da Convención que redactou a Carta e actualizadas baixo a responsabilidade do Praesidium da Convención Europea.

O gozo de tales dereitos orixina responsabilidades e deberes tanto respecto dos demais coma da comunidade humana e das futuras xeracións.

En consecuencia, a Unión recoñece os dereitos, liberdades e principios enunciados a continuación.

TÍTULO I

DIGNIDADE

Artigo 1

Dignidade humana

A dignidade humana é inviolable. Será respectada e protexida.

Artigo 2

Dereito á vida

1. Toda persoa ten dereito á vida.
2. Ninguén poderá ser condenado á pena de morte nin executado.

Artigo 3

Dereito á integridade da persoa

1. Toda persoa ten dereito á súa integridade física e psíquica.
2. No marco da medicina e da bioloxía, respectaranse en particular:
 - a) o consentimento libre e informado da persoa de que se trate, de acordo coas modalidades establecidas na lei;
 - b) a prohibición das prácticas eugenésicas e, en particular, as que teñen por finalidade a selección das persoas;
 - c) a prohibición de que o corpo humano ou partes deste en canto tales se convertan en obxecto de lucro;
 - d) a prohibición da clonación reprodutora de seres humanos.

Artigo 4

Prohibición da tortura e das penas ou dos tratos inhumanos ou degradantes

Ninguén poderá ser sometido a tortura nin a penas ou tratos inhumanos ou degradantes.

Artigo 5

Prohibición da escravitude e do traballo forzado

1. Ninguén poderá ser sometido a escravitude ou servidume.
2. Ninguén poderá ser constringido a realizar un traballo forzado ou obrigatorio.
3. Prohíbese a trata de seres humanos.

TÍTULO II

LIBERDADES

*Artigo 6***Dereito á liberdade e á seguridade**

Toda persoa ten dereito á liberdade e á seguridade.

*Artigo 7***Respecto da vida privada e familiar**

Toda persoa ten dereito ao respecto da súa vida privada e familiar, do seu domicilio e das súas comunicacións.

*Artigo 8***Protección de datos de carácter persoal**

1. Toda persoa ten dereito á protección dos datos de carácter persoal que lle concirnan.
2. Estes datos trátanse de modo leal, para fins concretos e sobre a base do consentimento da persoa afectada ou en virtude doutro fundamento lexítimo previsto pola lei. Toda persoa ten dereito a acceder aos datos recollidos que lle concirnan e á súa rectificación.
3. O respecto destas normas quedará suxeito ao control dunha autoridade independente.

*Artigo 9***Dereito a contraer matrimonio e dereito a fundar unha familia**

Garántense o dereito a contraer matrimonio e o dereito a fundar unha familia, segundo as leis nacionais que regulen o seu exercicio.

*Artigo 10***Liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión**

1. Toda persoa ten dereito á liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión. Este dereito implica a liberdade de cambiar de relixión ou de conviccións, así como a liberdade de manifestar a súa relixión ou as súas conviccións individual ou colectivamente, en público ou en privado, a través do culto, o ensino, as prácticas e a observancia dos ritos.
2. Recoñécese o dereito á obxección de conciencia, de acordo coas leis nacionais que regulen o seu exercicio.

*Artigo 11***Liberdade de expresión e de información**

1. Toda persoa ten dereito á liberdade de expresión. Este dereito comprende a liberdade de opinión e a liberdade de recibir ou de comunicar informacións ou ideas sen que poida haber inxerencia de autoridades públicas e sen consideración de fronteiras.
2. Respéctase a liberdade dos medios de comunicación e o seu pluralismo.

*Artigo 12***Liberdade de reunión e de asociación**

1. Toda persoa ten dereito á liberdade de reunión pacífica e á liberdade de asociación en todos os niveis, especialmente nos ámbitos político, sindical e cívico, o que implica o dereito de toda persoa a fundar con outras sindicatos e a afiliarse a estes para a defensa dos seus intereses.
2. Os partidos políticos a escala da Unión contribúen a expresar a vontade política dos cidadáns da Unión.

*Artigo 13***Liberdade das artes e das ciencias**

As artes e a investigación científica son libres. Respéctase a liberdade de cátedra.

*Artigo 14***Dereito á educación**

1. Toda persoa ten dereito á educación e ao acceso á formación profesional e permanente.

2. Este dereito inclúe a facultade de recibir gratuitamente o ensino obrigatorio.

3. Respéctanse, de acordo coas leis nacionais que regulen o seu exercicio, a liberdade de creación de centros docentes dentro do respecto aos principios democráticos, así como o dereito dos pais a garantir a educación e o ensino dos seus fillos, conforme ás súas conviccións relixiosas, filosóficas e pedagóxicas.

*Artigo 15***Liberdade profesional e dereito a traballar**

1. Toda persoa ten dereito a traballar e a exercer unha profesión libremente elixida ou aceptada.

2. Todo cidadán da Unión ten a liberdade de buscar un emprego, de traballar, de establecerse ou de prestar servizos en calquera Estado membro.

3. Os nacionais de terceiros países que estean autorizados a traballar no territorio dos Estados membros teñen dereito a unhas condicións laborais equivalentes a aquelas que gozan os cidadáns da Unión.

*Artigo 16***Liberdade de empresa**

Recoñécese a liberdade de empresa, de conformidade co dereito da Unión e coas lexislacións e prácticas nacionais.

*Artigo 17***Dereito á propiedade**

1. Toda persoa ten dereito a gozar da propiedade dos seus bens adquiridos legalmente, a usalos, a dispoñer deles e a legais. Ninguén pode ser privado da súa propiedade máis que por causa de utilidade pública, nos casos e condicións previstos na lei e a cambio, nun tempo razoable, dunha xusta indemnización pola súa perda. O uso dos bens poderá regularse por lei, na medida en que resulte necesario para o interese xeral.

2. Protéxese a propiedade intelectual.

*Artigo 18***Dereito de asilo**

Garántese o dereito de asilo dentro do respecto das normas da Convención de Xenebra do 28 de xullo de 1951 e do Protocolo do 31 de xaneiro de 1967 sobre o Estatuto dos Refuxiados e de conformidade co Tratado da Unión Europea e co Tratado de Funcionamento da Unión Europea (no sucesivo denominados “os tratados”).

*Artigo 19***Protección en caso de devolución, expulsión e extradición**

1. Prohíbense as expulsións colectivas.

2. Ninguén poderá ser devolto, expulsado ou extraditado a un Estado no que corra un grave risco de ser sometido á pena de morte, a tortura ou a outras penas ou tratos inhumanos ou degradantes.

TÍTULO III

IGUALDADE*Artigo 20***Igualdade ante a lei**

Todas as persoas son iguais ante a lei.

*Artigo 21***Non discriminación**

1. Prohíbese toda discriminación e, en particular, a exercida por razón de sexo, raza, cor, orixes étnicas ou sociais, características xenéticas, lingua, relixión ou conviccións, opinións políticas ou de calquera outro tipo, pertenza a unha minoría nacional, patrimonio, nacemento, discapacidade, idade ou orientación sexual.

2. Prohíbese toda discriminación por razón de nacionalidade no ámbito de aplicación dos tratados e sen prexuízo das disposicións particulares dos devanditos tratados.

*Artigo 22***Diversidade cultural, relixiosa e lingüística**

A Unión respecta a diversidade cultural, relixiosa e lingüística.

*Artigo 23***Igualdade entre homes e mulleres**

A igualdade entre homes e mulleres será garantida en todos os ámbitos, mesmo en materia de emprego, traballo e retribución.

O principio de igualdade non impide o mantemento ou a adopción de medidas que ofrezan vantaxes concretas en favor do sexo menos representado.

*Artigo 24***Dereitos do menor**

1. Os menores teñen dereito á protección e aos cuidados necesarios para o seu benestar. Poderán expresar a súa opinión libremente. Esta terase en conta en relación cos asuntos que lles afecten, en función da súa idade e da súa madurez.

2. En todos os actos relativos aos menores levados a cabo por autoridades públicas ou institucións privadas, o interese superior do menor constituirá unha consideración primordial.

3. Todo menor ten dereito a manter de forma periódica relacións persoais e contactos directos co seu pai e coa súa nai, salvo se son contrarios aos seus intereses.

*Artigo 25***Dereitos das persoas maiores**

A Unión reconece e respecta o dereito das persoas maiores a levar unha vida digna e independente e a participar na vida social e cultural.

*Artigo 26***Integración das persoas discapacitadas**

A Unión reconece e respecta o dereito das persoas discapacitadas a beneficiárense de medidas que garantan a súa autonomía, a súa integración social e profesional e a súa participación na vida da comunidade.

TÍTULO IV

SOLIDARIEDADE*Artigo 27***Dereito á información e á consulta dos traballadores na empresa**

Deberáselles garantir aos traballadores ou aos seus representantes, nos niveis axeitados, a información e consulta con suficiente antelación nos casos e condicións previstos no dereito da Unión e nas lexislacións e prácticas nacionais.

*Artigo 28***Dereito de negociación e de acción colectiva**

Os traballadores e os empresarios, ou as súas organizacións respectivas, de conformidade co dereito da Unión e coas lexislacións e prácticas nacionais, teñen dereito a negociar e a celebrar convenios colectivos nos niveis axeitados e a emprender, en caso de conflito de intereses, accións colectivas para a defensa dos seus intereses, incluída a folga.

*Artigo 29***Dereito de acceso aos servizos de colocación**

Toda persoa ten dereito a acceder a un servizo gratuíto de colocación.

*Artigo 30***Protección en caso de despedimento inxustificado**

Todo traballador ten dereito a unha protección en caso de despedimento inxustificado, de conformidade co dereito da Unión e coas lexislacións e prácticas nacionais.

*Artigo 31***Condicións de traballo xustas e equitativas**

1. Todo traballador ten dereito a traballar en condicións que respecten a súa saúde, a súa seguridade e a súa dignidade.

2. Todo traballador ten dereito á limitación da duración máxima do traballo e a períodos de

descanso diarios e semanais, así como a un período de vacacións anuais retribuídas.

Artigo 32

Prohibición do traballo infantil e protección dos mozos no traballo

Prohíbese o traballo infantil. A idade mínima de admisión ao traballo non poderá ser inferior á idade en que conclúe a escolaridade obrigatoria, sen prexuízo de disposicións máis favorables para os mozos e salvo excepcións limitadas.

Os mozos admitidos a traballar deben dispoñer de condicións de traballo adaptadas á súa idade e estar protexidos contra a explotación económica ou contra calquera traballo que poida ser prexudicial para a súa seguridade, a súa saúde, o seu desenvolvemento físico, psíquico, moral ou social, ou que poida poñer en perigo a súa educación.

Artigo 33

Vida familiar e vida profesional

1. Garántese a protección da familia nos planos xurídico, económico e social.

2. Co fin de poder conciliar vida familiar e vida profesional, toda persoa ten dereito a ser protexida contra calquera despedimento por unha causa relacionada coa maternidade, así como o dereito a un permiso pagado por maternidade e a un permiso parenteral con motivo do nacemento ou da adopción dun neno.

Artigo 34

Seguridade social e axuda social

1. A Unión reconece e respecta o dereito de acceso ás prestacións de seguridade social e aos servizos sociais que garanten unha protección en casos como a maternidade, a enfermidade, os accidentes laborais, a dependencia ou a vellez, así como en caso de perda de emprego, segundo as modalidades establecidas polo dereito da Unión e as lexislacións e prácticas nacionais.

2. Toda persoa que resida e se desprace legalmente dentro da Unión ten dereito ás prestacións de seguridade social e ás vantaxes sociais, conforme ao dereito da Unión e ás lexislacións e prácticas nacionais.

3. Co fin de combater a exclusión social e a pobreza, a Unión reconece e respecta o dereito a unha axuda social e a unha axuda de vivenda

para lles garantir unha existencia digna a todos aqueles que non dispoñan de recursos suficientes, segundo as modalidades establecidas polo dereito da Unión e as lexislacións e prácticas nacionais.

Artigo 35

Protección da saúde

Toda persoa ten dereito á prevención sanitaria e a beneficiarse da atención sanitaria nas condicións establecidas polas lexislacións e prácticas nacionais. Ao definirse e executarse todas as políticas e accións da Unión, garantirase un alto nivel de protección da saúde humana.

Artigo 36

Acceso aos servizos de interese económico xeral

A Unión reconece e respecta o acceso aos servizos de interese económico xeral, tal como dispoñen as lexislacións e prácticas nacionais, de conformidade cos Tratados, co fin de promover a cohesión social e territorial da Unión.

Artigo 37

Protección do medio

As políticas da Unión integrarán e garantirán, de acordo co principio de desenvolvemento sustentable, un alto nivel de protección do medio e a mellora da súa calidade.

Artigo 38

Protección dos consumidores

As políticas da Unión garantirán un alto nivel de protección dos consumidores.

TÍTULO V

CIDADANÍA

Artigo 39

Dereito a ser elector e elixible nas eleccións ao Parlamento Europeo

1. Todo cidadán da Unión ten dereito a ser elector e elixible nas eleccións ao Parlamento Europeo no Estado membro en que resida, nas

mesmas condicións que os nacionais do devandito Estado.

2. Os deputados do Parlamento Europeo serán elixidos por sufraxio universal libre, directo e secreto.

Artigo 40

Dereito a ser elector e elixible nas eleccións municipais

Todo cidadán da Unión ten dereito a ser elector e elixible nas eleccións municipais do Estado membro en que resida, nas mesmas condicións que os nacionais do devandito Estado.

Artigo 41

Dereito a unha boa administración

1. Toda persoa ten dereito a que as institucións, os órganos e os organismos da Unión traten os seus asuntos imparcial e equitativamente e dentro dun prazo razoable.

2. Este dereito inclúe, en particular:

a) o dereito de toda persoa a ser oída antes de que se tome en contra súa unha medida individual que lle afecte desfavorablemente;

b) o dereito de toda persoa a acceder ao expediente que lle afecte, dentro do respecto dos intereses lexítimos da confidencialidade e do segredo profesional e comercial;

c) a obriga que lle incumbe á Administración de motivar as súas decisións.

3. Toda persoa ten dereito á reparación pola Unión dos danos causados polas súas institucións ou os seus axentes no exercicio das súas funcións, de conformidade cos principios xerais comúns aos dereitos dos Estados membros.

4. Toda persoa poderá dirixirse ás institucións da Unión nunha das linguas dos tratados e deberá recibir unha contestación nesa mesma lingua.

Artigo 42

Dereito de acceso aos documentos

Todo cidadán da Unión ou toda persoa física ou xurídica que resida ou que teña o seu domicilio social nun Estado membro ten dereito a acceder aos documentos das institucións, dos órganos e dos organismos da Unión, calquera que sexa o seu soporte.

Artigo 43

O Valedor do Pobo europeo

Todo cidadán da Unión ou toda persoa física ou xurídica que resida ou teña o seu domicilio social nun Estado membro ten dereito a someter ao Valedor do Pobo europeo os casos de mala administración na acción das institucións, dos órganos e dos organismos da Unión, con exclusión do Tribunal de Xustiza da Unión Europea no exercicio das súas funcións xurisdiccionais.

Artigo 44

Dereito de petición

Todo cidadán da Unión ou toda persoa física ou xurídica que resida ou que teña o seu domicilio social nun Estado membro ten o dereito de petición ante o Parlamento Europeo.

Artigo 45

Liberdade de circulación e de residencia

1. Todo cidadán da Unión ten dereito a circular e a residir libremente no territorio dos Estados membros.

2. De conformidade co disposto nos Tratados, poderáselles conceder liberdade de circulación e de residencia aos nacionais de terceiros países que residan legalmente no territorio dun Estado membro.

Artigo 46

Protección diplomática e consular

Todo cidadán da Unión poderá acollerse, no territorio dun terceiro país no que non estea representado o Estado membro do que sexa nacional, á protección das autoridades diplomáticas e consulares de calquera Estado membro, nas mesmas condicións que os nacionais deste Estado.

TÍTULO VI

XUSTIZA

*Artigo 47***Dereito á tutela xudicial efectiva e a un xuíz imparcial**

Toda persoa cuxos dereitos e liberdades garantidos polo dereito da Unión fosen violados ten dereito á tutela xudicial efectiva, respectando as condicións establecidas no presente artigo.

Toda persoa ten dereito a que a súa causa sexa oída equitativa e publicamente e dentro dun prazo razoable por un xuíz independente e imparcial, establecido previamente pola lei. Toda persoa poderá facerse aconsellar, defender e representar.

Prestaráselles asistencia xurídica gratuíta aos que non dispoñan de recursos suficientes, sempre e cando a devandita asistencia sexa necesaria para garantir a efectividade do acceso á xustiza.

*Artigo 48***Presunción de inocencia e dereitos da defensa**

1. Todo acusado presúmese inocente ata que a súa culpabilidade sexa legalmente declarada.

2. Garánteselle a todo acusado o respecto dos dereitos da defensa.

*Artigo 49***Principios de legalidade e de proporcionalidade dos delitos e das penas**

1. Ninguén poderá ser condenado por unha acción ou unha omisión que, no momento en que se cometa, non constituía unha infracción segundo o dereito interno ou o dereito internacional. Igualmente, non se poderá impoñer unha pena máis grave que a aplicable no momento en que a infracción fose cometida. Se, con posterioridade de esta infracción, a lei dispón unha pena máis leve, deberá aplicarse esta.

2. O presente artigo non impedirá o xuízo e o castigo dunha persoa culpable dunha acción ou dunha omisión que, no momento da súa comisión, fose constitutiva de delito segundo os principios xerais recoñecidos polo conxunto das nacións.

3. A intensidade das penas non deberá ser desproporcionada en relación coa infracción.

*Artigo 50***Dereito a non ser xulgado ou condenado penalmente dúas veces pola mesma infracción**

Ninguén poderá ser xulgado ou condenado penalmente por unha infracción respecto da cal xa fose absolto ou condenado na Unión, mediante sentenza penal firme, conforme á lei.

TÍTULO VII

DISPOSICIÓNS XERAIS QUE REXEN A INTERPRETACIÓN E A APLICACIÓN DA CARTA*Artigo 51***Ámbito de aplicación**

1. As disposicións da presente Carta están dirixidas ás institucións, os órganos e os organismos da Unión, respectando o principio de subsidiariedade, así como aos Estados membros unicamente cando apliquen o dereito da Unión. Por conseguinte, estes respectarán os dereitos, observarán os principios e promoverán a súa aplicación, conforme ás súas respectivas competencias e dentro dos límites das competencias que os Tratados les atribúen á Unión.

2. A presente Carta non amplía o ámbito de aplicación do dereito da Unión máis alá das competencias da Unión, nin crea ningunha competencia nin ningunha misión nova para a Unión, nin modifica as competencias e as misións definidas polos tratados.

*Artigo 52***Alcance e interpretación dos dereitos e principios**

1. Calquera limitación do exercicio dos dereitos e liberdades recoñecidos pola presente Carta deberá ser establecida pola lei e respectar o contido esencial dos devanditos dereitos e liberdades. Só se poderán introducir limitacións, respectando o principio de proporcionalidade, cando sexan necesarias e respondan efectivamente a obxectivos de interese xeral recoñecidos pola Unión ou á necesidade de protección dos dereitos e liberdades dos demais.

2. Os dereitos recoñecidos pola presente Carta que constitúen disposicións dos tratados exerceran nas condicións e dentro dos límites determinados por estes.

3. Na medida en que a presente Carta conteña dereitos que correspondan a dereitos garantidos polo Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais, o seu sentido e alcance serán iguais aos que lles confire o dito convenio. Esta disposición non impide que o dereito da Unión conceda unha protección máis extensa.

4. Na medida na que a presente Carta recoñeza dereitos fundamentais resultantes das tradicións constitucionais comúns aos Estados membros, os ditos dereitos interpretaranse en harmonía coas citadas tradicións.

5. As disposicións da presente Carta que conteñan principios poderán aplicarse mediante actos lexislativos e executivos adoptados polas institucións, os órganos e os organismos da Unión, e por actos dos Estados membros cando apliquen o dereito da Unión, no exercicio das súas competencias respectivas. Só poderán alegarse ante un órgano xurisdiccional no que se refire á interpretación e control da legalidade dos ditos actos.

6. Teranse plenamente en conta as lexislacións e prácticas nacionais segundo o especificado na presente Carta.

7. As explicacións elaboradas para guiar na interpretación da presente Carta serán tidas debidamente en conta polos órganos xurisdicionais da Unión e dos Estados membros.

Artigo 53

Nivel de protección

Ningunha das disposicións da presente Carta poderá interpretarse como limitativa ou lesiva dos dereitos humanos e liberdades fundamentais recoñecidos, no seu respectivo ámbito de aplicación, polo dereito da Unión, o dereito internacional e os convenios internacionais dos que son parte a Unión ou todos os Estados membros e, en particular, o Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais, así como polas institucións dos Estados membros.

Artigo 54

Prohibición do abuso de dereito

Ningunha das disposicións da presente Carta se poderá interpretar no sentido de que implique un dereito calquera a dedicarse a unha actividade ou a realizar un acto tendente á destrución dos dereitos ou liberdades recoñecidos na presente Carta ou a limitacións máis amplas destes dereitos e liberdades que as previstas na presente Carta.

* * *

O texto *supra* recolle, adaptándoo, a Carta proclamada o 7 de decembro de 2000, á que substituirá a partir do día da entrada en vigor do Tratado de Lisboa.

